



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 133

V lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 29 de xaneiro de 2001

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA

Punto único.- Debate e votación da Moción de censura, presentada por 14 deputados e 4 deputadas pertencentes ó Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para esixir-la responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a D. Xosé Manuel Beiras Torrado como candidato á presidencia da Xunta de Galicia (núm. 17.546).

Publicación da moción: BOPG núm. 671, do 19-1-2001.

SUMARIO

Debate e votación da Moción de censura, presentada por 14 deputados e 4 deputadas pertencentes ó Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para esixir-la responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a D. Xosé Manuel Beiras Torrado como candidato á presidencia da Xunta de Galicia. (Páx. 10.223)

O señor PRESIDENTE: Bos días. Ábrese a sesión.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL.

O señor PRESIDENTE: Antes de entrar no punto da Orde do Día, imos proceder a dar lectura, desgraciadamente igual que noutras circunstancias parecidas, á declaración institucional que di o seguinte:

“O Parlamento de Galicia, desde a representación do pobo galego que encarna, e ante o asasinato de don Ramón Díaz García perpetrado en atentado terrorista, desexa en primeiro lugar facer chegar á familia da vítima a súa expresión de condolencia e solidariedade e manifesta a súa máis firme repulsa por este crime, tan inicuo como tódalas accións que supoñen o desprezo do máis fundamental e primario dereito á vida de tódolos valores que sustentan a convivencia dun estado democrático de dereito como o que a nosa Constitución consagra.

O Parlamento de Galicia expresa a súa convicción de que tales valores deben fundamenta-la unidade de todos fronte ós que pretenden impo-la súa vontade totalitaria por medio da violencia e o terror, e alenta a toda a sociedade galega e ás súas institucións a seguiren traballando na defensa daqueles valores.”

Agora eu pregaríalles que de pé gardamos dous minutos de silencio.

Moitas grazas.

Pasamos agora ó punto único da Orde do Día.

DEBATE E VOTACIÓN DA MOCIÓN DE CENSURA, PRESENTADA POR 14 DEPUTADOS E 4 DEPUTADAS PERTENCENTES Ó GRUPO PARLAMENTARIO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, PARA ESIXI-LA RESPONSABILIDADE POLÍTICA DA XUNTA DE GALICIA, DO SEU PRESIDENTE E DOS CONSELLEIROS, E QUE INCLÚE A D. XOSÉ MANUEL BEIRAS TORRADO COMO CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Beiras Torrado para a defensa e exposición deste punto único.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente do Parlamento, señorías. Comparezo hoxe perante esta Cámara en nome de dezaioito deputadas e deputados para exercérmo-la potestade e a función que o noso Estatuto de Autonomía, no artigo 10, parágrafo 1, letra e), atribúe ó Parlamento de Galiza, literalmente: “Esixírlles, se é o caso, responsabilidade política á Xunta e ó seu Presidente.” Esta esixencia sitúase en sede parlamentaria e substánciase mediante a adopción dunha moción de censura como di o artigo 137 da Lei que regula a actividade desta Cámara. Esa mesma lei, no artigo 138.1, require que a moción sexa subscrita cando menos por unha quinta parte dos deputados, ou sexa 15. Establécese así o requisito necesario para a lexitimación activa da moción de censura, e máis tamén o primeiro requisito para que a nosa iniciativa sexa parlamentariamente correcta e responsábel. De feito, se o Estatuto define a moción de censura estritamente, exclusivamente, na súa literalidade, para esixir responsabilidade política ó presidente da Xunta e as normas do noso Parlamento requiren só un quinto dos deputados e non a maioría para levala á práctica, cualificarnos de irresponsábeis por facelo equivalería a afirmar que o Regulamento desta Cámara consagra a irresponsabilidade como pauta de actuación parlamentar.

Vaia esta primeira mensaxe a aqueles que desde a Xunta ou o Partido Popular, en Galiza ou fóra dela, nos alcuñaron publicamente de irresponsábeis por exercermos a función parlamentar de control de Goberno que é a censura, nos estrictos termos establecidos no Estatuto de Galiza e no Regulamento deste Parlamento. Os responsábeis, en todo caso, serían eles, ou tal vez, fabricantes de moeda falsa na información á cidadanía, pois que difundiron publicamente unha falsificación do Estatuto de Galiza e do Regulamento desta Cámara.

A maior abundamento, convén recordar que a Constitución española no artigo 113.2, só require unha décima parte dos membros do Congreso para presentaren responsabelmente unha moción de censura ó Goberno do Estado. Con esa proporción neste Parlamento abundarían oito deputados. O autor do es-

tudio de Dereito comparado se cadra máis completo encol da moción de censura na actual Constitución e na Historia do parlamentarismo español, sinala que a doutrina parlamentarista considera que a décima parte dos deputados é un número que avala a seriedade das mocións presentadas, nas Cortes no seu caso, sen prexuízo de opinar el mesmo que debera permitirse promover a censura a un grupo parlamentar como tal, aínda que non acadase ese mínimo de deputados, como por certo defendera o profesor Ollero, don Carlos Ollero, nos debates constituíntes no Senado, personalidade moi coñecida dos tempos de Universidade do actual presidente da Xunta.

Ou sexa, lonxe de considerarse unha ameaza para a estabilidade política ou un perigo de actuación irresponsábel o feito de que un grupo moi minoritario puidese promover unha censura, por exemplo aquí o Grupo Mixto, a doutrina parlamentarista pronúnciase en defensa do principio democrático do pluralismo e da soberanía dos cidadáns electores, tanto máis necesario canto máis en minoría estean representados e defendidos fronte ó poder executivo no Parlamento, como é lóxico.

Pois ben, os asinantes desta iniciativa non somos oito nin tampouco quince, senón dezaioito, como dixen. Non constituímos unha décima parte requirida nas Cortes ou unha quinta parte requirida nesta Cámara, senón unha cuarta parte. Representamos a un de cada catro cidadáns galegos votantes nas eleccións de 1997 ó Parlamento de Galiza. ¿Queren vostedes dicir que un de cada catro cidadáns galegos adultos son politicamente irresponsábeis? ¿Non constituirá máis ben un primeiro indicio de irresponsabilidade e falla de respecto á soberanía dos electores por parte da Xunta e o PP o feito de que vostedes actuasen ata agora de tal xeito que unha cuarta parte dos cidadáns galegos, que nós representamos, nos vísemos obrigados a recorrer a unha moción de censura para exercermos os nosos dereitos e as nosas obrigas políticas, para que a nosa voz recriminatoria fose escoitada, para forzalo a vostede, señor Presidente, a someterse á esixencia da responsabilidade política perante esta Cámara por imperativo legal, xa que se negou sistematicamente a facelo por propia vontade e respecto á orde constitucional da que vostede pasa por ser un dos pais?

Mais antes de expor os fundamentos e razóns da nosa iniciativa de censura, permítanme un breve exercicio de pedagogía, non dirixido a vostedes por suposto, que non o precisan, ou de pouco lles pode valer, segundo os casos, senón a aqueles cidadáns que non puideron acceder á formación que recibe, normalmente, a cidadanía dos países con longa tradición histórica e práctica cultural democrática desde tempo atrás.

A modalidade de moción de censura xenuína nos reximes constitucionais parlamentaristas nos que a cabeza do executivo é investida de poder polo Parlamento e non o recibe dos cidadáns por elección directa –como o presidente da República francesa ou norteamericana– pois a modalidade de moción de censura xenuína neses réximes constitucionais parlamentaristas é a dunha moción de censura incondicionada. É o caso da Cámara dos Comúns inglesa, nun contexto cuase bipartidista, ou o da República de Italia, nun escenario en troques pluripartidista, esta vez. Nesta modalidade, a iniciativa cínxese estritamente á censura do Goberno, sen ningún outro requisito. Se prospera, o Goberno é derrubado e a Cámara de representantes procura un Goberno de recambio mediante o diálogo e negociación dos grupos políticos e parlamentarios con presenza na Cámara. Se non o logra, convócanse novas eleccións lexislativas, trasladando así ós propios cidadáns a oportunidade de mudar co seu voto a súa representación no Parlamento e a conformación dunha nova maioría e un novo Goberno.

Agora ben, na Constitución española –e polo tanto nas Cortes do Estado, e polo tanto tamén neste Parlamento de Galiza–, aínda que no Estatuto o que se configura a simple vista pola letra é unha moción de censura incondicionada, na Constitución, e conseguintemente nas Cortes e neste Parlamento, non se deseña unha moción de censura incondicionada, senón constructiva. Requírese a presentación dun candidato alternativo á presidencia da Xunta, simultaneamente á formulación da censura ó presidente en exercicio. Resulta así que o proceso parlamentar que se abre dese xeito combina nun só e mesmo acto, dúas figuras conceptualmente distintas e con finalidades políticas diferenciadas: a censura propiamente dita ó presidente do Goberno e máis a investidura simultánea dun presidente alternativo. Non ten por que ser vontade dos promotores dunha censura ó Goberno

acadaren simultaneamente a investidura doutro candidato, mais o marco constitucional non lles deixa opción: ou renuncian a exercer a censura por moi evidentes que resulten as razóns para facelo, ou acompañan a censura coa presentación dun candidato á Presidencia, por moito que non pretendan tal cousa nese intre e nesa acción parlamentaria de crítica ó presidente en exercicio. É este o caso dos deputados asinantes da iniciativa que hoxe se debate aquí.

Está moi claro, e nisto coinciden os mellores tratadistas deste tema, que a modalidade de censura con candidato alternativo é confusa e resulta disuasoria para os que se propoñan exercela. Unha censura incondicionada fronte a un Goberno con maioría absoluta nunha Cámara non terá probabilidades de remudar o Goberno, mais pode levar a cabo a súa función política de crítica sen poñer en xogo ningunha candidatura alternativa. E se o partido que apoia ó Goberno só ten unha maioría relativa –esta fora a situación do señor Aznar na lexislatura do 1996 ó 2000, por exemplo– o resto dos apoios parlamentares cos que conta, poderían decidirse a votar a prol da censura porque só se trata diso e non teñen que pronunciarse simultaneamente sobre ningún candidato alternativo.

Cando a censura ten que ser constructiva, como no caso español, aínda que o Partido do Goberno estea en minoría, resulta moi difícil que o resto dos seus circunstanciais apoios parlamentares se decidan a votar a prol da censura promovida por un grupo, cando simultaneamente teñen que votar ao candidato alternativo á presidencia que os promotores forzosamente teñen que presentar. Mesmamente isto foi o que aconteceu en maio e xuño de 1980 nas Cortes do Estado, cando o PSOE, por razóns políticas, decidiu promover unha moción de censura ao goberno de UCD de don Adolfo Suárez, presentando a don Felipe González Márquez como candidato alternativo á presidencia. O PSOE sabía perfectamente que, aínda estando en minoría o goberno de UCD, o resto dos grupos políticos que lle daban apoios condicionados para gobernar non ían votar a prol da censura presentada, pois que iso suporía simultaneamente votar a investidura do señor González, portavoz e candidato socialista. E así aconteceu: o PSOE perdeu a votación, mais cumpriu o obxectivo político da censura e máis cumpriu as súas obrigas co seu electorado e co resto dos cidadáns defraudados perante a traxectoria da acción de

Goberno. Por certo, naquel debate, o daquela ministro da presidencia do Goberno de UCD, espetáralle literalmente no debate ao señor González, ao candidato socialista, espetáralle o ministro da presidencia: “O señor González quere ser presidente do goberno sen gañar unhas eleccións, sen pasar polas urnas”. Está no *Diario de Sesións*.

Pasar polas urnas imos pasar todos cando cadre, ou sexa, ao final desta lexislatura que remata o outono que vén. Unha moción de censura, aínda que prosperase na votación, non substitúe nin permite eludilo sometemento á decisión soberana dos cidadáns, que a exercerán co seu voto cando se convoquen os comicios para remudar, non o Goberno directamente, senón a representación deles nesta Cámara. Por tanto, non veñan con lerías, vostede sabe perfectamente, señor presidente, que aínda que prosperase esta moción de censura e saíse investido candidato alternativo para formar un novo goberno da Xunta, o mandato del non podería durar máis que o que resta de lexislatura, é dicir, de aquí ao vindeiro outono. Nese intre, como límite, tería que haber eleccións. E non me dirán vostedes que nuns poucos meses un novo goberno e unha nova maioría poden consolidarse no poder, por moito que abusasen del. Vostedes abusaron dende o principio, e mais aínda así cumpriulles unha lexislatura enteira, unha reforma unilateral do Regulamento desta Cámara para maniatar á oposición –debate durante o cal eu fun expulsado desta Cámara, sancionado con perda dos meus dereitos e aos dous anos o Tribunal Constitucional deume a razón a min non ao presidente que formaba parte do seu grupo, o presidente da Cámara–. E tiveron tamén que facer unha reforma tamén unilateral da Lei Electoral Galega para impedirle ás minorías de cidadáns a traducción dos seus votos en escanos neste Parlamento e varrelas así do mapa institucional. Daquela as vítimas propiciatorias daqueles comezos da escalada de vostedes cara a conversión da súa maioría absoluta en totalitaria foran Coalición Galega e máis Esquerda Galega, non o BNG que, pese ás súas manobras, saltara de cinco a trece deputados.

Non veñan, pois, con andrómenas. O noso constante avance neste decenio, o constante avance do BNG en alícuota de poder representativo dos cidadáns nesta Cámara lexislativa, gañámolo sempre a pulso en convocatorias electorais ás que sempre concorremos

en condicións desiguais, desfavorábeis a nós, debidas mesmamente ao uso descaradamente electoralista que vostedes si que fixeron dende o principio do seu poder na Xunta e da súa maioría neste Parlamento. Nós nunca precisamos de mocións de censura para avanzar. Nós nunca utilizamos a moción de censura como artilluxio para desprazar infundadamente a ningunha maioría saída das urnas, como en troques fan vostedes. Aí están as experiencias das mocións de censura promovidas por vostedes en innúmeros concellos. Vostedes si que son especialistas no uso perverso da moción de censura nas institucións municipais: alugar tráfugas doutras opcións políticas ou independentes para derrubar un goberno maioritario con base pluralista sen que houbera razóns políticas para facelo, sen que houbera fundamentos para censurar a acción deses gobernos. Dende o caso escandaloso de As Pontes –no que tiveron que traer mesmo ao ministro, señor Romay, para amañar o mercadeo– ata o recentísimo de A Guarda, pasando por Maceda e tantos e tantos outros. Vostedes si que utilizaron “a mansalva” a moción de censura como un *putsch* para derrubar gobernos municipais plurais recién elixidos que o facían ben ou que aínda non houbera tempo de saberse se o farían mal. Non nós. A censura ten unha función primordial e eminentemente política, e nunca substitúe nin apraza o exercicio polos cidadáns dos seus dereitos como electores, porque nunca reabre unha nova lexislatura nin dilata o seu remate. Menos aínda cando, como vostedes se apresuraron a proclamar, a censura non pode prosperar en termos de aritmética parlamentaria –esa aritmética que é o único que vostedes practican “a piñón fixo” neste Parlamento–.

Se vostedes escoitasen, ou cando menos non pechasen os oídos durante estes últimos meses ao que comentan, moitas veces con sordina debido ao medo, amplos sectores da cidadanía respecto da soberbia ineptitude da Xunta e da situación agónica desta Cámara, impotente ata agora ante os seus desmandos políticos, non ousarían acusarnos a nós de electoralismo cando exercemos as nosas obrigas cos cidadáns marxinados pola obstrución que vostedes fan ao control que corresponde a este Parlamento e máis ás nosas responsabilidades políticas como representantes duns cidadáns fronte á ineptitude de vostede e do seu goberno, señor Presidente da Xunta. Porque, en todo caso, o electoralismo só pode practicalo institucionalmente aquí vostede, que pode institucionalmen-

te convocar eleccións cando lle pete e lle conveña por cálculos electorais exclusivamente partidistas, disolvendo este Parlamento. As eleccións que, en troques, non pode convocar este Parlamento mixto, nin o propio xefe do Estado, nin sequera cando, como nesta altura, o seu goberno fracasa, os cidadáns sofren toda caste de prexuízos e maltrato polo seu poder inepto e o Parlamento está controlado por unha maioría que practica a adhesión inquebrantábel a vostede e ao seu pelotón de inútiles por riba da súa lealdade e compromiso cos cidadáns que os elixiron. (*Murmurios.*) Porque os cidadáns déronlles esa maioría absoluta a vostedes no outono de 1997, hai máis de tres anos e non antonte, non neste mesmo mes de xaneiro. E coa desfeita que vostedes levan operado no país nestes tres anos e medio, e a situación crítica, mesmo caótica, que a súa ineptitude leva nestes últimos meses, causado nestes meses de “vacas tolas” –que non fracas– e temporais climáticos e políticos na costa e ata no Sáhara, vostedes non están en condicións de dicir qué porcentaxe dos seus electores de hai tres anos manterían a confianza no seu goberno hoxe mesmo. A confianza no seu goberno hoxe mesmo, ou sexa, se hoxe votasen eles aquí no canto do Grupo Popular que os representa para defender os seus intereses. Rectifico. Algo si que saben vostedes, porque pese a súa xordeira intencionada, estou certo de que lles chega o balbordo da frustración, a desesperanza ou a indignación de sectores cidadáns nos que vostedes tiveron milleiros de votos hai tres anos: labregos, gandeiros, mariscadoras, mariñeiros da costeira, armadores e mariñeiros da pesca industrial, comerciantes agredidos pola competencia desleal auspiciada polo seu “goberno amigo” de Madrid; transportistas e usuarios de vehículos que se atopan atinxidos pola espiral de prezos dos carburantes; contratistas e empresarios da construccción desprazados das obras polas empresas privilexiadas por vostedes; traballadores castigados pola precarización e baixa dos salarios en termos reais, a empezar polos da súa propia administración pública; mozas e mozos que nin sequera queren cumprir a nivel de Estado a recentísima sentenza do Tribunal Supremo –segundo Montesquieu, poder arbitral independente do lexislativo e do executivo, seica–; mozas e mozos cualificados con titulacións que só lles dan opción a traballos eventuais ou a ningún en absoluto; vellos que reciben as pensións máis baixas de Europa; consumidores con ingresos que perden cada día máis poder adquisitivo; amas de casa que non dan chegado

a fin de mes, pero chegan a vellas sen xubilación nin-gunha; usuarios e profesionais dunha sanidade públi-ca que están nos últimos postos das autonomías en cobertura e capacidade asistencial, non en calidade profesional; cidadáns vítimas dun sistema de servi-cios que nos indicadores de benestar social sitúa a Galiza no rabo de todo o Estado, mentres contemplan estupefactos como se lanzan vostedes ao asalto inicuo da Cidadela dos Muchachos en Benposta; profesio-nais dos medios de comunicación públicos fartos da asfixia á que os somete a censura, a represión e o ne-potismo arbitrario da Xunta e dos directivos dos me-dios que vostedes, señor presidente, manexa de ma-neira análoga a como manexaba o NO-DO franquista.

Mesmamente neste contexto xurídico-institucional e fáctico que veño de enunciar, sitúase a motivación e a fundamentación da nosa moción de censura. Veláí, pois, o contexto. Tocante aos contidos da fundamentación e motivación, pódense sistematizar en tres pla-nos. O primeiro deles sitúase no nivel institucional da actividade política. O segundo afonda no substrato da realidade económica, social e cultural do noso país en relación coa evolución e o balance da acción de go-berno da Xunta que vostede leva presidido durante o derradeiro decenio do século XX. O terceiro derivase da actitude e conducta da Xunta a respecto dos graves eventos que aconteceron e problemas que estouraron durante os últimos meses e que puxeron en evidencia a parálise e ineptitude do aparello de poder que voste-de detenta e da Administración que vostede dirixe.

No primeiro deses tres planos sitúanse os motivos e causas polas que recorremos ao procedemento da moción de censura, e máis tamén a razóns de ética de-mocrática e de responsabilidade institucional polas que o consideramos a vostede censurábel. Nos outros dous planos radican os fundamentos e razóns da cen-sura mesma, ou sexa, da perda irreversíbel de confian-za na súa capacidade para gobernar este país, para dar solución política aos problemas dos seus cidadáns e máis para defender cos poderes da Autonomía os de-reitos e os intereses da cidadanía galega cando están en perigo ou cando colisionan con poderes e obxecti-vos doutros centros de decisión, sexan grupos de pre-sión, goberno do Estado ou estratexias da Unión Europea que agridan a este segmento de cidadáns de Europa que somos os galegos e as galegas.

Empecemos pola situación actual, que é onde se fan patentes as urxencias máis punxentes que padecen os cidadáns. Empecemos pola súa desastrosa conduc-ta fronte á serie de graves problemas que xurdiron ou fixeron crise ao longo dos últimos meses, deste outo-no-inverno que, en Galiza, xa non pasará á Historia por ser o cambio de século e de milenio, como no res-to do planeta, senón polo retorno ao caos que, segun-do as máis antigas cosmogonías, estaba situado na orixe mesma dos tempos, anterior á formación do *or-dos*, da orde do universo. A consigna consabida de personalidades como vostede é a de “Eu, ou o caos”. Pois vexa por onde, o caos chegou esta vez estando vostede no goberno e non porque vostede faltase.

No esperpento que vostedes puxeron en escea ao longo destes meses estiveron directamente implicadas con papeis protagonistas, nada menos que seis das máis importantes consellerías da Xunta, señor presi-dente, cos seus actores titulares de postín encabezan-do a carteleira: un, Sanidade; dous, Agricultura; tres, Medio Ambiente; catro, Pesca; cinco, Política Territorial e Obras Públicas; seis, Economía e Facenda. Dos seis, cinco continúan milagrosamente no seu posto. Ó outro, cesouno vostede a consecuen-cia da presentación mesma desta moción de censura no rexistro do Parlamento, pois que tódolos xornalis-tas saben e comentaban que, minutos antes do cese, o señor Gago non tiña pensado ou non tiña decidido di-mitir. Foi o primeiro efecto político e fulminante des-ta nosa “inútil” iniciativa parlamentaria. Entrou voste-de berrando “cese” en San Caetano a zancadas. O se-ñor Cacharro foi lapidario: dixo publicamente que vostede escollera ao señor Gago como “chivo expiato-rio”. E foi certo no verbo: “escoller”, porque había cando menos outros dous conselleiros na corda frou-xa: Sanidade e Medio Ambiente. Din por aí que o de Medio Ambiente é un protexido da Súa Maxestade, non o sei. En todo caso, debería vostede explicar por que, xa que aquí ninguén dimite, –isto non é Alemaña, xa o sabemos– non cesou vostede aos ou-tros tres membros do famoso “comité de crise” do te-ma das “vacas tolas” ou comité de coordinación de competencias incompetentes, formado polos titulares de Agricultura, Sanidade, Medio Ambiente e Economía. Ou por que, posto a cesar a un só, non es-colleu vostede ó de Medio Ambiente, dado que o de-tonante desa crise do comité de crise fora un delito ecolóxico: a contaminante foxa común de vacas a ceo

aberto en Lanzá (Mesía), improvisada transgredindo a lei, que provocou unha denuncia formulada pola Garda Civil nun xulgado contra a Xunta e o seu Presidente, antes da moción de censura.

Mais o primeiro aviso dos estraños sucesos que tan naturalmente se fan suceder ao longo destes últimos meses, dérao o *affaire* da *legionella* no Hospital Xeral Cíes de Vigo. Chámolle *affaire* porque o insólito do problema non consistía na aparición desa bacteria, que os especialistas ben saben que prolifera nas instalacións do aire acondicionado, por exemplo. Nin tampouco na aparición dun caso da doenza que provoca unha equivocidade dos síntomas, non. O problema consistía en dous fenómenos, estes si, insólitos: primeiro, que de súpeto púxose en evidencia a pasmosa desorde e inoperancia dos órganos de dirección e xestión da Consellería de Sanidade e do Sergas. Dúas semanas despois da aparición do primeiro caso, aínda non se pasara información nin instrucións ao persoal médico e sanitario da rede primaria; a localización do foco de orixe disque era itinerante arredor dun barrio enteiro da cidade –pero non o hospital casualmente sito nese barrio–; os primeiros falecidos non eran oficialmente vítimas desa síndrome, e así seguido. Por certo, que vostede dixo daquela, señor presidente, e despectivamente, que un dos enfermos falecidos era un sidático. ¡Delicadísima sensibilidade a súa! Á vista deste exemplar funcionamento da Administración sanitaria, moitos cidadáns preguntábanse que pasaría neste país se xurdise un andazo epidémico de grande dimensión, e mesmo algúns mozos vigueses recitaban o retrouso aquel de “menos mal que nos queda Portugal”. Desculpen polo humor negro, pois que o conto é triste, como aquel de *Cousas de Castela*, por suposto. Mais despois do escándalo do Medtec e o *aspergillus*, cousa dun ano antes, no Sergas xa chovía sobre mollado sen necesidade dos temporais.

O segundo fenómeno aínda foi máis grave: como logo se comprobou, o retraso na información ao persoal sanitario e máis aos cidadáns, non foi só por inoperancia da Administración sanitaria, senón por obstrución aos primeiros profesionais que detectaran a síndrome e deran o aviso, e por ocultación a mantenta na información pertinente, dado que, casualmente, estaba a piques de celebrarse o debate anual do estado da Autonomía neste Parlamento, e non era procedente

que esta Cámara tivese coñecemento do problema e da situación creada. En realidade parece que esta Cámara para vostedes é o foco máis perigoso de “alarma social” do país. Se o Parlamento coñece e debate os problemas, enxendra alarma social e ata pón en perigo as relacións diplomáticas con Marrocos, no caso do banco sahariano. Non sei como se apaña a diplomacia británica coa Cámara dos Comúns, que nunca deu ao traste coa política exterior da Gran Bretaña pese a debater sempre todo canto atinxe aos cidadáns, nin sequera nos anos de contemporización do goberno inglés co irresistible ascenso de “Arturo Hitler” tan criticada e debatida daquela naquel Parlamento.

Presteille atención a esta peripecia concreta da súa recente acción de goberno, señor presidente, non tanto pola dimensión mesma da incidencia do problema nos cidadáns, canto porque marcou a pauta do que ía ser o seu peculiar método de actuación a respecto dos problemas moito máis graves en dimensión social e prexuízos para a cidadanía que ían estourar, un tras outro, a seguido. Primeiro, a crise da flota pesqueira galega do banco sahariano, con base primordialmente nos portos do Morrazo, Ribeira e A Guarda. Máis de cento cincuenta buques; armadores que fixeron un grande esforzo de renovación e que, en moitos casos, son patróns do seu propio buque; máis de dous milleiros de mariñeiros a flote, a bordo; toda unha rede de instalacións, actividades e postos de traballo en terra; pulmón e motor da economía de vilas e comarcas situadas na franxa costeira máis densamente poboada de Galiza.

En decembro de 1999 remataba o acordo subscrito con Marrocos pola Unión Europea en 1995. Ese acordo xa se asinara con retraso, a flota tivera que estar case oito meses inactiva e supuxera unha forte redución de buques e capturas a respecto da situación precedente. En febreiro dese ano, 1999, ou sexa, dez meses antes de rematar a vixencia dese acordo, o BNG presentara un serio documento de análise da situación no que sinalaba os principios de partida para que se encetase o proceso negociador dun novo acordo e máis enunciaba unha proposta de bases para os contidos dese novo acordo, co propósito de que puidese estar asinado denantes do remate, en decembro seguinte, do que aínda estaba daquela en vigor. Un documento elaborado ao longo dun proceso de diálogo co sector para que a nosa proposta fose coincidente co

que o propio sector demandaba. Exactamente o que debería ter feito a Xunta de Galiza, pero que non fixera aínda nin tampouco faría despois.

Todos sabemos que en Galiza o sector pesqueiro no seu conxunto é un sector vital e estratéxico. Todos sabemos que, dentro del, a pesca industrial é o corazón do complexo mar-industrial, o que leva sido o motor máis dinámico do desenvolvemento económico e industrial de Galiza ao longo de todo o século XX. Todos sabemos que ese sector constitúe unha especialización productiva fundamental da economía galega no marco da economía internacional e por conseguinte, un sector exportador pola súa propia natureza, o que se denomina na teoría da estrutura económica un *export base sector*, un sector industrializante; vital tanto para a dinámica interna da economía canto para a súa proxección externa, para a dinámica da economía galega nos mercados exteriores e internacionais... –moitísimas gracias– ...nos que tanto se farta de dicir o poder establecido que é preciso que Galiza sexa competitiva e expansiva. A potencia, a función económica e a dimensión do sector pesqueiro galego, e nomeadamente da pesca industrial, non admite comparación con ningún outro país da Unión Europea nin, por suposto, con ningunha outra comunidade autónoma do Estado español.

Todo isto é moi sabido, mais cómpre reiteralo porque semella que o único que non o sabe é o poder político responsábel de apoiar e defender ao noso sector pesqueiro, tanto no poder do Estado como na Xunta de Galiza. Calquera Estado, calquera poder político en calquera país, que contase cun sector pesqueiro como o galego, defenderíao con uñas e dentes, consideraría unha cuestión de Estado primordial apoiar e defender politicamente a promoción e a expansión dun sector así, tanto no mercado interno como no entramado de *inputs* e *outputs*, de obtención de recursos e de saída dos seus produtos nos mercados exteriores. E daría unha constante batalla política e diplomática na súa defensa, tanto nas organizacións internacionais das pesquerías coma nas instancias políticas da Unión Europea, que teñen en definitiva as potestades de decisión e nas que se xoga constantemente a prosperidade e o futuro do sector. Faríao calquera Estado responsábel e leal cos intereses dos seus cidadáns. O Estado español non. A Xunta de Galiza, tampouco. Por iso resulta escandaloso que, á altura de febreiro

de 1999, cando o BNG, que non tiña daquela nin ten aínda responsabilidades de goberno en Galiza nin no Estado, presenta a súa alternativa para a renegociación dun acordo pesqueiro con Marrocos nin a Xunta de Galiza nin o goberno do Estado tivesen feito nada semellante. E iso resulta escandaloso, ¿que cualificativo merece o feito de que tampouco o fixesen de alí en diante, nin tan sequera aproveitasen o impulso que se esforzaba en ofrecerlles o BNG e o resto da oposición?

Na nosa alternativa de febreiro de 1999 cara encetar un proceso negociador con Marrocos sinalabamos o seguintes principios de partida:

1.- Galiza é o país da Unión Europea con maior presenza neste caladoiro, e cunha importancia cuantitativa en materia pesqueira no ámbito da Unión e fóra de toda dúbida.

2.- A necesidade de que Galiza por si mesma participe no proceso de deliberación e negociación do acordo pesqueiro a través das súas institucións.

3.- Que Galiza debe contar cunha proposta propia, en base aos intereses propios, á hora de levala ás institucións comunitarias e ao Reino de Marrocos, e que o Parlamento de Galiza é o lugar adecuado para fixala, tendo en conta a opinión do sector pesqueiro.

4.- A necesidade dunha política exterior da Xunta de Galiza conducente á consecución do acordo, tanto no seo da Unión como perante o propio Reino de Marrocos.

5.- A necesidade de encetar con urxencia o proceso para telo rematado e en condicións de pór en marcha o acordo novo sen que implique un período de inactividade da flota ou incertidume do sector, e estábamos en febreiro de 1999 e ficaban dez meses por diante para negociar.

6.- A inaceptabilidade da alternativa de empresas mixtas en substitución do acordo e o recorte de buques, capturas e tripulacións. Empresas mixtas cun país que non ofrece ningunha seguridade xurídica, ningún contrato mercantil. E aí están as experiencias dos empresarios que se aventuraron a facelo.

A partir deses postulados ou principios enunciábase nos as bases para un novo acordo pesqueiro entre a Unión Europea e Marrocos. Nas condicións xerais postulábase que o novo acordo fose efectivo a partir do primeiro de decembro de 1999, etc. –voulles aforrar os detalles–. Pero sinalabamos as bases para a negociación para os temas de garantía de licencias para os buques, mantemento do número de buques por cada arte, conservación do pavillón propio e mantemento das tripulacións tamén propias na mesma proporción coas tripulacións marroquinas daquela vixente. E ademais bases para os temas de rexeneración do caladoiro, control dos paros biolóxicos de xeito que tivesen que respectalo tódalas flotas e non só a galega, as inspeccións marroquinas nos nosos buques, os aprexamentos, a asistencia e salvamento marítimo e, en fin, o seguimento e a avaliación periódica pola correspondente comisión mixta do cumprimento das cláusulas do acordo.

O BNG trouxo a súa alternativa a esta Cámara nunha moción defendida en abril de 1999. Nin a Xunta nin o Grupo Popular presentaron a súa propia: non a tiñan. Iso si, rexeitaron coa súa maioría absoluta a que nós elaboráramos co consenso do sector. Ou sexa, nin trouxeron vostedes a esta Cámara de representantes unha alternativa para a situación da flota do banco sahariano, pese a teren a obriga e a responsabilidade de defender o sector, nin tampouco quixeron tomar cando menos en consideración a que lles ofrecíu, mellor dito, a que o sector lles propuxo a través da oposición. Esa é a consideración que lles merece este Parlamento, a consideración e respecto que lles merecen os cidadáns representados nel. É máis, o conselleiro de Pesca chegou a acusarnos de crear a alarma coa nosa iniciativa e ata de cometer unha provocación contra Marrocos e poñermos así en perigo unhas negociacións que nin tan sequera estaban encetadas nin se fan encetar denantes que espirase o acordo daquela vixente e que a flota tivese que amarrar nos peiraos da Guarda, Ribeira e o Morrazo. Polo demais, ese comportamento seu é contumaz. No mes seguinte, maio de 1999, outra iniciativa nosa en defensa da flota galega que faena en Arxentina mediante sociedades mixtas, logramos transaccionala co portavoz do seu Grupo Popular, que nesas condicións accedeu a votala a favor, e así o anunciou dende esta tribuna xusto denantes de procedermos á votación. Vostede, señor presidente, que seica estaba distraído ou non se

enteirara da transacción, espertou supetamente e deu contraorde. O seu grupo obedeceu submisamente á súa orde no canto de manter o compromiso contraído e anunciado dende esta tribuna. A súa maioría absoluta votou outra volta en contra.

As consecuencias desa incríbel e irresponsábel pauta de conducta están á vista. En decembro de 1999 expirou o acordo con Marrocos, a flota tivo que amarrar. Estamos en xaneiro do 2001, a flota segue amarrada. Peor aínda: as cutres axudas que o goberno seu en Madrid acordou conceder como esmolas a esta flota en paro terían acabado ao final deste ano pasado, de non ser polas presións e mobilizacións organizadas polo sector en defensa propia e polos esforzos que en defensa del fixemos tódolos grupos da oposición que non temos responsabilidades de goberno nin na Xunta nin no Estado nin temos comisarios na Unión Europea. Porque o sector si que se organizou creando unha Mesa para a defensa no seu conxunto. Vostedes nin dialogan coa Mesa nin apoian as súas reivindicacións nin se serven desa presión que vén da base para teren vostedes máis forza fronte aos poderes de Madrid e Bruxelas, como faría un goberno intelixente se realmente estivese da banda do sector e o seu problema consistise en que os poderes do Estado e da Unión Europea non lle facían caso. Vostede persoalmente, señor presidente, negouse a tan sequera recibir á Mesa do sector pesqueiro. O seu conselleiro de Pesca recibíuna só unha vez. Nos últimos tempos non hai máis contactos que os que vostedes utilizan extraoficialmente para tentar dividir ao sector, boicotear á Mesa e sabotear as súas iniciativas de defensa. Nós, en troques, que non estamos a gobernar, defendemos e seguimos a defender o sector aquí, nas Cortes de Madrid e mesmo na Unión Europea. A única ocasión que tivo unha representación do sector de obter unha entrevista institucional cos responsábeis de pesca na Comisión Europea logrouna o único deputado do BNG no Parlamento Europeo, don Camilo Nogueira, e celebrouse entre o 11 e o 13 de outubro de 1999. Aínda estaba en vigor daquela o acordo anterior, aínda estaba faenando a flota galega no banco sahariano, aínda non tiveran que amarrar, aínda se estaba a tempo de poñer en marcha a negociación dun novo acordo sen sufrirmos o paro da flota. Aquela delegación entrevistouse co Director Xeral de Pesca da Unión Europea, co Director de Acordos Pesqueiros da Unión Europea e máis coa representación permanente do

Estado español perante a Unión Europea. A delegación trasladoulles a proposta de negociación que o BNG trouxera a esta Cámara en abril e que vostedes rexeitaran. Eses cargos políticos da Unión Europea, confesáronlle á delegación do sector que era aquela a primeira proposta concreta de negociación do acordo que se lles facía chegar dende Galiza. Mais a reacción de vostedes foi matar ao mensaxeiro, alcuñar e desqualificar ao deputado do BNG no Parlamento Europeo, bradar que quen era el para interferir nas inexistentes xestións de vostedes.

Entremetres, o goberno do Estado e o comisario europeo de pesca, Fischler, dedicáronse a marear a perdiz –neste caso cumpriría dicir o arao, que é un fabuloso pescador– e a tomarnos de pitorros –que son as crías do arao, polo menos nas rías de Pontevedra e Vigo– aos galegos. Non podo evitar que me veña neste intre á memoria o baile de pasatempo das chancelerías europeas para escamotear axudas á República Española asediada polo fascismo entre o 1936 e o 1939, só que en versión incruenta, por fortuna, esta vez.

En setembro do 2000 as negociacións con Marrocos seguían varadas nas pedras. Mais a Unión Europea asina nese intre un acordo pesqueiro con Grinlanda. Grinlanda é unha comunidade autónoma que forma parte do Estado danés, e Dinamarca é un Estado membro da Unión Europea. Ou sexa, Grinlanda dentro do Estado danés vén ser como Galiza dentro do Estado español. Pois resulta que Grinlanda negocia un acordo pesqueiro coa Unión Europea como se fose un terceiro país. E no acordo asinado en setembro dáselles cotas para pescar ás flotas alemá, francesa, británica e danesa. A Galiza, nin tonelada. Para iso non estamos na Unión Europea, nin a pesca é un sector estratéxico para nós nin o Estado español é membro. Por certo, que o Estado español, como calquera outro membro, ten dereito a veto no consello de ministros da Unión, mais non o utiliza para defender a flota pesqueira galega. Cando o acordo estaba embarrancado e a Unión Europea dálle xa 100 millóns de euros a Marrocos, que podía reter, o Estado español non veta nada. Peor aínda: a fins do 2000, cando a flota do banco sahariano nosa leva un ano amarrada, a Unión Europea mételle por riba a machada á nosa flota do Gran Sol: reduce drasticamente a nosa cota para pescada nese caladoiro das au-

gas comunitarias da Europa da que somos membros e seica cidadáns. Mais poucos días antes desa decisión da Unión Europea, o seu conselleiro de Pesca, señor presidente, dixerá publicamente que a nosa flota do Gran Sol captura máis pescada da que declara, ou sexa, lexitimara por adiantado o machadazo que a Unión Europea vai darlle polas costas á nosa flota do Gran Sol. ¿Para quen traballa o seu conselleiro de Pesca, señor presidente? ¿Para o sector pesqueiro galego ou para os poderes que o mutilan? E mesmo, ¿para quen traballa vostede como presidente? Porque en todo ese tempo vostede dedícase a prognosticar a reconversión da flota e o desmantelamento, ou a solución das empresas mixtas, que logo resulta que as empresas mixtas con Arxentina, como demostrei, cando hai que defendelas en maio do 99 votan vostedes en contra ou sexa din “embárguense vostedes, non se preocupen, que despois Dios dirá”. Non denuncia vostede que, co acordo da Unión con Marrocos en suspenso, superconxeladores holandeses están a faenar no banco sahariano sen que pase nada a esas alturas. Ou ben Holanda non era membro da Unión ou tiña patente de corso para pescar onde a nós non nos deixaban a Unión Europea e Marrocos. Nada ten de raro que nesas condicións, a fins do ano pasado, o sector se sentise angustiado, desamparado, asediado, traizoado por aqueles que xuraran o seu cargo para defender por riba de todo, desde o poder da Xunta e a maioría do Parlamento, e mesmo co seu Goberno amigo, os dereitos e os intereses dos cidadáns. A soberbia de vostedes non ten límite, e a súa deslealdade política cos cidadáns deste país tampouco. ¿Como non vai ser merecente de censura a conducta dunha Xunta que se comporta como un esquírol cando os cidadáns asumen por si mesmos a defensa dos seus intereses que a Xunta e o seu presidente desertan de defender?

Logo viñeron os temporais, os trebóns, a invernía máis dura que os maiores recordaban. O chover “a Dios dar auga”, as enchentes dos ríos, inundacións en vilas e en espazos urbanos, asolagamento de veigas, estrago de bancos enteiros de marisco de cuncha nos tesóns e areais das rías por unha baixa inaudita da salinidade das augas. Xa no século XIX Rosalía recolleira a expresión daquela popular de que a “a fame entra en Galiza nadando”. E os apagóns. Apagóns en comarcas enteiros para mellor celebrar na intimidade o tránsito do ano vello ao novo, do século vello ao novo, do milenio vello ao novo tamén.

A acción das forzas da natureza non é imputábel, naturalmente, á Xunta de Galiza, ata aí non imos chegar. En calquera país poden xurdir inopinadamente situacións de emerxencia. Só que algunhas non xurdirían ou non terían efectos desastrosos se os gobernos tivesen políticas de prevención ou estivesen en condicións de facerlles fronte con eficacia. Outras resulta inevitábel que xurdan, mais mesmamente poñen a proba a capacidade de resposta dun Goberno e unha Administración fronte a esas situacións para paliar os seus efectos, prestar asistencia aos cidadáns, para resarcir das perdas aos damnificados. Nun país coma este, onde a xeneralidade dos tendidos de suministro eléctrico seguen a ser aéreos, a rede de transformadores literalmente rústica e a sobrecarga das liñas constante, resulta forzosamente moito máis probábel que un temporal faga estragos nos tendidos e deixe a escuras ó medio rural que se a rede fose moderna, as conduction soterradas e así seguido. Ou sexa, se ó longo do tempo se tivese investido o necesario para que a rede estivese a proba de temporais. Mais aquí, nesta Galiza do século XXI, en moitísimas aldeas a rede aínda non está a proba de poderéense activarse simultaneamente as muxidoras eléctricas, os tanques de frío e a alumeación da vivenda. Ás veces abonda unha tronada sen importancia para que salte a luz. E non xa no Courel, senón en Aguiar onde eu vivo, a dez quilómetros da capital de Galiza.

Levamos decenios a ser excedentarios e exportadores de enerxía eléctrica ao resto do Estado. Os beneficios das empresas eléctricas xerados polos recursos hidráulicos e carboníferos de Galiza levan decenios a ser enormes. A penas se leva reinvestido un chisco deses beneficios no noso país. O Goberno central do PP deulles unha subvención billonaria –con be de Brión– ás eléctricas españolas para que se adaptasen á competencia da Unión Europea o que non lles dá aos gandeiros nin aos armadores, xa non para competiren en Europa, pois que son absolutamente competitivos, senón para compensaren as reducións de produción que Europa lles impón, violando descaradamente o principio da liberdade de empresa e de mercado proclamado no Tratado da Unión, sen que vostede proteste, señor presidente, por esa conculcación dos principios do liberalismo. Mais, sobre todo, a Xunta tranferiu ás empresas eléctricas miles de millóns de pesetas durante a vixencia do Plan Mega para investimentos precisamente na rede de electrificación

rural, na mellora eléctrica de Galiza. O Plan Mega nen sequera foi cumprido como recoñeceron a propia Xunta e o Goberno do Estado nun documento público de abril de 1996. Se cadra por iso a súa Consellería de Industria terá que transferir ou decidiu transferir –nos orzamentos está– este ano 1.000 millóns a determinadas eléctricas para a mellora eléctrica de Galiza, ou sexa, agora Mega sen Plan.

¿Onde foron parar realmente todos eses cartos, máis os que tiña que aportar o Goberno central, e máis os que as empresas tiñan que poñer pola súa conta? Porque nunca ata agora deron vostedes información transparente e precisa sobre a execución do Plan Mega e os investimentos efectivamente feitos a esta Cámara, nunca. Pero técnicos serios da Administración confesan en privado que nunca vostedes controlaron a aplicación dos fondos e a execución dos programas de obras, así que cos temporais voltaron os apagóns. Os temporais foron a causa natural; mais vostedes foron os causantes políticos, os responsables de que os temporais deixasen media Galiza rural e vilega a escuras para mellor podermos celebrar na intimidade, con candeas acesas, o evento infrecuente do tránsito do ano, do século ou do milenio nunha mesma noite. Unha noite de pedra, extemporánea e máis breve que a evocada na metáfora de Celso Emilio, pero que nos trouxo a reminiscencia dos constantes apagóns, do apagón continuado, que padeceramos naquela época.

As enchentes dos ríos. Toda a axuda que prestou aos cidadáns afectados o seu conselleiro predilecto e ex –disque– golfiño, foi botarlle en Caldas a culpa ó Bloque. Nós non lles botamos a culpa das enchentes fluviais, acabo de dicilo, é cousa da natureza, pero xa ven, a recíproca en troques non funciona. A culpa das inundacións en Caldas tiñana o BNG e os veciños da comarca que se opunían á construción do encoro no Umia. Parece ser que tódolos veciños da comarca que se opoñen e que se mobilizan e toda a plataforma son do BNG, que nin sequera ten a alcaldía do concello de Caldas, que sempre está á cabeza das mobilizacións a alcaldía do concello de Caldas. Se houbese encoro no Umia regularía as enchentes. Hai poucos días, representantes do Colexio de Enxeñeiros de Camiños dicían na prensa que non abondaría un encoro só para evitar as inundacións en Caldas. E non son sospeitosos de ser do Bloque eses señores. O señor

Páramo foi conselleiro da Xunta co señor Albor, que nos honra coa súa presenza na tribuna do público, non dixo iso. Un encoro só non resolvería o problema, está dito polo informe e en público e na prensa. É perfecto porque cun programa integral de represas, encoros e miniencoros en tódolos ríos galegos, vostedes van ser o primeiro Goberno na historia do planeta que resolverá o problema das inundacións asolagando o curso completo dos ríos.

Recuperan vostedes agora o famoso Plan de Aproveitamento Hidráulico Integral dos ríos galegos, dos tempos do franquismo, que en vésperas do advento da democracia ficara en suspenso debido á rotunda opinión en contra da cidadanía, que ademais se mobilizaba e que así parara tamén o proxecto de central nuclear en Xove, na Mariña lucense. Os tempos non estaban para aventuras que levasen ao paroxismo o asolagamento dos nosos vales coa cidadanía en contra, porque o franquismo agonizaba e o que podía vir podería ser, inclusive, unha rotunda creba democrática. Agora os herdeiros do franquismo no Goberno do Estado, eufóricos e ensoberbecidos, reemprenden o que daquela os cidadáns pararan. E vostedes pónense ao choio en función de cipaio, como no Umia: transgredindo ou incumprindo, chegado o caso, sentencias xudiciais firmes ou disfrazando ao sumo de mini-encoros o que constitúe en realidade unha reformulación do asolagamento integral de concas fluviais enteiras, como a do Ulla ata mesmo o pé do Castelo de Pambre xa non no Ulla senón no Pambre, afluente.

Mais nin así. Polos mesmos días en que o señor Cuíña nos criminalizaba en Caldas, o alcalde de Cambre acusaba a Augas de Galiza de agravar as inundacións nese concello por ter aberto as comportas do encoro de Cecebre a destempo, sen aviso, sen consultar ao concello e sen previa información ao alcalde e aos veciños e enteiráronse da apertura das comportas por SOS Galicia e por chamadas de veciños á policía local. Mais seica os encoros evitan as inundacións. Ás portas da cidade de Ourense, Miño arriba, está a represa de Velle; máis arriba, na confluencia de Miño e Sil, o encoro do Peares; mais arriba aínda, polo Miño, o de Belesar, que chega a Portomarín e polo Sil toda a rede de encoros do propio Sil e os afluentes. A cidade de Ourense sufriu inundacións como non se recordaba. Claro que se en toda esa rede escalonada de encoros se fixo o mesmo que en Cecebre, o que non

se comprende é que as augas do Miño en Ourense non chegasen ás portas da Catedral, que está no alto da cidade antiga. Mais a Comunidade Autónoma de Galiza non ten confederación hidrográfica propia. Galiza está incluída na Confederación do Noroeste, con cabeceira en Oviedo. Vostede, señor presidente, rexeitou sempre con desdén as propostas do BNG para que se remediase a situación anticonstitucional de que, no Estado das autonomías, Galiza Comunidade Autónoma e nacionalidade histórica non tivese, non teña, baixo a súa xurisdicción a regulación das concas dos seus propios ríos. Seguimos a reclamar a creación dunha Confederación Hidrográfica do Miño nas Cortes do Estado. Vostede non quere molestar ao Goberno amigo de Madrid e así as enchentes fluviais causáronas as forzas da natureza, mais a causa política e a responsabilidade da situación caótica na regulación dos ríos e a carencia de poder de decisión para afrontar os efectos das enchentes son súas, señor presidente. Hai máis, ás portas de Santiago en Bertamiráns, na confluencia do Sar con dous afluentes, é só unha mostra, as enchentes alagaron zonas recentemente urbanizadas e densamente edificadas. O alcalde do seu partido, que xa o era no franquismo, botou a culpa da situación chamándolles “novatos” ós veciños que recentemente mercaran pisos e baixos comerciais nesa zona. “Os de aquí –dixo– sabemos todos que cando chove moito seguido, Bertamiráns alágase”. El, que é de alí, sabía iso. Supoño que a promotora Mahía tamén. Se cadra por iso acometeron unha urbanización irracional, esganando a estrada de Santiago á ría de Noia, no sitio mesmiño en que todos os de alí sabían que cando chovía moito seguido, alagábase. Mais quero recordar, señor presidente, que cando en Bertamiráns se inaugurara a chamada Praza de Chavián –que parece un mostrario de materiais diversos de pavimentado– vostede dixerá publicamente que Bertamiráns era un modelo de urbanismo.

En Galiza, o marisqueo a pé segue a ser unha actividade fundamental para os ingresos e a mantenza dos estratos máis baixos da pirámide social, ademais dunha fonte real, e sobre todo potencial, de riqueza marisqueira con calidade única en toda Europa. Só as mulleres mariscadoras con carné ascenden á orde das oito mil. Un ano bo, unha campaña boa, é un regalo para toda a boa xente que traballa toda a vida para manterse nos lindes da subsistencia, para non caer na pobreza máis absoluta. Este ano, a campaña presentá-

rase espléndida ao abrirse a veda no outono. Lémbrome de expresións de xenerosa ledicia de mariñeiros mariscadores un día de primeiros de outubro, no Freixo: “este ano haille fartura para todos”. De súpeto o aporte de auga doce das enchentes fixo descender en vertical a salinidade das augas. Foi o desastre. O marisco de cuncha morreu todo ou case, non só os adultos senón tamén a cría. Iso significa que non só se perdeu o deste ano senón que a penas haberá tampouco na campaña que vén, e se cadra na seguinte; o ciclo de crecemento require máis de dous anos ata a recolección. Se as crías tamén morreron, haberá que sementar e logo agardar dous anos. Vostedes non teñen culpa das enchentes. Mais teñen culpa de que o sector marisqueiro a estas alturas aínda non saiba que axudas económicas serias, que apoios tecnolóxicos, que programa de acción organizada se vai implementar para a recuperación do sector. E vostedes tamén teñen a culpa de que despois de anos de gobernaren, de faceren panexífricos do marisco galego, aínda non teñen posto en marcha ningún plano de *hatching* para repoboar bancos marisqueiros coas especies autóctonas das distintas variedades, ningún plano serio de formación dos mariscadores en capacitación profesional, ningunha estratexia de posta en valor do potencial de recursos de tantas hectáreas como hai de bancos naturais, pese ás reclamacións do sector, das cooperativas de xente moza e con ideas que xa existen, das confrarías máis dinámicas nas que o marisqueo ten importancia. Aínda mo dicían a min representantes desas entidades da costa do Barbanza, en Ribeira hai pouco, representantes de diversas cores políticas, incluídos votantes do PP ata agora. A voste de non poden dicirlllo porque nin tan sequera fala con eles. Está demasiado ocupado en xogar coas maquetas de ilusorios trens de alta velocidade que lle trouxo o señor Cascos, como os Reis aos nenos dos ricos nos tempos da miña infancia. ¿Como non vai ser censurable a conducta alienada a respecto dos cidadáns con problemas da que vostedes levan feito gala no decurso dos eventos recentes que estou a rememorar eiquí?

En fin, a crise das “vacas tolas”. Ou sexa, a aparición en Galiza da síndrome da Encefalopatía Esponxiforme Bovina (EEB). Se perante os acontecementos e problemas que acabamos de analizar, as actitudes e comportamentos da Xunta e do seu presidente foron politicamente censurábeis –por incapacidade, imprevisión, deixamento de responsabilidades,

abandono de segmentos cidadáns á súa propia sorte, deserción da obriga de defender sectores productivos vitais para a nosa economía–, na crise das vacas tolas os responsábeis do poder da Xunta levaron ese comportamento censurable ao paroxismo, sobardaron tódolos lindes de racionalidade e de legalidade esixíbeis á actuación dun goberno con máis rigor que a calquera cidadán, ultrapasaron a fronteira que separa o respecto á lei da delincuencia, pois que transgredir a lei é delinquir.

Hai paisanos que din que as que están tolas non son as vacas, senón a Xunta. Hai outros paisanos que afirman estar convencidos de que a Xunta quere facelos tolear a eles e non ás vacas. Tanto nun caso como noutro, os labregos que así falan exercitan, na súa trágica situación, aquilo que constitúe un dos rasgos máis xenuíños do perfil antropolóxico-cultural do pobo galego elevado a categoría artística e literaria polos máis xeniais creadores da nosa cultura: o humor acedo e compasivo utilizado como mecanismo de defensa dos febles, os maltratados e os oprimidos, como mecanismo para preservar, en situacións límites de indefensión, un espazo íntimo e inexpugnable de liberdade anímica. Só por iso, xa debiera caerlles a cara de vergonza, señores da Xunta e presidente, por teren creado unha situación na que a cidadanía galega teña que recorrer ao resorte que utilizara Castelao en identificación con ela no seu tempo para preservar ese espazo íntimo de liberdade anímica comunitaria, agora fronte a vostedes, fronte ao poder autónomo que debiera ser encarnación deles mesmos e en todo caso boa parte deles lles conferiron a vostedes cos seus votos. Fronte aos actuais ocupantes dunha institución, a Xunta de Galicia, na que, en condicións políticas normais, eses cidadáns deberían ver á institución amiga e solidaria coa que se conta sempre e máis aínda en situacións límite. Pois non. A eles resúltalles incomprendible a actitude e a actuación da Xunta e do seu presidente, e só achan dúas posibles explicacións racionais alternativas expresadas en clave de humor: ou a Xunta está tola ou quere facelos tolear. Se cadra a disxuntiva é só aparente. Se cadra as dúas explicacións son certas e reciprocamente complementarias; porque só a tolemia ou a estupidez poden explicar o cúmulo de dislates que vostedes levan cometido a respecto do andazo das vacas tolas, só un síndrome de incomunicación autista pode xustificar a insensibilidade absoluta coa que vostedes asisten á traxedia que

están a padecer os paisanos gandeiros do noso país, e só a inmolación do sector gandeiro cárnico a prol de escuros intereses e estratexias do capitalismo salvaxe que actualmente impera no espazo económico da Unión Europea e máis a submisión de vostedes todos aos seus dictados, pode dotar de sentido a desleal pauta de conducta que seguen perante este grave problema vostedes e o seu Goberno de Madrid, disque amigo seu, mais obxectivamente inimigo nos feitos da cidadanía galega labrega.

O 30 de agosto do pasado ano comezou un calvario para Erundina Negreira, labrega gandeira de Coristanco. Atrévome a pronunciar o seu nome aquí porque ela mesma tivo a coraxe de identificarse publicamente e relatar a súa odisea nos medios de comunicación. Foi ese día cando se detectou un posíbel caso de EEB na súa explotación. Os servizos veterinarios da Xunta leváronlle a vaca e impuxeron o silencio, ao xeito da sinistra *omertá*. Non se podía falar do caso, porque compría impedir que se comentase, que se soubese del. Empregáronse diversos tipos de ameazas para impor o silencio: de non teren as cartillas en orde, de poñérenlles multas, e que sei eu máis. En síntese, a unha familia gandeira que ten a desgracia de aparecerlle un posíbel caso de EEB na súa explotación, a Administración técnica de vostede, no canto de esforzarse en prestarlle asistencia e axuda—xa non digo agarimo e consolo—aplícalle ameazas, coaccións, represión. Noutras verbas máis duras que ousarei pronunciar: aplícalles unha modalidade de terror. Eses labregos non saben o que é a encefalopatía esponxiforme, carecen de formación científica, nin tan sequera recibiron información preventiva ao longo destes anos. Probablemente recibiron, en troques, algunha vez a visita dalgún axente propagandista do emprego de pensos concentrados, ou se cadra asistiron a algunhas das charlas promovidas pola Administración de vostedes ao longo do país, como nova modalidade de extensión agraria, dadas por axentes supostamente técnicos das grandes cadeas de fabricación e distribución das fariñas-penso empaquetadas sen indicación da súa composición, sen constancia de se conteñen ou non os famosos MER (materiais específicos de risco) vehiculizadores do andazo das vacas tolas, xa se sabe.

Tres meses máis tarde, o 22 de novembro pola noite —ou sexa, diríase con nocturnidade— axentes dos

servizos da Xunta preséntanse na explotación de Erundina Negreira e lévállle as vacas todas, non a tola que xa lla levaran, senón tódalas demais. No mesmo mes de novembro faise pública a detección dun caso de EEB en Galiza, pero non era a vaca de Coristanco, senón outra detectada con posterioridade en Carballedo, pero que saíu antes á luz pública. A de Coristanco aínda non fora declarada tola *post-mortem*, sacrificáranla en setembro, logo o laboratorio de Lugo declarara non concluíntes os resultados das análises por chegar a mostra en mal estado e ata o 7 de decembro non se confirmara oficialmente o caso. E é o Ministerio do Goberno central quen o fai, non a Xunta. Entrementes en Carballedo, na aldea onde se detectara a vaca tola, esa aldea fora cercada pola forza pública como se tivesen agachado a un fuxido doutro tempo. Deixemos o resto polo menos de momento. ¿Parécelle a vostede decente, señor presidente, esa maneira de actuar? Xa non lle pregunto se lle parece politicamente responsábel. Xa non lle pregunto se lle parece democraticamente admisíbel. Xa non me sitúo no plano da política nin das regras democráticas, sitúome no plano da ética, e se vostede quere, da ética cristiá que todos vostedes predicán e no plano da ética volvo a interpelalo, señor presidente: ¿parécelle a vostede eticamente decente que un cidadán que ten a desgracia de aparecerlle na súa explotación un caso dunha enfermidade que el nin sequera sabe en que consiste —eu tampouco, son tan ignorante como o paisano, calquera nesta materia, porque é de especialistas— que non sabe nin en que consiste, non sabe que gravidade pode revestir, que ese paisano reciba como única atención da Administración que vostede dirixe a imposición do silencio, as ameazas e a coacción?

O 26 de setembro de 1990 —dixen ben, pero repito, 1990, setembro, hai xa que logo dez anos e medio— don Bautista Álvarez Domínguez, daquela deputado do Grupo Parlamentario do BNG e hoxe, ademais diso, vicepresidente 2º da Mesa desta Cámara, que preside o señor García Leira, o Excmo. Señor Presidente, don Bautista Álvarez formulou no Pleno deste Parlamento unha pregunta, leo literalmente o *Diario de Sesións*: “sobre a importación de vacas contaminadas do virus BSE” —daquela aínda se empregaban as siglas coa denominación británica do virus— “e de pensos elaborados a partir de despoños animais”. Repito: importación en Galiza das vacas contaminadas do virus da encefalopatía esponxiforme e máis

importación en Galiza de pensos elaborados a partir dos restos mortais animais, que son os que transmiten ese virus. O señor Álvarez dixerá daquela que quería facer –setembro do 1990– a súa pregunta sen ningunha animosidade e sen ningunha hostilidade cara o señor conselleiro ¿Quen era o conselleiro daquela? O señor Romay, que despois pasaría a ser conselleiro de Sanidade e anos máis tarde a Ministro de Sanidade no Goberno do Estado. De seguida o señor Álvarez xustificaba a súa pregunta: “hai noticias de que na nosa terra pode existir tamén a enfermidade das vacas tolas”. E engadira: “do único que me quero enteirar e de se, efectivamente, a Xunta de Galiza ten noticias a este respecto, e máis, se a Xunta de Galiza ten previsto impedir importacións de pensos fabricados a base de proteína de orixe animal”. O conselleiro de Agricultura, o señor Romay, contestáralle –*Diario de Sesións*–: “Nós temos puntual información de tódalas importacións que se fan. Ata este momento non se produciu ningunha importación de animais vivos, nin de pensos que conteñan proteínas de orixe animal procedentes do Reino Unido. Estes últimos anos as importacións proceden de Suíza e de Austria exclusivamente, e en ningún caso de Inglaterra, polo cal penso que sobre este asunto podemos estar tranquilos”. Mais o señor Romay incluía na súa resposta esta afirmación clarividente ou profética, como prefiran vostedes, dixerá o señor Romay: “Estou de acordo co señor Álvarez en que o único que lle faltaba ao sector gandeiro galego era que chegasen aquí as vacas tolas, pero niso creo que imos mellor que noutras cuestións, tamén moi importantes, nas que estamos pendentes de solucións que teñen que vir de fóra”. Xa ven vostedes, clarividente e profético, de fóra non viñeron ata agora solucións, de fóra veu o andazo que nestes intreos pón en crise o complexo gandeiro, industrial e comercial do noso sector cárnico e que a imprevisión e ineptitude de vostedes pón en perigo de extinción se o Apóstolo Santiago non o remedia. E ata agora non parece que o fillo de Zebedeo faga moito caso das hipócritas invocacións que lle dirixe vostede cando está en apuros por culpa súa propia, non do Apóstolo.

A culpa en orixe do problema das vacas tolas non a ten vostede. Tena a súa vella amiga e admirada Margaret Thatcher, que apadriñou a eclosión do capitalismo salvaxe en Gran Bretaña, baseado na especulación en vez de na eficiencia na produción, no beneficio polo beneficio sen escrúpulos, aínda a risco de

destruír medio ambiente, saúde, cultura ou calesquera outros valores ecolóxicos, sociais ou morais. Aplicado ese criterio á rendibilidade da fabricación de pensos da gandería intensiva, co principio de que, con tal de lucrarse, todo vale, cometeuse a aberración de dar en nutrir con proteínas animais ao animal doméstico herbívoro por excelencia: a vaca. As leis da natureza tomáronse o desquite contra a irracionalidade crematística dos seres humanos, ou duns humanos moi concretos: os especuladores disfrazados de empresarios. A primeira catástrofe consecuencia desa aberración produciuse na gandería británica. Mais como os intereses económicos británicos son moi poderosos, e como a intelixencia política británica xoga moi ben ao pao e á cenoura coa Unión Europea, o andazo do gando inglés acabou por pasar o Canal, pese a todas as prohibicións formais, e desembarcou no continente.

No ano 1944 o que desembarcara en Normandía procedente de Inglaterra fora a liberación de Europa das gadoupas do nazismo –agás á España de Franco–. Nos 80 para compensar o que desembarcou foi o andazo das vacas tolas, no colo do capitalismo salvaxe de Margaret Thatcher, a súa vella e admirada amiga, señor Presidente. E o seu Goberno amigo de Madrid, facilítallo: hoxe sábese que no 1996 cando a Comisión Europea pretendeunos forzar os controis sobre os MER (materiais específicos de risco), Loyola de Palacio, daquela ministra de Agricultura, voutou en contra en Bruxelas e posteriormente volveuno facer o ministro actual, Arias Cañete. Ou sexa, que Loyola e Cañete utilizaron o veto en Europea para sabotear o control dos restoballos de carne que, incorporados aos pensos, entrañan risco específico de transmisión do andazo das vacas tolas. O veto que non utilizaron para defender a flota galega do banco sahariano.

Mais xa en 1990 nós déramos o aviso, como acabamos de ver, con prudencia, sen alarmar, sen precipitarnos a pedirlle prematuramente á Xunta ningunha responsabilidade. Só lle pediamos que tomase as medidas necesarias para que á gandería galega non lle ocorrese o único que lle faltaba, nas palabras do propio señor Romay: que chegasen aquí as vacas tolas. Vostede, señor presidente, que sempre foi un home de Estado e que non estaba lelo, forzosamente tiña que saber moito mellor que nós a importancia do perigo,

forzosamente tiña que ter moita máis e mellor información que os cinco modestísimos deputados do modestísimo Grupo Parlamentar do BNG recén estreado daquela como tal, pero que estabamos xa á espreita de algo que se sabía que en Europa xa era un problema moi grave e que en Gran Bretaña xa fora unha catástrofe. Eso foi no 1990. Un ano despois, o BNG elabora unha Proposición de Lei de Ordenamento da política gandeira. Ou sexa, unha aportación en positivo para que este Parlamento aprobase unha ordenación legal que servise de marco a unha política de desenvolvemento e modernización do complexo agro-industrial gandeiro, de ordenación e potenciación da produción pecuaria, a transformación industrial e a comercialización deses produtos. Que establecese liñas de actuación financeira para eses obxectivos, que potenciase e desenvolvese o cooperativismo agropecuario de base e agroindustrial. E máis tamén unha política de apoio aos pequenos produtores, cun programa que definise as variedades de produtos obtidos nas pequenas explotacións, literalmente cito “co fin de incluílos dentro das denominacións de orixe para producións artesanais e biolóxicas”. Alguén falaba onte, non sei quen para saír do apuro, de que agora hai que facer agricultura e gandería biolóxica. Isto estaba no articulado da Proposición de lei de Ordenación gandeira que, como vou indicar, nin tomaron en consideración, votaron en contra coa súa maioría absoluta no Pleno de toma en consideración nesta Cámara. Quero deixar claro para todos os que me escoiten que cando a oposición utiliza a súa iniciativa lexislativa o debate do texto que se presenta chámase “de toma en consideración”, non de aprobación definitiva dese texto. Un goberno que ten maioría absoluta nun Parlamento pode tomar en consideración un texto presentado por un grupo da oposición e despois cambiar os contidos que non lle parezan ben mediante emendas de supresión, modificación, que ten garantido poder aprobar mediante o uso, precisamente, da súa maioría absoluta. Podían tomar vostedes en consideración a nosa iniciativa e despois transformala mediante emendas para axustala ós seus criterios, pero vostedes nin tan sequeira consideraron merecente de interés que o sector gandeiro, tanto lácteo como cárnico, dispuxese dun marco legal que permitise exercer as competencias exclusivas da Xunta para unha política ordenada de promoción, modernización e defensa do sector. Para vostedes, nada que non se lle ocorra á mente omnisciente do seu Presidente merece ser tomado en consi-

deración. Se vostedes no 1991 tivesen utilizado o impulso lexislativo do BNG, e a combinación plural de puntos de vista e ideas do conxunto desta Cámara para programaren unha política gandeira en condicións, o sector cárnico estaría hoxe blindado en grande medida fronte ao andazo das vacas tolas. E vóullelo demostrar xa que dispoño de tempo.

Na exposición de motivos desa iniciativa lexislativa dicíamos, comezabamos cunha cita que vou repetir: “Así é que se pode dicir que, no canto de fábricas, este Reino de Galiza ten por equivalente a industria do gando. Este é o grande tesouro do labrego e o principal recurso nas súas necesidades”. Con esta elocuente sinxeleza expresaba no século XVIII o pensamento ilustrado galego o significado económico e a relevancia social da gandería para a nación galega, en palabras subscritas polo coengo compostelán Pedro Antonio Sánchez. Naqueles intres, mentres o Estado favorecía e protexía da competencia exterior as manufacturas reais españolas –que me parecía moi ben– desleixaba e abafaba con trabucos e gabelas á gandería galega, prohibíalle a exportación de reses a Portugal, e puña os mercados de consumo das grandes cidades, Madrid a primeira, ao dispor de contratas de importacións masivas de gando francés. ¿Sóalles? ¿Cotas lácteas? Van decorridos máis de dous séculos dende aquela. Durante case todo ese longo período foi coutado o potencial expansivo da gandería galega, internamente pola pervivencia durante moito tempo das relacións señoriais ata comenzo deste século, e dende fóra pola obsesiva e monocorde política proteccionista do Estado verbo das producións da agricultura cerealeira española. Isto dicíano os galeguistas que vostedes adoran agora, non é meu, dicíano os galeguistas no tempo en que se chamaban galeguistas, que vostedes veneran. Son palabras deles, non miñas. Son acusacións deles, non miñas, feitas por eles, non por min. Eu só leo, procuro ler, e das fontes. Por exemplo recupera-los escritos de Pedro Antonio Sánchez da edición de comenzos do XIX e reeditala en Galaxia por iniciativa miña, edición crítica en 1972.

A habenza de gando ovino, que no primeiro tercio do presente século o ovino aínda se achegaba ao millón de cabezas en Galiza, a maioría delas nas terras ourensáns, dezmouse constantemente ata a súa redución ás cifras actuais. O censo de cabezas de gando vacún estacionouse practicamente desde os tempos da

IIª República Española en diante ata que a partir dos anos 60 dúas décadas de dinámica orientada á especialización en leite –forzada pola política do Estado tardo-franquista e polos intereses do complexo Soxa ou Solla americano, estudados nunha tese doutoral da Universidade Autónoma de Barcelona hai xa dez anos, perfectamente, de como condicionaron o rumbo da política gandeira española desa época– fixo basculala composición da produción final cárnica do vacún maior ó menor: converteu nun mito pretérito o boi cebón de raza rubia e mais os xatos cuóns, e foi transformando o gando bovino nunha cabana de vacas nais estabuladas para daren leite e pariren cuxos ou xatos mal vendidos no destete para recrír alén o Padornelo en distantes factorías de carne viva, sitas ao pé das máis densas áreas de mercado de consumo.

Esgazouse a integración agrícola-gandeira que Rof Codina sinalara hai setenta anos como singularizadora da economía rural do noso país e máis como unha das súas vantaxes comparativas potenciais máis ricas. Os labregos renunciaron ao policultivo, foron deixando a monte tenzas de arar e curtiñas, tentaban rozar touzas para convertelas en pasteiros, gastaron o que tiñan, incluídos aforros feitos na emigración, e máis o que non tiñan, endebedándose coa banca privada e sen cáseque axuda crediticia do daquela Banco de Credito Agrícola Estatal para faceren vacarías, mercaren custosísimas e delicadas xuvencas leiteiras de importación, construíren modernas e ás veces desmesuradas instalacións fixas, mecanizaren as explotacións, pagaren forraxes e pensos compostos a prezos de oligopolio de oferta. E todo para venderen un só produto: leite. Cando máis, un subproduto: xatos ó destete. Noutras verbas, foron así inducidos os labregos a apostaren todo a esa soa carta, a produción láctea, mentres a pouca industria transformadora que xurdía establecíase excluíndoos de participaren nela, deixándoos confinados nun arquipélago de explotacións primarias atomizadas e á mercede dun monopolio de demanda desa súa produción espaxada e única fonte de ingresos.

E cando as pezas deste universo inorde comenaban mal que ben a encaixarse pola forza da gravidade mesma do progreso, a integración do Estado na CEE, agravada polas condicións nas que se negociara e acordara, abriu unha cachafunda nesa traxectoria diante do futuro inmediato do sector gandeiro do

mundo labrego, sen darlle outra alternativa que a desfragarse pola caivanca abaixo ou parar en seco. Estou a ler un texto presentado no Parlamento de Galicia en 1991, e dicía “esta lei tenciona acabar con esa situación límite, pór as cousas no seu sitio, abrir vieiros ordenados de saída para o desenvolvemento e a reestructuración expansiva do sector gandeiro galego, a prol e, pola mesma, en función dos dereitos da súa base social labrega actual e sen máis demora. Con esta lei o Parlamento e a Xunta de Galiza asome que a especialización productiva que, actual e potencialmente, representa o sector gandeiro na economía galega, non pode ser coutada por ningunha estratexia deseñada a contraño dos intereses de Galiza por remotos e avesíos centros de decisión practicantes de neoproteccionismos centrípetos a expensas desta periferia europea fisterrá. Con esta lei, en suma, as instancias políticas galegas fan seu o compromiso activo de restituíren aos labregos de Galiza o que lles fora substraído ou refugado dende hai máis de dous séculos: o dereito ao desenvolvemento autocentrado dos potenciais productivos da súa propia base económica, concibido e deseñado a prol, inescusábelmente e en primeiro termo, do seu propio benestar. Solidariedade esta das instancias políticas autonómicas que redundará a seguida, sen dúbida neste caso, no ben común xeral da cidadanía galega.”

Inxenuos de nós. Inxenuos de nós ¿non? Inxenuos cidadáns.

Voulles lembrar tamén algúns poucos dos artigos desa proposta, que hoxe veñen especialmente ao caso pola vixencia que teñen no contexto da actual crise do sector gandeiro.

No artigo 1 dicíase: “Constitúe o obxectivo primordial da presente lei establecer normativamente as bases, directrices e liñas cardinais de ordenamento da acción de goberno da Xunta de Galiza nunha política de desenvolvemento e reestructuración expansiva do sector gandeiro e máis da correlativa agroindustria derivada, de xeito autocentrado e orientado a prol do benestar da propia base social labrega etc. etc.”

No artigo 6, dicíase: “A política de desenvolvemento gandeiro atenderá aos seguintes criterios: –e só lles vou mencionar un–:

- Obter o aproveitamento integral dos recursos potenciais da base do sector en congruencia co equilibrio ecolóxico do medio.

- Maximizar a autonomía da produción pecuaria a respecto dos *inputs* externos mediante a integración agrícola-gandeira no ámbito da Comunidade Autónoma galega, dentro dos lindes de rendibilidade individual e sectorial que se derivan do criterio establecido no parágrafo 1 deste mesmo artigo”, –que dicía máis ou menos que terían que ser racionais verbo da función técnica da produción por riba das técnicas obxetivamente fixada, etc.–

Resulta evidente que estes dous puntos que acabo de mencionar propiciarian a blindaxe do sector gandeiro fronte ao perigo do andazo das vacas tolas, do que nós avisáramos un ano antes nesta Cámara. De feito, explotacións de gando que viva sobre o terreo, que se nutra primordialmente de pastos e de forraxes feitos coa súa propia produción vexetal, estarían inmunes, virtualmente, fronte a un andazo que entra pola vía da alimentación do gando con pensos concentrados que conteñan os famosos MER en congruencia con esa finalidade establecíase nos apartados “c” e “d” do artigo 7.1, que “no eido da produción pecuaria, a política gandeira orientaríase cara conqueri-los seguintes obxectivos”–e só lles leo dous–: “A ampliación da base territorial das explotacións gandeiras e máis o aumento e intensificación dos pasteiros e das producións forraxeiras de cara a diminuír a dependencia externa en alimentación animal.”

Hai un deputado nesta Cámara que ten escrito cousas moi serias hai vinte anos –e non é do Bloque– sobre isto, precisamente, e o aseguramento dunha oferta de recría abondo para a reposición da cabana e a súa mellora xenética. A *Revista galega de estudos agrarios*, seguro que os seus conselleiros nin a len nin len o que se escribía nesa revista hai vinte anos. Sempre desprezaron a intelixencia deste país.

Claro, e o remate no paroxismo, esa actitude profunda e profundamente atávica podería conducir a aquilo que dixera o famoso personaxe, que non quero nomear, a Unamuno: “morra a intelixencia, viva a morte”. Claro, neste caso a morte das vacas tolas.

¿Por que nin tan sequera quixeron tomar en consideración? Porque vostedes querían que se cambiase o

sistema, a estrutura, e os métodos de alimentación do gando vacún galego a prol dos negocios das grandes cadeas de produción e distribución de pensos, ao estilo do que fixera Margaret Thatcher en Gran Bretaña, e que xa vostedes sabían daquela que conducira ó desastre. Decorreron dez anos dende entón e o que sempre constituirá para min un enigma, que tampouco penso esforzarme máis en debullar, é por que neses dez anos, aínda sen facer a política gandeira que nós propuñamos, que non pretendiamos gobernar por vostedes, só suxerir e presentar ideas, tampouco fixo vostede nada en absoluto para impedi-la traxedia que agora padecen, non vostedes nin os seus conselleiros, senón o campesiñado, se cadra o sector da cidadanía galega máis maltratado ao longo da historia do noso país e máis agredido actualmente pola Xunta, o Estado e os poderes da Unión Europea durante este decenio dos seus sucesivos mandatos presidenciais. Porque vostede é Presidente dun goberno autónomo ao que a Constitución e o Estatuto de Galiza atribúen competencias exclusivas en agricultura.

¿Comprenden vostedes agora a razón de ser das nosas denuncias reiteradas da constante invasión do poder central de competencias exclusivas da Xunta e deste Parlamento? ¿Comprenden agora que non se trata dunha cuestión ideolóxica, senón de algo no que a cidadanía galega se xoga o seu pan e o seu benestar? ¿Está clara agora a senrazón dos seus retorcidos ataques descualificadores contra nós cada vez que presentamos a necesidade de que o Estado respete cando menos a atribución que a Constitución fai a Galiza das competencias que figuran como exclusivas no noso Estatuto de Autonomía? Agora que os gandeiros, a agroindustria cárnica, os matadoiros, os carneiros e as amas de casa galegas padecen as consecuencias de que vostede non tomase neses anos as medidas que podía tomar tendo a competencia exclusiva en agricultura, ¿non é vostede merecente da censura, non é merecente da esixencia de responsabilidade política grave, non xá só polos deputados e deputadas asinantes desta iniciativa, ou calesquera outros desta Cámara senón polos sectores cidadáns galegos? ¿Que lles vai dicir? ¿Que explicación lles pode dar? ¿Que escusa por reaccionar con ameazas contra os que padecen o problema? ¿Que escusa por transgredir vostedes mesmos as leis sanitarias e medioambientais co depósito clandestino de cadáveres de reses de vacún en Mesía? ¿Que confianza e que garantías pode ofrecer a tódolos

consumidores de carne de vacún a respecto da súa saúde se pasaron dez anos sen toma-las medidas para que esa saúde estivese a cuberto dos efectos do andazo das vacas tolas? ¿Vai improvisar agora o que non quixo facer nun decenio? ¿Como se podería pedir a estas alturas a vostede e a súa Xunta que rectifique se estragaron dez anos sen facer aquilo que evitaría que agora tivesen que rectificar? ¿Como non iamos plantexarlle unha moción de censura neste Parlamento se aínda antonte, como quen di, na última sesión da Deputación Permanente desta Cámara, o seu grupo impediu co seu veto que se celebrase un pleno extraordinario monográfico solicitado polos tres grupos da oposición para tratarmos nesta Cámara con vostede, para dialogarmos nesta Cámara con vostede, para xuntar toda a capacidade de matización do conxunto plural desta Cámara a prol dunha diagnose certa da situación e dunha acción eficaz da Xunta de Galiza fronte á crise provocada polo andazo das vacas tolas? Pregúntollo sen hostilidade, mais con absoluta franqueza, en coordenadas exclusivamente éticas esta vez: ¿a que agarda vostede para dimitir como Presidente da Xunta? ¿A que agarda para facer un aceno moral que o redima de tanta miseria?

Poderá sorprender que denantes, hai un pouco, fíxese eu mención expresa dunha perda de confianza na súa capacidade para gobernar este país, porque se adoita pensar que toda oposición, por principio e mesmo por definición, non confía no Goberno ao que se opón, e máis porque, de feito, nós –os deputados e deputadas asinantes desta iniciativa– non confiamos en vostede como Presidente, nunca confiamos. Mais se o fago, é porque compre sermos rigorosos nas palabras. Quero dicir que é preciso facer unha distinción: unha cousa é que un grupo da oposición, como neste caso o noso, non apoie a un Presidente da Xunta que non goberna co noso programa, como neste caso vostede, e por tanto non vote a súa investidura e ademais exerza a dialéctica da oposición, do contraste e do debate parlamentar entre as nosas teses e a súa acción de goberno, para defendermos eiqüí o programa que votaron os nosos electores, para tentarmos mediante iniciativas de impulso que vostedes introduzan na súa acción de goberno determinadas ideas e liñas de actuación que os nosos electores demandan, lóxico, para criticarmos o que consideremos que vostedes fan mal ou o que prexudica ós cidadáns que nós representamos, para, en fin, exercermos o control de-

mocrático da súa acción de goberno. Unha cousa é isto, digo, e outra moi diferente é que cheguemos á conclusión de que o Presidente e a Xunta son incapaces de gobernar, de que incorren nunha ineptitude que prexudica gravemente ao conxunto da cidadanía, ou que conculcan os postulados mesmos que constitúen a razón de ser e de existir da propia Xunta e do propio Parlamento de Galiza como institucións políticas para o alto goberno da cidadanía galega. No primeiro suposto estamos no escenario normal das relacións entre a Cámara de representantes e o poder executivo e entre os grupos da oposición e os que apoian ao Goberno nun Parlamento. Neste suposto, a crítica e o control respecto do goberno e o debate con el e máis co grupo que o sustenta na Cámara constitúen un exercicio normal de oposición, e expresan unha discrepancia máis ou menos ampla e profunda debida ó contraste entre os respectivos programas, ideoloxías e postulados políticos. Implican que non se está de acordo, en maior ou menor medida, en parte ou mesmo en todo, co que o goberno fai, mais non significa necesariamente, en absoluto, que se considere ó Goberno e ó seu presidente incapaces de gobernar, incapaces de dirixir politicamente a andaina do país. Por iso carecería de sentido político, en situacións normais, interpor mocións de censura a treu, aínda que estivese extablecido claramente o dereito e a lexitimación activa para facelo, por moi minoría que se fose e incondicionadamente. Non tería sentido, evidentemente. En troques, no segundo suposto cuestiónase a vontade política e a capacidade mesma do goberno e do seu Presidente, achámonos nunha situación límite na relación institucional entre o Parlamento e o Goberno, entre unha oposición que segue a loitar en positivo cara a solución dos problemas dos cidadáns e un goberno convertido nunha lousa que esmaga as enerxías cívicas, ou nun petouto que atranca o camiño polo que a cidadanía ten que avanzar. Ou sexa, estase en presenza dunha auténtica situación de crise política. É precisamente a situación de Galiza nestes intreos. É a situación na que non queda máis posibilidade de acción parlamentar responsable que a da censura do Goberno, con independencia de que o Goberno teña ou non maioría na Cámara, porque digo que a crise é política, non parlamentar. Non é crise porque o Goberno non conte cos apoios parlamentares suficientes, senón porque o Goberno, en rigor, non está a gobernar. É o fiasco, é crise política, non parlamentar.

Lémbrese, señor presidente, de que en 1990, no debate da súa primeira investidura, eu fixéralle un breve resumo da súa biografía política precedente. Dixéralle que, no pasado, estiveramos un e outro en “posicións ideolóxicas e políticas antitéticas”, cito literalmente, e que polo tanto, tamén literalmente, foramos “inimigos políticos diametralmente confrontados”. Dixéralle así mesmo que eu continuaba nas mesmas posicións, democráticas, nacionalistas e progresistas. E preguntárame en voz alta, retoricamente, se vostede en troques tería mudado de servir a un réxime antidemocrático a asumir a democracia; dixérallo, preguntárame en voz alta no 1990. De negar a identidade política de Galiza a afirmala; de combater as reivindicacións de autogoberno da cidadanía galega a asumir e defender a autonomía política de Galiza. Mais eu non lle dei eu mesmo unha resposta negativa: deixei nas súas mans. Deille esta oportunidade e díxenlle, “só a práctica dará a a resposta”, literalmente. Só a práctica de vostede dará a resposta, estabamos no primeiro debate de investidura de vostede como Presidente, e engadinlle: “eu non lle estou a negalo futuro, señor Fraga. Nós só lle negamos o futuro aos que demostran ser inimigos deste país. O futuro é un oco. Vostede é quen ten que demostrar se segue a ser, porque o foi no pasado, inimigo político deste país, ou se, como dirían na linguaxe cinematográfica, cambiou de eixo”. Confío en que agora comprenda ben que significado ten a palabra confianza á que me referín hai pouco. Xa naquela ocasión, coas miñas palabras, eu déralle unha oportunidade, ofrecéralle moralmente unha actitude de confianza na posibilidade de que demostrase lealdade á institución do Goberno Autonómico que vostede ía presidir e capacidade para exercer-lo goberno a prol dos dereitos e intereses da cidadanía galega, cos seus criterios, co seu programa. Pero estragou vostede esa oportunidade. Seguramente por arrogancia nin tan sequera quixo tomala en consideración. O que é peor: defraudou vostede aos cidadáns que confiaban na súa capacidade, no home ao que lle cabía o Estado na cabeza, e seguramente era certo, mais non lle cabía na cabeza o sentido e os principios democráticos que obrigan a usar o poder ao servizo exclusivo dos cidadáns para os que cómpre gobernar contando permanentemente con eles, dialogando con eles, escoitándoos e aprendendo deles, e non tratándoos como a ilotas ou súbditos incapaces de pensaren por eles mesmos.

Nestes últimos anos, vostede acoirazouse contra o chamado “desgaste do poder” mediante un férreo control da información nos medios de comunicación, como nos seus mellores tempos pasados. Interpuxo vostede unha pantalla mediática –como diría o meu amigo Ramonet– entre os cidadáns e a realidade do país por unha banda, e máis da súa acción de goberno. Unha pantalla para que os cidadáns non puidesen ver directamente a realidade do país e a súa acción do goberno nesa realidade do país. Nesa pantalla proxectábase vostede, dende a sombra do seu despacho, unha constante fantasmagoría de imaxes fabricadas nas que a realidade real era substituída por unha realidade virtual composta e deseñada á imaxe e semellanza das súas enganosas fantasías e nas que o protagonista omnipresente, exclusivo e excluínte, era vostede mesmo e a súa Xunta. Para montar esa pantalla recorreu sen escrúpulos a toda a caste de procedementos inmorais: censura nos medios de comunicación públicos e represión dos profesionais que neles traballan, nun mercado laboral intencionadamente precarizado e inestábel; suborno de certos intelectuais mediocres ou covardes –o seu pequeno “Goebbels” fachendea de que lle poden custar “de dúascentas mil pelas a medio quilo” per cápita, na súa linguaxe–; coacción ou chantaxe á prensa con subvencións que vostede reparte como lle peta, sen respecto ós criterios, nin sequera ós criterios establecidos ás veces en normas; a aplicación do resorte diabólico da autocensura aos profesionais directivos de medios sometidos a constante presión, ou sexa, ao medo; varrida de xornalistas díscolos cando exercitan na práctica a deontoloxía profesional. Nada novo, todo coñecido, todo experimentado e aplicado nos períodos de totalitarismo na Historia da información, só que actualizado, requintado e perfeccionado con tecnoloxías de punta. Mais tamén todo un atentado ós principios e postulados básicos dunha democracia, toda unha sabotaxe ás normas establecidas na Constitución vixente para garantía dos dereitos e liberdades dos cidadáns.

Mais hoxe, os profesionais da compañía de Radio e Televisión exercen a dignidade fronte ó filisteísmo da súa dirección para promoveren unha iniciativa lexislativa popular, público e notorio, que reforme a actual regulación legal desa compañía, que garanta o exercicio democrático na función informativa pública e o seu control por este Parlamento, mesmo elixindo a Cámara por maioría cualificada ó Director Xeral dese

ente, que ata agora designa vostede. E os profesionais da TVE do seu Goberno amigo en Galiza tamén denuncian ó seu director por conculcar os principios máis elementais da deontoloxía profesional. Son esperanzadores agoiros para a información e a comunicación no noso país, ou sexa, para as liberdades efectivas da comunicación e información. Son pésimos agoiros para vostede.

Cando unha represa comenza a lañarse, as lañas de primeiras resultan imperceptíbeis a simple vista. Despois convértese en fendas e comeza a pingar a auga polas paredes de formigón. Xurden chafarís por esas fendas, ó cabo a represa rebenta e a enxurrada de auga encorada precipítase en fervenzas a cachón polo río abaixo. E non ten que haber temporais para que iso aconteza. Abonda que chegue a un límite de decrepitude a resistencia dos materiais, o envellecemento e decrepitude do poder, da súa represa construída para encora-las enerxías cívicas deste país, da súa coiraza, señor presidente, ou da súa Cámara acoirazada tamén. Hoxe segmentos enormes da cidadanía séntense defraudados, desconcertados, desorientados, frustrados cando non indignados con vostede. Por iso repítolle, ¿a que agarda para dimitir, para facer un aceno moral que o redima de tanta miseria denantes que rebente a represa e as pacíficas enerxías cívicas encoradas se liberen por elas mesmas?

Un enfoque alternativo de acción política lexislativa de Goberno que pretenda ser idóneo e congruente coa identidade, realidade social e necesidades do noso país ten que partir dunha matriz de postulados e valores ético-políticos que lle sirvan de fundamento e guieiro, ordenados en catro eixos axiolóxicos. Sen eles, resultaría imposíbel combinar o respecto e a asunción política da nosa identidade como pobo, a orientación progresista do labor político e máis a necesaria resposta ás necesidades e intereses materiais, sociais e culturais da cidadanía galega.

Eses catro eixos axiolóxicos pódense expresar con catro vocábulos: progreso, benestar, liberdades e dignidade.

Progreso económico, que implica a esixencia dun desenvolvemento sostíbel autocentrado, co centro de gravidade no potencial dinámico interno da economía galega, cunha lóxica de racionalidade económica na

que o funcionamento da economía de mercado e libre empresa, como método de asignación eficiente de recursos productivos, estea enmarcada nuns criterios de política macroeconómica que cada un dos axentes económicos individuais está imposibilitado de dixerar, establecer e aplicar por eles mesmos. Eis mesma- mente a aptitude e o cometido propios do poder político democrático na condución, sen dirixismo, dos procesos macroeconómicos da sociedade.

Benestar social, sen o cal resulta imposíbel que os froitos do progreso económico redunden en proveito dos diferentes segmentos da sociedade e da cidadanía e en progreso moral e cultural da comunidade de individuos que é esa cidadanía mesmamente. Eis precisamente a función política do poder nun *welfare state*, nun modelo de estado de benestar, redistribuidor, garante de condicións laborais dignas, do acceso universalizado aos bens inmateriais da educación, da sanidade, dos servizos e a seguridade social, da cultura, do lecer, do equilibrio do ecosistema do que formamos parte os humanos como segmentos da biosfera do planeta.

Liberdades cívicas e democráticas, sen cuxo exercicio para os cidadáns e garantía para a orde política, a convivencia social pacífica e sosegada sería impracticábel, é impracticábel. A igualdade sería mentira, as discriminacións serían inevitábeis, o progreso material resultaría inútil, os febles serían esmagados, a civilización sufriría un retroceso na Historia e esa función cívica dun poder que ten que ser o primeiro en asumir e practicar exemplarmente os postulados e as obrigas ínsitas nunha concesión democrática da vida social.

Dignidade comunitaria e institucional, pois que sen ela os pobos e os individuos perderíamos a identidade, non exerceríamos as liberdades, ninguén nos respectaría, volveríámonos unha masa informe como un enxame de abellas igual a calquera outro. Eis, en fin, o sentido máis propio, radical e profundo, a razón de ser máis inequívoca da existencia das institucións políticas autonómicas cando se lles imprime a vocación de serviren para o progresivo autogoberno dos cidadáns da nación galega.

¿Utopía? Pois non, rotundamente non. Só vocación de que a política non sexa unha acción submisiva

aos lindes angostos do que algúns, os enganidos de espírito e os reaccionarios, consideran posíbel, senón que sexa unha acción creativa orientada a facer posíbel aquilo que resulta necesario para os cidadáns e a sociedade. Aínda que cómpre avanzar paso a paso, por etapas, ascender pola esqueira chanzo a chanzo e mesmo ás veces perder pé un instante e retroceder un chisco ou dar un arrodeio, se venta con forza de cara ou hai silvas mestas no carreiro.

O nacionalismo galego sempre camiñou así. Se Rosalía de Castro se tivera sometido a facer só aquilo que os seus contemporáneos consideraban posíbel, nunca tería escrito en galego, pois que a maioría dos cidadáns eran analfabetos e os alfabetizados non sabían ler o seu propio idioma, o galego. Non tiña lectores. Pero hoxe o galego seguiría a ser un idioma iletrado.

Se Murguía se tivese adaptado ao que se consideraba posíbel, asumiría que Galiza non tiña historia propia, non a tería investigado e escrito, e os cidadáns galegos seguirían aínda hoxe a crer que eran un pobo sen historia, unha simple partícula amorfa dentro da Historia de España –como pretenden, por certo, impoñernos os xenófobos paridores do infame decreto de Humanidades, co presidente Aznar á cabeza–.

Se Castelao non tivese teimado ata o fin en que as Cortes de Montserrat –nunha agónica República asediada en Cataluña polo fascismo que vostedes non quixeron condenar aínda antonte no Congreso dos Deputados, foron os únicos, pasados 60 anos, algunha síndrome freudiana na memoria profunda de vostedes lles impide condenar o xenocidio daquela época como todas as demais forzas democráticas– aprobasen o Estatuto de Galiza plebiscitado xusto en vésperas da sublevación do 36, ao remate do franquismo Galiza non tería credenciais para ser considerada na Constitución Española unha nacionalidade histórica o mesmo que Cataluña ou Euskadi, e vostede non podería ostentar a presidencia dela hoxe.

Se os traballadores alienados non tivesen considerado necesario facer posíbel unha xornada laboral de oito horas, no seu momento, hoxe todos seguirían a traballar de sol a sol.

Se as mulleres mal chamadas “sufraxistas” non combatesen para facer posíbel a necesaria igualdade

entre os xéneros, hoxe ningunha muller tería aínda dereito a voto porque os homes non llela daríamos, e falo en plural para non excluírme da miña condición de xénero, claro. Pois hoxe ningunha muller tería dereito a voto, nin a minoría que daquela o reclamaba, nin a maioría que se deixaba estar.

Esas son as xentes e as ideas que fan que a política sirva para facer avanzar a Historia. Vostedes limítanse a manterse ao pairo nela. Nós somos desas xentes, por iso avanzamos pese aos temporais desta dura invernía política. E como nós, os sectores máis conscientes e dinámicos da cidadanía galega.

Na matriz de postulados ordenados nos catro eixos axiolóxicos que veño de enunciado, unha política alternativa para este país cumpriría que se estruturase nunha serie de liñas ou vectores primordiais de acción lexislativa e de goberno orientada por criterios e prioridades que vou expor a seguida. Sen pretensión de desenvolver un repertorio programático que non viría eiquí ao caso, pero eu aténome á Constitución como logo reiterarei e aténome polo tanto ás miñas obrigas, non á miña vontade, de aterme ao que é unha moción de censura constructiva.

Un primeiro vector de política macroeconómica de desenvolvemento autocentrado da economía galega. Nel serían pezas angulares o sinalamento e a aplicación duns criterios de política de desenvolvemento converxente, o modelo de financiamento autonómico, unha política estratéxica para Galiza dentro da Unión Europea, e un pacto social pola industrialización, a innovación tecnolóxica e a política enerxética.

Un segundo constituíríao unha política laboral e de emprego orientada á estabilidade, á redución do paro e da precarización, á eficiencia productiva e á seguridade laboral.

O terceiro feixe sería unha política de ordenación e reequilibrio territorial e infraestruturas, capaz de poñer orde na morfoloxía do espazo, nos usos da terra e do solo, na vertebración das comunicacións internas e co exterior e capaz de lograr o cambio de signo do proceso de desequilibrio e desertización no medio rural e na Galiza interior.

O cuarto feixe sería unha política de ordenación sectorial da base productiva, con estratexias centradas

primordialmente nos sectores agrario e pesqueiro e no apoio ao sector do comercio, aos autónomos e o mundo artesán.

O quinto, unha política de benestar social dentro da que as pezas clave deben ser a política medio ambiental, a sanidade, a política de servizos e a seguridade social e máis a política de igualdade social.

O sexto, a política educativa e cultural.

En fin, o sétimo unha política de rexeneración democrática e institucional.

Tentarei traxear a seguida as liñas esquemáticas dunha escolma dalgúns dos vectores temáticos que considero máis salientábeis. Por suposto, para empezar os criterios de política económica e de converxencia económica.

Nós entendemos que a conxuntura moderadamente favorábel dos tres últimos anos no ronsel do ciclo expansivo da economía europea, non pode agochar o declive tendencial destas dúas últimas décadas e o distanciamento continuo de Galiza a respecto das áreas dinámicas de Europa ou mesmo da Península Ibérica. Andan vostedes a propalar machaconamente a mensaxe de que estamos mellorando, que Galiza vai vento en popa. Pois vexan vostedes. A pesares do espléndido momento que vive en Galiza o sector do automóbil, debido primordialmente á enerxía e acerto da equipa que o dirixe, e algún outro, o conxunto da nosa economía ten uns resultados moi cativos en comparanza coas do noso contorno. Ademais, a “bonanza” do señor Rato parece tocar ó seu fin se non se adoptan medidas activas de Goberno que a prolonguen, e non parece que vaian por aí. Mesmo temos sectores nos que parece que o declive non tocou fondo e o que é máis grave, a vostedes parece non preocuparlles. Aínda temos que seguir escoitando a determinados conselleiros, incluso ó de Economía, que o sector primario está sobredimensionado, non sei en que, en desastres.

O benestar ou o malestar dunha economía non se define só ollando para nós mesmos. Cómpre ver se hai converxencia e diverxencia entre a economía galega e a do seu contorno. Vostedes din sistematicamente á cidadanía que Galiza converge con Europa e máis coa economía española. Pois ben, os feitos son teimu-

dos e desgraciadamente desmínteno. Galiza, hai 20 anos, estaba entre os países de baixo nivel de renda *per cápita* no conxunto europeo, andaba polo 60% da media comunitaria. Estaba de número 11 pola cola entre as 206 rexións europeas no *ranking* do PIB *per cápita*. Estaba de 11 hai vinte anos, hoxe está de 5 pola cola. Só están por baixo de nós Estremadura, Calabria e as dúas rexións máis pobres de Grecia; curiosamente, xa se puxeron por diante de nós Andalucía, Canarias e todas as rexións portuguesas. Esa é a converxencia que vostedes están conseguindo, a converxencia de Galiza con Calabria, a través da ruta dos fenicios, supoño.

Tampouco poden vostedes ocultar que as nosas taxas de crecemento económico, nesta segunda metade dos 90, son notabelmente inferiores ás das áreas máis dinámicas do Estado español, como Navarra, País Vasco, Cataluña, Baleares, Valencia, Madrid ou mesmo a nosa veciña Castela-León.

No estudio realizado polo CES estatal (Consello Económico e Social) sobre os ritmos de converxencia ou diverxencia entre as comunidades autónomas españolas durante o período de programación de política rexional comprendido entre 1994 e 1999, obsérvase a evolución do Valor Engadido Bruto *per cápita*, e da renda familiar bruta dispoñíbel *per cápita* tamén, en cada comunidade a respecto da media estatal nese período. Tomando como base 100 a media estatal, se Galiza en VEB estaba ao nivel de 85% ao comezo, estaba ao final no 83,5%; e se estaba en renda familiar ao 94% ao comezo, estaba no 91% ao final. Entre o 1994 e 1999, Consello Económico e Social Estatal. Ou sexa, clarísima diverxencia. O estudio clasifica as Comunidades en catro grupos: primeiro, as que evolúen ascendendo en converxencia cara a media; segundo, as que converxen cara a media descendendo; terceiro, as que ascenden diverxendo máis da media cara arriba –xa estaban por riba– e cuarto, as que descenden diverxendo da media cara abaixo aínda máis do que estaban: precisamente neste grupo está Galiza, e cunha das taxas máis altas das seis comunidades –de descenso, taxa negativa– que están nese grupo. Estudio do CES estatal, non do Bloque.

Se reparamos noutras variábeis igualmente relevantes como son o emprego ou mesmo a poboación, o panorama ofrece igualmente síntomas ben preocupan-

tes: Galiza está entre as 18 rexións europeas que sufriron unha redución de emprego e de poboación nesta década. Obviamente, unha economía que perde emprego de xeito prolongado é unha economía que está en declive e corre o risco de caer no que algúns especialistas chaman “círculo vicioso do desemprego”.

Dentro da Unión Europea, o Estado español ten o dubidoso mérito de presentar as taxas de paro máis elevadas: ao redor dun 14% no ano 2000, aínda que en termos relativos cómpre dicir que mellorou notablemente desde aquel 24% que acadara na recesión de finais dos 80 e comezos do 90. En Galiza, no ano 1989, o paro era 5 puntos inferior ao do Estado: tiñamos o 12% fronte o 17% do Estado; hoxe estamos por riba da media española. É un dos grandes méritos do seu decenio de goberno. Dende 1989 ao 2000 perdemos ao redor de 60.000 empregos netos, mesmo despois da recuperación do último trienio, e aumentamos ao redor de 50.000 parados máis. O éxito é mesmo de escala europea: a nosa taxa de paro duplica a media da Unión Europea e tan só 15 das 200 rexións europeas nos superan neste indicador de taxa de paro.

Por riba, neste decenio reactivouse un proceso de recolonización do tecido empresarial galego, recuouse o fenómeno que Robert Lafont definira, hai ben anos, como característico do colonialismo interior na periferia intra-europea e que eu mesmo detectara en Galiza xa nos anos setenta, utilizando o aparato teórico de análise: o bloqueo e a desposesión do empresario autóctono por capital de fóra, co conseguente traslado extramuros de Galiza dos centros de decisión empresarial sobre factorías instaladas aquí –incluso domicilios sociais e domicilio fiscal en moitos casos–. De xeito que resulta aquilo que Osvaldo Sunkel –o gran economista da escola latinoamericana da Cepal– sinalara como característico do subdesenvolvemento latinoamericano: que esas factorías e empresas viñan estar na xeografía mais non na economía do país.

Dareilles algunha mostra da longa lista correspondente a este decenio do seu goberno na Xunta:

Hijos de Marcelino Herranz, avícola, grupo catalán Hubbend-tecna. Kelsa, de fariñas oleaxinosas, Ceroe Ibérica do grupo Ferruzzi. Gea grupo de empresas Álvarez pasou a Estudesa, a Tatay e a empresa atópase nunha moi difícil situación. Motores Deutz

MWM –segregada de Barreras cando foi a privatización de Barreras e privatizada á multinacional alemana HDK– hoxe pechada. Corporación do Noroeste do Grupo Fernández, histórico, con base fundamentalmente cementeira, a Cimpor portuguesa que detrás ten internacionais europeas á súa vez. La Toja Cosmética, orixinalmente do Grupo Pastor, á Guillete, logo á sueca Nobel e hoxe Henkel Ibérica. Genosa grafitos eléctricos, tamén inicialmente do grupo Pastor, pasa ás mans da alemana Henkel Ibérica. Tilestone, pedra traballada e mármore en Narón Zur á italiana Quarella, hoxe a empresa chámase Privilege Advanced Granites. Banco Simeón, un dos históricos bancos galegos, portuguesa Caixa Geral de Depósitos –non sei se lle avisaron a tempo a unha das grandes caixas galegas das posibilidades de que non pasase a esas mans, pero os comentarios que a min se me fixeran naquel momento non eran precisamente de moita satisfacción pola maneira en que se tratara politicamente ese proceso–. Tafisa e Tradema, transformadores de madeira, á portuguesa Sonae, que hoxe controla maioritariamente. Barreras á privatización, maioría capital vasco Odiel e Albacora –non sei se terá accións o señor Arzallus, pode ser–. Larsa, clave da agroindustria láctea e polo tanto do grupo lácteo galego, ás mans de Capsa, a Corporación alimentaria Peñasanta 33% Clas 67%, detrás está Iberlat. Quegalsa, queixos, pasou de Leyma a Peñasanta, pechouna este ano. Queixerías de Vilalba, Besnier, péchaa. Forjas de Galicia (Forjasa) GSB grupo vasco de aceiros especiais, chámase agora GSB Galfor. Vegonsa, viguesa, segunda no sector da distribución, absorbida por Eroski, vasca. Leyma, xa sabemos, Puleva e agora xa nin iso. Iasa, primeira empresa en transporte de viaxeiros por estrada en Galicia á multinacional británica Arriva. Emesa, elaborados metálicos, en Perlío, en curso de venda a Isollux Watt, que é accionista principal a entidade financeira británica NatWest.

E non menciono máis e non menciono aquelas que simplemente son cambios de titularidade. Se vostedes consideran que o cambio de titularidade xurídica da propiedade dunha empresa é irrelevante para o funcionamento do poder político da autonomía galega, non sei por que preocupa tanto, por exemplo, ó goberno francés actual cando quere tomar medidas progresistas que iso dea lugar a un desprazamento do domicilio social de determinadas empresas, por exemplo

Alemaña, dado que a liberdade de movementos do capital é absoluta. ¿Por que lle preocupa? Por razóns obvias, non é unha cuestión ideolóxica.

Todo isto significa que Galiza está situada nunha senda de diverxencia crecente a respecto da Europa comunitaria. O decenio do seu goberno foi dos máis negativos de todo o século XX, sobre todo os oito primeiros anos. Nese sentido o fracaso económico do seu mal goberno non pode ser ocultado pola insistente manipulación da información. Non imos dicir que non se fixo ren, máis cómpre dicir que as cousas fanse mal e con tal demora que perdemos o paso dos demais.

Diante deste panorama, nós propoñemos ou tentamos propoñer unha política económica baseada nunha serie de premisas ou criterios orientadores que ordenamos nos seguintes chanzos:

Primeiro, cómpre partir dunha análise veraz e seria da realidade económica galega, deixando a un lado as visións propagandísticas que só serven para desorientar.

Cómpre deseñar un modelo alternativo das últimas décadas, un modelo autocentrado e orientado cara á diversificación dentro das nosas especializacións, indispensable para quebrar e mudar a dinámica perniciosa padecida ata agora pola economía galega.

Cómpre definir un modelo de acumulación acorde cos intereses estratéxicos de Galiza para suscitar e orientar o proceso de crecemento e desenvolvemento devandito.

Cómpre enunciar, a partir da análise da división internacional do traballo no que se acha inserida actualmente a economía galega, a proposta das especializacións productivas para o inmediato a medio prazo, tanto cara o mercado interno como ao internacional.

Cómpre facer un balance dos recursos reais e potenciais na base física da economía galega e sobre todo o potencial humano acumulado nas xeracións mozas, estudando as mellores opcións para a súa utilización na obtención de financiamento externo e para a optimización do seu aproveitamento interno.

Cómpre prestar singular atención aos complexos industriais ou intersectoriais endóxeos, sexan consolidados ou sexan emerxentes, que deben constituír as pezas claves da nosa estrutura productiva (agro-industrial, mar industrial, automoción, téxtil, información, comunicación).

Cómpre operar correctamente no mercado de capitais, na urdime dos intermediarios financeiros e conseguintemente na xeración de aforro interno e na captación de recursos financeiros externos, para o impulso do investimento productivo e xerador de riqueza no país.

Cómpre deseñar o modelo e a política de sector público, tanto na actuación económico-orzamentaria da Administración autonómica como na presenza selectiva e complementaria en forma de empresa mixta ou pública no aparello productivo, en puntos clave que a empresa privada non cubra.

Cómpre deseñar unha política enerxética, ordenada con criterios territoriais e ambientais, que permita á economía galega utilizar en beneficio propio en interese de toda a cidadanía os excedentes e vantaxes comparativas existentes, e evitar e anticiparse a un cambio de signo do balance enerxético en prexuízo do país.

Cómpre establecer as bases para que o proceso de crecemento se asente sobre todo na mellora da produtividade e da capacidade innovadora, e non en baixos niveis de salarios en termos reais dos traballadores asalariados ou en baixos ingresos en termos reais dos labregos e traballadores autónomos.

Cómpre deseñar unha política laboral de emprego que conduza á progresiva reabsorción do paro e mesmo encarreirada a unha paulatina recuperación da forza de traballo emigrada aínda en idade activa.

Cómpre seguir modelos de localización descentralizada, compensatorios dos desequilibrios territoriais e sectoriais internos da economía galega na súa perspectiva dinámica.

Cómpre, en fin, facermos uso pleno de tódalas competencias recollidas no Estatuto de Autonomía, fan falta todas, e utilizar os resortes constitucionais que permitan dar cumprimento á coordinación efecti-

va coa planificación da actividade económica xeral polo poder central do Estado –que, reitero unha vez máis, está na Constitución e estase incumprindo sistematicamente–. Non se cumpre ese artigo da Constitución que esixe que na planificación da política económica xeral do Estado se teña en conta e se conte coas propostas que elaboran as autonomías, como non sexa a historia dos PDR, claro. ¡De que maneira!

Insistimos na necesidade de crear un Instituto Público de Crédito galego para administrar a actividade financeira e a tesourería da comunidade autónoma e máis para xestionar relacións co sistema financeiro. Hai xa un decenio que trouxeramos unha Proposición de lei a esta Cámara para a creación desa institución por dúas veces consecutivas: unha xusto antes e outra pouco despois de que vostede, señor presidente, comezase a gobernar. Non foi tomada en consideración a nosa iniciativa e non volvimos insistir.

Mais coa perspectiva que dá o tempo decorrido, ninguén poderá negar que naquel período de desmesurada elevación dos tipos de xuro e os custos financeiros para o tecido empresarial galego, a disposición da institución que nós propuñeramos tería podido mudar sensibelmente o comportamento dos custos financeiros das empresas galegas a prol, precisamente, da competitividade nos prezos dos produtos que vostedes sempre predicán mais case nunca actúan politicamente para propiciar. E así mesmo, á vista do patético resultado da acción dos organismos que vostedes montaron como sucedáneos dos que nós propuñamos, a ninguén se lle ocultará tampouco que a nosa economía perdeu –por culpa de vostedes– moitas oportunidades de mellora cualitativa ao longo deste tempo. E podía facerse iso sen incorrer para nada en competencia desleal nin intromisión no espazo operativo dos intermediarios financeiros, como resultaba patente na normativa daquel proxecto que non vou rememorar agora.

En todo caso, a situación dos mercados financeiros mudou, estamos no rodopío de chamada “globalización financeira” precisamente. Cómpre promover unha fonda reestructuración das actuais institucións financeiras, de desenvolvemento e promoción económica. Concretamente, cómpre levar a cabo un plano de revitalización do IGAPE que remate coa perda da efi-

cacia dos actuais programas de acción e que lle permita asumir plenamente as responsabilidades de promoción global das actividades económicas potencian-do o marco de desenvolvemento das actividades empresariais.

Cómpre reestructurar Sodiga para que recupere o seu papel como Sociedade de desenvolvemento industrial –¿ou é que estamos hiperdesenvolvidos en industria?– asumindo a función de promoción empresarial mediante a incorporación ao capital social das empresas. A potenciación financeira de Sodiga debe basearse non só na achega de fondos públicos galegos, senón na captación de capital dos socios privados e dos programas europeos.

Cómpre promover a reestructuración dos fondos de capital risco, administrados por unha xestora cunha dimensión adecuada á súa función. Tocante á Inesga e dado o novo escenario financeiro, sería preciso estudar a reestructuración desa entidade para diversificar os instrumentos de actuación financeira destinados aos proxectos productivos de grande magnitude ou relevancia.

E sen dalo por feito, conviría cando menos estudar a pertinencia de reformular o conxunto das institucións actualmente existentes, ás que acabo de referirme, creando un Instituto de Desenvolvemento de Galiza (IDG). Polo menos estudialo.

Desde o máis escrupuloso respecto pola autonomía funcional das Caixas de Aforros, cumpriría contribuír claramente ó mantemento da súa actual natureza xurídica como institucións de carácter público e finalidade social e colaborar decididamente para facer efectivo o necesario e permanente compromiso desas entidades co tecido productivo do noso país.

O actual sistema de financiamento autonómico baseado na corresponsabilidade fiscal non valeu para rachar definitivamente coa inercia e o atraso económico comparativo do noso país. Os distintos sistemas de financiamento autonómico ensaiados ata agora amosan a súa escaseza, se reparamos na evidencia de que nos últimos quince anos o endebedamento das administracións territoriais do Estado español pasou do 2,7% ao 10% do PIB e esa proporción medrará –cando menos formalmente– se temos en conta que o novo Sistema Contábel Europeo (SEC 95) obriga a que nos orza-

mentos se consigne a débeda das empresas públicas dependentes que non cubran coa súa actividade polo menos o 50% dos custos da produción. De maneira que o que se fixo ata agora de escamotear a aparición de débeda nos orzamentos, con estas disposicións vaise dificultar e, por riba, o Goberno do Estado que-re impoñer o equilibrio presupostario como inamoví-bel, o caso é que non haxa déficit, se logo non hai fondos para atender os desastres, para axudar aos ci-dadáns, primeiro está o equilibrio presupostario.

A esta circunstancia non é allea Galiza como con-secuencia dunha política de ocultamento de déficits e endebedamento que se traduciu en que o número de entes públicos en Galiza aumentase en máis do 230% entre o 1990 e o 1998, mentres que o crecemento me-dio no Estado foi do 100%. O número de entes.

Esta situación vén confirmar as estreiteces finan-ceiras do actual e dos anteriores sistemas de financia-mento e obríganos a deseñar un novo modelo de Facenda Pública que sexa operativo como factor de desenvolvemento, superador do atraso comparativo e do vreiro de diverxencia no que se atopa Galiza, e po-dermos evitar así o confinamento da sociedade galega nunha condición periférica a respecto do Estado e da Unión Europea. Trátase de deseñar un modelo de Facenda Pública propia, compatíbel co sistema fiscal español e inseríbel no marco europeo, congruente co carácter plurinacional do Estado e que necesariamen-te ten que ser un modelo progresivo.

Nós promoveríamos un acordo entre todas as for-zas políticas, sociais e institucións económico-finan-ceiras galegas sobre o modelo de financiamento. Promoveríamos un diálogo plural entre todas as for-zas políticas e sociais sobre este tema, que é crucial. Temos os nosos criterios, claro, pero son criterios pa-rala falar, para negociar, porque o problema é de toda a sociedade, de todos os segmentos que se manifestan politicamente de maneira diversa e plural. Non esta-mos en posesión da verdade do modelo, pero temos claramente unha posición, non estamos como en tan-tos problemas cruciais deste país, o goberno actual, e como xa indiquei en casos como a pesca, como o sec-tor gandeiro, sen posición definida. Témolos.

Debería, dende o noso punto de vista, asentarse nas seguintes bases:

1.- O carácter asimétrico, que diferencie as necesi-dades de financiamento propias da nosa –nós chamá-mola nación– da nosa comunidade das de outras co-munidades sen rango constitucional de nacionalidade histórica. A Constitución na que o desenvolvemento do deseño descentralizador recollido no artigo 2º da Constitución Española non permitiu acadar unha solu-ción axeitada ás necesidades das nacionalidades histó-ricas congruente co carácter plurinacional do Estado. Pola contra, a concepción uniformista do actual poder central constitúe unha fonte de disfuncionalidade que impide resolver o problema dunha sociedade diferen-ciada e asimétrica como a nosa.

O carácter asimétrico é preciso para recoller as as-piracións das distintas nacións, nacionalidades, po-bos..., como queiran chamalos. Esixe unha solución que combine o exercicio da autonomía financeira coas obrigas redistributivas en termos de desigualdade in-terterritorial. Podería ademais compatibilizarse cun sistema fiscal case único, aínda que non totalmente homoxéneo, derivado do propio uso da capacidade normativa, no que a soberanía fiscal exercida sería plena nas distintas xurisdiccións, sen prexuízo das di-ferentes contribucións financeiras que, loxicamente, incluírían a compoñente da redistribución necesaria para a superación duradeira no tempo dos desequili-brios económicos existentes no punto de partida.

2.- Criterio: territorialización completa dos impos-tos que, coa restricción dun sistema fiscal único e ne-cesariamente progresivo no seu conxunto, ofrece co-mo vantaxes a xestión dos tributos totalmente separa-da e competencia única da xurisdicción respectiva, e máis a capacidade normativa a respecto dos tributos cedidos que tan só debe quedar limitada polas necesi-dades de harmonización do conxunto. Ou sexa, op-ción tributaria que dotaría ao Goberno galego dun ele-mento esencial de autogoberno como é a política fis-cal. Dos poucos instrumentos de acción política que aínda quedan en mans dos aparatos de estado, das es-structuras integrantes da Unión Europea actual. Se a política monetaria xa non a pode nin decidir, nin ma-nexar o Estado español, se tampouco se pode manexar a política orzamentaria interna porque nos poñen o déficit 0 a *piñón fixo* e tampouco se dispón de instru-mentos de política fiscal, facendística, ¿de que vale a existencia dun goberno? ¿Cales son os contidos, as bases? Competencias formais, pero logo ¿que resortes

teñen vostedes para actuar nese goberno en función dos intereses específicos se non lles queda ningún instrumento a nivel do ámbito competencial seu, tanto territorial como persoal? ¿Non é certo isto? Creación dunha Administración tributaria propia, porque se non, non funciona o sistema. A partir da transferencia dos medios humanos e materiais que forman parte da actual Administración tributaria operante no territorio galego. Un cambio normativo e operativo que propicie a efectiva tributación na Facenda galega de todas as manifestacións de capacidade económica xeradas por actividades desenvolvidas no noso país. É fundamental, é fundamental.

¿Que faría o goberno do Estado francés se o 80% das grandes empresas francesas tivesen o domicilio fiscal en Alemaña? ¿Que pasaría? ¿É que é irrelevante? ¿Ou é que isto da autonomía é unha cuestión para andar por casa, unha especie de superdeputación provincial, un centro de xestión e administración dos *asuntos corrientes de la vida*? ¿Non está na Constitución definida a autonomía como política, non están diferenciados, incluso no articulado, o rango e as metodoloxías para o acceso ou o proceso constituínte das distintas entidades e non están as nacionalidades históricas reguladas dunha maneira distinta? ¿Ou é que vostedes xa esqueceron a Constitución ou vai resultar que somos nós os que estamos aténdonos ao que a Constitución di e ao que a Constitución establecía sobre todo, cunha perspectiva dinámica de desenvolvemento constitucional cara adiante e vostedes pasan?

3.- A integración do sistema de financiamento da sanidade dentro do modelo xeral, incorporando criterios relativos aos usuarios –como o envellecemento da poboación– e territoriais –como a dispersión demográfica– para a integración dentro do sistema do modelo xeral, do financiamento da sanidade. É un dos retos que están propostos a nivel de Estado para a remodelación ou redefinición dos modelos.

En síntese, o modelo de financiamento tería unha combinación aditiva de instrumentos que son medioambientais: tributos propios; impostos territorializados; ingresos non territorializados pola vía de subvencións incondicionadas, redistributivas; fondos de compensación interterritorial e fondos comunitarios

que son subvencións condicionadas e finalmente o elemento do endebedamento.

Na xestión orzamentaria tamén cómpre ter en conta algúns principios. É máis latoso, máis “farragoso”, máis aburrido falar de xestión, pero moitas veces na xestión orzamentaria está a clave de moitas cousas. Unha das razóns polas que, por exemplo, na sociedade vasca fai forza para ter o sistema, o réxime tributario que teñen, é porque funciona moito mellor a xestión transferida polo sistema de concerto do que funciona a Administración, xenericamente, do ministerio de Facenda no resto do Estado. Iso interésalle aos empresarios, interésalles aos cidadáns. E nesa xestión orzamentaria hai uns obxectivos básicos:

Primeiro, reforzar os procedementos de control do gasto público, con especial referencia ao control externo, ou sexa, externo significa de institucións como o Consello de Contas. Que parece que a vostedes xa non lles gusta que funcione moi ben ultimamente. E inspirado na consecución dos principios de eficacia, economía e eficiencia.

Aumento da transparencia como garantía para o control político efectivo por parte do Parlamento.

Redución da utilización das modificacións de crédito como mecanismo perverso, se se abusa del, para alterar a inicial autorización lexislativa do gasto público.

Aplicación a todas as entidades e organismos autónomos do Plan de Contabilidade pública.

E obxectivos específicos moi importantes: Utilización de procedementos de contratación administrativa que garantan os principios de igualdade, concorrència, publicidade e obxectividade.

Intensificar a comprobación pola intervención xeral da Comunidade Autónoma do emprego e xustificación das subvencións outorgadas pola administración autonómica verificando o cumprimento da finalidade das subvencións nominativas, por se procedera o seu reintegro por non acreditarse as condicións esixidas para a súa concesión.

Elaboración dun contrato-programa ou sistema análogo de carácter plurianual, que cuantifique e con-

crete os criterios de asignación das achegas públicas en función dos obxectivos e que ofrezca un marco financeiro estable e transparente ás entidades, así como os procedementos para adaptar os obxectivos ás variacións que se produzan no seu contorno económico.

Elaboración polos entes de dereito público de planos plurianuais de obras que melloren o sistema de planificación, que establezan as necesidades a acometer, que permitan avaliar a racionalidade dos investimentos.

Establecemento e desenvolvemento dunha normativa para as fundacións públicas que delimite e concrete os seus campos de actuación, que explicite a necesidade e conveniencia de promovelas, de xeito que permita a constatación posterior do cumprimento dos fins que xustificaron a súa creación –sen prexuízo da reversión das Fundacións Hospitalarias, por suposto, ou dos seus servizos á rede pública do Sergas, como xa reclamamos aquí–.

E non quero deixar de facer algún comentario, precisamente adrede disto, ao anteproxecto da Lei de estabilidade orzamentaria, que está neste momento presentada polo Goberno do Estado, ¿non? Ese Proxecto de lei de estabilidade orzamentaria é unha ameaza directa á Facenda galega, unha ameaza directa, un torpedo á liña de flotación da propia autonomía. O Goberno galego tería que presentar un recurso de inconstitucionalidade e conflito de competencias. Vexamos, en primeiro lugar, porque cómpre sinalar que as Comunidades Autónomas pola diferente natureza orzamentaria respecto da Administración central, tan só poden endebedarse para financiar investimentos. De maneira que o seu saldo orzamentario depende unicamente do contraste permanente entre a existencia de proxectos de investimentos a financiar ou a cofinanciar e a capacidade de endebedamento que dicta a súa propia condición financeira. Isto fainos pensar que o verdadeiro obxectivo do Proxecto de lei de estabilidade respecto das comunidades autónomas non é tanto o control do déficit público, canto o control do funcionamento da Administración autonómica.

Segundo. O proxecto significa a vulneración das competencias autonómicas, xa que de entrada supón unha cesión forzada de soberanía orzamentaria, ou

polo menos de autonomía, dende as comunidades autónomas cara o Estado, sen terse definido previamente o futuro modelo de financiamento autonómico que aínda non está negociado nin aprobado e que modificaría normalmente unha parte substancial do equilibrio orzamentario, nada máis e nada menos que os ingresos públicos procedentes de impostos. Tamén porque a laminación ou supresión da autonomía financeira das comunidades autónomas prodúcese adicionalmente pola non participación das comunidades autónomas –dende logo a nosa, por suposto– na definición do obxectivo de estabilidade orzamentaria, porque ese papel resérvase ao Consello de Ministros.

Un obxectivo encuberto tamén é o control do funcionamento das administracións territoriais pola Administración xeral a través do Ministerio de Facenda, que substitúe ao Consello de Política Fiscal e Financeira. A aparición dun déficit orzamentario situaría á Comunidade Autónoma nunha situación de ente tutelado polo Ministerio de Facenda, vulneración absoluta do réxime autonómico.

Ademais a lei implica, en definitiva, que o goberno central pode incorrer en déficit sempre que o xustifique diante do Parlamento do Estado, pero non así os gobernos autónomos, porque requiren previa autorización do Goberno e do Parlamento estatais, o que supón unha posición discriminada das administracións autonómicas na xestión do déficit.

Polo tanto, en suma, o anteproxecto de lei no texto actual non se xustifica por un mal funcionamento do sistema anterior nin por maiores esixencias comunitarias e só responde a propósitos uniformistas, máis que homoxeneizadores, do Goberno do Estado actual e do seu partido, que profesan un nacionalismo de Estado profundamente anticonstitucional, pois que dinamitan a estrutura institucional do Estado das Autonomías. Parece que os que na Transición estaban en contra do Título VIII da Constitución, volven á carga, agora dende o poder que esa Constitución lles deu. Así que, ¿quen defende aquí realmente a Constitución? ¿Vostedes ou nós?

A xestión dos fondos europeos tamén é clave qué liña política se siga. Para empezar nestes anos tiveron vostedes nas súas mans orzamentos voluminosos e en expansión. O volume global de recursos presuposta-

rios dos que vostedes levan disposto entre 1990 e o 2000 ascende a 11 billóns –con “b”– en pesetas constantes do 2000. Comezaron polos cincocentos e pico mil millóns en pesetas constantes do 2000, acadaron no 1999 xa a soleira do billón. Pero ademais tiveron a sorte de xestionar o maior volume de fondos europeos que nunca entraron no orzamento autonómico, derivados da ampliación dos Fondos Estructurais e da creación do Fondo de Cohesión no 1993. Á vista dos resultados pode dicirse que a eficacia e a eficiencia na utilización deses fondos brilla pola súa ausencia. Aproveitáronos máis ben para facer clientelismo, que lles reportou moito réditos electorais, pero a economía do país non os percibiu do mesmo xeito.

Tamén cómpre dicir que, paradoxalmente, o volume de fondos percibidos non está a altura do que resultaría dunha distribución equitativa e reequilibradora. Galiza vén recibindo menos fondos europeos que os que lle corresponden polo seu tamaño e polo nivel da súa renda relativa. E esa discriminación é a expresión, en boa medida, dunha grave incapacidade súa, política, por aceptar resignadamente o reparto inxusto proposto polo Goberno Central.

Sumando Feder, Feoga, Fondo Social Europeo e outros, cada galego recibiu dende o 1993 menos da metade que un castelán-manchego, un castelán-leonés ou un aragonés; recibiu menos que un andaluz ou un canario; recibiu tres veces menos que un estremeño e mesmo recibiu menos que un navarro, sendo Navarra unha das comunidades autónomas de máis alta renda *per cápita* co que se mostra o desleixo para negociar en Madrid e en Bruxelas a defensa dun reparto máis xusto.

As previsións no Marco de Apoio Comunitario para o período 2000-2006, volven poñer en evidencia ese entreguismo ou esa irresponsabilidade: imos percibir un volume de recursos por habitante a penas semellante ao de Asturias ou Canarias, e un 50% inferior ao de Estremadura. Se engadimos o cómputo do Feoga-Garantía que vai á parte, volveremos quedar moi lonxe desas comunidades autónomas na captación de fondos comunitarios, porque no Feoga-Garantía aínda resulta Galiza moito peor discriminada, tanto en cifras por habitante como, aínda máis, en proporción á renda agraria. O propio conselleiro de Economía afirmara nesta Cámara hai poucos meses

que Galiza debería recibir no período 2000-2006 unha cifra de fondos estruturais superior en 200.000 millóns de pesetas á que finalmente resultou aprobada.

Non somos tan inxenuos como para crer que a solución aos nosos problemas vai vir exclusivamente dos fondos comunitarios, pero non cabe dúbida que temos que ser tan esixentes ao negocialos como son eles á hora de aplicarnos recortes de produción, ou reconversións industriais e pesqueiras, ou supertaxa aos gandeiros ou outros trabucos netamente lesivos para os nosos intereses.

Sexamos claros. Os fondos europeos para investir en infraestruturas non son capaces de compensar as perdas de capacidade productiva e desaparición de empresas e explotacións, como consecuencia sexa da penetración dos mercados polas grandes corporacións europeas ou dos recortes de produción impostos polas políticas comunitarias. Por iso temos que poñer na balanza negociadora todas as urxencias, e facermos mesmo valer aquelas prerrogativas ou cláusulas de salvagarda que están previstas nos Tratados de Maastricht e Amsterdam para preservar a economía e o emprego daqueles territorios sometidos a unha crise especialmente profunda ou a choques asimétricos como son os casos da desfeita ou os perigos de crise definitiva en sectores como o agrario e o pesqueiro. Nese sentido, cumpriría explorar todas as posibilidades que os artigos 90 e 92.3 do Tratado da Unión ofrecen a países como o noso para emprendermos medidas de fortalecemento dos sectores productivos ameazados por graves adversidades.

En consecuencia, cómpre reclamar do Goberno central a xestión íntegra da suma dos Fondos Estructurais de Cohesión que lle corresponden a Galiza.

No Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), Galiza debe contar con todos os recursos para o investimento en infraestruturas e actividades productivas que sexan destinadas ás comunidades do obxectivo número 1 do Estado español, na proporción da poboación galega no conxunto desas.

Análogo criterio cómpre defender en relación cos fondos destinados á creación de emprego, tendo en conta que Galiza está hoxe situada entre os territorios de maior nivel de paro de toda Europa.

No Fondo de Orientación e Garantía Agraria (Feoga) Galiza debe situarse como mínimo no nivel dos fondos recibidos polos países de Centroeuropa a través do Feoga-Garantía.

Así mesmo reclamamos o incremento e a xestión exclusiva por Galiza dos recursos que lle corresponden do IFOP (Instrumento Financeiro de Ordenación da Pesca).

E un pacto social pola industrialización e a política enerxética. Xa dixen que Galiza vén perdendo posicións nas últimas décadas a respecto das rexións europeas en produción por habitante e outros indicadores. Hai empresas, segmentos do aparato productivo, que conseguiron aproveitar o tirón da economía mundial e europea na segunda metade dos 90, en particular o automóbil, a industria da confección e algunha outra. Pero o conxunto do sistema productivo, agrario e industrial vai a trancas e barrancas, a penas xorden empresas nas novas actividades e carecen de apoios estratéxicos. Iso obriga a cambiar de rumbo. A viabilidade económica do noso país a longo prazo depende da capacidade propia para a xeración de riqueza e, polo tanto, da expansión da nosa capacidade productiva.

Poñer remedio a esa tendencia require tomar decisións enerxéticas e de alcance en moitos terreos pero, sobre todo, require a posta en marcha dunha estratexia industrial que permita afortalar, ampliar e diversificar tanto as actividades estritamente industriais como os chamados servizos avanzados. Aínda que moitos falan de que o futuro son actividades terciarias, sábese moi ben que ese sector é moi polimorfo, non se pode xeneralizar, e que o certo é que non será posíbel construír unha sociedade dos servizos sen unha sólida base industrial. Outra cousa é a dimensión en magnitude cuantitativa desas bases.

A nosa situación de partida presenta algúns puntos fortes singulares –empresas ou grupos de empresas, *cluster* se queren chamalos así, dáme igual–, dinámicas e ben situadas nos nosos respectivos mercados. Pero en termos xerais contamos cunha feble base industrial, concentrada en actividades primordialmente de carácter maduro e tradicional, empresas infradimensionadas, con escasísima capacidade innovadora e febles redes comerciais. As inexistentes economías

de escala ou POP, a reducida diversificación que impide o aproveitamento de economías externas e a minúscula capacidade de innovación son factores que limitan a competitividade e a eficiencia en tódolos sectores en termos xenéricos.

Se a isto engadimos a existencia de graves esganeamentos institucionais, como a ausencia de política industrial e tecnolóxica por parte da Xunta, ata agora, a feble ou nula vinculación entre banca e industria que provoca a asfixia financeira desta en determinadas situacións, ou unha política educativa tanto en FP como en universidade endemicamente disociada das necesidades formativas reais do sistema productivo, entón podemos comprender as dificultades para a consolidación da industria e, sobre todo, as dificultades para adaptarse ao cambio estrutural que ten lugar na economía mundial e europea dos últimos tempos.

Por iso, consideramos que a sociedade galega e as súas institucións deben abordar con urxencia un debate en profundidade para definir un gran pacto social pola industrialización. Precísase dunha política industrial activa a medio e longo prazo, co fin de dotar ao país dunha base industrial sólida e estruturada que teña como obxectivo o impulso da eficiencia competitiva da industria existente, a ampliación e densificación do tecido industrial, a creación de emprego e o reequilibrio territorial. De tal xeito que se facilite o aproveitamento dos efectos de arrastre dese sector, a absorción das melloras do progreso técnico e a xeración de innovacións como soporte material do cambio tecnolóxico. Tal política debera partir do feito evidente de que a industria constitúe o principal vector de innovación do sistema productivo e o sostén das actividades dos servizos máis avanzados, e ademais soporta o groso do comercio exterior e sitúase no cerne das interrelacións económicas do sistema productivo. Polo tanto, as medidas de actuación deberan orientarse á superación das eivas hoxe existentes no noso sistema industrial a través dun proceso que debe ir vencellado á innovación tecnolóxica, que fará xurdir novas formas de produción, novos produtos, servizos e procesos, ademais de mudanzas na vida social e no benestar.

Sabemos que no conxunto de indicadores para medir a converxencia real, os que teñen a ver coa creación de riqueza, os que se refiren ao crecemento e os

que se refiren ao benestar supoñen para Galiza unha peor posición relativa respecto dos do Estado e da Unión Europea, especialmente naquelas relacionadas con I+D e innovación. Por certo, que no recentísimo estudio feito polo Instituto Lawrence R. Klein da Universidade Autónoma de Madrid para a Fundación La Caixa sobre os indicadores de benestar das cincuenta provincias do Estado no ano 2000, Ourense está de penúltima, 49 de 50; Lugo no posto 47; Pontevedra no 36 e A Coruña no 31. E os indicadores manexados, ademais da riqueza, son: sanidade, educación, cultura e lecer, emprego, calidade do traballo, vivenda e seguridade e xustiza. Todo un retrato dos resultados dun decenio de goberno á altura do cambio de século e de milenio.

Tal situación pón de manifesto a febleza e desequilibrio do noso actual sistema de innovación, cousa que debilita as posibilidades competitivas do sistema productivo galego. De feito, o primeiro problema de Galiza consiste en que non existiu un plano galego de innovación que englobase á Universidade e ó tecido productivo. Houbo só accións dispersas, inconexas, moitas veces sometidas ao capricho de determinados responsábeis políticos; en que o I+D e a innovación nunca formaron parte das prioridades deste Goberno, como se pón de manifesto nas exiguas aportacións orzamentarias, mesmo ás veces disfrazadas e empregadas para subvencións encubertas; na carencia dun plano estratéxico de ciencia e tecnoloxía, cousa que impediu ás Universidades á súa vez abordar esa programación e que ademais houbo unha inexistente presenza de Galiza no plano estatal de I+D, nin tan sequera, –non sei se nos últimos tempos se no último período se fixo, nese caso alegrárame– pero nin tan sequera esixiu a Xunta ao Goberno central a creación dos comités tecnolóxicos autonómicos previstos na lei estatal de ciencia e tecnoloxía. Nin tampouco existe esforzo ningún da Xunta para a consecución de diñeiro da Unión Europea para as accións de I+D. A Xunta xogou cunha rede de centros tecnolóxicos sen planificación ningunha en función das necesidades de Galiza, uns centros que son máis propaganda que estratexia de desenvolvemento, ou máis publicidade, e cun peso insignificante nun pseudo –ata agora– sistema galego de información. Polo tanto, resultaría urxente concretar unha política científico-tecnolóxica de innovación que sirva para mellorar cuantitativa e cualitativamente os índices de crecemento e de benestar e que permita

abordar as auténticas necesidades do sistema productivo galego.

Especialistas de notoria solvencia en tecnoloxías da telecomunicación e a telemática das universidades de Vigo e da Coruña, teñen feitas diagnoses rigorosas e propostas clarividentes que, dende logo, eu asumo con absoluta seriedade. Desas diagnoses despréndense liñas de actuación necesarias: a elaboración dun plano estratéxico en materia de innovación que implique conxuntamente ás universidades, aos centros tecnolóxicos existentes, ás empresas e á Administración. A coordinación polo Goberno galego de todas as accións de I+D. Unha política de infraestruturas da telecomunicación para chegar a todos os cidadáns en todo o territorio con medios básicos de telecomunicación que lles permitan o uso dos servizos baseados nas novas tecnoloxías, pois doutro xeito, polas leis do mercado, toda a Galiza non urbana correrá o risco dunha esclerose socioeconómica daquela insolúbel ou irreversible. Complementariamente, unha política activa concertada cos operadores internacionais para construírmos conxuntamente eixos de telecomunicación complementarios do radial, priorizando saídas internacionais propias de Internet, conexión con Portugal, conexión directa coas redes troncais europeas. Camiñarmos cara á universalización dos servizos telemáticos básicos con intervención pública. Seguias directivas da Unión Europea para orientación das políticas das rexións europeas en relación coa sociedade da información, directivas moi claras que existen e ademais para o que se contaría co apoio de fondos estruturais. Creación de mecanismos de apoio ó desenvolvemento de novas empresas no sector telemático. Impulso á participación do tecido universitario e empresarial galego no I+D en novas tecnoloxías a nivel europeo.

Mais deixando isto que sempre, forzosamente, resulta “farragoso”, pero que intencionadamente expño porque son temas enormemente importantes na actualidade, de carácter eminentemente técnico, pero que só se se tratan adecuadamente en clave política de acción de Goberno funcionan tecnicamente, e por iso, precisamente, os especialistas láianse de que non se faga.

Voltando ó pacto social pola industrialización no seu conxunto, e dadas as limitacións repartidas na no-

sa industria, as liñas básicas que poderían orientar ese pacto ou cando menos a nosa posición ofrecida para o diálogo tamén neste tema, cal é ese gran acordo, serían:

Fomento da cooperación empresarial, dada a limitada dimensión da maioría das empresas, impulsando a formalización de acordos de carácter productivo, comercial, tecnolóxico ou de enxeñería e deseño entre empresas, baseados na reciprocidade de vantaxes e na busca de sinerxias.

Impulsar o peche ou a completude dos ciclos productivos, ampliando, polo tanto, a cadea de valor xerada no noso país.

Unha infraestrutura de apoio á innovación e prestación de servizos tecnolóxicos, que iría na liña do que antes acabo de indicar aplicado só xa a unha estratexia de política industrial específica.

Un Plan de I+D que multiplique os recursos destinados a investigación e innovación; que sirva de panca mobilizadora dos recursos humanos que existen nas universidades, nos centros de investigación, nas empresas, que fomente a cooperación real entre eles, orientando os primeiros cara ás necesidades do sistema productivo.

Fortalece-lo compromiso entre o sistema financeiro e industria, tanto para favorece-la creación de novas empresas innovadoras como para financia-la diversificación, modernización e innovación das existentes.

Apoio innovador, despregar equipos técnicos especializados para diagnosticar deficiencias, etc., para que as empresas, informadas sobre as tendencias tecnolóxicas no seu sector, poidan adiantarse así ós problemas nesa orde, nese terreo.

Impulso ás novas actividades emerxentes para promové-las que están emerxendo en todo o mundo como consecuencia do desenvolvemento das novas tecnoloxías, no só na informática, nas telecomunicacións ou en Internet, senón tamén nas biotecnoloxías, nos novos materiais. Do que se trata é de crear condicións apropiadas para impulsalas con decisión evitando algo que está a acontecer: que o noso mellor potencial humano formado e especializado a alto nivel

teña que emigrar para desenvolveselas fóra, que é o que está a ocorrer na actualidade xa.

En definitiva, unha estratexia industrial require unha aposta en termos de recursos orzamentarios, pero tamén, e sobre todo, unha reformulación a fondo das formas de actuación da Administración, tendo en conta as necesidades específicas do noso contexto industrial.

Quero dicir algunhas palabras a respecto do problema da política enerxética. No marco das competencias estatutarias, cómpre unha política enerxética que persiga como obxectivos esenciais avanzar na diversificación, eficiencia e flexibilidade do sistema enerxético. Compatibilizar a obtención e utilización de enerxía con desenvolvemento sustentábel, situando en primeiro plano a minimización dos impactos ambientais, impulsa-la investigación, desenvolvemento e difusión de novas tecnoloxías instando á colaboración dos sectores público e privado.

Hoxe en día está en curso a implantación dun novo modelo de xeración, ben coñecido xa, xeración eléctrica baseada no gas natural, tecnoloxía de ciclos combinados, que vai implicar unha recolocación de plantas xeradoras que, por todo o que parece, vai bascular en beneficio do levante e do sur español. Pola contra, impídese ás térmicas galegas que se poidan modernizar, como o caso das Pontes, Endesa-As Pontes, un feito que sitúa á parte máis importante do sector enerxético fronte a importantes retos, sen que a Xunta –que saibamos– adopte ningunha acción clara na súa defensa. Mentres o presidente de Endesa, por exemplo, ofrece participación na Comisión de seguimento da fusión de Endesa e Iberdrola ós gobernos catalán e vasco, non fai o mesmo coa Xunta de Galiza. E coidado, porque pola pasividade do Goberno galego, Galiza pode atoparse diante dun futuro comprometido das térmicas, da planta regasificadora de Ferrol e do complexo químico de Toxero. Non sei se iso carece de importancia e relevancia.

Con estes antecedentes, a política enerxética parécenos que debería abordar:

A realización efectiva dun plano de electrificación que posibilite a existencia dunhas redes de abastecemento interno suficientes e de calidade real. Se cadra

esa é a intención dos 1.000 millóns nos orzamentos para o 2001 da actual Consellería de Industria.

A elaboración dun plano de fomento de enerxías renovábeis, tomando en consideración as diferentes tecnoloxías, cunha normativa reguladora que teña presente o medioambiente, a participación dos concellos na súa ordenación, así como dos colectivos cidadáns atinxidos pola súa implantación.

A modernización das térmicas galegas, incorporando tecnoloxías máis benignas ambientalmente e de maior rendemento como os ciclos combinados de gas, insisto.

A reclamación de investimentos no noso país, cando menos dunha parte dos recursos xerados polas empresas que producen enerxía eléctrica a partir de recursos primarios galegos e esgotábeis, e máis dos recursos derivados da prima pola a utilización do carbón autóctono.

Son só algunhas liñas posíbeis, cuestionables para un pacto social para a industrialización.

A política laboral e de emprego. Falemos agora un algo de política laboral e de emprego.

A empezar pola actual situación sociolaboral. É habitual que vostedes enfoquen esta temática, mesmo cando o disimulan, cun formulamento maniqueo no que todo o que redunde en beneficio ou mellora dos traballadores colisiona cos intereses do empresariado e provócalles prexuízos. A min sempre me chamou a atención o paradoxo de que sexan precisamente aqueles que, como vostedes, negan a existencia de conflitos de clase, ou ata mesmo a existencia nas sociedades actuais de clases definidas polo pensamento clásico, que sexan precisamente xentes como vostedes as que na práctica, sobre todo, reaccionen politicamente considerando calquera reclamación de mellora salarial, laboral ou social dos traballadores como unha ameaza ou agresión ós intereses do empresariado. Lévano iso ata tal punto que ata utilizan como invectiva descualificadora e delatora calquera asunción que se faga, por exemplo, do pensamento marxista. ¿A que se debe ese fenómeno? Coido que o sei ben, mais non vou explicárllelo porque son consciente de que estamos nun Parlamento e non nun seminario universitario. Mais esta matización miña tal vez sirva para

que se entenda ata que punto resulta incomprensíbel a conducta de vostedes respecto dos problemas laborais, da situación das clases traballadoras deste país e a negación da súa mera existencia, que vostedes levan constantemente feito na súa práctica de goberno ó longo destes anos. Non esaxero.

Quero recordarlle, señor presidente, que vostede borrou do mapa institucional da Xunta a consellería de Traballo en canto puido, ou sexa, en canto consolidou a súa maioría absoluta ó remate da súa primeira lexislatura de Goberno. Surrealismo puro, só que involuntario e inconsciente, como o famoso *bourgeois gentilhomme* de Molière, aquilo de que falaba en prosa sen saber que o facía. Dígolle isto porque desde que suprimiu a Consellería de Traballo, rompeu vostede a simetría incluso e a congruencia entre a estrutura orgánica da Xunta e das comisións permanentes lexislativas desta Cámara, actualmente, cando cómpre que o Parlamento trate en comisións temas laborais e sociais xa non se sabe demasiado se é a consellería implicada neses labores vai ser a da Muller, porque leva emprego, sexa feminino e masculino, a de Xustiza e policía, porque leva significativamente as relacións cos sindicatos, ou a de Sanidade, porque leva parte, só unha parte dos temas sociais, aínda que non supoñan ingresos nos hospitais.

Nós consideramos indispensable restablecer a existencia da Consellería de Traballo porque, señor Presidente, góstenos ou góstelle, ou góstenos a todos ou non, os traballadores aínda existen como realidade e como clase social e ademais se non existen, non hai aínda economista capaz de explicar como ían poder vivir vostedes e tamén os empresarios. Polo demais, vostedes non parecen conscientes desta evidencia, porque levan 10 anos a facer todo o posíbel para que os traballadores desaparezan neste país, vostedes nin tan sequera coñecen o dito, ou parecen non coñecerlo, e menos aínda a fábula mítica da galiña dos ovos de ouro, pois que levan un decenio a teimar en matala. Por iso, entre outras razóns, empregaba ó comezo a palabra “paradoxo” no seu literal sentido etimolóxico, grego esta vez.

Hai máis de tres anos que o seu Goberno amigo asinou os acordos mal chamados pola estabilidade no emprego, cos sindicatos de ámbito estatal e a CEOE, ó que vostedes fixéronlle un ano despois o eco aquí

ou o reloxo de repetición, non sei moi ben, tal vez máis ben simplemente o eco porque para que haxa eco abonda unha parede de pedra ou formigón, ou sexa algo inerte, mentres que o reloxo é cando menos un artefacto cunha maquinaria moi perfecta, que requiriu moita inventiva e talento para inventala. Disto vostedes teñen pouco. Ó cabo deste tempo de acordos pola estabilidade, hai moitos máis traballadores eventuais que daquela, tanto en cifras absolutas como na porcentaxe que representan os eventuais no total dos ocupados: primeiro éxito. Os contratos duran en media menos que daquela: subiu o índice de rotación dos contratos no ano. A mocidade apanda cos índices de eventualidade máis elevados –cando logra ter traballo–, índices que dan arrepiños: entre os 16 e 19 anos, o índice de eventualidade ascende a 84% dos mozos e mozas ocupados; o 63% dos ocupados menores de 30 anos teñen un contrato eventual, exactamente o dobre da taxa de eventualidade do conxunto da poboación traballadora ocupada. A sinistralidade laboral disparouse en ascenso vertical co medre da eventualidade e a precarización do emprego: preto do 60% dos accidentes máis graves déronse no segmento precarizado dos traballadores eventuais que representan o 35% dos traballadores ocupados. Eso si, os custos salariais baixaron entre 1994 e 1998 do 58% ó 51% e os beneficios empresariais subiron do 6% a máis do 16% no mesmo período e todo en cifras de media do Estado.

Ó desemprego en Galiza xa me referín antes, mais quero engadir que nos últimos anos medrou o diferencial entre as taxas de desemprego de mulleres e de homes: en 1997, o diferencial era un 2%, prexudicial ás mulleres; no 2000 un 4% , o dobre. En vista do devandito ascenso da sinistralidade, a Xunta puxo en marcha un Plan de acción 1999-2000 que non era outra cousa que o eco outra vez do Plan estatal do 1998. Disque a velocidade á que se transmite o son no ar é de 300 metros por segundo, mais á vista do que vostedes tardan un ano en facer o eco, a distancia de Madrid eiquí debe de ser sideral –seguramente por iso non dá chegado o ferrocarril–. O seu plano foi propaganda: ao remate do 2000, que era cando tiña que estar cumprido o plano, só están executados os programas divulgativos, protocolarios e propagandísticos, mentres están pendentes as accións fundamentais de tipo lexislativo, de vixilancia, de control, de formación e de investigación.

As consecuencias negativas da deserción de vostedes das súas obrigas dunha elemental política laboral non as pagan só os traballadores. Eles apandan co peor, certamente, mais está a resentirse a eficiencia do sistema productivo a cualificación da forza de traballo, que só se acada, consolida e perfecciona na práctica laboral, cousa que a precarización e eventualidade impiden totalmente. En definitiva, as perspectivas de produtividade, de rendibilidade e competitividade do tecido empresarial galego cara ó futuro próximo. E os empresarios intelixentes e empresarialmente cultos, que os hai e moitos –e por iso caeu don Antonio Ramilo Fernández-Areal e non só polo burato nas contas da Confederación que presidía– sábeno moi ben e preocúpalles. Porque saben que os contratos eventuais só deben utilizarse naqueles casos en que as circunstancias pertinentes o esixen circunstancialmente ou causalmente. E saben que só as formas estables de contratación laboral permiten estratexias empresariais que efectivamente afortalen a eficiencia e a competitividade das empresas dinámicas e do tecido productivo do país no seu conxunto. Ademais de que é a única forma de emprego que garante un comportamento da demanda interna agregada de consumo no circuíto macroeconómico da xeración do produto, a renda e o gasto, estimulador dunha expansión económica en equilibrio ascendente. Saben, en suma, que iso non resulta posíbel sen concertación social e que o capitalismo salvaxe da globalización financeira é inimigo do empresariado que inviste e arrisca na produción e non na especulación. Iso sábeo un sector importante do empresariado. Precisamente aquel segmento do empresariado que corresponde á definición modélica en materia económica do perfil de identidade e da función do empresario, que non é a dos tiburóns dos grandes fondos de pensións, na especulación dos mercados financeiros. E saben que cómpre investir nun proceso que dure certo tempo para que obteña un resultado e un produto e non premer un botonciño e en 10 segundos facer unha operación de beneficio nas bolsas. Saben os empresarios, polo tanto, que iso non resulta posíbel sen concertación social. Noutras verbas, saben que lord Keynes non está morto, aínda que todos vostedes queiran matalo.

Por iso nós propugnamos unha política laboral que cree un marco galego de relacións laborais, que afortale os organismos de participación institucional e encontro dos interlocutores sociais, nomeadamente o

Consello Galego de Relacións Laborais, como órgano permanente de diálogo entre sindicatos e asociacións empresariais e de mediación, arbitraje, conciliación nos conflitos individuais e colectivos, para o que se lle traspasarán as competencias do actual servizo de mediación, arbitraje e conciliación e tamén o Consello Económico e Social de Galiza. Non estamos propondo nada estrano, estamos simplemente propondo algo que vostedes cortocircuítan sistematicamente. A propia legalidade establecida esixe, pón como preceptivo o informe asesor do Consello Económico Social nunha serie de temas e vostedes pasan del. Se quen dinamita as propias institucións que configura o marco autonómico actual son vostedes, sexa Consello de Contas, sexa Consello Económico e Social, sexa Consello de Relacións Laborais, sexa Valedor do Pobo. Se detrás de todo isto está o fundamento do que ó principio enunciei como eixos axiolóxicos, unha actitude, unha postura, un comportamento, unha conducta política no exercicio do poder.

Por outra banda, cómpre impulsar desde a Xunta o diálogo autónomo entre sindicatos e asociacións empresariais cara a promover unha negociación colectiva axustada ás condicións reais nas que se desenvolve a actividade productiva no seo das empresas galegas, no contexto económico propio de Galiza. E que se non é distinto, entón ¿para que naceron as autonomías no proceso constituínte do Estado? ¿Para que? ¿Para dar-lles postos de traballo a vostedes? ¿De plumíferos de centros de xestión, das consignas que veñan desde o poder central do Estado ou para revestir dun disfraz autonómico unha reconstitución do Estado unitario de sempre? É que estas son as cuestións que están no fondo. Promover unha negociación colectiva axustada ás condicións reais nas que se desenvolve a actividade productiva no seo das empresas galegas, protagonizada polos interlocutores representativos dos diversos intereses que se concitan, por tanto, quérese dicir, orientada conxugadamente á mellora da calidade de vida dos traballadores e traballadoras e máis á viabilidade económica do tecido empresarial. Elemental.

Cómpre abordar a elaboración dun Plan galego de emprego, que por unha banda responda ó obxectivo da creación de emprego suficiente para non deixar ociosas as nosas potencialidades productivas e que pola outra se axuste ós criterios de emprego estábel,

condicións de traballo dignas e compensador dos desequilibrios territoriais internos do país.

En contratación, a regra ou forma xenérica de acceder ó emprego debера se-la contratación indefinida. A contratación temporal debера revestir modalidades sempre causais ou excepcionais, nunca utilizarse como mecanismo de competencia desleal entre empresas. Sempre debера deixarse unha ampla marxe de manobra para que a través da negociación colectiva e estatutaria as partes lexitimadas puidesen regular con carácter específico a definición das modalidades da contratación causal dotándoas de meirande estabilidade de contidos incentivadores para a mellora da produtividade e cualificación e promoción profesional. E non son máis que uns trazos esquemáticos da política laboral que nós consideramos necesaria en Galiza.

Vou ir rematando. Unha referencia ós sectores do comercio dos autónomos. Non é porque o pidan vostedes, non se preocupen. O nivel excelente, como se observa, o nivel institucional nesta Cámara é excelente, todo un recital exemplar para toda a cidadanía.

Unha referencia ós sectores do comercio dos autónomos, especialmente castigados por vostedes e o seu Goberno amigo. En Galiza, o comercio tradicional xera 110.000 postos de traballo, mentres as grandes superficies supoñen 6.000 postos. Para un mesmo volume de facturación, as proporcións de xeración de postos de traballo veñen ser de 16 no comercio tradicional, por cada 3 en hipermercados. O sector do comercio representa en Galiza o 15% da poboación ocupada. Ben, pois ese sector téñeno vostedes á intemperie sometido ás agresións das que vostedes non só non o defenden, senón que son vostedes cómplices. Nós foramos os primeiros en traer a este Parlamento un Proxecto de Lei do Comercio Interior de Galiza, nada menos que en 1987, cando só tiñamos un deputado nesta Cámara e os votos dos comerciantes ó BNG poderían contarse cos dedos das dúas mans. Un proxecto que utilizaba a tope as competencias exclusivas que o Estatuto de Autonomía de Galiza nesta materia, para regula-lo sector de xeito que as grandes superficies comerciais no se convertisen *de facto* nun problema de competencia abusiva e ruínoza para o comercio tradicional que estaba inerte e que constituía un sector vital para os recursos das clases medias deste país e para o funcionamento da economía no entramado de

ciudades, vilas e entidades de poboación no medio rural dun país coma o noso, que reúne no seu territorio máis do 50% das entidades de poboación de todo o Estado cando representa só o 5% da superficie. Aquel proxecto non prosperou, mais aprobouse o que presentara inmediatamente despois o Goberno tripartito, a Lei de Comercio Interior de Galiza de xullo de 1988. Chegaron vostedes, meteron a lei nun cofre, pechárono con sete chaves, incumprírona sistematicamente, desguarneceron o sector do comercio tradicional, abríronlle as comportas ás grandes superficies das cadeas comerciais trasnacionais de xeito análogo a como, seica, fixeron en Cecebre segundo o alcalde de Cambre, deron toda clase de facilidades ós hipermercados violando o marco legal do que este Parlamento dotara á cidadanía deste país e montaron o control das asociacións de comerciantes para afe-rrollar desde dentro ó propio empresariado do pequeno comercio autóctono, engaiolalo e vendelo como unha mercancía electoral.

O verán pasado o seu Goberno amigo pegoulle a puntilla ó sector. O Real Decreto Lei 6/2000 que, baixo o pretexto de intensifica-la competencia en mercados de bens e servicios –non intensifican a competencia entre distintas distribuidoras de carburantes–, amplía a 90 horas o horario semanal de apertura, 90 horas, cando estamos aquí suxerindo que hai que reduci-la xornada laboral a 35 e aínda non se axusta ás 35 ou 34 horas, estamos en xornadas laborais que son un pouco máis dun tercio do que se lle impón ó comercio como horario semanal: noventa horas. Autorízaselles, non se lles obriga, pero xa se encargan de obrigalos os que poden abrir o tempo que queiran. A doce domingos e festivos de apertura anual, e así seguido.

Ou sexa, mentres a tendencia vai cara a redución paulatina da xornada laboral, mentres vostedes predicán a versión cristiá da importancia da familia, do carácter sagrado do descanso dominical, vostedes forzan ós pequenos comerciantes de Galiza, na súa maioría con negocios estritamente familiares, e ós traballadores asalariados de todo o sector a traballar 90 horas á semana e abrir domingos e festivos doce ó ano, ou sexa, a non teren lecer, nin vida familiar, nin sequera poderen ir a misa. Ou se non, pecha-lo negocio. ¿Parécelle a vostede que é serio, que é un xeito de cumprí-la doutrina social da Igrexa? Nós estamos

a defender o sector do comercio con inciativas nas Cortes españolas, mentres vostedes acatan a agresión que desencadea o seu Goberno amigo no canto de recorrer ó Real Decreto no Tribunal Constitucional, aínda que só fose porque invade as competencias exclusivas, repito, que o Estatuto de Galiza lles atribúe nesta materia. Practican vostedes a subversión dentro das institucións autonómicas, traizoando así o espírito da Constitución. Nós tencionamos recorrer ese Decreto como, por certo, fixeron todas as Comunidades autónomas do Estado con competencias exclusivas nesta materia, agás vostedes. Nós queremos elaborar e aprobar unha nova Lei de comercio interior de Galiza que sirva para defender, modernizar e propulsa-lo sector do comercio galego e marcar regras de xogo estrictas para a competencia dentro del.

Cos autónomos fan vostedes e o Goberno Aznar, outro tanto do que co comercio. Como boa parte dos comerciantes son empresarios autónomos, por riba cáenlles os paos polas dúas bandas. Realmente vostedes, ou o PP, parecen especialistas en machucar coa súa acción de Goberno os sectores cidadáns que máis votos lles deron para gobernar, están vostedes ó bordo de practicar unha peculiar forma de sadismo na política. A situación dos autónomos é trágica: non son traballadores asalariados, pola mesma, non teñen ingresos por contrato laboral, nin réxime normal de Seguridade Social, tampouco son empresarios que obteñan beneficios dirixindo o labor de traballadores asalariados por eles. Os ingresos dos autónomos, non se consideran, polo tanto, salariais, mais en rigor, os “beneficios” –entre aspas– que constitúen os seus ingresos, veñen ser o equivalente dun salario imprescindible para a súa subsistencia. Vostedes pasan deles. Nós, e co conxunto da oposición desta Cámara, estamos a defendelo nas Cortes con iniciativas para que se recoñeza legalmente unha serie de prestacións sociais básicas ós autónomos, tocantes á incapacidade temporal, permanente, xubilación, prestacións por morte e supervivencia e máis tamén por desemprego.

Cómpre abreviar. Conforme ó Regulamento, por suposto, dispoño de tempo ilimitado, mais todos sabemos que para os humanos o tempo é finito, como son finitas as enerxías, a resistencia, a paciencia e ata os gobernos, incluído vostede, señor presidente. Polo demais, este debate no fixo máis que comezar, supoño, e tempo haberá aínda nesta sesión de falarmos e deba-

termos máis cousas. Con todo, quero engadir aínda algún apunte.

Enunciaba eu denantes catro eixos axiolóxicos necesarios para calquera alternativa que pretenda orientar a acción lexislativa e de Goberno a prol dos dereitos e necesidades da cidadanía galega no contexto das institucións propias e europeas, no que ten que desenvolverse, das circunstancias nas que se atopa esa cidadanía, e dos problemas máis vitais e agobios máis punxentes que padece. Expresaba ese marco cuadrangular de valores e postulados axiolóxicos nos termos de progreso económico, benestar social, liberdades cívicas e democráticas e dignidade comunitaria e institucional. Dada a situación do noso país, e dado o que coido percibir como preocupacións prioritarias de amplos sectores da cidadanía, escollín centra-la mostración e exemplificación do enfoque e criterios identificadores desa necesaria alternativa nos temas que atinxen directamente ás condicións de existencia material dos cidadáns e a sociedade, que é como se define nas Ciencias Sociais ós fenómenos que son obxecto da economía política. E nunca estaría máis xustificado que hoxe utilizar e subliñar ese adxectivo “política” da economía, da ciencia, que os tecnócratas teiman en eliminar da noción de economía en contra da denominación creada polo pensamento clásico que convén recordar, precisamente para vostedes, que foi construído por pensadores e economistas liberais do século XVIII e comezos do XIX, da Ilustración, do século das luces, que inaugurou definitivamente o ciclo cultural da modernidade que o capitalismo salvaxe neomericano ameaza destruír.

Por iso centreime na política económica, no papel do poder político na vida económica da sociedade, no seu financiamento e máis nun pacto social por industrialización entendendo, como é o máis cabal, a noción de industria, non como un sector da economía, senón como un modelo de civilización económica que debe impregnar o conxunto dos procesos productivos nunha sociedade sempre que sexa sometido ós criterios de racionalidade social e medioambiental sen os cales esa civilización deixa de ser tal cousa e acaba converténdose na súa antítese, como está a acontecer co industrialismo feroz e irracional, co economicismo obtuso que pon en perigo actualmente a supervivencia mesma do ecosistema do planeta, da biosfera da que o xénero humano forma parte.

Mais tamén escollín prestarlle atención primordial ós problemas do mundo laboral, que non se identifica só coa clase dos traballadores asalariados, senón que abrangue o campesiñado, a Galiza mariñeira e mesmo tamén, e coido que con todo rigor conceptual, o mundo esencialmente laboral que constitúen os pequenos empresarios, os cadros directivos do común das empresas, os comerciantes, os empresarios e traballadores autónomos, os artesáns e aínda outros máis segmentos do mundo do traballo existentes nun país de morfoloxía social tan diversa e tan rica como é o noso e que non se pode reducir a corsés de paradigmas prefabricados ou simplificados. Prestar atención primordial a todo ese mundo diverso do traballo equivale xa de seu a pensar en termos do benestar social, pois que segundo como se deseñe e se desenvolva a acción política as desigualdades e inxustizas existentes nese mundo, que abrangue seguramente ó 90% da cidadanía potencialmente activa nos procesos económicos, segundo como se deseñe e desenvolva a acción política, as desigualdades existentes e inxustizas existentes nese mundo, digo, agravaranse ou poderanse compensar.

Equivale isto tamén a abordar boa parte das cuestións que están implícitas cando falamos de liberdades cívicas e democráticas e dignidade comunitaria e institucional. Mais ben sei que non abonda, por iso enunciara eu ó comezo deste treito da miña intervención vectores de acción política necesaria relativos ó benestar social no sentido explícito e estricto, a educación e a cultura e por suposto o noso idioma, non habería que dicilo, nós todos e todas os asinantes, somos monolingües galegos na práctica social do idioma, como o son, aínda hoxe, a maioría dos cidadáns deste país, aínda que non se note na Administración autónoma nin nos medios de comunicación, nin no segmento da caste política que vostede representan ou da que forman parte. E máis finalmente rexeneración democrática institucional de Galiza.

En todos eses temas, facía xa fincapé o programa de goberno elaborado polo BNG para as eleccións de 1997 deste Parlamento e en todos eles volve facer fincapé o que a partir do anterior xa está reelaborado e disposto para cando as eleccións de remate desta lexislatura se convoquen. De todos eses temas poderíamos ter falado dabondo, a oito, durante todas estas lexislaturas, e debatido democraticamente nesta

Cámara, se vostede, señor Presidente, o seu goberno e o seu grupo parlamentario tivesen querido. Ou permitido. Ou cando menos non o tivesen impedido coa conducta obstruccionista da función de debate desta Cámara á que xa me referín abondo, e por tanto, non vou teimar en denunciar máis.

En todo caso esta é unha moción de censura e xa expliquei con toda claridade a lectura que a doutrina constitucionalista e parlamentarista máis solvente fai do que a moción de censura debería ser, ou sexa, incondicionada, sen candidato alternativo simultáneo. Mais con todo quixen axustarme na medida de todo o posíbel á modalidade de censura constructiva que está configurada na orde constitucional vixente. Eu si que respecto a Constitución, señor Presidente, na miña práctica política institucional, aínda que a critique no que penso que libremente debo, e teño razóns democráticas para facelo, e aínda tamén que o meu ideario transcenda ó horizonte do actual réxime constitucional, pois ó cabo os procesos históricos acaban por transcender todas as Constitucións habidas e por haber nas civilizacións democráticas do planeta. Vostedes fan o contrario, invocan constantemente a Constitución mais concúlcan na súa práctica de Goberno e pasan dela cando ó seu partido, ós seus xefes de Madrid lles peta. ¡Cantos exemplos, mostras concretas mencionei hoxe de conculcación do Estatuto de Galiza e o marco constitucional no que se apoia directamente a respecto das competencias declaradas exclusivas da Comunidade autónoma! ¡Cantos!

Por todo iso está claro que ben sei que hoxe non é a ocasión da miña investidura, senón da censura ó Goberno de vostede. Ben sei que está por ver se chegará ou non a ocasión de que a miña investidura incondicionada se presente nesta Cámara, pois que iso vai depender do que decidan os cidadáns galegos co seu voto e máis de que eu estea vivo aínda nese intre. Eu non me considero inmortal, a diferenza de vostede, señor presidente, ou do que pensan de vostede os seus conselleiros, polo que se ve. A proba definitiva de que non me considero inmortal está en que renunciei no seu día, por razóns de ética, ó escano para o que fora elixido polo único tipo de institución na que os seus membros adoitan ser cualificados de inmортаis precisamente: a Real Academia Galega, neste caso.

Correspóndelle, pois, á cidadanía galega decidir co seu voto a composición que terá esta Cámara e a candidatura que poderá nese contexto prosperar para a presidencia da Xunta de Galiza cando remate a actual lexislatura. A nós agora, ós deputados e deputadas asinantes desta iniciativa excepcional, correspóndíanos cumprir as nosas obrigas éticas, políticas e institucionais cos cidadáns ós que representamos e mais facermos, efectivamente, vixente na práctica política desta Cámara o establecido no Estatuto de Autonomía de Galiza, na Carta Magna da actual fórmula institucional de autogoberno dos galegos e as galegas, esixírmolos a responsabilidade política da Xunta e do seu presidente perante a situación crítica que atravesamos a nosa sociedade, o pobo soberano de Galiza, causada pola incuria, pola ineptitude e mesmo a deslealdade coas institucións políticas galegas que vostedes levan practicado ata hoxe.

Máis nada. Dixen. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Beiras.

Suspéndese a sesión ata as dúas e media.

O señor PRESIDENTE: Reiníciase a sesión coa intervención e resposta por parte do presidente da Xunta de Galicia, o señor Fraga Iribarne.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Grazas, señor presidente.

Señor presidente, señoras e señores deputados. Despois da profusa intervención do candidato construtivo por moción de censura que iniciou a súa intervención falando de pedagogía, certamente non faltaron probas da súa tendencia á pedagogía falando de pelotón de inútiles, de cipaio, de deslealdade política, de hipócritas, de procedementos inmorais e outras expresións igualmente pedagóxicas, parece conveniente dedicar uns poucos minutos a aclarar onde estamos. Estamos ante unha moción de censura que xa levan varias semanas tentando xustificar en diversos ambientes, mesmo na cadeira universitaria do señor Barreiro Rivas e que mesmo deu lugar a anuncios nos periódicos. Non debería estar moi clara a xustificación.

Pois ben, no Dereito parlamentario galego, no Dereito español en xeral e na maioría dos sistemas parlamentarios de hoxe, unha moción de censura –por iso chámase moción de censura constructiva– ten por obxecto presentar unha maioría alternativa a aquela que está gobernando, capaz de realizar mellor e con maiores apoios as tarefas de goberno con algún que outro aspecto que entóns si foi de deslealdade política, na única moción de censura presentada nesta Cámara. É tan evidente que neste caso non se trata de presentar unha maioría alternativa senón simplemente unha serie de críticas –que logo algunhas examinaremos– pero que, en definitiva, non supón unha proposta viable de Goberno alternativo. É evidente que polo mesmo se pode falar de fraude procedementa, de abuso do dereito e que, en definitiva, en sesión parlamentaria tamén pode ser unha perda de tempo e unha mesma tomadura de pelo á opinión dos galegos.

Eu teño que dicir que hoxe, que hai tantos problemas pendentes, me sentiría moi tranquilo chamando por teléfono a Madrid e a Bruxelas onde se está celebrando unha conferencia de Ministros de Agricultura.

Unha moción de censura, en todo caso, non pode ser unha mera repetición do debate que xa tivemos sobre o estado da Autonomía; tampouco debería ser un adianto da campaña electoral que neste caso cómpre celebrar. En fin, como estamos acostumados ás orixinalidades con que procede o señor Beiras, pois é evidente que neste momento temos que falar dunha situación que, como todas, pode ter algún aspecto censurable pero que é, en canto a nosa querida Galicia, de paz política, económica e social diría eu que octaviana, de desenvolvemento sen precedentes no conxunto da súa economía, en particular das súas infraestructuras, de crecemento dos grandes servizos sociais, educación, saúde etc., de aumento das competencias e das transferencias, de multiplicación por máis de 3 dos recursos dispoñibles no noso orzamento, e se falamos dos fondos europeos hai unha proporción maior.

O crecemento económico de Galicia, que non é froito do azar, senón penso eu que o é da política posta en marcha pola Xunta nos últimos dez anos, pois é evidente que tivo froitos moi importantes: desde o ano 1990 a rede viaria galega de entidade estatal que teña 138 quilómetros de vía de gran capacidade e 1.477

doutras vías, agora pasa de 600 quilómetros de vía de gran capacidade e de 1.536 doutras redes. A de gran capacidade medrou xa que logo un 336% e a rede total un 34%. Falouse cunha certa frivolidade das fontes de enerxía: non tiñamos gas, hoxe temos gas, temos enerxía eólica e hai que dicir que neste momento os parques de enerxía eólica poden chegar a superar o 25% da enerxía eléctrica que consume Galicia xunto cos parques que están por instalar. O gas chega xa ó 53% da poboación galega e vai chegar ó 67% este ano 2000. Pero temos moi avanzada a preparación da planta de regasificación de Galicia que suporá o investimento de 40.000 millóns de pesetas.

Facer frivolidades sobre o Plan Mega cun investimento superior a 70.000 millóns de pesetas e que supón que o índice de calidade do subministro eléctrico se multiplicou cáseque por 5 veces e que o TIEPI é dicir, o tempo de interrupción equivalente, teña reducido a 2,66 horas de 13,7 horas que era en 1991, son evidentemente palabras que había que ter meditado.

Falouse de medioambiente esquecendo que se creou unha Consellería de Medio Ambiente pasado o modelo de coordinación, o modelo baseado na unidade de xestión e aí están os resultados da loita contra os incendios, do Plan forestal, do Plan de Residuos Sólidos Urbanos, que por certo contou cunha aprobación especial e unha subvención de 100.000 millóns de pesetas de Unión Europea. Neste período se investiron en obras hidráulicas máis de 80.000 millóns de pesetas, rehabilitáronse vivendas rurais cun investimento inducido de 50.000 millóns de pesetas, investíronse outros 55.000 millóns de pesetas en vivendas de promoción pública, construíronse máis de 52.000 vivendas de protección oficial, dedicáronse máis de 11.000 millóns a urbanización de solo residencial e hai cáseque catro millóns e medio de metros cadrados construídos en parques empresariais e outros tres millóns están en proceso de construción. Acometeuse a concentración parcelaria de 340.000 hectáreas, que afecta a máis de 320.000 propietarios. Renovouse, logo volvei sobre iso, a flota pesqueira e así sucesivamente.

Teño que dicir, polo tanto, que o crecemento de Galicia en cifras contrastadas oficialmente, agás agricultura e pesca, que como en todo o mundo pois reduciron a súa parte no conxunto, industria en Galicia

creceu un 29,7% –en España entre 1990 e 1999 o 19,2% no conxunto–. A construción creceu un 6,5% fronte a un 4,3%. Os servizos nun 22,7% fronte a un 21,2%, cunha importantísima repercusión na balanza de pagamentos a través do crecemento do turismo que se empeza a achegar ós catro millóns en anos normais. O total no agrario creceu polo tanto un 23,4% fronte ó 19,1% no conxunto de España e o total, contando que na agricultura e na pesca os crecementos foron menores, os mesmos decrecementos 19,6 fronte ó 17,8%.

Polo tanto o PIB galego por habitante creceu un 2,7%, cinco décimas máis que a media española. Reduciuse en oito puntos porcentuais a diferenza entre o PIB galego por habitante e o PIB por habitante da Unión Europea. E, por certo, tense falado dos fondos europeos e convén saber que neste momento estamos nunha situación do 13,85% de tódolos fondos, unha proporción sumamente elevada, e que as axudas garantidas para obras, como logo falarei, dos camiños de ferro, están garantidas e asinadas.

Non quero dar moitos máis detalles sobre o xa feito, pero dicir neste momento que este é un goberno censurable habería que basealo en datos de maior importancia que os que se seleccionaron ós efectos correspondentes. En todo caso, o pasado 24 de xaneiro se asinaron acordos para facelo realidade aquí no ano 2010 con consignacións asinadas para cada ano, por un total de 1 billón 268.421 que comprende a renovación de estradas do ferrocarril, a parte máis importante de infraestruturas portuarias, aereoportuarias, cos totais que teño antes mencionado.

En materia de emprego, é evidentemente onde as dificultades son aquí, e no conxunto de España, maiores pero é absolutamente indiscutible que desde a creación do servizo de emprego e a transferencia da formación ocupacional, Galicia neste momento está crecendo en tódolos aspectos e o número de ocupados é neste momento cunha poboación activa que é do 50,25%, equivalente á do conxunto de España con 51,59%, temos 1.600.000 ocupados dos que 608.600 son homes e 392.000 son mulleres.

Citouse unha das diversas enquisas nas que se mencionan datos económicos e sociais, pero a máis recente, que é a publicada polo Goberno balear, que

por certo non é sospeitoso de referencias especiais, nos sitúa exactamente en tódolos índices principais nas zonas medias do desenvolvemento xeral de España.

Polo tanto, non parece que o conxunto desta situación dea lugar máis que a unha interpretación dun xesto que poida ter que ver con problemas interiores do grupo do BNG ou das súas relacións con outros sectores da oposición pero, en todo caso, o que si se veu despois polo desenvolvemento é que realmente se quería basear nuns cantos feitos conxunturais, que teñen pouco ou nada que ver coa xestión do Goberno galego. Hai, evidentemente, un cambio de ciclo económico pero nós non temos aquí a posibilidade de citar ó señor Greenspan nin convocar a reunión de Labos, ben é verdade que o grupo interpelante, o grupo autor da moción, está neste momento en Porto Alegre, na moción dos que din “non” á globalización e ós principios do desenvolvemento actual.

É evidente que houbo temporais, os maiores dun século, pero temos que dicir igualmente que dentro das facultades do Goberno galego non entra o regular o tempo, e que eu non son o mitolóxico Bóreas que sopra e corrían os ventos.

En canto ós temas sanitarios de que se falou, ós que agora me referirei, algúns comparados co ocorrido en Alcoi, en Badalona, evidentemente co da *legionella*, son temas pequenos e puntuais, e que por certo son obxecto dun decreto importante para mellorar as inspeccións destes produtores posibles (torres de refrixeración, etc.) da enfermidade.

E en canto á pesca, evidentemente hai que ter en conta que nos anos que temos vivido foron os anos da independencia dunha serie de países. Marrocos foi durante moito tempo un protectorado, hoxe é un Estado soberano. Volverei sobre isto.

Sobre o cambio do Dereito do mar, que fixaba primeiro en 3, despois en 6, despois en 12 millas as augas xurisdiccionais e a partir do 77 pasou a 200 millas. Evidentemente organizacións como a que xa se creou polo Atlántico norte, NAFO, ou as que se queren crear agora cara o Pacífico coa Convención das Galápagos, que afortunadamente se ten superado estes días por un acordo da Unión Europea con Chile,

que practicamente fixeron desaparecer os caladoiros tradicionais.

Polo tanto, temos que dicir que nós non temos a chave de Labos nin da Reserva Federal, que o Goberno, aínda que sexa unha frase moi tradicional entre rapaces, non pode dicir que “manda chover e chove e que manda non chover e non chove”.

E, finalmente, é indubidable que a nova e terrible enfermidade das vacas tolas ten preocupado a medio mundo e non a países en desenvolvemento: Alemaña ten un problema serio, os Estados Unidos; que mesmo teñen capacidade extraordinaria para crear grandes explotacións, están con problemas. E nós penso que nos estamos defendendo razoablemente.

Refírome en primeiro lugar ás vacas. É evidente que ese millón de vacas son para nós algo máis que unha parte esencial da nosa riqueza, é evidente que as vacas son para nós dalgunha maneira, eu ben o sei polos meus paisanos de Rfoaveso e todos os da chaira, que son parte das nosas familias. Despois diso é unha riqueza importante. E é verdade que houbo unha pregunta hai máis de 10 anos, non se insistiu moito no tema e é verdade que, efectivamente, algunha nova tiñamos, pero se nós tivesemos naquel momento anticipado as medidas que neste momento estamos tomando, seríamos –con razón– criticados por crear unha situación de descrédito da nosa gandería.

Neste momento podo afirmar con absoluta seguridade que a política que está a seguir a Consellería de Agricultura, axudada polas consellerías de Medio Ambiente e de Sanidade, é a máis cumprida –e así foi recoñecida polo director do Laboratorio de referencia de Zaragoza– que se coñece entre as comunidades españolas. ¿Que pasou en Coristanco? O 31 de agosto un veterinario oficial emitiu un certificado de sacrificio de urxencia, que iso foi confirmado polo laboratorio de referencia, que se pagou á titular, á señora Negreira, a indemnización polas reses sacrificadas, que non houbo presión de ningunha clase, pagouse a indemnización por lucro cesante e que sempre en tódolos casos se procede do mesmo xeito. Cando existe unha razón fundada para pensar que unha explotación pode ter un animal afectado pola EEB ós gandeiros se lle proporciona toda a información e axudas dispoñibles, son eles os que piden que a situación non se faga

pública mentres non sexa decidida polos controis definitivos de Zaragoza. E o plano de seguimento da EEB neste momento unido á retirada dos MER, dos produtos perigosos, van sendo definidos polos comités técnicos e se cumpren tódalas regras. Neste momento, o plano de choque aprobado pola Xunta de Galicia, átrévome a dicir que é completo, que a publicidade que se fai para os consumidores é total e que neste momento átrévome a dicir que ningunha comunidade ten un plano máis completo, nin no piar da detección da enfermidade, nin na evitación da introducción do axente causal da cadea alimentaria, nin en levar adiante os obxectivos sen interromper o ciclo productivo.

Teño que dicir que neste momento é evidente que non estamos a falar dun só caso de contaminación, dun só caso de enfermidade, o que si estamos a falar é de actitudes, non todas igualmente responsables, en relación co asunto transcendental que nos ocupa.

Neste momento, recórdese que se recoñeceu que España non tiña, no momento en que se puxeron en marcha as disposicións da Unión Europea –que algunhas están en transo de estar revisadas por certo– que España non tiña máis que un 10% de capacidade de incineración, que houbo que arbitrar solucións de emerxencia, como dixo especificamente con carácter de emerxencia e provisionais, nun momento, a finais do mes de decembro, no cal a situación do tempo era a que se sabe e na cal houbo que traballar unha situación característica, sobre a que logo volverei, de que por exemplo un concello como o de Touro ofreceu as súas minas e ofreceu a construción dunha planta de incineración, enviou por unanimidade asinada por tódolos seus edís un escrito ofrecéndose, e despois o representante do Bloque recibiu ordes do seu partido de retirar a súa sinatura e a súa participación. Isto é así e é fácil de comprobar. En todo caso, gracias ó establecemento previo de Sogadisa, que tamén no seu momento creara para residuos industriais perigosos tivera a oposición de determinados concellos, neste momento existe a posibilidade de gardar e tratar as fariñas que resultan da incineración, sexa en Ourense, sexa en Cataluña nunha planta en Lleida, que pronto non será necesario utilizar, sexa calquera outra, con tódalas garantías e que neste momento a adecuación das instalacións de Sogama e das súas caldeiras para a incineración, completadas coas da sociedade Ártabra,

e a adecuación do forno dos cementos Cosmos dan plena garantía, quedando só por resolver o problema das graxas, que de momento se están eliminando dunha forma correcta.

Polo tanto, quero dar unha esperanza clara, unha garantía a un pobo galego que sabe que nunca foi enganado por este Goberno que me honro en presidir, de que hai esperanza clara para a gandería galega, de que a recollida se fai, como se sabe, gratis e por conta da Xunta, que a reposición se fai a prezos do mercado e que non haberá dificultades para restaurar moi pronto, como xa o merece a nosa gandería, a nosa tenreira galega, o lugar que sempre tivo e que debe conservar porque precisamente a idade á que se sacrifican os xatos impide calquera tipo de sospeita.

Se pasamos ó tema dos temporais é absolutamente evidente que a invernia do 2000-2001, eu desde logo xa vou tendo anos, non recordo ningunha semellante. En todo caso se está cooperando desde as administracións do Estado, local e autonómica, os concellos a través da FEGAMP, as deputacións, as delegacións de Goberno e da Xunta, están avaliando danos do xeito máis rápido posible. Había moito traballo feito desde que comezaron os traballos para ampliación da orde do 18 de marzo de 1993, celebrando as primeiras reunións o 26 de decembro do ano 2000, pero a continuidade realmente notable dos temporais obriga a continuar estas reunións. En todo caso, a Xunta de Galicia, por voz do seu conselleiro de Economía, declarou o seu compromiso de adiantar ós concellos entre 2.200 e 3.500 millóns de pesetas, das axudas que achegará o Estado cando se publique o Real Decreto. Tamén pón sobre a mesa a firme intención de pactar un convenio coa Banca para a obtención de créditos blandos arredor do 2%. Por certo, que as caixas de aforro galegas, facendo uso exemplar da súa laboura social, asinaron igualmente dous convenios que son coñecidos polo que se refire ó problema da reposición do gando no caso das vacas.

Pero si quero dicir que así como é imposible –nun país húmedo como é Galicia, nas características do noso terreo que ten debaixo granito ou lousa e vai despois polos mil ríos ó mar, pero que se empapa inmediatamente– prever o que se chama a inundación dos 500 ou dos 1000 anos. Evidentemente o que si é verdade é que se tomaron importantísimas medidas

de prevención. E quero citar un só caso: nada máis chegar ó Goberno falamos á vez –porque houbera o ano anterior, o 89, inundacións importantes, o mesmo en Caldas de Reis que en Padrón– cos correspondentes concellos. Padrón deu tódalas facilidades e a canle que se fixo en Padrón evitou volver ó lamentable espectáculo das barcas polas rúas daquela marabillosa vila patria de Rosalía e de Cela. Ofrecéuselle unha solución a Caldas, Caldas non a aceptou. A solución era unha presa, co argumento de que non se facía para regular o Umia, senón para producir enerxía eléctrica. Volveremos sobre a enerxía eléctrica porque é evidente que neste momento é falso, de toda falsidade, dicir que, a pesar da produción moi elevada hidroeléctrica e agora aérea e eólica, ambas renovables e limpas, en Galicia somos exportadores de enerxía. Somos importadores netos de enerxía porque o petróleo, que é máis cantidade e a máis prezo, temos que traelo de fóra. Pois ben, cada vez que se pón dificultades nunha central ou nunha minicentral está dicindo, paguemos máis en dólares, naturalmente polo petróleo. Foi feita unha cita errada, por certo, porque o decano do Colexio de Enxeñeiros, señor Páramo, indicou que a presa tal e como está aberta evitou que a auga incrementara a cota en 80 centímetros. O que si é verdade e que, posiblemente, para a regularización completa do río haxa que facer algunha presa máis.

Falemos da pesca. A pesca, sendo importantísimo o tema de Marrocos e outro dos que foron mencionados, é moito máis ca iso, como é absolutamente natural. Por certo, falando de Marrocos, non é o mellor xeito falar de Marrocos co desprezo colonialista, como se eles foran os cipaio dos que hoxe se falou aquí, ou falar como por algún sindicato próximo ó grupo propoñente, se falou das relacións co Sáhara, que é unha ofensa grave como é natural, a un país co que mantemos boas relacións como é Marrocos e o único que polo de agora pode facer decisións sobre este asunto.

O que teño que dicir é que o sector “pesca” é moito máis ca iso, e falar del como dun sector en crise é unha visión un pouco errada, por non dicir terceiro-mundista. Neste momento, temos que afirmar que o sector pesca supón unhas relacións económicas dunha trascendencia enorme que afecta a unha enorme cantidade de sectores da economía galega. Nas tablas *input-output* se pode ver que a maior parte dos sectores

están afectados e que se é verdade que nalgúns puntos agora temos dificultades, por exemplo en pesca en tñidos somos, despois de Tailandia, o país número 1 do mundo en pleno crecemento en materia de complexo de pesca diversificada, unido a outros sectores agroalimentarios, Pescanova é unha das primeiras compañías do mundo, e así sucesivamente.

Tamén se fixeron afirmacións que revelan unha certa ignorancia do Dereito comunitario, porque se falou de veto e o veto só se pode articular nas materias que se pode, pero non nos afectados polo 43 do Tratado de Roma –que é o artigo 37 actual dos tratados consolidados– que di textualmente: “A proposta da Comisión e previa consulta ó Parlamento Europeo, o Consello por maioría cualificada –quere dicir sen veto– adopta regulamentos ou directivas e tomará decisións sen prexuízo das recomendacións que poida formular”. Tamén se falou de máis barcos dos que están afectados e doutros temas igualmente erróneos, pero é importante salientar, en todo caso, que é unha visión absolutamente parcial e pequena do asunto. Falouse igualmente por exemplo de Grinlanda; Grinlanda, aínda que tivo a relación histórica e foi propiamente unha colonia de Dinamarca e conserva un certo vencello como que conserva Inglaterra por exemplo, coa Unión India ou con Pakistán, evidentemente neste momento é un país independente, para dicilo con toda franqueza un país baixo a influencia directa inmediata dos norteamericanos, porque é un territorio inmenso cunha pequena poboación. E aínda que eu fago miñas as protestas que con toda enerxía fixo no seu momento a miña filla Carmen Fraga sobre algunhas particularidades daquel convenio, é evidente que non ten nada que ver co que se está a falar. Teño que engadir a isto que precisamente o Parlamento Europeo engadiu –pola iniciativa dos membros do Partido Popular– unha Comisión de pesca ás que tiña; o primeiro presidente foi o actual ministro de Agricultura e Pesca de España, Arias Cañete, a segunda presidenta foi miña filla Carmen e actualmente un deputado popular por Lugo, o señor Varela Suances. Pois ben, desde alí se está a traballar constantemente nestes temas, como é natural, que desde logo non melloran moito con certo tipo de intervencións, porque unha manifestación no Morrazo é enormemente interesante e simpática, en Cangas e Santiago, pero efectivamente se non se fai en Rabat, país plenamente soberano neste momento, non ten efectos perceptíbles,

coisa que algúns parece ser que esquecen, a non ser que estean pensado enviar a flota galega para a ocupación dalgunha praza marroquina.

Poderíamos continuar pero, en definitiva, antes de falar das consideracións finais sobre o programa alternativo, aquí hai persoas e estamos obrigados a iso, que xogamos a arranxar estes problemas, problemas novos, problemas conxunturais, hai algúns máis como é o dos emigrantes na Arxentina –no cal igualmente estamos traballando– e outros parece que xogan a ver que partido poden sacar e din “non enterrar, non incinerar”. ¿Que habería que facer? ¿Teño eu que comer as vacas? Evidentemente, non parece que fose moi conveniente, nin tería eu capacidade para tanto, infelizmente. É a política do “non” por sistema, non enterrar, non incinerar, soamente amolar. Iso si, por certo, xa que se falou de conflito xurídico en relación coa presa de Caldas, a presidenta da Plataforma en contra do encoro é o número dous do Bloque, como se sabe, naquela marabillosa vila.

A min recórdame isto ó famoso conto do amigo da onza, que é un conto brasileiro de dous amigos que están tomando cachaça ou caipiriña e un dille ó outro: “¿E se te atopas na facenda cunha onza –a onza é o nome brasileiro do xaguar– ti que fas?” “Subir a unha árbore”, di. “É que non hai árbore” “Pois métome nun furado” “É que non hai buratos, non hai máis que pedras”. E así lle pón tres ou catro casos, finalmente dille: “Oe: ¿ti es meu amigo ou es amigo da onza?”. Pregunto: ¿Ti es amigo de Galicia e dos seus intereses, ou es o amigo de aproveitar como cuestión de partido calquera tema? Cada un que colla o papel que teña por conveniente en relación coa onza.

Señor presidente, señorías, eu sostiven sempre –porque quero ser breve, porque creo que o asunto non dá máis de si– que hai dous conceptos da política: a dialéctica smithiana do amigo e do inimigo contra o que vale todo e o noble concepto ciceroniano do consenso no fundamental para servir ó ben común, e se ten falado moito mesmo da ética cristiá que igualmente se basea, en materia social, no ben común.

Estamos nun momento en que o pobo galego representado polo corpo electoral vai decidir que política prefere. Deixémoslle que o faga en paz e con refre-

xión e cando chegue o momento fagamos a campaña que corresponda.

Aproveitar casos imprevisibles para practicar o que chaman os franceses *la politique du pire*, a política do peor, como din os franceses “a política do peor é sempre a peor das políticas”, é un fraco servizo a esa Galicia, a esa España, a esa Europa que todos dicimos e todos debemos servir.

Nós non imos entrar nese xogo, o da inxuria, o da calumnias, o da perversión do discurso. Imos ofrecer o mesmo discurso limpo e claro de sempre, a seriedade dunha Administración probada por unha década de progreso. E teño que dicir que, efectivamente, bromea sobre as vacas tolas e o concepto de tolemia é perigoso sempre, pero que, en todo caso, sería bo que non toleasemos ningún por ningunha razón de ningún tipo. Se me dixo, efectivamente, cando a miña primeira investidura, tódalas incapacidades que eu tiña para ser o presidente dos galegos –despois por dúas veces tiveron a vontade maioritariamente de renovarme a súa confianza– e tamén se me dixo que me queimarían en seis meses. Debía de ser pouco combustible porque, efectivamente, polo de agora estamos aquí.

Falouse do férreo control dos medios de información. Cando eu cheguei aquí tardaba en le-los xornais pola mañá 20 minutos e agora tardo hora e media porque son cada vez máis grosos e máis interesantes, máis combativos e eu espero, en todo caso, que os medios de información e os seus distinguidos profesionais tomen boa nota do insulto colectivo que hoxe lles foi dirixido. En canto á elección do Director Xeral da televisión por maioría de dous tercios desta Cámara, eu supoño que a atoparíamos, supoño, para unha declaración xeral de tipo político ou en relación coa paz ou algo semellante. Sabemos que unha maioría cualificada menor, como é por exemplo para elixir ó Valedor do Pobo, tropeza con dificultades en canto se cita un nome, pero pensar que é fácil elixir un Director Xeral de televisión por maioría de dous tercios paréceme unha afirmación pouco seria. En fin, temos escoitado tantas que non teño máis que engadir.

Eses eixos axiolóxicos do que falaba o propoñente, ¿a quen non lle vai parecer ben o progreso económico, benestar social, liberdades, dignidade comuni-

taria e institucional? Iso é o que queremos todos, só que con fórmulas diferentes.

Por suposto que en Rosalía estamos todos, por suposto que estamos todos en Murguía, pero oír falar do “infame decreto de Humanidades” porque queremos que a Historia de Galicia se estudie como ela é, dentro do que foi sempre, unha parte da península, unha parte de España, unha parte fundamental do mundo hispánico, iso si, cunha conexión especial co veciño e irmán Portugal e o mundo luso, pois a min paréceme que é perder o tempo.

E en canto a Castela todos o admiramos, teremos puntos maiores ou menores de acordo –por certo, que sempre me acordo cada vez que oíro falar a algúns en contra das celulosas que el foi un entusiasta das fábricas de celulosa– pois hai que tomalo enteiro ou deixalo, pero o que é evidente é que pedírsenos que condenemos a Historia non ten sentido. Ninguén escolle o tempo que lle toca vivir, pero el ten que vivir coma un home ou coma unha muller, como un representativo do que el é, e da súa terra. Eu penso que se poderá dicir un día de min que dentro dos meus moitos erros e debilidades, servín a Galicia, servín a España e servín ós homes e ás mulleres do meu tempo.

Por certo, nós, convencidos de que non o sabemos todo –acusóusenos varias veces de prepotencia, de arrogancia, de omnisciencia– estamos promovendo estudos abertos, como se sabe, sobre Galicia, é posible. Non temos un formulario único, pero o que si é verdade é que aspiramos a servir a todos e a aprender de todos.

Dixéronse cousas aquí sobre o Consello de Contas e o Consello Económico e Social que non podemos aceptar. O Consello de Contas fora regulado por dúas leis, nunca se puxera en marcha: nós fomos quen de facelo. O Consello Económico e Social creámolo nós, pois vimos que era necesario e estamos encantados co seu traballo, incluso se algunha vez, como é natural, os organismos que son de propostas de consello pero tamén de control, nos fan recapacitar sobre algunhas cousas.

Dixéronse cousas de todo tipo sobre o crecemento do sector público, que é moi moderado en Galicia, dos máis moderados das grandes comunidades en España, pero no fondo o que se propón é unha emen-

da ó sector público. Evidentemente, un instituto de crédito público, que evidentemente nós rexeitamos, pode e debe ser substituído non, mellorado polas institucións como o Igape e outras, tres fondos de capital risco que están funcionando perfectamente.

En todo caso, como se falaba de estar todos xuntos no momento de (...) autonómica, cuxo novo momento, novo quinquenio –que algúns din que será o último– vai comezar, estamos abertos a escoitar as ideas de todos. Desde agora podo dicir, sen embargo, que os modelos que algúns suxiren de convenio ó estilo vasco para Galicia serían un verdadeiro desastre custosísimo, mentres que co sistema que xa en gran parte lle deu a iniciativa galega no último acordo, temos mellorado de modo notable.

Tamén é erróneo dicir que en materia de investigación e desenvolvemento, que evidentemente son as chaves do futuro, que non se creou a comisión galega, Cítec, que eu a teño presidido xa dúas veces, e algunhas veces non podo presidila, faino o secretario xeral, o vicerrector Ríos, que por certo o fai moi ben.

E en canto a política enerxética, nós estamos polos ciclos combinados. Cando se fala de As Pontes, convén non esquecer que era un puntinho esquecido na xeografía interior de Galicia, que agora vai pasar por alí unha das grandes vías dobres, xa moi adiantada e que eu acabo de inaugurar alí unha das fábricas máis modernas que hai en España de produtos de altísima cualificación e innovación, do mesmo modo que en materia de enerxías renovables imos en cabeza, con Navarra, e en materia de gasificación, que se falou de que podería estar en risco, está moi adiantado xa todo o proxecto relacionado con Mugardos, e os tratamentos, o mesmo en Madrid que en Bruxelas, van por moi bo camiño.

Cando se falou do emprego, houbo unha referencia tópica á necesidade dunha Consellería de Traballo. Non hai unha consellería para os empresarios, nós non cremos en dividir o home por clases sociais; haber, hainas, pero o traballador para unhas cousas convénlle relacionarse cos Servizos Sociais, con outras con Sanidade, con outras, sobre todo se é muller, coa Consellería de Familia, se é un tema de conflitos coa correspondente consellería. Esa división do traballo non é mala para ninguén, agás se se quere pensar en

utilizala dun modo diferente de como entendemos que debe funcionar a Administración.

Pero con tan fausto motivo, inevitablemente, xurdiu a palabra marxismo. O profesor Beiras é dos poucos economistas que eu coñezo, polo menos ata tempos moi recentes, que reconece que segue considerando esa unha doutrina economicamente importante. Eu creo que non o é, que foi unha ideoloxía, que foi unha mitoloxía, pero que evidentemente o que é imposible é separar o marxismo teoría do marxismo experiencia, e pido que se me indique un só país no cal chegase a exercer o goberno, no cal non se aplicase o famoso principio de *camión de servidume*, o famoso libro de Hayek, desenvolvido recentemente polo profesor Revel, que ten gañados tódolos premios e é membro da Academia Francesa. Recentemente pronunciou unha brillantísima conferencia en Madrid, nunha cadeira que por certo leva o meu nome, e con iso non pretendo ser inmortal, aínda que si sexa académico. O certo é que é evidente que onde queira que o marxismo se aplicou non funcionou a favor dos traballadores, funcionou a favor da nomenclatura, e funcionou cunha supresión total das liberdades de todo tipo.

En definitiva, a lingua galega da que nunca se ensinou tanto, dentro e fóra de Galicia, en diversas universidades españolas e do estranxeiro –ata en Australia temos unha cadeira– onde nunca se imprimiron tantos libros multiplicados dunha maneira verdadeiramente exponencial nos últimos anos, todo iso é a base do convencemento desde o cal queremos servir a unha terra que é española por excelencia, pero que é galega porque é a súa maneira de ser española. Aí non admitimos leccións de ninguén.

E a Constitución alégranos moito, cada vez se di crer máis nela. Creo que só para as formas e cando convén, e non son as formas, é o seu espírito. Nós, que como digo non nos consideramos inmortais, si sabemos ó que debemos lealdade, e esa Constitución que por primeira vez en 1812, deu a España xa 25 anos de paz, de tranquilidade e desenvolvemento, fainos moi responsables ante ela e todas as institucións que as representan, unha por unha, e nós desde logo, sentímonos responsables ante esa Constitución polo que téñen, en materia humana, de representación do transcendente, que é a paz e a convivencia entre os homes, baixo a lei respectada por todos.

Moitas gracias, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moiras gracias, señor Fraga. (*Aplausos.*)

A sesión suspéndese e reiniciarase ás cinco da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boas tardes. Reiníciase a sesión coa intervención de réplica, se desexa, do señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Moitas gracias, señor presidente desta Cámara, señorías.

Moitas gracias, señor presidente do Goberno galego ou Xunta de Galiza pola súa intervención en resposta á que eu tiven esta mañá en representación dos 18 deputados e deputadas asinantes da iniciativa de moción de censura, e non crea que hai o máis mínimo asomo de ironía nin nada polo estilo, no feito de que eu lle exprese as gracias. Por unha razón moi simple: os que tivemos que aprender o que eran as regras de xogo democrático ás agachadas, os que tivemos como primeira escola de democracia a que se practicaba nas organizacións clandestinas, cando non estaba permitida legalmente a asociación de partidos políticos, pois temos moi incorporada a vivencia de que o diálogo é fundamental. E no diálogo pode haber de todo: pode haber sintonía, pode haber diverxencia, discrepancia, pode haber incluso confrontación. Estou seguro de que en calquera órgano de dirección colexiada de calquera forza política se producen debates ás veces moi fortes, pero iso é o fundamental. Se as decisións políticas teñen que ser o resultado de toda unha dinámica colectiva, sen perda do papel que a cada quen lle corresponde, o fundamental é que esa dinámica exista, e niso consiste a democracia. Outra cousa é que resulte para min significativo que o señor presidente comezase o seu discurso evocando a paz octaviana en relación cos seus dez anos de goberno. Porque Octavio foi o primeiro emperador romano, e mesmo o primeiro en divinizarse, porque Augusto equivale a divino, e baixo o seu mandato incluso naceu Xesucristo. Así que só restaría para completar a comparanza, que o novo Octavio ordenase un empadramento outra vez, e que quizais un milagre encarnase o novo Verbo. Xa non sería vostede, porque vostede xa está encarnado, afortunadamente. Pero tamén é certo que o problema da sucesión de Augusto deu lugar ás máis fortes cons-

piracións, intrigas e puñaladas da historia de Roma, dito sexa para completar a evocación culta que fixo o señor presidente da Cámara na súa intervención.

Eu coido que os asinantes desta iniciativa, e desde logo eu mesmo, xa podemos sentirnos moi satisfeitos, sen vaidade ningunha. Primeiro conseguimos que vostede comparecese para dar explicacións, dalgunha maneira conseguimos que vostede entrase en razón, porque tamén quero dicir –e de aí que eu lle dese as gracias– que na regulamentación vixente, tanto nas Cortes coma neste Parlamento, dos debates da moción de censura non está en absoluto establecido con carácter preceptivo que teña que participar o presidente do Goberno en exercicio; evidentemente que sempre ten o Goberno o dereito a intervir, pero isto significa que vostede interveu neste caso non por imperativo legal, senón porque o estimou oportuno. De maneira que se nós provocamos por imperativo legal, facendo uso do Estatuto de Autonomía e o Regulamento da Cámara, provocamos que houbera un debate no que, efectivamente, ademais incluso na resposta dada polo señor Presidente da Xunta saíron moitos temas, deu explicacións que ata ese momento non houbera posibilidade, non se lograra nunca que fosen dadas, con independencia de que as compartamos ou non, polo tanto se isto se realizou por imperativo legal, é certo que o feito de que vostede interviñese non foi por imperativo legal, e aléxrome.

Agora, tamén teño que dicir que se houbera aínda algunha dúbida da pertinencia e necesidade desta moción de censura, o contido da súa intervención no telexornal de hoxe –digo, nesta Cámara– ás dúas e media, disipou calquera posible dúbida que aínda puidese haber. Porque en realidade foi, en boa medida, un relatorio de obras, como podería ser o dunha corporación territorial de ampla dimensión, en lugar dunha provincia, pois catro, e pouco máis. Vostede deu explicacións, nós aceptámolas, non as compartimos en absoluto, pero deu explicacións, pero fundamentalmente máis ben parecía un relatorio de obras e un enunciado de boas intencións, como cando ós nenos antes os castigaban de mala maneira nas escolas, como non se debía facer, e despois do castigo prometían absolutamente que ían ser moi bos e que ían facer boas cousas.

Os ferrocarrís están como están, non se fixo en absoluto, pois, o comprometido neste Parlamento por unanimidade e levado despois ás Cortes do Estado respecto do plano de 1995 en diante, pero agora o señor Cascos promete cousas para o de aquí ó 2010, se cadra, como vostede vai continuar como Presidente da Xunta no 2009, volverá a dicirnos que acaban de asinar outro compromiso que se prolonga ata o 2020.

A min víñame a cabeza unha cousa que dixerá Eugenio Granell, no acto no que se lle impuxera polo Concello de Santiago a medalla de ouro da cidade, e o título de Fillo Adoptivo, o artista, o xenial Granell, dixerá alí moi sosegadamente, en clave surrealista que é o seu, dixerá: “non, non, hoxe os progresos que fai a cultura son enormes, porque se constrúen quilómetros e quilómetros de estradas e como se pensa cos pes pois iso fai progresar a cultura”. Díxoo Granell, non é que o diga eu, pero Granell é xenial e eu en absoluto.

Moción constructiva, señor Fraga, señor presidente da Xunta, don Manuel Fraga, eu sei perfectamente que eu nunca fun catedrático de Dereito constitucional, nin de Dereito político, e vostede si; eu sei perfectamente que a miña formación e coñecementos en teoría do Estado, Dereito Constitucional, pois non teñen en absoluto comparanza cos que ten vostede; pero tamén me asesoro, e teño que dicirle que cando vostede aquí afirmou, na súa intervención, se non entendín mal –e se entendín mal descúlpeme– cando afirmou que a forma de moción constructiva era a xeneralizada en todas partes máis ou menos, con moi poucas excepcións, quero dicirle que á altura de 1978, é dicir, cando se elabora e se aproba a Constitución Española actualmente vixente, segundo o profesor Virgal, autor dunha obra que coido que está considerada como moi ben documentada sobre as mocións de censura na Constitución actual e na Historia do parlamentarismo español, di que en 1978 cando se escolleu esa fórmula, só había dous Estados democráticos en todo o mundo que tivesen a fórmula da moción constructiva incorporada: unha era a República Federal de Alemaña, outro era o estado de Papúa-Nova Guinea, exclusivamente. Eu estou convencido de que o referente que se tomou polos ponentes da Constitución e polas Cortes Constituíntes españolas nese momento, elaboradoras da Constitución, foi evidentemente o referente da República Federal de Alemaña, non creo que fose o de Papúa-Nova Guinea –sería estrambótico–

co– pero o certo é que os especialistas como esta persoa ou non saben de que falan, ou se non había só dous casos. Polo tanto a moción constructiva era unha forma, nesa altura, non habitual, todo o contrario. E desde logo non é a forma clásica do réxime parlamentarista.

Pero eu non vou discutir hoxe sobre constructiva ou non, eu simplemente quixen deixar patente na primeira intervención miña desta mañá, para todos os membros da Cámara e tamén para todos os cidadáns que puidesen escoitalo, que nos tomáramos moi en serio o proceso de toma de decisión de presentarmos a unha moción de censura, que non foi nada improvisado, que non foi nada repentizado, e que nese proceso de análise e de matización para chegarmos a ver se non quedaba máis remedio que dar ese paso, unha das cousas que fixemos evidentemente foi asesorarnos seriamente, sobre todo das características xurídico-políticas, xurídico-técnicas, institucionais etc., da moción de censura. E quería deixar patente iso esta mañá, e sobre todo presentar ese carácter híbrido que ten a censura constructiva. Aínda así decidimos presentar a moción de censura. ¿Acaso, señor presidente, a vostede se lle ocorrería pensar que nós non imaxinariamos ou non tomaríamos en consideración como hipótese de traballo que a reacción primeira que podería ter vostede, o seu goberno, o Partido Popular, sería a de descualificarnos dicindo que somos uns irresponsables, como fixo algún órgano do partido do que vostede é presidente? ¿Acaso pode crer que non se nos ocorreu pensar que un debate coma este, sendo unha moción de censura híbrida, podería volversenos na nosa contra? ¿Que podería ter o que se chamaría un efecto *boomerang* que botase por terra todos os posibles resultados positivos para a dinámica política deste país, para a situación política deste país e sobre todo para a dinámica de relación entre a Cámara dos Deputados, o Goberno e a cidadanía? ¿Que caese todo por terra polo efecto *boomerang*?

Imaxínense vostedes que mañá saíse nos periódicos: “O Bloque derrotado na moción de censura”. ¡Vaia propaganda positiva para nós! Beiras derrotado na súa candidatura á investidura pola Cámara. Xa lle teño contado algunha vez, paréceme, cando tiveren que facer a mili –porque a tiveren que facer, non había obxeción de conciencia posible naquelas alturas do tempo–, pois nos cursos que se nos daban nas milicias

universitarias en Monte La Reina, de estratexia, a conclusión, a clave de bóveda de todas as leccións estratéxicas estaba resumidas por unha expresión que era a que todos utilizabamos: “El enemigo es idiota.” Así lle foi sempre na historia ó exército español, que só gañou guerras contra os cidadáns durante moito tempo. Franco non gañara a guerra de África pero si que gañou a sublevación do 36, e a guerra civil contra a República. Ben, pois nós nunca asumimos esa máxima dos cursiños de estratexia da mili de hai moitos anos, de que “el enemigo es idiota”, non pensamos que vostedes sexan tal cousa, en absoluto. Outra cousa é que sexan ineptos, ineptos. Vaíamos ó dicionario para ver que significa ineptitude: falta de aptitude; incapaces, falta de capacidade para utilizar a legalidade vixente.

Vostede fixo unha defensa da Constitución e sobre todo fixo unha loa, unha gabanza da Constitución e logo fixo unha defensa dos seus, respecto á Constitución, do seu, do seu Goberno e do seu partido. Incluso pretendeume a min criticar, máis ou menos explícito subliminalmente, ou revirar un pouco que eu dixese, porque o dixen explicitamente, que, en troques, eu critico a Constitución en moitos aspectos, e que, insisto, teño un ideario segundo o cal, normalizada a situación sociopolítica dun Estado que leva 20 anos de democracia e de vixencia da Constitución, aquilo que no período da Transición quedou a medio facer, e vostede sabe mellor ca min que quedou a medio facer porque foi un acordo entre forzas moi distintas, vostede mesmo pasou á historia da Transición española e de aí viñeron en boa parte das súas credenciais de demócrata, especialmente para as forzas da esquerda hexemónicas do Estado naquel momento, e que o elevaron naquel momento ó rango de líder da leal oposición á Súa Maxestade, que nunca se fixera antes cando vostede era efectivamente o líder da dereita porque vostede, segundo esa versión, contribuíu precisamente a que determinadas forzas sociais, que estaban absolutamente implicadas no réxime anterior, tirar delas para que asumisen unha Constitución democrática. Pero a historia móvese. Se levamos 20 anos de sosego democrático, no Estado, en Europa, cómpre pensar que é absolutamente lóxico, e non só lexítimo, ter un ideario que tente transcender a Constitución, non involutivamente, nunha dirección antidemocrática, senón si evolutivamente para completar o proceso que daquela quedou a medio camiño.

Eu preguntolle: se a Constitución define a existencia dunha noción respecto da vertebración do reparto de poderes entre distintas xurisdicións políticas no Estado, o Estado das autonomías, con denominación de competencias exclusivas das autonomías, dígame vostede como pode vostede hoxe explicar que en comercio interior, que teñen competencias exclusivas, invadan dende o poder central esas competencias súas, como Presidente da Xunta e desta Cámara. Porque non é só que o decreto do verán invadíse as competencias do poder executivo galego, que está encabezado por vostede, e que fixo papel mollado dunha lexislación existente nesta Cámara e anterior, de maneira que incluso con efecto retroactivo: unha lei de 1988. E “se la fuman”. Como aquel secretario de concello que contaba López Abente en Muxía, secretario do concello, que apuntaba os nacementos que comunicaban os paisanos no libriño de papel de fumar e logo liaba os cigarrillos, fumaba e non había nacementos nunca porque nunca podería lembrarse de quen nacera.

Ou cando se trata de competencias exclusivas en agricultura. Eu non sei como podo facer un esforzo, ou sobre todo como podo lograr que vostede comprenda unha actitude miña, e esa actitude miña consiste no seguinte: eu non estou reclamándolle a vostede que faga todo ben, eu non estou reclamándolle a vostede que sexa capaz de gañar os pulsos que teña que botar en defensa deste país, eu estou reclamándolle que os bote cando a Constitución e o Estatuto di que ten que botalos porque ten competencias exclusivas e que non pode tolerar que llas invadan polas boas. Nin gobernos amigos nin inimigos. Ese é o problema. Coida vostede que se vostede fixese o posible, se ademais o fixese apoiándose na Cámara de representantes, que sempre é o apoio democrático máis importante para un goberno, traendo aquí as cousas, dicíndonos a todos “miren vostedes, hai este problema” –porque vostede di que nós criticamos e que mentres tanto outros coma vostedes están a resolver os problemas– ¡traía os problemas aquí! Non lles temos medo e somos suficientemente responsábeis como para que se vostede trae un problema serio aquí, nós fagamos o que facemos na sociedade cando falamos cos sectores: ¿como vedes a cousa?, ¿como é o problema?, ¿que podemos facer xuntos?, ¿cales son as liñas de actuación razoables que poden atallar iso? Veu vostede a recadar o apoio da Cámara de deputados, poñer-

nos a proba a ver se eramos oposición dos do “non” ou se ante problemas graves deste país o que facíamos era arrimar os ombreiros. Pero vostede non quixo nunca facelo, a única maneira de forzalo, a ver se isto se aclara dunha vez, é unha moción de censura, porque entón vostede tivo que vir aquí, falase ou non falase, e ademais vostede optou por falar e paréceme moi ben. Outra cousa é que os contidos do que dixo, xa os comentei en parte e non quero estenderme moito porque aínda que teño tempo ilimitado, o tempo é finito, para todos, e eu diso son moi consciente.

De todas maneira o que pasa, se esta mañá, descúlpenme se esta mañá falei un pouco de máis, en tempo digo, e que tamén a verdade é que no último período diversos portavoces do Grupo Popular laiábanse de que eu falaba pouco nesta Cámara, entón tiña que dar-lles satisfacción ¿non?

As vacas tolas di tamén en Alemaña. Pero aí houbo dúas dimisións de ministros, señor Fraga, e aquí non, houbo un cese dun, nada máis. Claro, as vacas tolas tamén chegaron a Alemaña, claro, xa o sabemos. Estamos no mercado único –fabuloso invento– toda a Unión Europea, pero en Alemaña houbo dúas dimisións de ministros, aquí nin dimitiu o Rodríguez Cañete –¿é Rodríguez? ah, Arias Cañete, xa, xa. Caramba– nin dimitiu ningún conselleiro. Cesou vostede ó pobre señor Gago, puxo ó señor Diz Guedes, que teña sorte, vaille facer falta –terá que facer unha reciclaxe pero en fin, hainos moi rápidos, pódense facer–. De dirixir a policía a remediar o problema das vacas, ou polo menos o problema do sector gandeiro, a metodoloxía ten que ser moi distinta, require... Pero evidentemente eu non poño en cuestión –porque xa o dixeran antes– en absoluto, a capacidade persoal de todos e cada un dos membros do Goberno para facer o labor que o Presidente lles encomende. Outra cousa é que o fagan de maneira inepta ou ineficaz.

Di vostede, dixo este mediodía, que se reduciu a distancia entre o nivel do PIB galego e a media da Unión Europea. Señor presidente, aínda que iso fose certo, se todos os demais subconxuntos do conxunto Unión Europea reduciron máis esa distancia, nós ficamos máis atrás, é un problema de móbiles daqueles que nos explicaban... Os problemas precisamente de subdesenvolvemento, entendidos simplemente no aspecto da dinámica cuantitativa do crecemento econó-

mico, é que dada unha distancia entre o nivel galego e o nivel da Renania ou Westfalia, se a Renania está medrando ó 0,5, aínda que nós medremos ó 4, pois o tempo que imos tardar pode ser un século. E se nós medramos cara a converxencia, supoñendo a un determinado ritmo, e outros que estaban debaixo de nós pasaron por diante e quedamos atrás. Lewis Carroll explica perfectamente na súa parábola, alegoría ou como se lle queira chamar á súa obra. Pero é máis, é que tampouco é certo, porque vostede sacou aquí para contrapor ó que eu aducira, nada menos que algo elaborado polo Goberno Balear, que seica entón merecelle máis credibilidade, fiabilidade –algo do Goberno balear que a verdade eu non o vin pero, naturalmente, dou por certos os datos que vostede deu aquí– pero máis fiabilidade que ó Consello Económico Social español, estatal, ou que ó Instituto Klein da Universidade Autónoma de Madrid, cando o traballo deste instituto, como é sabido, foi valorado para a Fundación La Caixa e o traballo constitúe o Anuario Social 2000 do Estado español. Pero tamén lle merece máis credibilidade que o que di don Luís Suárez Llanos, presidente do Consello Económico e Social, simplemente cando presenta o informe, e que como síntese en rótulos de prensa temos o informe –pero agora non me fá ir, desde logo buscar, o informe e lelo outra vez, xa o lin varias veces–: “O CES constata que a actividade económica é insuficiente para lograr a converxencia”. Polo tanto, tampouco se trata de ver como os datos –porque vostede o diga, criterio de autoridade, o di o presidente Fraga, iso é o que vale, todo o que diga a oposición non vale– aínda que os datos... Iso non funciona en democracia, non funciona en democracia.

Como non funciona o que dixo vostede a respecto do Plan Mega. Teño a fotocopia dunha das páxinas do convenio entre o Ministerio de Industria e a Xunta de Galicia do ano 1996, que se fixo público en abril. Por non prolongarme, por non prolongar a miña lectura nin a miña intervención, simplemente direi, leo uns parágrafos pequenos: “os estudos técnicos” –estou traducindo, está en español, claro– “que serviron de base para a elaboración do Plan Mega fixaban unhas necesidades de investimento de 67.000 millóns de pesetas do ano 1990 para equiparar a calidade do servizo á media estatal. Ata o momento, segundo os datos de que dispón a Xunta de Galicia, realizouse un investimento total de 35.810 millóns de pesetas. Segundo o

esquema seguinte, 32.800 etc. en horas subvencionadas ó 50% pola Consellería de Industria e Comercio, 1.500 millóns en obras realizadas pola Consellería de Agricultura, 1.497 millóns en obras subvencionadas polo Ministerio de Industria e Enerxía ó 40% etc.” E desde aquela deixou de funcionar o Plan Mega.

Di vostede que quere dar unha esperanza clara aos gandeiros, e díxoo hoxe solemnemente aquí. Nós tamén, absolutamente. Díxome –isto si que levaba bastante máis segundas intencións– que eu falei de Marrocos en termos colonialistas e que Marrocos era un Estado soberano. Quen se conduce en termos e actitudes colonialistas é o estado de Marrocos actual respecto da República saharai, e isto está declarado polas Nacións Unidas, non o di o Beiras. Quen é colonialista neste momento é Marrocos, que se nega a realizar un referéndum no Sáhara, un Sáhara do que se apropiou da maneira que vostede sabe moitísimo mellor ca min porque vostede estivo sempre nesa época no Estado, no aparato do poder central do Estado, e que as Nacións Unidas di que a República saharai en principio está recoñecida como tal, e hai un referéndum que Marrocos torpedea e boicotea. E o banco canario-sahariano é unha biomasa que está nas augas de soberanía, de 200 millas desde a costa, da República saharai se chega a facerse o referéndum e resulta que se gaña e resulta que é un Estado, entón a Unión Europea con quen tería que negociar sería coa República saharai, e non con Marrocos. Comprenderá vostede que ese enguedello é un enguedello, moi ben, pero como vostede de súpeto vén aquí e di que eu posicíonome en termos colonialistas ou despectivos respecto de Marrocos, aclaremos as cousas.

Grinlanda –e vou ir rematando–. Non sei se entendín moi ben o que vostede dixo de que se Grinlanda non se podía equiparar a Galiza porque non é simplemente Comunidade Autónoma, senón que formaba parte de algo que sería como unha *Commonwealth* danesa, eu non sei se de aí o que se desprendía é que estaba vostede tacitamente a propor unha *Commonwealth* hispana como fórmula para a relación de Galiza co Estado español. Porque, claro, ¿o problema cal é? Que nós somos membros da Unión Europea, o Estado español é Estado membro, nós temos dereito, como país que está dentro dun Estado que é membro da Unión Europea, e resulta que cando

se fai un acordo con Grinlanda, cotas para os británicos, para os daneses –loxicamente, faltaba máis, eses si que non negocian da maneira en que se negocia aquí– alemáns, franceses, etc. E para vostede o problema é que Grinlanda non é comparable a Galiza porque é como unha especie de Estado independente dentro da *Commonwealth* danesa. Ben, pois ¿que é o que importa? ¿Se podemos pescar, ou non podemos pescar? Vaia vostede dicir aos armadores e ós mariñeiros que o problema é que Grinlanda é independente, igual se fan independentistas, que non é a teoría do Bloque.

A onza brasileira. Non coñecía, non, aprendina, a anécdota ou o conto. Pero ¿quería vostede dicir –xa que se trata dunha fábula– digamos, os contos deste tipo son como as fábulas– quería dicir vostede que os sectores productivos galegos están na situación do brasileiro asediado pola onza, onde non había árbore, nin tobo para meterse, que polo tanto nós aquí estamos co problema ese como o brasileiro? Porque entón o problema non é que o outro lle dixese: “oia amigo, ¿ti es amigo meu ou da onza?” ¿Non? En todo caso preguntarlle a vostede: ¿e vostede é amigo noso, dos galegos ou da onza que nos asedia, que é a Unión Europea? Senón que resulta que aquí o problema é que non temos nin a árbore para subírnos, nin un tobo para meternos, é dicir non temos defensa fronte a agresión aos nosos intereses.

Se un goberno de Galiza esa é a convicción profunda que ten ante os problemas, ¿con que moral pode defende-los intereses e os dereitos dos sectores productivos dos cidadáns cando colisionan –xa non digo agredidos– cando colisionan? Porque o poder político está para iso.

Remato, porque non dá para máis. *A Galiza posíbel* escribiuna don Carlos Mella Vilar. A alusión que fixo ao concelleiro do BNG de Touro pasáronlle mal a nota, non sei se malintencionadamente para que vostede fixese unha gaza, ou non, por simple erro: cando fixo a alusión pola incineradora das vacas tolas, en Touro a corporación municipal votou por unanimidade a aceptación de que se puidese instala-la incineradora alí. Quen se opuxo foi o alcalde de O Pino, que, curiosamente, non é do Bloque, é do Partido Popular. A ver se o informan ben do que pasa na súa casa política.

Tamén lle explicaron mal o que eu dixen do Crédito Público, porque vostede dixo desde aquí que non, que vostedes consideraban que o Igape era moito máis eficaz que un Instituto de Crédito Público. Porque eu non dixen aquí que o Instituto de Crédito Público fose substituír ó Igape, porque non podía ter esas funcións. E outra cousa: logo fixen unha consideración ó remate da exposición do noso punto de vista sobre as institucións de política financeira existentes, simplemente dixen: non debemos descartar, polo menos estudiarse si, o conxunto desas institucións, non o Instituto de Crédito Público, ó parecer non existe, e que se crease e o que é, pero as outras remodelalas nunha institución de conxunto que se chamaría Instituto Galego de Desenvolvemento, non o Instituto de Crédito Público Galego.

Por certo, vostede mencionou a Hayek, e eu preguntoulle o paradigma de Hayek sobre o funcionamento da economía, a teoría de Hayek, como se lle queira chamar as teorías de Hayek, ¿en que país funcionan? O modelo de equilibrio xeral de Leon Walras ¿en que economía de todo planeta, vivo Walras, morto Walras, funciona? A teoría do equilibrio parcial de Pareto ¿en que realidade económica funciona? Ou a “man invisíbel” de Adam Smith e a teoría da competencia pura e perfecta ¿onde funcionan?

Remato, señor presidente da Cámara, reitero o meu agradecemento ó presidente da Xunta por ter intervido, e só para rematar quero dicirlle –ou informalo porque non sei se o informaron–, xa que tamén non digo que descualificou, pero criticou duramente a iniciativa que está en curso, procedente dos medios profesionais do xornalismo, para que haxa unha iniciativa popular de reforma da actual lei que regula a Compañía da Radio e Televisión pública galega, e dixo aquilo de que se ó director o iamos elixir no Parlamento, ben, do que se trata é de que esa reforma –polo que eu vin nos papeis que se fixeron públicos desde a rolda de prensa, a partir da rolda de prensa que fixeron os propios interesados da iniciativa– e que do que se trata é dunha reforma para garanti-lo pluralismo, o axuste á realidade do país e todas estas cousas e o control parlamentario desde o principio. Pois quero dicirlle que desde o Parlamento catalán de Cataluña a estas alturas está en curso un proxecto de reforma da lei existente, que está nestes labores neste momento no Parlamento de Cataluña en fase de po-

nencia, e inclúe a elección do director do ente pola Cámara, o que non obsta para que a oposición, concretamente o señor Maragall, anunciase unha moción de censura ó Goberno do señor Pujol. Cataluña está moitísimo peor que Galiza.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Beiras.

¿Grupos parlamentarios que queiran participar no debate? (*Pausa.*)

Ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras polo Grupo Parlamentario Mixto.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Gracias, señor presidente.

Señorías, señor presidente da Xunta, señor candidato, estamos diante dunha moción de censura con tódalas consecuencias. ¿Que quero dicir con isto? É certo o que dicía o señor Beiras, que hai outras lexislacións onde a moción é incondicional. De ser así seguro que a miña intervención sería diferente e o sentido do meu voto final tamén, pero estamos ante unha moción de censura lexislada no noso Estatuto, que é constructiva con tódalas consecuencias, e polo tanto non se recorte o seu alcance. Eu non o farei por lealdade institucional e legal. ¿Que quero dicir con isto? Quero dicir que a moción de censura consiste en que nun acto único hai que substanciar dúas cuestións, nun acto único: a primeira, a crítica ou a censura ó goberno; a segunda, de xeito ineludiblemente inseparable, a presentación dun programa e dun candidato alternativo á presidencia do Goberno.

Así pois, a miña intervención de hoxe en nome de Esquerda de Galicia ten tamén, ineludiblemente, que abordar esas dúas vertentes, e non só por obligación legal ou formal, senón por imperativo político e democrático, é dicir, que na miña intervención temos obriga política de facer –e faremos– unha valoración do Goberno que resulta censurado e asemade temos a obriga democrática de valoralo candidato e o programa que se presenta como alternativa de goberno.

Esa dobre valoración teño que facela e pido desculpas de antemán por eso, pola simplificación á que

obriga o tempo de que dispoñemos, que no noso caso é de media hora, non é indeterminado como foi lexitimamente o do señor candidato.

Primeira, polo tanto: valoración do Goberno que é censurado ou que pretende ser censurado hoxe. Eu voume referir a dez anos de goberno, non só ós últimos acontecementos políticos, que tamén farei. ¿Por que? Porque eu creo que nestes dez anos de goberno é onde están as razóns profundas para censurar, para criticar severamente a este Goberno e para traballar polo seu cambio nas próximas eleccións. Pero é verdade que os últimos acontecementos acabaron de traducir un mal goberno nun aberto desgoberno do país, e polo tanto tamén hai que basear a crítica neles.

Vostede, señor Fraga, fíxolle perder a Galicia dez anos, explicarei por que: dilapidou vostede case 11 billóns de pesetas de presupostos acumulados, 11 billóns de pesetas, pero sobre todo, señor Fraga, perdeu vostede, e fíxolle perder a Galicia, a oportunidade histórica que nos daba un ciclo económico alcista de enorme duración e intensidade, para abordar os estrangulamentos históricos da nosa economía, capitalizar esta, dotala de infraestruturas físicas, tecnolóxicas e sociais, cuxa ausencia é o que impide o desenvolvemento da nosa economía e da nosa sociedade. E o resultado disto ¿que foi? Pois o que eu dixen xa hai tres meses no debate do estado da Autonomía, o resultado desta xestión que dilapidou nesta oportunidade e despilfarrou 11 millóns de pesetas é que despois de dez anos de goberno Fraga, Galicia ten menos progreso relativo –subliño relativo–, ten menos peso económico, ten nulo peso político e menos democracia.

Vexamos estas afirmacións. No ano 1991, xa que vostede deu cifras, Galiza tiña un millón trece mil empregos cando vostede chegou á presidencia do Goberno; no ano 1999, que é onde temos as cifras completas, tiñamos novecentos corenta e un mil empregos, é dicir 75.000 empregos menos que cando vostede chegou á Xunta ¿Perdemos dez anos ou non os perdemos, señor Fraga?

Pero o problema é que no mesmo período de tempo, con crecementos nominais da economía similares en Galicia e en España, en España creáronse un millón douscentos mil postos de traballo, aquí perdemos

no mesmo período co mesmo crecemento 75.000. Isto é a converxencia.

Segundo, non só perdemos 75.000 empregos: é que aumenta a precariedade o mesmo, sobre todo aumenta a precariedade e temporalidade do emprego nas administracións públicas que vostede dirixe, inadmisíble. E aumentaron de forma moi importante a sinistralidade laboral como unha das lacras das nosas relacións laborais e sociais.

En termos de renda, señor Fraga, os propios estudos da banca privada, non da esquerda, sitúan e estiman que dentro de 15 anos a este ritmo, poderemos converxer en termos estacionarios entre o 83 e o 85% da media española e tardaríamos, polo tanto, 60 ou 70 ou 80 anos en converxer coa media española. Ese é o ritmo que imprime vostede ó seu goberno. Non hai polo tanto converxencia con España nin con Europa, nin en termos de renda, nin en termos de emprego, é dicir, non hai converxencia real coa media española. O problema é que temos, como acabo de dicir, menos progreso relativo, porque claro que avanzamos e que progresamos, pero como vostede sabe o progreso mídese con relación ós nosos competidores ou con relación ó noso contorno –como vostede queira–, e para mante-la posición que hoxe temos, no mundo rapidamente cambiante de hoxe, é necesario ir moi á présa, señor Fraga, e para converxer hai que voar. E vostedes van a paso de tartaruga, mentres outros van e camiñan como as lebres. E, polo tanto, temos menos progreso relativo.

Nesta década, no ano 1995, Galicia representaba o 5,8% da riqueza española, do PIB español; no ano 1999 o 5,66% ,é dicir, perdemos peso relativo na riqueza nacional. Neses mesmos anos o emprego galego representaba o 8,6% de todo o emprego español; no ano 1999 representamos o 6,9% do emprego español. É dicir, señor Fraga, en termos de seriedade e de rigor, tamén perdemos peso económico na economía española, despois de dez anos de goberno da súa señoría.

E temos, creo eu, un nulo peso político, señor Fraga. Nas negociacións que vostede protagonizou e tiña obrigación de defender a Galicia nos foros extragalegos, vostede rematou esas negociacións cunha claudicación, o que eu chamei no debate de estado da

Autonomía un “pacto de submisión” para, en favor de intereses pessoais e partidistas, deixar de defende-lo interese de Galicia. Eu xa lle dixen unha vez que vostede foi –despois da intervención de hoxe dubídoo que siga sendo– un líder político. Reaccionario, iso si, pero un líder político. Nunca entendín en virtude de que vostede tiña que subordinarse a ese personaxe chamado Aznar, que como tamén lle dixen, cada vez que o miro, cada vez me recorda máis ó 18 de brumario de Luis Bonaparte. E vostedes tiveron que negociar temas moi importantes para Galicia. Presupostos do Estado: vostedes foron incapaces de facer vale-lo noso peso político. Xa lle din as cifras, no ano 1998 mentres se invertía en España, aumentaba o investimento un 11,4%, en Galicia un 0,40%. O ano pasado perdemos o 29% de investimento do ano anterior en Galicia.

Financiamento sanitario, señor Fraga. Ata o señor Orza recoñeceu que o financiamento sanitario, aí están os xornais, señor Orza, non contemplaba variables como a dispersión e o envellecemento da poboación, polo tanto era lesiva para Galicia. E iso sitúa a Galicia, en termos de política sanitaria, señor Fraga, na cola da Unión Europea en gasto sanitario, o 4,7% do PIB, se excluímos o gasto farmacéutico. E con iso nós non podemos aborda-los grandes retos da sanidade pública nos próximos anos, como son a reforma da atención primaria, o funcionamento intensivo dos hospitais, a dotación de estruturas sociosanitarias ou cubrir os cadros de persoal deficitarios en certas categorías profesionais, porque vostedes están nun proceso de deterioro da sanidade pública. Lenta pero inexorablemente en favor de intereses privados e contra os intereses da maioría, é dicir, lentamente convertendo en mercadorías o que son dereitos inalienables dos cidadáns e das cidadás.

O mesmo coa educación pública, cunha aposta decidida en favor do ensino privado, fronte á necesaria modernización do ensino público.

Pero no financiamento autonómico, tamén pasoulle o mesmo: vostedes claudicaron cun financiamento autonómico que foi lesivo, comparativamente falando –que é como se valora– con outras zonas do Estado. E mesmo pasou co marco de apoio comunitario, señor Fraga, onde vostedes e o propio Consello Económico Social amosan que por non aplica-los criterios que se

aplican, por exemplo, no fondo de compensación interterritorial perdemos máis de 40.000 millóns anuais para este país de fondos europeos, 40.000 millóns anuais.

Ou na pesca, onde estiveron realmente ausentes. É dicir, nos grandes temas do país que vostedes tiveron que negociar, que discutir, en nome de Galicia, vostede abdicou, claudicou e fixo un pacto de submisión por intereses particulares e partidistas en función doutros intereses. O resultado foi extraordinariamente negativo para Galicia.

E menos democracia, si, señor Fraga, hai menos democracia. Temos un Parlamento amordazado, que só funciona a impulso da oposición democrática, que só funciona porque os grupos da oposición estamos estimulando a Cámara, pero do que vostede e do seu goberno depende, esta Cámara estaría en suspenso durante moitos meses, sería un ente decorativo ou ornamental. E non hai democracia política moderna onde non haxa un Parlamento eficazmente controlador do poder e ademais, fíxese o que vou dicir, no que se escenifiquen democraticamente as alternativas de goberno diante da opinión pública.

Menos democracia, porque vostede está eliminando no que pode o pluralismo e a veracidade informativa nos medios de comunicación pública, e sen prensa libre non hai democracia moderna. E vostede está construíndo unha administración que non é transparente, señor Fraga, non só porque constrúe unha Administración paralela, senón porque como paradigma diso, este ano os orzamentos dos 260.000 millóns de pesetas de investimento, o 60% están sen asignar a proxectos e a territorios concretos, son de libre disposición discrecional do Goberno.

É dicir, para facer realidade a teoría de Cacharro, de ir repartindo clientelamente cartos que se dilapidan e nos “escacharran”, señor Fraga.

Polo tanto, nun apurado resumo por imperativo do tempo, repito: despois de dez anos do seu Goberno hai menos progreso relativo, menos peso económico, nulo peso político e menos democracia. Nos últimos tempos este mal goberno, como dixen, transformouse en aberto desgoberno.

Mire, señor Fraga, xa sei que hai imponderables na vida pública, e que hai catástrofes naturais, e mesmo cousas imprevisibles, pero vostedes por acción ou por omisión nos últimos meses déronlle un golpe moi serio ó prestixio do noso país. Por acción: as vacas tolas enterradas en Mesía deron a volta ó mundo e foron o “faima rir” de Galicia ante os nosos competidores que aproveitan esa baza. Foi dantesco, xa dixeran na Comisión, só podía ser descrito o que está pasando estes días en Galicia por xente de talento que eu non teño, como Valle-Inclán ou Buñuel, non coñezo outros que sexan capaces de describilo. E dígolle, sinceramente, que o espectáculo de crise de credibilidade do Goberno é extraordinaria, e que o desprestixio de Galicia no exterior vai custar reparalo. Pero chegamos a un punto tan dantesco, señor Fraga, que ademais hai unha crise política no seu partido, no seu goberno, ¿eh? Crise producta dunha crise social, non dun axuste político.

Mire, o señor Rajoy descualificou á Xunta de Galicia polo que está facendo nas vacas tolas; o señor Baltar denunciou á consellería correspondente, tamén do Partido Popular, presidente da Deputación; o señor alcalde de Ourense, tamén do Partido Popular, prohibe a incineración en Sugasa; e por se faltaba pouco a Garda Civil denuncia o Goberno do señor Fraga. Pero ¿quen lle fa dicir a vostede, señor Fraga, que fa ser denunciado pola Garda Civil? Esta é a situación que está vivindo Galicia, polo tanto é evidente que hai motivos suficientes para a censura severa deste goberno, e non só hai motivos é que é necesario un cambio de goberno nas próximas eleccións, e nós traballaremos arreo porque se produza ese cambio de goberno do que depende o futuro do país. A súa permanencia e a súa intervención de hoxe o demostran: son unha lousa insalvable para que Galicia teña futuro. Polo tanto, esta é a primeira parte ou valoración do Goberno censurado.

Segunda, obrigadamente: a valoración da alternativa de goberno presentada polo Bloque na persoa de don Xosé Manuel Beiras, eu pídolle comprensión ó señor Beiras pola simplificación que teño que facer no tempo que teño.

Tres son as razóns polas que, compartindo os motivos de censura, non compartímo-la moción de censura con candidato e programa alternativo, tres son.

Dúas razóns desas tres son conxunturais, polo tanto secundarias, tales son o momento en que se presenta, iso é discutible, é secundario, non nos centremos aí, quero significalo, a catro meses dunhas eleccións.

A segunda, que eu creo que independentemente da súa vontade, a catro meses dunhas eleccións e desde o pluralismo político que reivindico, non podemos a oposición comparecer unidos votando un programa alternativo e un candidato que, dunha parte da oposición non é nin o noso programa, nin o noso candidato. Pero isto é secundario.

A terceira razón que é de verdade estratéxica ou estrutural, non conxuntural, baséase nas miñas discrepancias –e do meu grupo– co proxecto político que vostede presentou esta mañá. Esas discrepancias eu quero formulalas en catro eixos: discrepancias –que non descualificacións, por se alguén ten a tentación de dicir– que son producta da nosa historia política e que cristalizan hoxe nunhas discrepancias non insalvables, pero en discrepancias. Polo tanto non vou facer na valoración unha descualificación dunha moción de censura e dun proxecto absolutamente lexítimo, senón explica-las discrepancias que me impiden apoialo. Non na censura, senón na alternativa.

As discrepancias co seu proxecto, como con todo o programa, vostede sabe moi ben que son co que se di e co que non se di, nun proxecto de goberno.

Catro son as discrepancias básicas sobre o proxecto, non podo de forma pormenorizada entrar en todo o que vostede propuxo porque ademais en moitas cousas que vostede propuxo estou de acordo ¿eh? Son catro discrepancias básicas:

Primeira, o proxecto económico.

Segundo, o autogoberno e o modelo de Estado, que sorprendentemente non estaba no seu discurso, ó menos explicitamente. Ben, creo que non, xa procurei explicalo.

Terceiro, o proxecto europeo.

Cuarto, as alianzas políticas que ese goberno presidido por vostede tería para acadar os obxectivos estratéxicos que se propón.

Proxecto económico. Eu estou en desacordo co proxecto económico, non con moitos dos formulamentos ou obxectivos que vostede marcou en política económica, pero vostede e eu consideramos que un proxecto económico non é só o enunciado ou a xustaposición de certas reivindicacións ou obxectivos, senón un corpo coherente entre obxectivos e instrumentos económicos financeiros. E é evidente que vostede segue defendendo lexitimamente o que chamamos vulgarmente a soberanía fiscal como produto dun novo modelo de financiamento autonómico. E nós discrepamos gravemente con iso, nós non estamos de acordo nin coa fórmula que se substanciaria finalmente iso como concerto ou convenio –que é igual, hai as dúas fórmulas– porque cremos que é lesivo para Galicia, loxicamente vostede discutirá isto con toda lexitimidade, pero como nós cremos que esa non é a fórmula necesaria para financia-lo país, que non tería suficiencia financeira para aborda-la autonomía financeira e polo tanto a política, moitos dos obxectivos de política económica que vostede propón serían inalcanzables, porque desde o noso punto de vista rompería a coherencia entre obxectivos e instrumentos económico-financeiros. Polo tanto, primeira discrepancia de política económica global, non de obxectivos parciais ou de enumeración de obxectivos, senón dos instrumentos económico-financeiros que poden conseguir eses obxectivos económicos.

Segundo, o modelo de Estado, o modelo de Estado e o noso autogoberno. Vostede sabe perfectamente que o novo presidente da Xunta de Galicia, e se vostede fora o presidente da Xunta de Galicia tería unha gran tarefa por diante nos próximos anos, que é ¿como situar a Galicia, que modelo queremos para Galicia no Estado español? Ou globalmente dito ¿que modelo de Estado queremos para que se recoñezan os plenos dereitos nacionais do país?

Nós presentamos como obxectivo un Estado federal solidario, independentemente dos sorrisos que cause nalgún deputado do Bloque, un estado federal como proceso, que respecte os dereitos nacionais pero que manteña e mesmo reforce os mecanismos de redistribución social e territorial.

¿Como queremos facelo? Porque hai que dicir ¿que queremos?, e ¿como queremos facelo?, para un proxecto de Goberno, que non é un mero acto de de-

bate. Nós queremos facelo partindo da Constitución e do Estatuto, para nós a Constitución non é inmutable, non son as táboas da lei na arca da Santa Alianza, nin o Estatuto tampouco. Pero para nós é unha cousa decisiva ¿por que? Díxeno varias veces, a Constitución non é calquera Constitución, señor Beiras, e vostede sábeo perfectamente, claro: é a Constitución da reconciliación dos españois, non calquera Constitución, a da reconciliación e a primeira que se fai por consenso, efectivamente desde 1812. ¿Que quere dicir isto? Que por primeira vez este país ten unha normas de xogo mediante as cales o 50% da poboación non lle impón ó outro 50% as regras. E por iso calquera reforma –que eu creo que hai que facer reformas– hai que facela con ese consenso, e dándolle continuidade constitucional, como fan os grandes países de estabilidade política. Fíxese, os Estados Unidos de Norteamérica –cos que podemos discrepar en moitas cousas, pero noutras non– teñen unha Constitución desde hai 220 anos, coa primeira emenda, coa segunda emenda, coa cuarta emenda, coa quinta reforma –alí chámase emenda– pero hai un fío conductor histórico que mantén a estabilidade política dese gran país. E o mesmo a Lei Fundamental de Bonn desde hai 51 anos, vostede sabe que tivo unha reforma no ano 1992 e outra no ano 1994 moi importantes, pero segue sendo a Lei Fundamental de Bonn, non hai outra Lei Fundamental de Bonn –digo Lei Fundamental, non Constitución, porque as Constitucións son actos de soberanía, e Alemaña cando fixo esa lei tiña tropas estranxeiras no seu territorio–. Pero é a norma de convivencia do Estado alemán.

Iso é o que eu quero propor cara o Estado federal solidario antes definido. E o mesmo co desenvolvemento do noso Estatuto e do noso autogoberno. Eu quixera saber cal é a súa posición en tan importante tema, se é federal, confederal, etc., e sobre todo a forma. Isto é importante, señor Beiras, non o minimize porque estamos nun acto serio, e eu considero á súa señoría e ó seu partido un partido e un deputado serios, iso desde logo. Esta é a segunda gran cuestión na que nós discrepamos, non co que dixó hoxe, senón co que vén dicindo o Bloque historicamente.

Terceiro, o proxecto europeo. Mire, eu empezarei por dicir o seguinte: creo que ó falar de proxecto europeo dun futuro goberno de Galicia, non “me salgo del tiesto”. Tódolos grandes problemas que hoxe tra-

tamos aquí, pesca, agricultura, cota láctea, etc., sempre falamos de Europa, resumidamente de Bruxelas, polo tanto non me invento eu nada.

Eu vou facer unha afirmación rotunda para que queden claras as miñas posicións, non digo que se comparen: a afirmación é que eu creo que non existe proxecto nacional galego sen proxecto europeo democrático. Non hai futuro dun proxecto galego se non é no marco dun proxecto europeo democrático.

Eu son un seguidor entusiasta dun gran europeísta, que vostede coñece moi ben porque é un dos grandes intelectuais e políticos da esquerda europea, desgraciadamente desaparecido, Altiero Spinelli, que no seu libro último, antes de morrer escribiu un gran libro titulado *Europa, unidade ou decadencia*. Quere dicir, decadencia para Europa e para cada un dos pobos, nacións e Estados que a compoñemos. Ese é o legado dun dos grandes europeístas da esquerda europea, o italiano Altiero Spinelli. ¿Por que digo isto, señor Beiras? Digo isto por que convén que se empece a saber, tamén desde esta tribuna, e sobre todo desde os que aspiran a gobernar, que estamos nun proceso de globalización, aquí díxose. ¿Que ocorre, entre outras moitas cousas, no proceso actual de globalización? Pois que proliferan poderes económicos, financeiros e mediáticos de orixe non democrática, fíxese que digo de orixe non democrática, non antidemocrática, que impoñen os seus intereses ós pobos, ás nacións con ou sen Estado, impoñenlos a todos ós seus intereses. E fan entrar en quebra a democracia e a centralidade da política que é o que se perdeu por este procedemento.

A única forma de combater iso é construír arquitecturas democráticas a nivel do mesmo espacio europeo, para poder controlar, regular e subordinar eses poderes de orixe non democrática ó interese xeral dos cidadáns e cidadás, e é a única forma de poder gozar de recupera-la centralidade democrática e a centralidade da política que hoxe está perdida, é a única forma de revitalizar no século XXI un novo proxecto democrático.

E polo tanto o proxecto europeo, entendido así non como unha suma de cousas, senón como unha estrutura capaz de regular, controlar e subordinar os poderes económicos e financeiros ó interese xeral, non é unha suma de nacións, é unha estrutura políti-

ca federal capaz de exercer-lo poder dun Estado regulador nun ámbito novo. E ese é o proxecto da esquerda democrática, non sei se é o proxecto seu, sinceramente.

E finalmente, as alianzas políticas para realizar isto. Vostede concordará comigo –porque, insisto, eu creo que vostede, estou seguro de que é unha persoa seria– que os obxectivos estratéxicos teñen o seu correlato nas alianzas estratéxicas, un goberno non pode enunciar cousas sen dicir con quen o vai a facer, porque só non o pode facer. Polo tanto, hai que fixa-las alianzas sociais e as políticas.

Eu creo sinceramente que o Bloque ten unhas alianzas absolutamente lexítimas como forza política, eu non poñerei ningunha descualificación nunca ás alianzas políticas que ten o Bloque, pero lle digo coa mesma rotundidade que eu non as quero para o meu país. É dicir, que se vostede fora o presidente do Goberno con este proxecto, non con outro, loxicamente tería que levar polo menos parte desas alianzas ó goberno de tódolos galegos, tería, home eu creo que si, porque quen ten un goberno e quere por exemplo facer un novo modelo de Estado ten que busca-las alianzas para facer ese determinado modelo, legal e constitucionalmente feitas, non digo doutra maneira.

¿Cales son as alianzas que ten hoxe o Bloque para eses obxectivos? Eu tomeime, pode estar vostede seguro, o tempo –que non considero perdido, nin moito menos– de repasa-los programas electorais do Bloque e as declaracións de Barcelona, de Gasteiz e de Santiago, e alí fíxase claramente unha alianza estratéxica e permanente con Convergencia i Unió e o PNV para o modelo de Estado, non digo que únicas, porque sós non o poden facer, pero como alianza estratéxica do Bloque Nacionalista Galego. E na construción europea no seu programa e hai quince días en Santiago escenificábase cales son as súas alianzas para unha nova constitución europea, coas nacións sen Estado. Absolutamente lexítimo. Pero eu non creo que esas sexan as alianzas que lle interesan a Galicia como goberno de todos que, sendo lexítimas do Bloque, eu non quero para o goberno do meu país.

E polo tanto estas son as razóns, non as descualificacións, e a súa señoría sabe moi ben o respecto que lle teño, persoal e ó seu grupo, polas que non pode-

mos votar, nin consideralo a vostede e ó seu partido a cabeza da alternativa de goberno.

Remato, señor presidente, sacando polo tanto tres conclusións políticas claras –claras para min, claro está–.

Primeira: que Galicia necesita un cambio de goberno, non só iso, é perentorio que Galiza teña un cambio de Goberno nas próximas eleccións se quere ter futuro. Primeira conclusión, quede claro.

Segunda: que desde o noso punto de vista –os electores galegos xa dirán outra cousa ou a mesma, iso é unha cuestión deles– desde o noso punto de vista a cabeza desa alternativa, polo exposto, nós consideramos que non é o Bloque Nacionalista Galego.

Terceira conclusión: nós emprazamos á esquerda democrática desta Cámara e o partido maioritario dela a que asuman a responsabilidade para encabeza-lo cambio político que Galicia necesita, e polo tanto o goberno alternativo do señor Fraga.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Guerreiro.

Ten a palabra o señor Pérez Touriño polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señor presidente, señorías.

Subo a esta tribuna e interveño neste Pleno, desde unha posición de responsabilidade e de fonda preocupación. Preocupación e responsabilidade derivadas dunha situación moi complicada que están a sufrir miles de cidadáns e de fogares do noso país, sectores e actividades extratécnicos de Galicia que teñen moi serias dificultades económicas, séntense totalmente desprotexidos e que non teñen a día de hoxe, probablemente, perspectivas de futuro.

Por outra parte, diante da incapacidade da xestión escandalosamente, señor Fraga, ineficiente do seu Goberno. Interveño en nome do Partido Socialista de Galicia, un partido que tivo experiencia e responsabilidade de goberno neste país, dun partido que aspira a volver a tela e que hoxe ten a responsabilidade de go-

bernar e dar soporte a moitas cidades e vilas e pobos de Galicia, entre outras a propia capital onde ten a sede o Parlamento, ou a propia capital desta provincia. Subo, xa que logo e por iso o digo, a esta tribuna desde unha posición que non pode ser outra daquela que consiste en non dar problemas, senón solucións, o meu obxectivo non é acurrallar ó Goberno, nin arre-cantar ó mesmo, nin pasarlle facturas políticas. Paréceme que iso non é o que necesita a actual situación política da cidadanía galega. Este é o momento, ó meu entender, de remangarse, de arrima-lo ombro e de sacar isto para diante entre todos, de estar coa cidadanía e cos problemas da xente, de encontrar solucións e propoñer medidas, de esixir responsabilidades e de axudar para que se cumpran por parte do Goberno.

Non vou facer, polo tanto, e non esperen encontrar en min un balance de totalidade, da totalidade do traballo e do non traballo feito polo goberno de Galicia, que vimos de facelo hai dous meses, a penas tres, no debate do estado da Autonomía, ou que pronto –espero– teremos ocasión de facelo nun debate cidadán, nun debate coa cidadanía á hora de ter que votar, de darlle a palabra ós cidadáns nas urnas.

Isto é o que estamos facer realmente os socialistas desde moito antes de que a Xunta, nin ninguén, dera acuse de recibo da gravidade do problema e do alcance dos mesmos no conxunto da sociedade galega. Por iso hoxe teño que dicir aquí, con toda convicción, que segue, señor Fraga, máis vixente que nunca o programa de quince medidas, as quince medidas urxentes que o meu partido impulsamos, divulgamos, debatemos e explicamos por toda Galicia desde hai tempo. Quince medidas que terei ocasión de defender e de poñer unha vez máis enriba da Mesa do Parlamento e do executivo para tratar de poñernos de acordo para solucionar os problemas dos pescadores, dos mariñeiros, da familias galegas que teñen incerteza e inseguridade. Por iso mesmo, tamén o día 2 de xaneiro, o primeiro día hábil desde que a Xunta procedera ó enterramento ilegal de vacas en Lanza en Mesía, desde Mesía, non desde o meu despacho, desde Mesía, cos gandeiros esixiamos responsabilidades e esixiamos as responsabilidades políticas a este Goberno en nome do meu grupo parlamentario, do meu partido.

Propuña o cese, ou a dimisión, do conselleiro máis directamente responsable daquel fiasco e daquela actuación que pouco tempo despois o propio presidente do goberno Fraga viña a recoñecer no fondo que era ilegal. Ou se non anunciaba –está aí presentada a iniciativa– a reprobación de membros do goberno, a reprobación do propio conselleiro de Agricultura. En definitiva, presentamos unha posición política pegada a resolve-los problemas da cidadanía, que me parece que é a obrigación –polo menos como eu entendo– que neste momento reclama o país.

Señor Fraga, dito isto, vostede sabe que o teño tratado sempre co maior dos respectos, o teño tratado sen introducir nin unha soa descualificación nin insulto respecto da súa persoa e a presidencia que ostenta, o respecto que me merece indubidablemente un presidente dun goberno do meu país, que ten sido elixido co voto maioritario dos cidadáns, respecto –estea vostede seguro– que me seguirá merecendo cando sexa ex-presidente do goberno, mais vostede –dígollo igual, co mesmo respecto– debe ser plenamente responsable e debe asumir a situación de crise xerada no país pola incapacidade do seu goberno e pola súa propia incapacidade política para dirixi-la acción do goberno de Galicia.

A xestión da crise das vacas tolas está a ser tan nefasta, en ocasións tan disparatada e ás veces ilegal, que ten comprometido gravemente o futuro dun sector estratéxico do país, o futuro do sector gandeiro e cárnico de Galicia. Resulta obvio e innegable para todo o país, para os medios de comunicación, para a opinión pública española e europea. A incompetencia e o descontrol do seu Goberno, señor Fraga, é de tal magnitude que ten levado á incertidume, á desconfianza e á inseguridade a gran parte das familias galegas, dos pescadores e dos mariñeiros que non poden faenar, dos comerciantes e autónomos que sofren a discriminación dunha lexislación inxusta, dos gandeiros que teñen hoxe ameazado o seu futuro. Precisamente foi a súa incapacidade para responder, para coordina-la acción do goberno, para prever e intervir a que ten conducido ó país a esa triplete e sumatorio de crises pesqueiras, de efectos do temporal e de vacas tolas, que nos introducen nunha senda e nunha situación extraordinariamente perigosa, por certo recoñecida por vostede, recoñecida por vostede cando asumía que estaba desbordado diante da lexis-

lación e de situacións que non podía facer cumprir e facerlles fronte.

Por iso en segundo lugar, sendo extrema a debilidade da Xunta, a debilidade do noso goberno e sendo este un ano electoral o que corresponde, señor Fraga, é anticipar as eleccións, darlle a palabra aos cidadáns. Xa non chega –na miña opinión, no criterio do meu grupo, do meu partido– con facer un debate parlamentario. Estamos diante dunha fonda crise económica, social e política e o que corresponde é abrir un debate cidadán, señor Fraga, o que corresponde é darlle a palabra ós cidadáns, abrir ese debate na cidadanía, que voten, que vaian ás urnas e que establezan a censura, se o estiman necesario e pertinente, co seu voto. Porque o que se necesita polo ben deste país é que canto antes teñamos un goberno forte, un goberno novo, un goberno con capacidade de afrontar e de confronta-los problemas, un goberno que comece a recupera-lo tempo perdido, en definitiva, un goberno que trate de facer fronte ós retos do presente e ós retos do futuro, que xa está aí.

Pídolle formalmente neste Pleno, señor Fraga, que faga vostede uso da prerrogativa que por lei vostede ten, que faga un uso responsable da mesma, non en función do meu interese, nin do meu partido, nin tampouco no interese do seu partido, que o faga como ten que actuar o Presidente do Goberno de Galicia: no interese xeral do país, que convoque as eleccións e mentres tanto que vostede governe, que realmente poña en marcha tódolos mecanismos de acción, de acción política de coordinación, de concertación co goberno de España, de escoitar á oposición. Todo aquilo que non é capaz ata agora de facer e que o faga ata o día en que verdadeiramente se dea paso a que os cidadáns voten nas urnas. Non pode se-la resposta, señores do Partido Popular, señores da maioría, pedir paciencia ós cidadáns, que poden pedir paciencia á oposición –eu teño toda a paciencia que sexa necesaria, non é un problema de impaciencia, nin miña, nin do meu partido político, créame–, o problema é que non se lle pode pedir cando o país está como está, simplemente que a resposta sexa paciencia ós cidadáns. Non poden ofrecer, señor Fraga, simplemente resignación á cidadanía deste país. Este non é un discurso responsable, non é o discurso que se espera dun goberno que quere lidera-lo futuro, que quere mirar máis alá, que quere dar seguridade e confianza a cidadanía. Non pi-

da paciencia; governe mentres sexa Goberno, terá para iso a nosa cooperación, a nosa axuda, a nosa responsabilidade para poñer medidas e iniciativas para impulsar a acción do goberno, cónstalle que é así, volvereino facer novamente neste Pleno, pero convoque eleccións canto antes. O país non merece que sigamos perdendo o tempo e deteriorando a situación. Se non o fai, señor Fraga, diante da cidadanía quedará claro, para ben ou para mal, que cada día que pase e que se deteriore máis a situación por incapacidade deste Goberno e da maioría existente para dar solucións e alternativas vostede será xa, literalmente, señor Fraga, o único responsable de que, en definitiva, sectores, familia, cidadanía, sectores da actividade económica estratéxicos para ese país, se atopen cada día un pouco peor do que estaban no día anterior.

Na súa intervención, señor Fraga, vostede o formulou de tal maneira que me deixou se cadra máis alarmado do que estaba antes de subir, de empezar esta sesión hoxe pola mañá. Provocou vostede unha seria alarma e unha preocupación máis grande da que tiña, porque vostede na súa intervención eu diría resumidamente que vén de tira-la toalla. Vén de tira-la toalla porque acaba de cualificar de problemas conxunturais e puntuais ós problemas que está pasando a cidadanía deste país. Fíxoo xa o portavoz do Grupo Parlamentario na Deputación Permanente que solicitou o meu grupo, no debate pasado, fixo fundamentalmente dúas cousas o portavoz do seu grupo: dunha parte escudarse na moción de censura para poder xustificar que non houbera debate no Pleno, que non houbera un Pleno extraordinario dedicado ó que hai que discutir neste país, dos problemas da xente e de como solucionar os problemas da xente; pero ademais de escudarse na moción de censura, o seu portavoz dixo que... ben, que en realidade non estabamos diante dunha situación grave, que non pasaba nada serio e importante, que era a oposición, en definitiva, e que houbera algún problema, iso si, no cal vostedes estiveran desbordados.

Mal un goberno o cal demostra o bloqueado e esgotado que está este goberno, señor Fraga. Mal un goberno cando unha situación de crise xeneralizada no país en sectores moi importantes, o único capaz de dicir é que “ben, é que estou desbordado diante de problemas moi ocasionais”. Pero o peor non é iso, o peor é que vostede por primeira vez, vostede –eu a verdade

é que ata agora teño que dicir que non llo escoitara dicir– sae aquí á palestra para dicir no debate, un dos debates importantes, que vostede que non ten competencias, que non ten responsabilidade, que non ten capacidade de reacción, que vostede non é culpable, obviamente, do mal tempo, da chuvia, ou do temporal, que o das vacas tolas lle vén de Europa ou de Inglaterra, que en definitiva, ¿como lle poden pedir a vostede responsabilidades, que non estean a facer cando os problemas veñen de fóra e non ten vostede competencias nin mecanismos nin capacidades de actuación?

Comprendo, señor Fraga, señorías, que vostede se poida sentir frustrado, que vostede se poida sentir neste momento baixo e desesperanzado, pero nesas condicións non pode presidi-lo goberno, é necesario outro presidente e outro goberno. Galicia necesita moito máis empuxe, moita máis enerxía que a que se desprende desa posición política, señor Fraga. Dicia –unha paréntese, pero importante– que comprendo que se sinta realmente frustrado, pero o espectáculo montado polos conselleiros de Agricultura, de Sanidade, de Medio Ambiente, de Territorio, de Economía e Facenda, incapaces de coordinarse e de dar resposta en materia de política de auga, de ordenación do territorio e de concas hidráulicas –señor Cuñía, dez anos de goberno e mire como estamos para palia-los efectos do temporal–. O señor conselleiro de Economía e Facenda, pois ben, fai declaracións sobre o déficit público ou o non déficit público, pero o certo é que non hai unha peseta nin unha capacidade de resposta de verdade suficiente para atender as familias, os comerciantes afectados, os mariñeiros que non poden faenar, a tanta xente que necesita hoxe de alternativas de resposta do seu goberno.

Por non seguir coa lista, o conselleiro de Medio Ambiente que contamina e que non sabemos nin que existe, ou o conselleiro de Sanidade, que desde o *as-pergillus* procura estar calado, ó contrario do que fixo nun principio a excelsa ministra Celia Villalobos de Sanidade.

Ben, comprendo que vostede se sinta frustrado, porque é duro para o presidente do goberno, tendo o que el chamaba antes “Goberno amigo”, que desde Madrid primeiro que o presidente Aznar o que lle diga ós galegos, a tódolos españois, pero a nós de ma-

neira moi importante, é que todo isto son *cositas*, a palabra esta que se fixo magnífica. Pero o das *cositas* ten correlato e o correlato e a implicación é que non hai unha peseta para afronta-los temporais, non hai declaración de zona catastrófica e a nosa xente está tirada, a verdade é que non se é capaz de negociar un novo acordo pesqueiro con Marrocos nin con ningún outro país e estamos retrocedendo. E o señor Aznar vai a Europa e se coloca onde non ten que colocarse, saía coa posición renacionalizadora e rexionalista na Unión Europea de Blair e de tódolos gobernos anteriores ingleses, que defenden o seu interese nacional inglés no seo da Unión Europea, e non é capaz de darlle un enfoque nin á defensa da principal potencia pesqueira deste país que é Galicia e que, por ende, é España.

Nin temporais, nin pesca, e nas vacas tolas chegamos ó límite da situación realmente de insuficiencia política grave. ¿Que fai o presidente Aznar? Dicar que o problema vén de Europa e logo pasarlle a pelota ás comunidades autónomas, a vostede, señor Fraga, dicindo que ben, que este é un problema das comunidades, que el non ten competencia na materia e que ademais o problema o importa de Europa. Pásalle a pelota durante un tempo, mira para outro lado e desde o ano 1996 o Goberno de España, o Goberno do Partido Popular, vota en contra de tódalas medidas de avance e preventivas contra a enfermidade que se dan no seo da Unión Europea. É como vostedes entenden o goberno das comunidades autónomas e da España autonómica, desde a incapacidade para entender que tería que haber un plano de España, un plano de Estado, coordinado co plano que tería que haber en Galicia, e que é necesario coordinar e concertar actuacións. E que España, Galicia, necesita a implicación do Goberno español para resolver axeitadamente o problema das vacas tolas e iso vostede, señor Fraga, llo tería que dicir á cidadanía galega e ó Goberno do señor Aznar, e vostede está calado nos temporais, na pesca, nas vacas tolas... E tamén finalmente nos funcionarios, onde o señor Aznar cando lle empezan a face-las contas, porque se negou a cumprir un acordo e a retribuír e cumprir o acordo retributivo dos empregados públicos de toda España, as primeiras contas que fai por se as moscas é dicir “non, 600.000 millóns correspóndenlle ós concellos e Comunidades Autónomas, eu non quero saber nada disto”. É unha política permanente de deixar tirado o país, de deixar

tiradas as comunidades autónomas e, particularmente, de modo moi singular a nosa.

Comprendo, polo tanto, que vostede teña certo grao de frustración, de preocupación porque á hora da verdade ¿que está ocorrendo con ese Goberno de Madrid, co Goberno de España, coa súa complicidade? Téñoos que dicir, non lle gusta a palabra pero téñoos que dicir: ¿que é o que está ocorrendo? Ben, en Galicia o que temos non é nada disto, non hai implicación, non hai compromiso, o que temos –iso si– estes días o señor Cuña, e o señor Cascos, móstrannos un sarao e unha festa –por certo co diñeiro de tódolos galegos– e temos viarias, maquetas e exposicións, trens virtuais. Mire, os galegos necesitamos compromiso, solidariedade, políticas activas, non trens virtuais, nin maquetas, nin exposicións, nin propaganda a costa do diñeiro dos cidadáns. Hai que dicilo con claridade, señor Fraga, e sei que vostede ten responsabilidade e que sabe o que é ser presidente dun goberno e sei que está frustrado, pero estas cousas hai que saír aquí e asumi-la crítica ou presenta-las alternativas e do contrario non está en condicións e se está demostrando en cada momento que non está en condicións este goberno de levar adiante a tarefa que ten encomendada.

Mire, a situación é francamente alarmante. Cando menos, eu esperaba que vostede tivese a dignidade política, o xesto político, o valor político, a coraxe de saír aquí e recoñecer que efectivamente neste momento hai problemas serios na comunidade. Non estamos aquí por casualidade, non vimos solicitando o meu grupo desde o día 2 de xuño, 4 de xuño, exactamente, ó vir de Mesía, un Pleno extraordinario do Congreso dos deputados, da Cámara galega, perdón, en fin ¿para que? Home, para que se suspendera a excursión e a vacación parlamentaria, é que parecía normal que as súas señorías nos reuniramos todos e puidesemos debater respecto a aquilo que é fundamental. Ben, vostede non admite isto, non lle parece que esteamos diante dunha situación de gravidade e de dificultade seria de moita xente, de moitos sectores pero o certo é que a pesca e o marisqueo, os pescadores, os mariñeiros, as mariscadoras e os mariscadores do noso país hoxe se sinten abandonados, e basta facer o que eu veño facendo e o que supoño que moitas señorías tamén estarán facendo: percorre-lo país, estar a pé de obra, estar no tallo, e escoitar o que lle din directa-

mente os cidadáns que levan meses sen poder faenar e empeza a haber problemas en Galicia serios, señor Fraga. Vostede sabe, na Costa da Morte e moitas costas do noso país hai dificultades para chegar a fin de mes. Na Galicia do século XXI, de niveis de renda e de benestar que vostede nos daba unha cifra, pero lle recordo as súas palabras, os problemas non son de macrocifras, os problemas son os garavanzos e neste momento gran parte dos pescadores, dos mariñeiros do noso país non teñen garavanzos para levarse ó peto. E diante diso un goberno ten que dar un mínimo de compromiso, de seguridade, de futuro e de confianza, e vostede non o está dando.

Se iso ocorre na pesca e no marisqueo e se senten abandonados, con razón, o sector gandeiro e o sector cárnico, que depende da gandería, está realmente posto en perigo. E posto en perigo, gravemente danado, simplemente pola actuación do goberno que vostede preside. O problema en Galicia non é o problema das vacas tolas, que o problema das vacas tolas existe en Galicia, no resto de España e en Europa e estamos en igualdade de condicións diante dun problema –que logo falarei– serio e preocupante. Claro que hai ese problema pero o problema que temos aquí engadido é realmente o derivado da actuación nefasta, totalmente nefasta e inoportuna das súas consellerías, da súa acción de goberno. Os autónomos e os comerciantes séntense desprotexidos diante dunha normativa aparentemente liberalizadora, para introducir competencias, por certo, no sector económico, que ten máis competencias da nosa actividade económica e diante do cal vostede asume cara adiante unha invasión de competencias. Tería vostede que facer o mesmo que fixeron outras comunidades autónomas, interpoñe-lo recurso de inconstitucionalidade, defende-los intereses dos comerciantes de Galicia, dos autónomos, en definitiva, dito coloquialmente, da-lo callo polo país, así directamente, sen máis historias.

Mire, no problema do temporal voume deter un pouquiño antes de pasar ás vacas tolas, no problema do temporal vostede escusouse con obviedades: non provoca as chuvias e os ventos, etc. A verdade é que creo que non ten sentido subir á tribuna para dicir iso, simplemente. Falou desacertadamente de Caldas de Reis, voulle dicir por que: mire, o problema é que a Xunta non se está implicando cos afectados, é moi simple, a Xunta non se está implicando na defensa e

en palia-los danos e os efectos do temporal, e non está axudando nin ós particulares, nin ós concellos afectados e a reacción que está a ter é francamente tardía, señor Fraga, non pode vir aquí a subir e dicirnos que está facendo o inventario. Empezamos en outubro con chuvias e ventos, estamos no mes de xaneiro e resulta que a Xunta segue facendo inventario de danos. Reacción tardía e francamente limitada.

Mire, cando os medios de comunicación informáronme da presentación polo Grupo Nacionalista da moción de censura e do candidato alternativo, eu non estaba no despacho. Aquela mañá, recórdoo perfectamente, estaba en Betanzos, co concello de Betanzos, que viña de sufrir unha grande inundación e cos veciños de Betanzos; pola tarde estiven en Caldas de Reis, co concello de Caldas de Reis e cos veciños afectados. E o alcalde socialista que goberna con maioría absoluta, co apoio maioritario da poboación desde hai moitos anos en Caldas de Reis, expresábase xunto cos veciños afectados unha situación ben distinta á que vostede presenta aquí, dicíame: “mira, Touriño, en Caldas de Reis desde que son alcalde, este Goberno, o Goberno conservador, dez anos no Goberno, non investiu unha peseta en canaliza-lo río, en sanea-lo río, en facer unha política nesta conca hidráulica, en facer nada que permita que hoxe non teñámo-la situación que temos, e agora nos ameaza, anos depois de non ter investido unha peseta, con esa historia da represa”. Pero o mesmo que me dicía o alcalde de Caldas de Reis, acabábamo de dicir pola mañá o alcalde de Betanzos. O señor Lagares, o señor Lagares non no Umia, senón no Mendo neste caso, dicíame: “mira, mira como está o río, a enchenta varre todo. Aquí a Xunta é como se non existise, estamos botados da man de Deus. Nin hai unha peseta de investimento, nin hai política nin veñen os conselleiros nin sabemos do que se está a falar”.

¿Como se van sentir os concellos e a cidadanía se non desamparados e desprotexidos diante desa incapacidade de reacción?

Mire, por certo, en Cambre o alcalde, que tamén coincide que é socialista, por iso falo de responsabilidade de goberno e desde a responsabilidade de atopar solucións, en Cambre o alcalde socialista dicíame outra cuestión moi diferente, dicía: “no noso caso é a presa, é precisamente a presa a que nós está causando

a inundación". Aquelo que vostedes propoñen como solución para Caldas de Reis, dez anos despois de gobernar, e agora se decatan.

Miren, a realidade tena que saber todo o país, é que neste momento dez anos despois de gobernar en Galicia todavía non existe un plano contra as inundacións. Aparece por primeira vez nos presupostos deste ano e, por certo, poderían dicir con que dotación presupostaria. Non hai de verdade unha política da auga, unha política de concas, señor conselleiro da cuestión, que anda vostede facendo favores e prebendas repartindo diñeiro dun lado para outro, pero á hora da verdade, non existe en Galicia de verdade política de ordenación do territorio e unha política que permita paliar os efectos do temporal. Hai cidades de Galicia, Caldas de Lei, Betanzos, Xinzo, Valdeorras, moitas cidades que están padecendo continua e sistematicamente a inundación dos temporais, e non existe un plano especial de actuación. Que menos que exista, señores do goberno, un plano especial de actuación destinado intensa, específica, singularmente a atender os problemas nesas poboacións que, de forma reiterada e permanente, veñen sufrindo problemas.

O tema das vacas tolas é un tema dunha extraordinaria gravidade, extraordinariamente complexo, que merecería non este pleno, senón un pleno extraordinario para falar del. Unha patoloxía de orixe animal, un problema de sanidade animal que se pode converter nun problema de saúde pública a través do seu trasvase á cadea alimentaria, cuxo tratamento e solución pódenos acarretar, e está acarretando se non se ten coidado, importantes efectos medioambientais.

Temos aí mesturados e cruzados unha crise e un problema que ten ámbito comunitario europeo, español e galego, e un problema global que afecta desde un vértice, por así dicilo, que é a saúde pública pero que, finalmente, termina ou pode terminar afectando ó sector gandeiro e cárnico, de forma directísima á alimentación, á saúde se é que non se toman tódalas garantías que impidan a entrada na cadea alimentaria de ningún elemento de risco. E pode ser, de feito está sendo en Galicia, un problema medioambiental se non se é capaz de actuar correctamente.

¿Require que? Unha actuación sostida, concertada, que implique ó poder europeo, que implique ó

Goberno de España e que implique ó Goberno da Comunidade Autónoma. Estamos, señorías, señor Fraga, diante dun auténtico problema de Estado e nin vostede nin o señor Aznar están a altura das circunstancias á hora de desenvolver-la actuación.

No tema das vacas tolas como mínimo cometeu vostede tres erros de gran envergadura. Voulle dicir cales –como mínimo tres–: O primeiro foi de entre 1996 e o ano en curso, o ano 2000: realmente, non asumir nin actuar tendo en conta a normativa europea. Non saca-las consecuencias. O goberno de España –está publicado e é certo– votando en contra e facéndose o agarrado en contra da normativa europea, e vostede desde aquí, incluso no debate de Autonomía, cando lle confeso certo grado de preocupación polo sector gandeiro e como estaba a cuestión, vostede atreveuse a dicir –o 29 de setembro– di no Debate do estado de autonomía que, en fin, as vacas galegas son moi intelixentes e que polo tanto en Galicia non van tolear-las vacas, permítese unha broma desde a soberbia. Eu preguntome e preguntolle ó señor Fraga: ¿que sabía vostede o 29 de setembro respecto á situación da enfermidade en Galicia? Porque o 31 de agosto saltaba un caso, matábase un animal e empezaban a actuar os mecanismos, mecanismos que aquí foron descritos e non quero entrar neles. ¿Que sabía vostede o 29 de setembro? Ou é realmente un auténtico acto de irresponsabilidade pola súa parte, do cal despois non pode pedir excusas, porque tivo oportunidade e medios para poñer en marcha mecanismos de previsión, non de improvisación, diante dunha crise que estaba instalada en toda Europa.

En segundo lugar, o quero dicir tamén, o seu conselleiro, o seu goberno a través del, aceptou a normativa española, foi a unha xuntanza en Madrid e veu dicindo que a normativa que acababa de aprobar eses días –participaba el na xuntanza– o Goberno de España, o decreto do ministro Cañete, do Goberno, parecíalle acertado. Agora ben, cando xorde o problema de Mesía e enterran ilegalmente cometen unha acción disparatada, un descrédito extraordinario para o noso país, a única desculpa que vostede pode dar é que non pode cumpri-la normativa que acababa de aceptar e de alabar.

Polo tanto hai dúas cousas: está claro que vostede e o seu goberno ten un grao importante de responsabi-

lidade por incapacidade de prever, de adiantar problemas, de tomar compromisos.

E finalmente, paréceme que hai un terceiro tema claro para toda a cidadanía: vostede mostrou incapacidade para da-los mecanismos que permitan coordinar a actuación do goberno e dirixir a actuación do goberno.

Mire, nós presentamos un conxunto de actuacións nesta materia:

A primeira, que tería que haber un plano coordinado entre España e Galicia, entre Galicia e o goberno de España.

O segundo, que tería que vostede ter nomeado, ocórreseme, expoñémolo por escrito, está no programa que imos defendendo, a coordinación, como non ten vostede vicepresidente, a coordinación do conselleiro de Economía e Facenda coas consellerías afectadas para realmente ser capaces de facerlle fronte ó problema.

En terceiro lugar, propoñémo-la creación dun centro de información e dunha campaña de información. ¿É que non existen mecanismos hoxe de medios públicos e privados que se poidan concertar para dar información puntual e sosegada á cidadanía e ó sector para que saiba o que teña que facer?

En cuarto lugar un plano de recuperación do sector gandeiro.

En quinto lugar, un comité de expertos científicos e técnicos que asesoren o Parlamento e a propia acción do goberno.

Existen medidas, existen posibilidades de actuar que vostedes, desde a soberbia, desde a deslexitimación da oposición non están en condicións, cando menos ata agora, de asumir e poñer en marcha.

E remato. Miren, voulles dicir –dado que o tempo esváese e estamos necesariamente obrigados a rematar– algo que me dicía o outro día un veciño en Caldas de Reis: “o problema non é só como estamos, que estamos mal, senón pensar no futuro que nos pode vir”. Os gobernos deben achegar confianza e seguridade, é o mínimo que se lle pode pedir a un goberno

e a acción pública e hoxe este goberno perdeu confianza, credibilidade e non achega senón inseguranza e alarma social, moito máis da debida.

Sen embargo, eu creo firmemente que non hai motivo realmente para que a brétema, o desacougo nos inunde e inunde á cidadanía de Galicia. Creo que temos diante unha oportunidade histórica, a oportunidade histórica para min chámase Galicia, chámase España e chámase Europa e chámase ese proceso de globalización que ten aspectos fundamentais tamén de sociedade de coñecemento e de sociedade da información, temos identidade. Temos recursos e temos posición e intelixencia. Non vexo por que non podemos aceptar neste país un cambio necesario, viable e tranquilo, cun novo goberno que devolva a confianza e a seguridade á cidadanía, que teña outra forma, outro talante, outro estilo e outro liderazgo. Por certo, que os medios de comunicación públicos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PÉREZ TOURIÑO: ...remato, señor presidente, dicindo que nun libro –non o digo neste debate, simplemente permítame a autocita– nun libro que recentemente viña de presentar por cidades e pobos de Galicia, *Galicia emprendedora*, teño escrita unha proposta moi concreta, tres puntos, o compromiso e a proposta, compromiso se me toca cos votos do cidadáns liderar este goberno, petición para vostedes hoxe que son goberno: a creación dunha axencia pública como é o modelo alemán derivado do modelo da BBC.

En segundo lugar, creación dun consello galego do audiovisual, que permita realmente face-lo esforzo conxuntado da industria audiovisual e dos sectores interesados, que se converta nun consello realmente asesor dese sector.

En terceiro lugar, a creación do valedor do espectador, unha figura que debe velar pola pluralidade e a calidade informativa. Creo que todo iso é posible.

Remato dicindo que desde o primeiro momento anunciei a nosa abstención na votación do candidato nacionalista como alternativa a presidi-lo goberno. Por certo, a única votación posible neste debate parlamentario. Non creo –dígoo con todo respecto á lexitimidade de actuación– non creo nos xestos inútiles e

sobre todo que se saben inútiles desde o primeiro momento.

Non me pidan que vaia en contra das miñas conviccións e como conclusión hoxe diante deste Goberno esgotado o único que cabe dicir é que goberne, governe por favor, e convoque eleccións canto antes. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Ten a palabra o señor Suárez Canal polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, señoras e señores deputados.

A censura que, directa ou indirectamente, utilizouse con frecuencia para limita-lo debate nesta Cámara, ou para que se produciran momentos adecuados para o poder, é hoxe usada en forma de procedemento excepcional de moción, presentada polo noso grupo, para devolver parcelas de liberdade, para provocar ese debate, para que o Parlamento, en fin, estea en sintonía coa problemática real, sexa, en definitiva, reflexo da sociedade que o elixe e das súas inquietudes e demandas. E este procedemento que o BNG como autor apoia na forma, no fondo e no candidato, é a resposta á situación de excepcionalidade que se produce nos dous poderes básicos do noso país: o lexislativo, é dicir, o Parlamento, e o executivo, é dicir, a Xunta e o seu presidente, e as consecuencias que diso se derivan e que inciden na problemática e na vida das nosas xentes en momentos difíciles.

No Parlamento de Galiza, provocado por unha utilización perversa da maioría absoluta, prodúcese a situación de excepcionalidade que derivou en converte-lo nun apéndice do poder executivo, de auténtico motor do sistema democrático converteuse nun intermitente que se pretende encender e apagar desde o Goberno co seu piloto, o señor Fraga. Todos os mecanismos para intentar que o presidente Fraga compareza resultan baldíos ante unha soberbia covarde do poder executivo.

Hai uns días, producíase pola mañá a dimisión dun ministro do Goberno británico e esa mesma tarde o señor Tony Blair daba explicacións na Cámara dos Comúns. Nos parlamentos do Estado hai sesións pe-

riódicas de control ó executivo no que comparece o presidente do Goberno, en todas as comunidades do Estado ocorre o mesmo. Pero Galiza con Fraga é diferente: aquí as normas, os hábitos democráticos si que están sometidos a censura e teñen unha interpretación restrictiva. O señor presidente da Xunta comparece todas as semanas, polo menos unha vez diante dos medios de comunicación, pero no Parlamento –que teoricamente é a encarnación da soberanía popular– o señor Fraga non compareceu ata hoxe. Para un gobernante que fai da propaganda a súa razón de ser, o importante é a presenza nos medios de comunicación e non no Parlamento, pero para un gobernante de conviccións democráticas profundas deberían ser compatibles ámbalas dúas. Convén lembrar, ademais, que este Parlamento é quen inviste ó señor Fraga presidente e quen ten obriga legal de controla-lo exercicio do poder e quen ten obriga de pedirlle responsabilidades.

Ben, o señor Fraga, para falar de asuntos da súa responsabilidade como máximo representante do executivo, non comparece. Pasa da institución que encarna a soberanía popular, ou dito doutro xeito máis rotundo, pasa da soberanía popular. Utiliza cando consegue a maioría absoluta e despois aparca durante catro anos. ¡Pintoresca concepción da democracia e do exercicio da política! Desprezo, pois, polo Parlamento de Galiza. Pero esta situación enormemente anómala vese acentuada por unha actitude do grupo que sustenta o Goberno de prestarse a converter esta Cámara nun organismo ornamental e inútil. Moitos debates necesarios ou non se producen, ou acontecen cando non teñen relevancia social ou, o que é peor, cando é moi difícil modifica-lo rumbo das cousas para poñerlles remedio.

Este feito que afecta a un dereito substantivo, pretende ocultarse reiteradamente aludindo a que no Parlamento se producen cantidade de comparecencias do Goberno en multitude de preguntas. Efectivamente, isto é así, pero debido a que a oposición busca mecanismos para que os temas se debatan, pero polo boicoteo do executivo e do grupo maioritario, moitos debates de relevancia prodúcense de xeito extemporáneo. Nesta lexislatura lévanse solicitado a celebración de máis de 10 Plenos extraordinarios monográficos para tratar problemas conxunturais que afectan á vida dos nosos homes e mulleres. Ningún

deles foi concedido. Polo tanto, excepcionalidade absoluta no mesmo corazón do sistema democrático. O que debería se-la seiva, o combustible para aborda-lo problema e conforma-la vontade da sociedade sobre os mesmos a través dos seus representantes, está convertido no maletreiro para recolle-los paquetes que vostedes están dispostos a enviarnos, señor Fraga. Excepcionalidade tamén no Goberno, é dicir, na acción da Xunta. O Goberno, o exercicio do poder e a permanencia nel, nunca pode converterse nun fin en si mesmo, esa concepción degrada a acción política; o Goberno debe ser un instrumento ó servizo dun proxecto de transformación social, debe ser unha panca ó servizo do interese colectivo, debe, pois, moverse baixo unhas liñas de acción política que se concretan despois na xestión diaria. Lonxe diso, o seu Goberno funciona como unha xestoría, unha sucursal, que administra cuantiosísimos recursos, pero que carece de dirección e ideas propias, e cando estas se lle queren subministrar no propio Parlamento tampouco as acepta. Claro, con este panorama de funcionamento nas dúas institucións básicas do país, a mecánica de Goberno que se traduce no día a día, torna a ser realmente alarmante cando chega unha problemática especial e difícil.

Mentres isto non ocorre, a intoxicación propagandística consegue ás veces poñer unha venda nos ollos da cidadanía, pero cando as circunstancias son difíciles, nin así. Pasou xa no pasado en diversas ocasións e volveu pasar e está a pasar na forma de xestionar situacións políticas e socioeconómicas que, sen ser orixinarias de Galiza nin produto da propia acción do Goberno, puxeron ó descuberto unha manifesta incapacidade da Xunta para xestionar-las crises.

Conclusión, pois: situación excepcional no Parlamento, non Goberno e, polo tanto, incapacidade, e produto diso non estar á altura das circunstancias para xestionar-la problemática do país. A inefable xestión das crises é produto destas premisas.

Quen xera esta situación de excepcionalidade é a utilización prepotente e soberbia dos mecanismos do poder, converte-la maioría absoluta nunha maioría esmagante, e a carencia dun proxecto político que permitise utilizar-las dúas institucións básicas do país, a Xunta e o Parlamento, para os obxectivos básicos para os que foron creadas: estar ó servizo, ser canle de ex-

presión e defender-los intereses de Galiza. Os vicios de prepotencia e soberbia que nós xa tiñamos observado no pasado desde a chegada ó poder do señor Fraga, acentuáronse nos últimos tempos. Conseguida a maioría absoluta polo seu partido tamén en Madrid, coa maioría absoluta en Galiza, nas deputacións, e co control dunha parte importante da sociedade a través dos “chiringuitos” que teñen montados, as tentacións de usar-lo poder de forma sectaria e ás veces totalitaria, acentúanse defectos que nós xa padecemos no pasado e incrementáronse no presente.

Teñan vostedes en conta que a democracia debe ser un sistema de equilibrios de poder, de contrapesos. Cando unha forza política como o PP acumula tal grao de poder, as derivacións que levan ó desprezo dos órganos onde debería residir-la soberanía popular están á orde do día e, desde logo, iso convén corrixi-lo canto antes.

Neste Parlamento temos que padecer como se despreza unha parte da sociedade galega. O Parlamento é un órgano de debate, de diálogo, ás veces de consenso, de contraposición de puntos de vista para chegar en algunhas ocasións á síntese, é unha institución de impulso onde a maioría ten o papel básico e lexítimo de soporte da acción de Goberno, pero a oposición debe ser respectada nos seus dereitos como contrapeso e conta-las súas propostas, ideas e opinións para contribuír a configurar-la vontade colectiva; se non se fai así, sobran o Parlamento e o sistema parlamentario.

Cando nun debate dos orzamentos de Galiza, dos centos e centos de emendas da oposición ningunha é considerada polo Grupo maioritario; cando no debate de política xeral, das decenas de propostas da oposición, ningunha merece ser tida en conta polo executivo; cando ó longo destes once anos da era fraguiana –por utilizar un símil de Huxley–, iniciativas de impulso en positivo e con propostas e solución presentadas polo noso grupo, que teñen que ver con sectores productivos básicos, sobre o comercio, sobre a ordenación territorial, sobre a desertización do rural, para corrixi-las tendencias demográficas, para completar ciclos productivos, para producir un crecemento equilibrado, para mitiga-lo problema do paro, para mellorar-la calidade do ensino e doutros servizos públicos e sociais, para defender e restaura-lo noso patrimonio,

para impulsar unha política cultural que mereza o nome de tal, para recuperar usos do idioma, para impulsar medidas efectivas tendentes a conseguila igualdade social de homes e mulleres, para conseguir peso político en instancias onde se dirimen intereses nosos, para acadalo rango competencial que nos permite desenvolver unha política propia, e así seguido, caeron en saco roto, non foron tidas en consideración. E na maioría dos casos, señor Fraga, non tiveron como contrapunto outras alternativas diferentes propostas pola Xunta. Se non hai nación, estamos ante unha forma de face-las cousas absolutamente sectaria.

Utilízanse os mecanismos de Goberno, non para un proxecto colectivo, non para o conxunto da sociedade, senón para permanecer no poder. Converten así a política na arte de utilizar mellor os resortes do poder para perpetuarse no mesmo e, desde logo, niso temos que recoñecer que son vostedes auténticos mestres. ¡Cantas vontades compradas! ¡Cantas conciencias adormecidas desde o erario público! ¡Cantas liberdades mediatizadas pola presión institucional! ¡Cantos recursos destinados a xerar dependencias e vínculos co poder! Esa sociedade que están construíndo, a do pensamento único, a da marxinação do discrepante, a da uniformización das mensaxes, a do trato de favor, esa música, esa sociedade, non nos gusta e pensamos que se pode cambiar.

Este proceder, como vostedes poden comprender, é no plano político claramente censurable e débense pedir responsabilidades polo mesmo, esa é a pregunta que debemos responder neste acto parlamentario: ¿é censurable a actuación da Xunta e do señor presidente Fraga? ¿Debemos pedir responsabilidades para o noso grupo, para o Bloque Nacionalista Galego? A resposta é si, e por iso presentámonos esta moción. Deixémonos de cábalas estratéxicas e argumentos requintados e pensemos que o que fixo o BNG foi facer efectivo a nivel parlamentario e ante a sociedade o mecanismo que lle permite o regulamento para pedir responsabilidades políticas á Xunta e ó seu presidente, nunha situación de crise, nin máis nin menos.

Queremos deixar claro que o xeito de cómo se xestionaron as crises suscitadas recentemente nos temas de encefalopatía esponxiforme bovina, as vacas tolas, a resposta ós danos dos temporais, ou todo o proceso de negociación do sector pesqueiro, non son

máis ca pinga que colma o vaso nun cúmulo de despropósitos na acción de Goberno. A xestión destes problemas son a parte máis notable, a máis recente onde vostedes acadaron límites de ineficacia dificilmente superábeis, como xa se puxo de manifesto aquí. Son a parte visible do iceberg co que tropeizou, nun enxeñoso símil que xa utilizou o señor Beiras, a soberbia do poder do *Titanic* da Xunta. Convén lembrar que a grandeza ou a miseria da acción política se evidencia na capacidade de resposta inciativa nos momentos difíciles, é dicir, en estar á altura das circunstancias, cando o vento non vén de popa.

O BNG, que quere gobernar este país neste intre en que era necesario un aldrabonazo político como primeira forza da oposición, pensamos que estivo á altura das circunstancias, do que mesmo unha parte importante da sociedade demandaba; outros, eles saberán. Vostedes como Goberno –e lamentamos dicilo, porque de vostedes depende a forma de vida de moita xente e do que fan– deron unha impresión penosa. Non me referirei á xestión da crise das vacas tolas, ó tema da pesca, e ó tema das enchentes porque xa se trataron aquí polo miúdo. Simplemente dicirle que no tema das vacas tolas, antes do tema e despois demos iniciativas por activa e por pasiva que pretendían conxugar as vontades desta Cámara, para solucionar e poñer as bases da solución do problema. E vostedes, como sempre, fixeron oídos xordos ás iniciativas que se presentaron nesta Cámara e cos danos das enchentes ocorreu tres cuartos do mesmo. Cando estamos sufrindo o enésimo temporal, a parálise inicial foi tan patente que mesmo a presenza dun senador do BNG fixo que se adoptasen iniciativas sobre os danos en Galicia no Senado, antes de que a Xunta movese un só dedo. E novamente, as iniciativas que lle presentamos pola oposición nin sequera mereceron ser consideradas e eran iniciativas para actuar de inmediato, para avaliar os danos, para poñer recursos. Todo iso parece ser que non ten consideración para o señor Fraga. A xestión política que vostedes fixeron contrasta coa que se fixo noutras comunidades que padeceran hai pouco danos das enchentes e que a día de hoxe teñen practicamente resoltos os problemas básicos de infraestructuras. Vostedes practicamente seguen parados na inactividade. No sector pesqueiro foron incapaces a día de hoxe de presentar unha soa iniciativa diante desta Cámara que signifique un intento de solución positiva nos conflitos. Coma sempre, a

culpa é dos demais que xeran alarma, pero os mariñeiros, as súas familias, os armadores e os sectores derivados viven con “zozobra” a inoperancia da Xunta.

Esos tres problemas, son efectivamente, a parte visible do iceberg, pero con ser graves, porque afectan ademais da seguridade alimentaria a dous sectores básicos necesarios para estruturar unha economía productiva con futuro, e que serían suficientes para avala-la presentación dunha moción de censura, son o aspecto máis recente dun proceso acumulativo de des-goberno.

Convén pois, para fundamentar aínda máis o noso apoio á moción de censura, o feito de que presentáramos analizar a parte somerxida, é dicir, cómo se leva gobernado nos once anos presididos polo señor Fraga. Necesariamente teño que facelo lembrando algunhas das claves que xa expuxemos no debate de política xeral.

Fagamos, pois, un balance dos indicadores máis salientables da acción da Xunta, e esquecéndonos de converter, como fai vostede frecuentemente, a anécdota en argumento político, unha cousa que se fixo hoxe tamén desde esta tribuna por parte de vostede, señor Fraga. E como o rigor intelectual e político reclama, a avaliación ten que ser non de resultados absolutos, senón relativos.

É importante analiza-la acción de goberno referida a un marco territorial e temporal, e tendo en conta os recursos públicos manexados, e analizar cómo evolucionaron os indicadores básicos en Galiza e cómo fixeron os mesmos indicadores no contexto territorial no que nos movemos, porque non convén esquecer que o señor Fraga leva gobernando practicamente once anos, que se di pronto. Once anos deberían ser suficientes para calquera gobernante democrático, para completar un proxecto de Goberno. Se non foi quen de completalo, ou é un incompetente ou carece de proxecto ou as dúas cousas.

Así pois, sen entrar en moito detalle, sen fixarnos nas anécdotas, convén saber cal era a situación de Galiza cando Fraga chegou á Xunta e cal é a situación actual e comparar, *grosso modo*, a evolución nese mesmo período no contexto no que nos movemos. Cando se administran, como xa se dixo, 11 billóns de

pesetas de hoxe, a presentación como balance dos quilómetros de asfalto, dos polideportivos, dos teléfonos ou das (...) non deixa de se-la confirmación de que se carece de liñas mestras no plano político que marcaran a orientación da acción de goberno. A anécdota pode se-lo resultado final da acción de goberno, pero cando se utiliza como argumento central, o que se está producindo é unha pantalla para que os grandes indicadores non aparezan con rotundidade diante da cidadanía.

Con 11 billóns está claro que se fixeron algunhas cousas –faltaría máis– pero o que hai que avaliar é se nas cuestións nucleares se fixo o que podíamos ter feito, e cómo evolucionaron os mesmos parámetros no noso contorno. Non é necesario facer unha análise detallada tendo ademais en conta que xa se referiu a esto o señor Beiras nos aspectos máis relevantes. Simplemente, lembrar algúns indicadores elocuentes:

O señor Fraga chega á Xunta de Galicia sendo Galicia rexión europea obxectivo número 1, por ter renda *per cápita* inferior ó 75%. Hoxe seguimos sendo rexión obxectivo número 1 e a renda está situada en indicadores similares ós de 11 anos. Noutras zonas do Estado foron quen de cambiar eses parámetros. No terreo do dereito ó traballo, cando vostede chega ó Goberno da Xunta en Galiza por cada 100 ocupados, había 124 inactivos e parados; e no ano 1999, por cada 100 ocupados, 148; no contorno estatal as cifras levan precisamente ós mesmos datos, pero en sentido contrario. Hai que ter en conta que, de seguir esa tendencia sen modificación nos indicadores sociais e laborais, estamos condenando no futuro á indixencia e á marxinação a moitos homes e mulleres galegas.

No terreo demográfico, alén de literatura barata e palabras bonitas, as tendencias acusadas á desertización, acentuadas, están á vista.

No terreo da definición dun modelo de acumulación que poña en valor o que serían os sectores estratégicos para aproveita-las nosas vantaxes comparativas, simplemente unhas pinceladas:

No sector lácteo, chegaron vostedes coa intención programática de crear un grupo lácteo galego, e nestes once anos Galicia foi perdendo peso e capacidade de decisión e na actualidade practicamente non ten ningunha incidencia estratéxica no que é o complexo in-

dustrial lácteo. Neste período, nin sequera foron quen de incrementa-la transformación de derivados lácteos que producen valor engadido no noso país. Claro que a incapacidade para deseñar unha política que vertebre a economía e complete ciclos productivos noutros terreos, está á vista.

Outros dous sectores básicos para Galicia: o complexo agroindustrial gandeiro e a pesca, xa comentamos aquí e xa se comentou hoxe a situación que atravesamos.

No sector enerxético, son incapaces de presentar un só logro de enxundia política para valorizar ese diferencial positivo de produción que nós temos. Neste período Galicia perdeu capacidade de decisión no sector e levamos moitos anos padecendo as externalidades negativas de ser unha zona productora, sendo incapaces vostedes de conseguir medidas compensatorias que redunden en beneficio da sociedade galega. Como argumento, hoxe temos que escoitalle ó señor presidente que o problema é que somos deficitarios en petróleo, pero iso ocorre en todo o Estado español, sen embargo en produción enerxética, que somos claramente excedentarios, vostedes non son quen de valorizar eses recursos.

Hai uns días —e xa se referiu a ese asunto tamén o noso portavoz— era a Fundación La Caixa quen puña enriba da mesa outro balance contundente para desautoriza-la acción do seu Goberno. Nos indicadores do benestar das provincias do Estado español sobre 50, tódalas galegas están por debaixo da media: postos 31, 36, 47 e 49. Ler eses datos de fundacións nada proclives ó nacionalismo galego despois de once anos de goberno, serían para enrubiar a calquera gobernante con decencia política. O presidente provincial do seu partido dicía o outro día que Ourense tocaba fondo. ¿Quere censura máis evidente que esa, señor Fraga?

No terreo das infraestruturas ¡que dicir do ferrocarril! O transporte intermodal por excelencia nun país como o noso, a infraestrutura a modernizar para contribuír a un desenvolvemento equilibrado, está hoxe nos mesmos parámetros que cando vostede chegou ó poder no ano 1999. Na propaganda é certo que as cousas preséntanse distintas, pero na realidade, salvo

algún material rodante que se modernizou, a situación basicamente segue igual.

Señor Fraga, a propaganda pode servir para enganar os que non usan o tren, pero en once anos nos que noutras zonas do Estado se investiu en obras estruturantes, repítollo novamente, vostede que inaugura o que se lle poña diante, foi incapaz de inaugurar unha soa obra no terreo do ferrocarril. E desde o ano 1995, aprobado o Plano de modernización no Parlamento galego, infláronse a producir propaganda dicindo que xa estaba en marcha. Máis dun anuncio por semana, que se di pronto, para vender fume. O esperpéntico chega ó seu límite recentemente e para tapa-lo fracaso da chamada por vostede “lexislatura do ferrocarril”, e sen a penas resultados positivos, a inflación propagandística roza xa o ridículo. Inaugura vostede unha maqueta, pídelle ós Reis un desexo e o Rei Melchor Cascos e o seu paxe Mustafá Cuíña regálanlle, aínda que cun pouco de atraso, un tren eléctrico e un *scalextric* que, por certo, pagamos todos.

O AVE existe na propaganda pero na realidade, a vostede na súas relacións co Goberno central o único AVE que lle interesa é o “ave Cesar” é dicir, render pleitesía. Pleitesía que se fai patente no conflito de intereses de sectores galegos que vostedes non defenden cando poderían, o comercio, a pesca, os montes veciñais, o trato orzamentario, etc. Dúas pinceladas máis no plano estritamente político e do exercicio do poder propiamente dito.

Respecto da concepción do poder, practicamente ninguén pensa aínda entre os seus votantes que o trato ós cidadáns é hoxe máis igualitario, que se desterroa a recomendación, agora seica a chaman, utilizando unha terminoloxía máis moderna, “activa-la rede de contactos”. O caciquismo da relación directa substituíuse polo caciquismo de deseño da rede clientelar para o control social, a desprofesionalización da función pública onde se estimulan métodos de progreso claramente baseados na afinidade polo poder. E así seguiu.

No plano político, partindo vostedes dunha situación política de ser recollidos na Constitución como unha das tres nacionalidades históricas que deron orixe ó Estado das autonomías, ¿cal é hoxe o peso institucional do noso país despois de once anos de

Goberno Fraga? ¿Correspóndese sequera con ese papel? Existen hoxe, señor Fraga, e vostede o sabe, autonomías que partindo dunha situación non de nacionalidade histórica, modificaron mesmo os seus estatutos e teñen máis peso institucional que Galiza. Fagan os señores e señoras deputados un repaso mental e agás as uniprovinciais e algunha outra por razóns obvias, o peso político das demais é superior a Galicia. É dicir, este Goberno degradou o noso peso institucional.

Poderíamos non ser tan críticos se as responsabilidades existentes fosen limitadas, se o noso país non dese para outra cousa, se as circunstancias impedisen a modificación da base material. Pero a realidade é que as circunstancias, o país, os recursos, os seus homes e mulleres, a súa creatividade, a suá imaxinación, o seu traballo dá para moito máis, señor Fraga. Daquela, a necesidade de producir un aldrabonazo político, estar á altura das circunstancias, é esa virtualidade da moción de censura.

Nós concluímos que é censurable a acción política da Xunta, que é necesario pedirlle responsabilidades e ante o obstruccionismo e o boicoteo doutros mecanismos parlamentarios, vémonos hoxe obrigados a facelo recorrendo á moción de censura. Reflectimos con normalidade e responsabilidade no Parlamento o que a nivel social é unha demanda clamorosa e alén da aritmética parlamentaria, a moción de censura, ten virtualidades evidentes: primeiro, produce no Parlamento un debate para esixir responsabilidades políticas ó executivo e ó seu presidente, é dicir, converte ó Parlamento no centro da actividade política, recupera parte da súa dignidade e reflicte nos seus debates unha problemática social hoxe existente, hixiene democrática elemental.

Segundo, os cidadáns de sectores que hoxe están padecendo as consecuencias da situación de crise, comprobando que a súa problemática ten reflexo e preocupación no órgano que debería encarna-la soberanía popular.

Terceiro, seguramente por primeira vez nos últimos anos, e nos últimos tempos, a Xunta e o seu presidente ven de forma contundente baixados os fumes da soberbia e prepotencia no uso do poder. En defini-

tiva, evidénciase que son un xigante con pés de barro, e iso a pesar dos capotes que lle botan outros.

Cuarto, abriu xa para hoxe e para o futuro un horizonte de esperanza na posibilidade dun cambio político, un cambio de rumbo, a esperanza en modificar, como xa dixeran, a derrota e utilizo este termo non no sentido marítimo, senón social. Foi quen de espertar da resignación a sociedade, que percibe que as cousas poden facerse doutra maneira.

Quinto, está producindo unha reflexión colectiva sobre as necesidades e as posibilidades de cambiar de política. Hoxe aquí tamén se está producindo esa reflexión. O BNG ante a situación de ausencia de liñas políticas definidas para o conxunto do país e a carencia dunha acción de goberno que abordase con serenidade e seriedade os problemas conxunturais, non se pode instalar na rutina de agardar, pode ser que ata nove meses, a que se celebren as eleccións, seguindo ademais con este mormo político.

O BNG adopta a decisión que ten nas súas mans para producir un golpe de temón político ¡e vai se o conseguiu! Seguramente haberá un antes e un despois do proceso desencadeado pola moción de censura. É tan evidente que significou un punto de inflexión político que o presidente viuse obrigado a dimitir a un conselleiro, a pesar de seguir empeñándose en dicir que todo estivo ben e que non hai crise. Hoxe está dando contas aquí das súas responsabilidades políticas, un presidente que se negou reiteradamente nesta lexislatura a comparecer. Nos problemas conxunturais, e cando menos de cara á galería, xa se viron obrigados a cambia-lo paso, ata crearon unha comisión para o tema das vacas tolas, que se negaron a crear no seu momento cando foi demandada a primeira vez que compareceron neste Parlamento.

O resultado da votación da moción xa sabemos cal vai ser, xa o sabe a sociedade galega, xa o sabía o BNG cando a presentou, pero o resultado político é que convenceu á sociedade, sintonizou con ela, modificou o rumbo político e o propio Partido Popular e o señor Fraga, aínda que digan o contrario cos seus feitos, evidencian que acusaron o golpe ¿Acaso queren argumento máis contundente da importancia política da moción que o dato de que o PP e a Xunta utilizaron tódolos recursos ó seu alcance para impedir que a

proclamación do señor presidente Fraga como candidato, é dicir, nun acto partidario, se vise empanada cunha moción de censura posterior? É dicir, recoñecer que a moción fai “pupa” política, señor Fraga. Non pode pedírselle máis utilidade a unha iniciativa que foi quen de producir un cambio de paso político no país e espertar novamente a esperanza de que é posible unha política alternativa. A nosa obriga hoxe por hoxe, como forza da oposición, é non permitir que a resignación política se instale como pauta de conduta —e vou rematando, señor presidente—. A nosa obrigación é sintonizar coa dinámica social que demanda solucións, e nós utilizamos os instrumentos parlamentarios ó noso alcance. Somos conscientes de que se trata dun envite político serio ó Goberno da Xunta e ó señor Fraga, representa a visualización de que é posible outra política, empeño no que nós sempre estivemos. Precisamente por iso sabiamos que a reacción de quen se aferra ó poder con uñas e dentes ía ser virulenta, pretas as filas e todos os altosfalantes do poder a contraatacar. A reacción practicamente uniforme e carente do máis elemental pluralismo democrático dos altosfalantes do poder para ataca-la moción é o mellor argumento de que acertamos plenamente. Esperabamos, iso si, que quen coincide no fondo coa censura ó poder, e tiña mecanismos para exteriorizalo de xeito que nin sequera...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SUÁREZ CANAL: ...—remato, señor presidente— se vincúlase ó noso candidato, non lle servise de balón de osíxeno. Afortunadamente, o noso pobo ten capacidade de distinguilo fume das pallas.

Señor Fraga, señores e señores deputados, nós estamos empeñados, como a sociedade galega sabe, en poñer en valor o potencial existente, en dinamizar un proxecto de país. Eso precisa outra política distinta que teña o corazón, a cabeza e ós pes en Galiza. Política que en liñas mestras expuxo o señor Beiras. Pero esa política é incapaz de viabilizala o señor Fraga e o seu partido, por iso a nosa preocupación e a nosa responsabilidade é dar alternativas, dar solucións e facer patente diante da sociedade galega os cambios que o país precisa, e o BNG, como principal forza da oposición, aspira lexitimamente a impulsar e nuclear.

Máis nada e moitas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Suárez Canal.

Ten a palabra o señor Pita Varela polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor PITA VARELA: Señor presidente, señorías.

Señor Guerreiro, penso que hoxe tivo vostede unha actuación bastante afortunada, porque foi plenamente coherente co que significa e co sentido que ten a presentación dunha moción de censura e loxicamente manifestou libremente a súa postura. Non puido facer exactamente o mesmo, e lamento que non estea presente o señor voceiro do Partido Socialista, ás veces suceden estas cousas que a cada un gústalle oírse a si mesmo, pero non escoitar ós demais. Seguramente que quedou esgotado de facer ese percorrido do que falaba hai un pouco, pero —si, porque non están moi acostumados a traballar e normalmente lles pasan esas cousas— pero que non está loxicamente —sería un suicidio político por parte do Partido Socialista— que non está de acordo coa moción, pero por se acaso, non se mete moito co Bloque Nacionalista Galego porque á fin e ó cabo, gobernan xuntos nuns cantos sitios e pretenden gobernar Galicia en coalición. Eu adiántolles: vailles custar traballo, pero ben.

¿Quen llo ía dicir ó Partido Socialista Obreiro Español que ían estar propugnado coalicións con grupos radicais de esquerdas nacionalistas, os máis xacobinos do Estado? ¡Que lle imos facer! Esas son ás veces as incongruencias dalgún tipo de política e a debilidade dalgún partido que así está desde hai tempo pagando as consecuencias da súa inconcreción e de non defender o que outros antes, en tempos pretéritos, no seu propio partido si defenderon. Eso si, recordándolles, e non o esquezan, que non todos os da súa casa están de acordo aquí en Galicia coa súa política. Son notorias as manifestacións públicas dalgúns dos seus compañeiros.

Falouse antes, e teño que rectificalo, porque puxeron especial énfase en dicir que gastamos ó redor de 11 billóns de pesetas nos últimos anos. Eu dígolles unha cousa: ¡ogallá! Non foron tantos, quedouse en aproximadamente 7, dos cales, loxicamente, nos sentimos moi orgullosos do investimento e do desenvolvemento do proxecto do Partido Popular, non de vos-

tedes, non do Bloque, nin o que presentou hoxe, póñolle o interrogante, o señor Beiras ante esta Cámara porque aínda non nos decatamos moi ben de cal é o seu proxecto, como veremos dentro dun pouco, á parte dos erros e das equivocacións que numericamente non cabe dúbida que hai que corrixir.

Pero quero dicirlles que nós, ¿como non imos estar satisfeitos do desenvolvemento do noso proxecto que desde o ano 1989 e nas sucesivas confrontacións electorais, e a través do único método que hai na democracia, non no das asambleas, nin no das plataformas, no da urna, onde vai a xente deposita-lo seu voto que cada vez lle deu maior respaldo ó Partido Popular fronte ás forzas da oposición? ¿Que queren, que rachémo-las nosas vestiduras e recoñezámo-los erros por facelo tan ben? ¡Apañados van, señores da oposición, apañados van!

Pero miren, entre outras cuestións que falaron aquí. Catástrofe, a negación absoluta, o Bloque naceu nunha moción de censura. Señor Beiras, ¿recorda vostede que vostedes censuraron a Constitución? ¿Recorda vostede que censuraron o Estatuto de Autonomía aplicado nesta Cámara, e que vostedes se foron desta Cámara por non acata-la Constitución, precisamente non hai tanto tempo, no ano 1981? Porque vostede hoxe saíu como se fose un gran constitucionalista, ¿de que Constitución, señor Beiras? ¿Da que acatan aínda hoxe por imperativo legal moitos dos seus compañeiros, visto que non había maneira de acabar co sistema? Despois recordareille algunhas das verbas súas e dalgún dos seus compañeiros.

O que non se pode vir aquí facer, aproveitando unha moción, é un exercicio de hipocresía absoluta e defender xusto o contrario do que se defendeu, xusto o contrario do que eran os postulados do Bloque Nacionalista Galego e que nós, como a maioría dos galegos, seguimos pensando que son encubertos nunha cuncha de adorno para engano dalgúns, porque da maioría –vólvolle repeti-lo mesmo de antes– vailles custar traballo.

Aquí, entre outras falacias, entre outras barbaridades, modificacións numéricas, para presenta-la catástrofe, falouse de que aquí o paro, aquí o problema... tódolos problemas estaban aquí. Pero dáse a circunstancia de que as matemáticas e os números hai que

manexalos correctamente. E desde o ano 1996, o emprego en Galicia medrou en 82.500 persoas, creceu a produtividade e medrou a competitividade das empresas galegas, incluíndo as que citou esta mañá o señor Beiras, as que tiñan o capital fóra e as que teñen o teñen... Esqueceu, iso si, para o señor Beiras, o Grupo Inditex non existe, o Grupo Gealsa non existe, o grupo... tódolos grupos que hai neste momento, emerxentes, que son moi importantes, non existen. Iso si, esqueceu premeditadamente, quero que saia aquí e se fai o favor que nos diga que pensa de Citroën, que calou, non dixo nada, porque non lle interesa citala. Capital estranxeiro, empresa clave no desenvolvemento de Galicia. Diga vostede o que pensa aquí de Citroën, como empresa con capital estranxeiro, diga o mesmo que dixo hai un pouco esta mañá a respecto destas empresas. Dígaos aquí, se non eu digo que vostede é pouco valente, que é un manipulador ó falar das empresas en Galicia. Medrou a Seguridade Social en 114.000 traballadores, máis de alta, neste momento, que no ano 1996, e descendeu o paro, non todo o que a nós nos gustaría, pero desde o ano 1996 en 32.700 persoas. Que veñan vostedes a falar da catástrofe, ¡home!, non é que estea como nos gustaría –moito mellor– pero indiscutiblemente a tendencia destes anos é a tendencia que hai neste momento recoñecida por tódolos sectores –todos, iso si, menos o Bloque Nacionalista Galego, que non é un sector, é unha fronte de obstrucción– pois tódolos demais si teñen recoñecido que Galicia, como o resto do Estado, está converxendo cara a Europa. A vostedes iso, loxicamente, moléstalles.

¿Por que lles molesta? Porque vostedes naceron para ir en contra do Estado de Dereito como está constituído, da Constitución, do Estado de autonomía. O seu proxecto é outro e por iso non o din, por iso é un acto de covardía sistemática. Saían aquí, hoxe é o día, xa non é o día de falar, non é como un debate do Estado da Autonomía; hoxe é día de falar do seu proxecto, e o seu proxecto é o proxecto que ten que dicir o que vostedes defenderon durante moitos anos, e saben perfectamente cal é, nós tamén, pero non se atreven a saír aquí e dicilo, como nós o dixemos sempre. Somos españois, somos galegos, defendemos a Constitución, defendemos o Estado autonómico, non defendemos ningunha independencia, nin a autodeterminación que vostedes propugnan. Esas son as grandes diferencias que tiñan que expoñer hoxe vostedes

aquí, non vir coas paparruchadas de falar de que se o temporal. ¿Como van falar vostedes do temporal, incluso gravisamente contradicindo o que os seus compañeiros –algún anda hoxe por aquí– dixeron aínda estes días nas reunións que mantivemos tódolos sectores afectados? Concellos, Deputacións, Delegación do Goberno e Goberno de Galicia, todos totalmente de acordo. Aí están xa as primeiras axudas, aí están os acordos. Mañá, non porque hoxe houbese isto, mañá por acordo –dos seus alcaldes tamén– mañá hai unha xuntanza entre a Consellería de Economía e a Fegamp para tomar xa o acordo definitivo para unhas axudas moi importantes cara ós concellos cun adianto importante.

A Delegación do Goberno adiantou xa preto de 1.000 millóns de pesetas. Por outra banda, o outro día no Consello da Xunta aprobamos outra contía de cerca de 5.000 millóns de pesetas do cal dá a sensación de que vostedes non se enteiran. Viven nun país totalmente atípico e soamente atopan os aspectos negativos. Por iso o seu sufrimento é sempre moito maior que o da media dos cidadáns e por iso cando se fala de Galicia fóra de aquí din que somos os máis simpáticos, dos que mellor vivimos, que temos calidade de vida, e, inclusive, que Galicia neste momento é un referente político e social no resto do Estado e en moitos países europeos .

¿De que veñen falar vostedes aquí? ¿As vacas tolas? ¿Queren dicir vostedes que todo isto que safu estes días en tódolos medios –por desgracia, do cal non nos alegramos, vostedes si, porque soamente se alegran do negativo, do negativo, despois falaremos do ferrocarril– pero vostedes esta imaxe das vacas tolas que en Alemaña, hai moita diferenza da que viron aquí? E que esta imaxe dun depósito en Segovia que dicían que era ilegal, que as reses tamén mortas, ¿é algo diferente? ¿É que acaso este depósito que di aquí “ilegal”, que non era o noso caso...? Mal menor, dizen eu, repito, porque o que se estaba a facer en Mesía, que non nos deixaban rematar, era facer un vertedoiro que fora precisamente, se está falando de corrixir e facer enterramentos porque non hai posibilidade para facer e desenvolver todo o traballo que hai que facer. Estano dicindo a nivel da Unión Europea, estano dicindo a nivel do Estado. Isto en Italia, ¿queren ve-la imaxe? ¿É que acaso somos distintos nós dos demais? ¿Por que vostedes pretenderon dicir que en

Galicia era diferente poñendo en grave risco o sector, un dos sectores do que nos sentimos máis orgullosos tódolos galegos como o sector da produción cárnica, e temos a mellor tenreira do mundo? ¿Que pretenden vostedes? ¿A costa de meterse con nós, destruí-los tecidos productivos e os produtos de altísima calidade que temos na nosa terra? ¿É ese o gran proxecto alternativo que ten o Bloque Nacionalista Galego? ¿Apañada está Galicia con persoeiros e sobre todo con políticos para gobernar ou que pretenden gobernar Galicia! Non nos estraña que nos sitios nos que chegan a gobernar, ó pouco tempo –non como nós, que cada vez imos a máis– a vostedes os botan fóra, e se non aí o famoso feudo do Morrazo, Bloque íntegro, pero que á primeira ocasión os botaron para fóra porque acababan absolutamente coa riqueza e sobor de todo coa ilusión dun pobo e de toda unha comarca. Esa é a súa política.

Pero, por outra banda, eu quixera dicirlles, señor Touriño, señores do PSOE, que mire, vostede criticou que aquí se estaba moi mal, etc. Eu voulle dicir unha cousa, mire, no conxunto do Estado e desde o ano 1996, melloramos todos, e cando digo todos non digo os galegos, digo o conxunto do Estado, os galegos tamén, por ser das rexións periféricas, incluso periféricas da propia periferia que é a propia España, que nos atopabamos loxicamente peor. Galicia, Extremadura, Andalucía, como o sur de Italia, como dicía esta mañá o señor Beiras. Eu voulle dicir unha cousa: indiscutiblemente que en Calabria non están tan ben como no norte de Italia, pero eu voulle dicir unha cousa: preferimos a maior parte dos galegos e a maior parte dos españois Calabria a Chechenia, de verdade que o preferimos, porque ese é o seu exemplo, bastante mellor. ¡Alá vostedes nas súas proxeccións!

Pero mire, o que nós non podemos, e quería facer aquí unha cuestión, un dos aspectos, hai varios, importantes, porque é importante coñece-la faciana dos que saen aquí a falar, e ver cal é o seu proxecto. Desde logo, esta mañá pareceunos estar vendo un novo debate do estado da Autonomía porque á parte da crítica, da negación, do “non” sistemático, repito, cun co que eu penso, non sei se lle fan algún esconxuro, pero penso que cando nace alguén do Bloque Nacionalista Galego, automaticamente lle poñen o cuño que di: “non”. Porque se non, non se entende que vostedes veñan aquí a falar nunha moción de censura

que se considera constructiva e positiva, que veñan aquí a falar durante preto de tres horas criticando o Goberno e o seu proxecto, mire, aínda lle estamos dando voltas e buscando, porque non se atreveron a dicilo. Pero algo positivo hai, señor Beiras. Mire, hoxe eu penso que foi a primeira vez que vostede chegou aquí ás 10 da mañá para compartir este Parlamento con todos nós, porque mire, a maioría, incluíndo moitos dos seus compañeiros, ás 10 da mañá están aquí os días que temos Pleno. Vostede, a verdade, chega un pouco bastante máis tarde: a foto, un pouco de catequese e fóra. Iso si, se pode deixar en evidencia algunha cuestión, e incluso ás veces a algún compañeiro seu, pero despois nada de nada. Porque o dixeran en diversas ocasións, láméntoo —e ogallá cambie— vostede é lixeiramente ou bastante absentista, señor Beiras, bastante absentista.

Eu, despois de escoitar, e dígoos mornamente, ó señor Touriño, no fondo penso que os censores foron censurados, non por nós, por tódolos grupos da oposición, o cal non deixa de te-lo seu valor. Pero a verdade é que o espírito da moción, vostedes saben que neste caso, aínda que lícitamente poderían e poden presentala, desde o punto de vista ético non é de recibo. Aquí si que o que algún compañeiro seu, en repetidas ocasións, non o vexo porque estou de costas, pero si ten falado de fraude de lei, aquí si que había que falar e dicir: fraude de lei. Porque presentar unha moción por parte de 18 deputados fronte a 42 do Partido Popular e sabendo, porque así o manifestaron, que os outros grupos da oposición non a apoiaban, a verdade é que non ten moito sentido. Exceptuando que seguramente, que é un pouco a xustificación, a perda de popularidade, que é importante dun líder, por outra banda, o estancamento, o descalabro das eleccións xerais do 3 de marzo, descalabro cando as prometían tan felices: “imos facer grupo propio” —perdón dixeran propio non “proprio”, é que eu o galaico duriense ese que falan vostedes de laboratorio, teñen que perdoar, nacín no pobo, nacín na burguesía dun pobo histórico e non entendo ese galego de laboratorio reintegracionista, do cal algún é o azote, que nos tratan de poñer ou tratan de impoñer—. Tampouco dixo nada de se vostedes chegaban a gobernar, que é moi importante, cal era a fala que íamos ter, se a reintegracionista de laboratorio ou de intelectuais de corredoiro ou se imos te-la política lingüística que teñen a maioría e que temos e da cal presumimos, e nos encanta, a maioría dos gale-

gos. Eso é do que nos gustaría que vostede, señor Beiras, nos falara aquí: dese “proprio”, a ver se ese é o “proprio” da nosa fala ou se é como falamos a maioría.

Claro que quen tivo a falta de respecto democrático de dicir que os dous tercios dos votantes do Partido Popular eran analfabetos, porque a elite atópase no Bloque Nacionalista Galego, cun desprezo absoluto cara a gran maioría dos galegos que aínda que vostedes, algúns, se pensen que son ignorantes, hai moito tempo que son moito máis listos que a maioría dos que estamos na política, señor Beiras, e a demostración fana tódolos días e apoian a quen consideran o que máis o apoia, non ós que ocasionalmente, como agora, resulta que o Bloque, xa o dixeran nalgunha outra ocasión, defende nin máis nin menos que ós autónomos e ós pequenos comerciantes. “O raposo coidando das galiñas”, díxeno e vólvoos a dicir: ¿iso si que manda! ¿En que proxecto de vostedes defenderon nunca o traballo libre exercido por persoas liberais, se a vostedes a palabra liberal prodúcelles sarabullo? ¿De que están falando vostedes? Diga o seu proxecto. Vostede que —témola cinta gravada, xa lla ensinamos nunha ocasión— no ano 1993, eleccións autonómicas, renegou do marxismo, pero nestas últimas vostede dixo: “eu xa son” —e recórdolle se engano, señor Beiras, pídlle por favor que me rectifique, porque eu penso que non estou enganando, estou recollendo palabras ditas—, dixo vostede: “son demasiado maior para cambiar neste momento e renunciar ó que foron os meus principios, marxista”. Pero que un marxista veña defende-la libre empresa, o traballo dos autónomos e dos pequenos empresarios, a verdade é outra das grandes incongruencias do seu discurso.

Eu, a verdade é que do que escoitei esa mañá teño moi pouco, como voceiro do grupo maioritario desta Cámara, consecuentemente, mal que lles pese, do grupo que representa á maior parte do pobo galego, do grupo que apoia con gran orgullo ó Goberno de Galicia, ó Goberno do presidente Fraga, ó Goberno que transformou, e vouno repetir —porque seguramente que así lles vai quedando— é moi pedagóxico de vez en cando repeti-las cousas, sobre todo para os que lles custa máis traballo, non entendelas, que as entenden, pero si asumilas. Aquí levamos feito nos últimos once anos, señor presidente, señorías, unha revolución silenciosa, transformando Galicia, pasando precisamen-

te o que máis critica o Bloque Nacionalista Galego, ó sector primario, que estaba sobredimensionado coa man de obra que fixo que teñamos a renda –ou que tivesemos, que xa non é así– máis baixa do conxunto do Estado, ou das máis baixas. Precisamente por culpa do sector primario, non diminuí-la produción, aumentala, pero dándolle a calidade de vida e as necesidades que ten a xente que vive no sector primario, especialmente no campo. E para iso hai que facer, loxicamente, unha transformación que é a que sufriu e está a sufrir aínda Galicia nestes últimos anos. Pero cun sector industrial e cun sector servizos tan potente, tan competitivo e tan importante que conseguimos absorber toda esa redución de man de obra do sector primario para sectores estratéxicos moito máis importantes, con mellores retribucións e que están elevando a renda dos galegos.

Claro que para vostedes era moito mellor a vaquiña, a corredoira e face-la súa política como fan noutros sitios, porque é única forma en que determinado pensamento puidera ter un mínimo de resposta por parte dos cidadáns, como están pretendendo co tema de Marrocos. Xa saben, señorías –e perdóenme a ironía, que xa dixo algo o noso Presidente esta mañá– pero xa saben que unha vez fracasada a intervención da flota bloqueira na entrada da ría de Vilagarcía por culpa dos depósitos do ferrazo, esa flota está disposta para bloquear tódolos portos de Marrocos; e *a posteriori*, os da plataforma dos encoros, incluíndo eses fenómenos intelectuais que chegaron a escribir, xa non a dicir, que os terremotos en Galicia eran producidos nin máis nin menos que polos encoros, o cal supoño que foi un alivio psicolóxico tremendo –sobre todo para o psiquiatra que facía o tratamento de quen dixo semellante barbaridade–, pero, repito, unha vez con esas flotas e con esas plataformas, conseguir invadir Marrocos, declararlle a guerra e conseguir que os nosos barcos pesquen alí. Porque hai que ser moi recio e moi rudo cando despois das múltiples negociacións, das persoas que temos na Unión Europea, dos acordos que temos, indiscutiblemente que é difícil, pero tamén quérolle recordar que tódalas persoas afectadas polo paro da flota de Marrocos perciben –aínda que non sexa ese o noso desexo, que nos gustaría, como non, que estiveran traballando– un subsidio negociado, precisamente, entre o Goberno de Galicia e o Goberno do Estado. Por iso cando fan as súas movidas, exceptuando algúns “jarraicos” que teñen por aí

espallados, loxicamente non teñen a resposta que a vostedes lles gustaría, que é a da algarada, a da obstrución, a da manifestación, a destructiva que teñen con carácter permanente. Ese é o seu desde sempre.

Pero por outra banda, a min gustárame recordarlles ós señores do Bloque Nacionalista Galego, señor presidente –e repito algo que é sagrado porque nós podemos ou non estar de acordo na metodoloxía da pesca, en como se enterran as vacas, ou se o temporal– que, repito, saia aquí e dígame un só alcalde do Bloque Nacionalista Galego, e me remito á Fegamp, que nas reunións impecables, por certo, señor Touriño, exacerba vostede, esaxera, e automaticamente perde credibilidade: quérolle recordar que o primeiro temporal en Galicia non foi en outubro, fraquéalle a memoria, recoméndolle que tome algo porque imos entrar en confrontación e así vai moi frouxo vostede, se non non ten mérito debater con vostede, quérolle dicir que non foi en outubro, foi a primeiros de decembro. E ós poucos días do temporal, do primeiro temporal do 6 ó 10 de decembro –vostede debía estar moi abrigado na casa, que non se decatou– pero do primeiro temporal, houbo a primeira reunión, houbo a segunda, a terceira e a cuarta, onde coa participación de Deputacións, Fegamp, Delegado do Goberno e loxicamente a Xunta de Galicia, con seis consellerías, chegamos a tódolos acordos e que neste momento están postas tódalas bases, tódolos puntos, incluso os adiantos. Vostedes están pretendendo empuxar a xente, e resulta que os seus propios alcaldes séntense satisfeitos. Citou vostede a un que é o vicepresidente da Fegamp, pois é un dos que vai estar mañá, precisamente, co señor conselleiro de Economía, co Director Xeral de Presupostos para falar desa cuestión. Eu non falto nunca á verdade, señor Touriño, así que tome nota, corrixa, por favor, e non diga o que non é correcto, se non, teño que poñerlle un correctivo. (*Risos.*)

A moción social, señorías, moción social foi como rebautizou o Bloque á moción de censura para esixir responsabilidades políticas. Mire, se a algo non renunciou nunca o Goberno de Galicia e o Grupo Parlamentario que o apoia, é precisamente a exercer as súas plenas responsabilidades. Por iso fomos no tema das vacas, por iso no tema do temporal, fomos os primeiros en adoptar medidas. Claro, a medida que as van adoptando noutros lados van aparecendo as

cuestións. Quedaron vostedes desarborados de cuestións. ¿E que fixo? Pois como no debate do estado da Autonomía, isto é un desastre, vai todo mal, Galicia está afundida na miseria. E precisamente os que trataron –repítolle unha vez máis, durante anos, eu dígolle desde sempre, naceron nunha moción de censura– de impedir tódolos proxectos positivos de Galicia desde hai anos, unha autoestrada que era unha navallada que dividía a Galicia, desde os encoros, que están vostedes encorados, encorados en que non se fagan, e vansen, loxicamente, facer, porque os nosos veciños, aínda que a algúns parece que non lles interese, necesitan auga, e necesitamos producir enerxía limpa, e necesitamos mellora-las infraestruturas, entre elas os encoros. Pasou coas autovías, non lles gustaban. É moito máis grave que veñan hoxe aquí a criticar un tema crucial básico, fundamental para o futuro de Galicia, como é o tema do ferrocarril, e voules recordar onde. En Madrid dixeron: non queremos o ferrocarril a Madrid, non nos interesa o ferrocarril a Madrid, “boicot”, palabra textual en Madrid dos seus xefes –dixéronme que agora os seus xefes os tiñan en Madrid, xa non sabemos con quen falar, pero que os tiñan en Madrid–. Boicot ó tren de alta velocidade, non é prioritario. Aínda hai dous meses que o señor Rodríguez en Madrid dixo que a alta velocidade non era prioritaria para Galicia. Vostedes queren o tren eléctrico para xogar na casa, señores, que é o que lles gusta a vostedes, ese é o tren que vostedes queren, ou que pase de esquina pero, por favor, que non pase por Madrid.

Pero iso si, agora a xefatura, os coroneis xa están repartidos. Hainos acó e hainos aló, e desde aló se dicta de tal maneira que incluso acordos desta Cámara foron cuestionados desde Madrid, non desde aquí, polo Bloque Nacionalista Galego. Para nós non é negativo porque demostra que se van acostumando incluso a vivir en Madrid, que é o símbolo do centralismo reaccionario que foi sempre en contra uns principios do Bloque Nacionalista Galego, que son os principios excepcionais para Galicia. Barreira, hoxe xa non se pode facer muro, enriba coas novas metodoloxías da comunicación é imposible, pero de tódolos xeitos vostedes seguen pertinaces intentando impedir o goberno, o autogoberno –non a autodeterminación– o autogoberno coas máximas competencias do Estado que ten precisamente o Goberno do PP, o Goberno do presidente Fraga.

Supoño que farían unha nova Constitución, xa non digo se gobernan aquí, onde poidan, unha nova Constitución, porque vostedes, desde logo, teñen unhas posicións moi especiais.

Falou do modelo de financiamento. Señor Beiras, xa o falamos en moitas ocasións: o cupo vasco, o sistema básico que defende vostede, non vostede, que defende o Bloque Nacionalista Galego, custaríanos a tódolos galegos unha perda, se hoxe temos un orzamento de máis dun billón, 1.124.000.000 de pesetas, polo seu sistema soamente recibiríamos arredor de 500.000 millóns da nosa propia recadación. Iso si, seguramente sería o que lle gustara, teríamos que negociar coas comunidades máis desenvolvidas, especialmente cos cataláns e cos vascos, para que nos deran a esmola, algo que, desde logo, desde esta fila nunca imos aceptar; vostedes si, porque de verdade, e entro en algo que non é o máis agradable, pero quero recordarlles que a súa postura, a súa morneza en aspectos fundamentais para a unidade de España e sobre de todo, para a seguridade da maior parte dos españois e dos galegos que non pensan coma algúns, a súa solidariedade é nula. Porque vostedes, facendo a política de acólitos do PNV, especialmente, levando aquí e traendo aquí o proxecto, e defendendo o proxecto do Partido Nacionalista Vasco, fraco favor...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PITA VARELA: ...fanlle vostedes á nosa comunidade.

O seu posicionamento no Parlamento español, cando un acordo ó que votaron positivo todos, menos catro grupos, Eusko Alkartasuna, os seus amigos, non os cataláns, outros, outros, xa saben quen digo, que votaron a favor con vostedes, 18 fronte a 262 porque non estaban de acordo con medidas que aprobou o Estado, a maioría, repito, 262 deputados, que aprobaron para corrixir o defecto no Código Penal a respecto do terrorismo de rúa. Iso votaron en contra. O mesmo que fixeron a espantada de Estrasburgo –vergoña de tódolos galegos– a segunda espantada, como incluso foi suplantado no Parlamento europeo o que era unha cuestión doutro partido e fixeron alí un acto de auténtica piratería, que foi o que practicaron nese momento.

Vostedes teñen...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PITA VARELA: ...que dicir aquí –remato, señor presidente– teñen que deixar aquí claro, porque hoxe, repito, non é o debate do estado da Autonomía, hoxe aquí estamos debatendo unha moción de censura –por descontado que non vai saír cara adiante, iso sábeo incluso un neno que aínda non aprendera a ler– pero a verdade, vostedes hoxe teñen que expoñer aquí cal é a súa gran política neses aspectos. Porque voulles dicir: así como o pobo galego ten a autoestima suficiente, a pesar de vostedes, de que estamos nun momento sempre mellorable pero bonancible e cunhas perspectivas –o outro día dicíano unha enquisa– de futuro. Recórdolles: só o 4% dos galegos está de acordo coa autodeterminación, o 4%. Vostedes falen aquí de cal é o seu proxecto, de que é o que defenden en canto a autonomía, se respectan ou non o Estatuto, se respectan ou non a Constitución, se respectan o que é o Estado das autonomías, qué é o que pretenden apoiando outras forzas que despois din que non nos poden tratar ós galegos, como xa nos trataron seguramente noutros tempos, por exemplo no País Vasco, como se fosemos alemáns en Mallorca. ¡Manda chover na Habana, señor Beiras, señores do Bloque Nacionalista Galego!

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado na rolda de réplica ou resposta.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente da Cámara, señorías. Estaba preguntándolle, consultando co señor presidente da Cámara de canto tempo dispuña. Recordoume algo que eu debía saber, que na ordenación do debate atribuíuseme o tempo de unha hora, pero vou abrevia-la miña intervención, é dicir, non vou en absoluto utilizar unha hora. Vou abrevia-la miña intervención nesta rolda por algo que si que vou explicar ¿non? Porque considero que en boa lóxica parlamentaria, nun debate desta índole, no que eu tiven tempo ilimitado pola mañá para expoñer-los fundamentos, razóns e contidos da nosa moción de censura, tal e como establece o artigo 10, parágrafo 1, letra e) do Estatuto de Autonomía para Galiza, e máis para expoñer así mesmo unhas liñas xerais da nosa alternativa ante esta situación política do país e cara

adiante –tal como se desprende que cómpre facer da interpretación do articulado do Regulamento desta Cámara, que regula o procedemento segundo o cal debe desenvolverse a moción de censura constructiva–, pois dado iso, a partir da réplica do señor presidente á miña intervención desta mañá e da miña contrarréplica ou comentarios feitos á súa intervención, a miña lectura do que é un Parlamento, do que debe ser un Parlamento, do que nós reclamamos que sexa un Parlamento e que polo tanto, debo traducir na miña práctica, é que a partir dese intre neste debate o protagonismo pasa á Cámara, como tal, a través dos órganos dos que en Pleno a Cámara dispón para ser protagonista, é dicir, os grupos parlamentarios e os seus respectivos portavoces.

Eu podería, de tódolos xeitos, utilizar esta vez durante unha hora para explicar todo un conxunto de criterios obxectivos e liñas estratéxicas para unha acción de Goberno neste país, que adrede non abordei na intervención desta mañá, e ademais expliquei por que, pero que temos traballados elaborados, porque tamén dixen –e se non se me cre, non me preocupa– que o BNG xa elaborara e fixera público un programa de goberno para as eleccións ó Parlamento de Galiza de 1997, que se editou nun libro que ten un par de centos de páxinas con letra pequena e, polo tanto, un debe dar por suposto que todos e cada un dos deputados e deputadas desta Cámara cando fan uso da palabra, nunha institución tan seria coma esta, e máxime aínda todos e cada un dos portavoces dos grupos parlamentarios, terán lido, e coñecerán perfectamente. E se sobre iso non teño nada máis novo que achegar, sería, efectivamente, abusar da dispoñibilidade de tempo de todas as súas señorías, ou reiteralo aquí.

Tamén dixen que a estas alturas o BNG tiña elaborado unha reformulación, ampliación e actualización diso, un programa, para presentalo cando sexan convocados os comicios, ou sexa, cando remate esta lexislatura.

Cando eu utilizo unha terminoloxía nun foro como este, onde están os representantes electos, non selectos, dixen electos –a *liaison* dá esa impresión– dos cidadáns galegos, pois o lóxico é que un dea por suposto que existe o nivel necesario para ser merecente e estar en condicións de exercer-las responsabilidades desa representación conferida.

Polo tanto, cando digo os comicios cando sexan convocados ó remate desta lexislatura, dou por suposto, pero parece que por algunha banda non se descodifica a metalinguaxe, que unha lexislatura remata ou cando remata a súa duración normal –estaríamos no outono– ou cando quen pode facelo dissolve a Cámara e convoca eleccións, remata a lexislatura, ¿verdade? Pero eu coido que un poder que di que é tan consolidado, que ten a aquiescencia abrumadoramente maioritaria da cidadanía, pois, non vai proceder caprichosamente a adiantar unhas eleccións porque si. E que polo tanto, teremos eleccións no outono que é cando lle corresponde ó remate da lexislatura por razóns de calendario normal.

Agora, se hai eleccións antes porque o presidente do Goberno dissolve a Cámara e as convoca antes dese momento, as súas razóns terá, pero eu non podo pre-suponelo, sobre todo nin eu nin os compañeiros e compañeiras do BNG, etc, nin os cidadáns, van vivir na *zozobra*, en español, permanente de “convocarán ou non convocarán”. Porque as últimas cousas que se dixeron á cidadanía por parte da presidencia da Xunta a través dos medios de comunicación foi que serán antes ou despois do verán, está moi claro, antes ou despois do verán. Polo tanto, se son despois do verán, son porque remata a lexislatura e naturalmente hai que convocalas, e se son antes, será porque antes considera oportuno convocalas. Pero á vista da absoluta seguridade de que todo está absolutamente ben feito, que se proclama aquí, considero que sería unha frivolidade, un xogo frívolo coas potestades que se teñen por parte da presidencia da Xunta, adianta-las eleccións, a non ser que fose por razóns de cálculo de intereses electorais partidistas, e entón sería utilizar para intereses partidistas e cálculos partidistas unha potestade que está atribuída á presidencia do Goberno por outros motivos e para outras finalidades.

Por iso xa dixeran que o protagonismo lle correspondía á Cámara, e acabamos de ver que protagonizou e que ben. Os catro portavoces interviñeron, utilizaron os seus tempos completos e fixérono cada un co seu estilo, mellor dito, eu coido que houbo dous estilos, pero un estilo tripartito e outro. Ben, cadaquén ten o seu estilo.

Pero ademais é que eu non son aquí o censurado, o censurado é o Goberno, e o Goberno aínda non dixo

nin unha palabra respecto dos temas que se formularon tanto por min na mañá como polo portavoz do Grupo Mixto na súa intervención, como polo portavoz do Grupo Socialista, ou como polo propio portavoz do BNG que fixo uso da tribuna, nin unha soa resposta. Unicamente unha: o dogma establecido “é que somos infalibles e que os escravos son felices”, como a ópera de Arriaga, Juan Cristóstomo, que xa dixeran algunha vez que debería ser institucionalizada como o novo himno da Comunidade autónoma gobernada pola maioría absoluta do PP en Galicia.

De tódalas maneiras, señor presidente da Xunta, para que vostede o poida retransmitir no eido do seu propio partido e do seu propio grupo, recordareille que nesta mañá eu falei do espléndido momento que vive en Galicia o sector do automóbil debido á enerxía e acerto do equipo que o dirixe e máis algúns outros sectores. Esta mañá tamén dixeran que cumpría prestar singular atención ós complexos industriais, ou mesmo intersectoriais, xa sexan consolidados ou emerxentes, que deben constituí-las pezas claves da nosa estrutura productiva: agro-industrial, mar industrial, automoción –non sei o que significa–, téxtil, información-comunicación, etc.

Concerto económico, señor presidente da Xunta, quero aclarar, porque vostede fixo unha indicación no seu momento que non comentei na miña intervención de antes por despiste –eu teño moitos despistes, son enormemente despistado, son capaz de deixar este reloxio aquí dentro de pouco–: eu non falei de concerto económico hoxe para nada, que eu saiba. Poderemos te-la ocasión de ir ó *Diario de Sesións* e poderase comprobar que eu non utilicei en ningún intre hoxe a expresión “concerto económico” e menos a de “cuppo”, nin sequera tiver –podía telo– referirme ás cotas lácteas e falar dos cupos lácteos. Non, nin por eso.

En todo caso, eu falei nunha das pasaxes da miña primeira intervención, no enunciado dos elementos que poderían ou deberían constituír as pezas que vertebrasen un modelo de financiamento público autonómico, de territorialización dos tributos como un dos rasgos dun modelo para o conxunto do Estado. Esa territorialización que nós propoñemos para Galiza, collendo a Constitución, collendo os distintos artigos que establecen distintos rangos de comunidades autónomas, aplicado ás nacionalidades históricas, sería te-

ritorialización en todas e cada unha das nacionalidades históricas, ou das autonomías que neste momento están no mesmo artigo reguladas, por exemplo, Andalucía. A partir dese momento se iso forma parte dun modelo, deixa de haber concerto, porque non é unha cuestión dun acordo bilateral entre dúas xurisdiccións, senón que é un deseño.

Se unicamente se interpreta o que eu dixen respecto das propostas para Galiza, e pasando do resto, a territorialización dos tributos combinado cos tributos propios, combinado con subvencións incondicionadas, combinado coas subvencións condicionadas de redistribución territorial de fondos, etc., incluído combinado coa capacidade de emitir débeda pública, forma algo vertebrado, non é un convenio nin un concerto nin nada.

Por certo, señor presidente, se realmente o partido que vostede preside en Galiza e do que é Presidente de honor en toda España, a nivel de Estado, o Partido Popular Español, está en contra dos concertos e incluso o convenio, deben irse apresurando a denunciar e reclamar que sexa cancelado o convenio con Navarra, sei que lle gustará moito á ¿UPN chámase, verdade? Unión Popular de Navarra. Vaian vostedes dicirlles á Unión Popular de Navarra que iso nin convenio, nin concerto, nin nada. Vaian dicírllo.

Pero hai máis. Eu propuxen explicitamente desde aquí a apertura dun amplo diálogo plural para un pacto social, un pacto sobre o modelo de financiamento para Galiza e díxeno con toda claridade, díxeno explícito, a ver se entendemos algo dunha vez. O feito de que nós, o Bloque Nacionalista Galego –xa falo así, como Bloque Nacionalista Galego neste momento– teñamos definidas as nosas posicións, teñamos definidas as nosas opcións, teñamos deseñado fórmulas non implica, porque sería unha interpretación perversa e alevosa, que pretendamos impoñelo a toda opinión, de toda a cidadanía, de tódolos grupos políticos. Pero ¿como se pode establecer un diálogo entre forzas políticas que poida conducir a unha resultante de forzas se elementos, segmentos de determinadas forzas políticas determinadas, non manifestan, non explicitan cal é a súa posición?

Señor conselleiro de Economía, señor presidente, non no debate do estado da Autonomía do outono pa-

sado, senón a raíz de que este deputado trouxo a esta Cámara unha Proposición non de lei sobre o modelo de financiamento, a través do portavoz –que non me lembro exactamente cal das súas señorías fora nese debate, coido que vostede– desde esta tribuna, fixo saber que estaba vostede disposto a que houbera un gran debate monográfico neste Parlamento. Isto foi hai sete ou oito meses. Non o houbo, non houbo ese debate. ¿Que queren, que se non hai ese debate nós entón, efectivamente, gardemos nunha gaveta os nosos papeis, os nosos estudos, os nosos traballos, as nosas propostas, agardando a que vostedes teñan a ben informarnos de cal é a súa posición sobre iso, que agardemos a que vostedes negocien ou non o modelo de financiamento a nivel de Estado, polo medio se meta antes, *a priori* e alevosamente, a Lei de Estabilidade presupostaria, que reduce a cinzas o papel do Consello de Política Económica e Fiscal actualmente existente, que deixe as autonomías fóra de xogo? ¿Que agardemos a iso?

¿Que nos dirían os cidadáns, polo menos os que nos votaron a nós: “vós para que estades no Parlamento”? Pedídesnos o voto, ides ó Parlamento, damos unha (...) cambiada, din “volva vostede mañá”, como na xanela da Administración tantas veces, maréanvos como tantos cidadáns que chegan a unha xanela e mándanos para outra porque falta un papel, no outro para outra, eso é o que está acontecendo na Administración autonómica actual, tódolos días, pero non sei se vostedes falan coa xente normal. Nós iamos dicirlles, mire, é que nós dixemos que propoñíamos esto, a Xunta díxonos que habería un gran debate, ata hoxe non o houbo. ¿E que? ¿E vostede cre que con iso podemos nós honorabelmente renderlles contas do noso traballo ós cidadáns? ¿Quen incumpre? Agora si, logo vir aquí a falar de memoria, sen saber nin sequera o que é un concerto, a diferenza cun convenio, sen decatarse de que Navarra o ten e alí gobernan vostedes.

Constitución. Eu estou persuadido, señor presidente, de que vostede persoalmente non pretende conculcar a Constitución e menos matala, porque é unha criatura na xestación da cal vostede participou: pero o partido do que vostede é presidente de honor, é dicir o Partido Popular Español, en outubro de 1997 nun documento dicía: “la necesidad de directrices que insistan en la necesidad de adoptar y priorizar criterios

uniformistas y unitaristas en la impartición de la historia de España". Noutro parágrafo dese documento de outubro de 1997 dicíase: "La necesidad de contrarrestar los nacionalismos locales con la implantación de un nacionalismo de Estado y la potenciación de los valores españoles tradicionales, incluso con cierta discreción, esos valores asociados con el régimen anterior injustamente vilipendiados." Non quero continuar, é un documento do Partido Popular.

Polo tanto, ó mellor, señor presidente da Xunta, vostede non sabe qué cousas se están a cocer no Partido, en sectores do Partido do que vostede foi fundador e é Presidente de honor. Nós algunhas sabémolas e nunca falamos delas, nunca as trouxemos aquí, pero "la caridad cristiana tiene un límite y eso de la mejilla y después la otra y otra vez y no sé qué" ten un límite e se queren guerra pode haber guerra, nós non queremos. E remato neste punto reiterándolle que non me refiro a vostede, pero vostede é o presidente dun Goberno, dun Partido que é o que ten aquí, nesta Cámara, o grupo maioritario da oposición, porque é un grupo que actúa nesta Cámara como se estivese na oposición, é unha síndrome premonitoria.

Señor Guerreiro, na moción de censura interposta polo PSOE en 1980 nas Cortes —é simplemente un recordatorio dun dato cuase anecdótico que seguramente que vostede non se lembra del, como é lóxico, eu tampouco, só que eu, como tiña que preparar esta iniciativa, pois fun ós *Diarios de Sesións*, etc, etc., coa axuda, evidentemente, de especialistas universitarios que me axudaron no labor, eu non son capaz de facer todo iso eu só— nesa moción de censura de 1980 nas Cortes, o Grupo Parlamentario Andalucista —que daquela estaba integrado polo Partido Socialista de Andalucía, de Rojas Marcos, aínda non era Partido Andalucista, era Partido Socialista Andaluz, pero como grupo parlamentario era o Grupo Parlamentario Andalucista— consta no *Diario de Sesións* do Congreso que no debate da moción de censura construtiva presentada polo PSOE e na que, por certo, e con bastante lóxica naquel contexto, o que era censura propiamente encargouse un deputado de facela e o que era alternativa encargouse o propio señor González Márquez de presentala e defendela, pois digo que o Grupo Parlamentario Andalucista sinalou o conflito no que se atopaba entre a súa posición a respecto da censura que asumía, compartía totalmente e

estaba por apoiala, e a súa posición respecto do candidato, don Felipe González Márquez, que non asumían. Consta.

¿E sabe cal foi o desenlace, señor Guerreiro? Consta tamén no *Diario de Sesións*. Ao final, o Grupo Andalucista votou afirmativamente explicando o voto, dicindo que se inclinaban a prol do aspecto "censura" da moción. ¿Por que? Dicían: porque dado que a votación se vai perder, votar a favor non pode dar lugar á investidura de don Felipe González porque ten perdida a votación e, polo tanto, non entramos facticamente nunha contradicción porque se o noso voto puidese ser decisivo para que, efectivamente, o señor González saíse ou non saíse, entón era un problema, porque non estamos de acordo coa candidatura. En cambio, se non votamos non quedará reflectido no voto a nosa conformidade coa censura, dicían eles.

Non é unha suxestión, é simplemente un recordatorio. Non, non é unha suxestión porque nós non vimos aquí a sacar máis ou menos votos. Foi inmediata a toma de posición das outras forzas da oposición neste Parlamento respecto da presentación da nosa moción de censura, foi inmediata. E ademais eu dixen dende o comezo cando me preguntaron os profesionais dos medios de comunicación que comprendía perfectamente esas posicións, que as comprendía, que non as compartía. Se as compartise non tería estado de acordo con que nós presentasemos unha moción de censura, pero que as comprendía perfectamente. Porque eu son demócrata. É que claro, hai cousas que hai que repetir catorce veces porque os que din que son demócratas si, pero logo resulta que a primeiras de cambio, pof, veña. ¿Onde está? (*Risos.*) Claro, é que a práctica, as evidencias. Hoxe hai unhas cámaras aí, pois os cidadáns xulgarán. Hoxe non van recibir a información filtrada, peneirada e como se considere oportuno polos que deciden, claro. Entón xulgarán, decidirán.

Señor Pérez Touriño, xa acabo de dicir que comprendo a súa posición, non digo en absoluto que é lexítima, porque iso sería tacitamente arrogarme a posibilidade de non considerala lexítima, e toda posición política democrática expresada con toda a soberanía e decisión individual é lexítima de seu, senón que é unha posición que respecto, que é distinto. Lexítima é de seu, pero podía non respectala, podía non parecer-

me respectable porque o que é lexítimo ás veces non é respectable, ¡ollo!, sobre todo no plano da ética política. Pero é respectable e respéctoa. E ademais, dado que hoxe aquí non se decide nada na aritmética de voto, pois esa posición non crea ningún problema cara o futuro, en absoluto. E se a vostedes así tamén lles crea menos problemas ou non lles crea ningún eu son o primeiro en felicitar-me. Aquí do que se trata é de que poidamos efectivamente abrir ese debate na sociedade, claro, o que eu propuña respecto dun pacto social pola industrialización, dun pacto social ou dun pacto, dun acordo, dun diálogo, un debate para concluírmos unha proposta de modelo de financiamento, de fiscalidade. Naturalmente, eu dixen explicitamente que tiña que ser un sistema de compoñente progresiva, porque se non non pode haber redistribución, e se non hai redistribución territorial por moito que eu fale que á parte dos impostos propios e os territorializados ten que haber subvencións incondicionadas que produzan unha redistribución, se non hai achegas, evidentemente, solidariedade territorial e solidariedade vertical.

¿Ou acaso non levamos nós denunciado dunha maneira constante, reiterada e sempre argumentada a brutal involución, a contrarreforma fiscal que abordaron o Goberno do señor Aznar xa a partir do 1996 e moito máis a partir da maioría absoluta? Claro, se eu falo de capitalismo salvaxe, xa sabemos o que significa. Mellor dito, non o sabemos moi ben porque a min o adxectivo de “salvaxe”, que utilizo porque se utiliza na literatura, dáme resquemor, porque os salvaxes eran unha xente fabulosa comparada con iso, claro. Salvaxes, selvaxes, en galego en rigor é “selvaxe” a partir do galego medieval para empezar, amiga García Negro, paréceme que habería que facer unha edición manual das cantigas medievas, da Crónica Troiana para que se soubese se realmente o galego é galego ou non é galego, se é anterior ao que logo quedou no portugués e aquí se deturpou por contacto de linguas, etc. Pero ¡para que imos perder o tempo! ¿verdade?, en falar de cousas que requiren unhas claves de intelixibilidade, que pasan por polo menos, non digo cultura xeral, senón unha apertura simplemente de mente, de estar disposto a aprender todos os días ou polo menos de cando en vez, ¿verdade?

E quero dicirlle ao señor portavoz do Grupo Socialista –e vou rematando– que ademais comprobei

que vostede afirmou que este é un Goberno desbordado ante unha situación xeneralizada de crise, que vostede dixo que a intervención do presidente desta mañá aínda o deixou máis alarmado e que dixo que existía unha insuficiencia política grave da Xunta e do seu Presidente e actos de irresponsabilidade e improvisación, non sei que outro cualificativo houbo porque non me deu tempo de apuntar, da Xunta e do seu presidente. Son estas algunhas das razóns polas que nós presentamos a moción de censura á vista da situación do Parlamento.

Eu nunca entendín –e acabo de verdade–, nunca non, non entendín dende que tivo lugar a última sesión da Deputación Permanente desta Cámara na que o Grupo Popular impediu a celebración do Pleno sobre o tema das vacas tolas solicitado polo Grupo Mixto, Grupo Socialista e o Grupo do BNG, por que o Grupo Popular non dixo: votamos a favor, que haxa ese Pleno. Porque sería unha maneira de poder dicir agora: agora deslexitimamos a posición do Bloque de ir á moción de censura, pois xa ven, debatemos monograficamente o tema das vacas tolas nunha sesión plenaria. ¿Verdade? Paréceme normal. Se o que se quere é cargarse de razón ou de argumentos, non de razón, de argumentos, de armas arreboladizas, propagandísticas, para dicirlle aos cidadáns: “estes do BNG non teñen ningunha razón en pedir unha moción de censura”. ¡Oia!, se hai unha ocasión de convocar un Pleno extraordinario antes que a moción de censura, digan vostedes “adiante” e logo veñan e digan, “ben, xa estamos tratando o tema primordial que deu lugar a todo este fiasco.”

Ademais, aínda estaríamos entón a tempo de dicir: ben. E que nós tivesemos que dicir: pois haberá que reconsideralo, se cadra temos que retirar a moción de censura porque efectivamente o que hai que facer entón, xa que empezou o Goberno a actuar así, tirar máis diso, e que reaccione e que reactive, etc., e que resolva os problemas e que logo ademais, se quere, xa que está outra vez fóra do afogo, que diga “é o momento de convocar as eleccións”, disolva a Cámara. Aquí non se pode debater máis nada, o Goberno en funcións fai o que lle dá a gana e ademais gaña as eleccións outra vez. Moi ben. Pois nós non.

Gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Gracias.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Gracias, señor presidente.

Unha consideración previa antes de facer algún apuntamento ós apuntamentos que sobre a miña intervención fixo o señor Beiras.

Efectivamente, eu viñen a esta Cámara posiblemente equivocado como moitas veces, pero gústame, como é sabido, ser coherente. E, en efecto, a miña obriga, tendo en conta o carácter da acción política que aquí se formulaba, era ese –entendín eu e ademais creo que entendín ben–, de darlle e facer unha valoración do Goberno censurado, merecidamente censurado, e tamén a valoración da alternativa.

Quero dicir con isto que o debate en xeral é un debate importante, e quero dicir que só, ó meu xuízo, estivo enturbado por unha intervención inaceptable do señor Pita. Eu creo que aquí queríamos facer todos un debate serio, a situación e mesmo a fórmula elexida, moción de censura, que é excepcional como o propio candidato afirmou, esixían un nivel de respecto institucional e de seriedade que o señor Pita está moi lonxe de acadar. Non hai nivel, señor Pita, no seu Goberno. *(Risos.)* Non están vostedes –non ría– non están vostedes ó nivel desta Cámara, deste país e da seriedade institucional. A súa intervención é unha barbaridade, unha “parida”, que dirían no meu barrio. *(Risos.)* Impresentable, é vostede impresentable.

Con vostede non se pode discutir nin da moción de censura nin de nada. É imposible discutir. Xa lle dixerun unha vez que vostede non ten vergonza intelectual, porque para ter iso hai que ter intelecto, vostede carece de iso, esencialmente. Xenoma raspado. *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señor Guerreiro...

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Dígame...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): ...rógolle se absteña de facer comentarios que poidan resultar insultantes.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: O xenoma humano non creo que sexa nada irrespectable, señor presidente en funcións, salvo que vostede crea que os xenes e o xenoma que...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Diso ó mellor sei algo máis ca vostede.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Se o sabe non debe interromper, evidentemente.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Faga o favor de proseguir.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: É imposible ter un debate.

Dicía o señor Beiras que todo é finito, o tempo e as persoas, as persoas desgraciadamente. Non todo é finito, a ignorancia do señor Pita é infinita. *(Risos.)* Admita vostede esa excepción. Pero o señor Pita non é unha persoa calquera, é o conselleiro da Presidencia e o portavoz do Grupo Parlamentario Popular. Ese é o respecto que o seu grupo e o presidente teñen a este país e a esta Cámara, poñelo a vostede como portavoz do grupo maioritario. Ese é o respecto que lle teñen ó país.

Entro agora nos apuntamentos que fixo, e agradezo o ton de resposta do señor Beiras e creo que como eu fun crítico co seu programa, admito a súa resposta tolerante e democrática. Agora, vou facer algunha mención.

Entendo eu que o señor Beiras comprende perfectamente –desgraciadamente non comparte– pero comprende perfectamente os motivos polos que non podemos votar nunha censura, que creo que foi bastante explícita desde o meu punto de vista, ademais digo que a censura está xustificada, o Goberno merece unha censura dura e severa. E xa á parte dixerun que se a censura, a moción de censura non fora constructiva, é dicir, non tivera que presentar un programa e un candidato alternativo, se só fora unha censura incondicionada, a miña intervención e o meu voto serían

diferentes. Sería a favor da censura política do Goberno, iso está claro.

Agora ben, é bastante evidente que eu expliquei algunhas discrepancias lexítimas, nós, o señor Pita, dicía se censurabamos ó Bloque; non, nós censuramos ó Goberno, co Bloque explicamos diferencias lexítimas desde o pluralismo político, lexítimas, que nos impiden votar o seu programa, a súa alternativa e o seu candidato, por razóns estritamente democráticas do pluralismo político que representamos.

Creo que tamén o señor Beiras que, efectivamente, non fixo fincapé nas miñas discrepancias –eu son un disidente, xa o sabe vostede– creo que comprende e admite que esas diferencias existen. É dicir, é importante saber que o señor Beiras admite que hai esas diferencias obxectivas, nada máis. E, sen embargo, sen darme un consello me recorda unha moción de censura hai moitos anos no Congreso. Si, quero dicir o seguinte. A diferenza é moi importante respecto a isto, voulle explicar –a vostede non lle fai falta, que a coñece, senón á Cámara no seu conxunto e á opinión pública, a que teña a paciencia de seguirmos–. Naquel entón o Partido Socialista presentou unha moción de censura ó Goberno do señor Suárez. E, evidentemente, non só votou a favor o Partido Andalucista, votou a favor o Partido Comunista de España, non só o Partido Andalucista. ¿Pero cal era a situación da Cámara entón? Primeiro, non había maioría absoluta dun Goberno, aínda que era previsible que non saíra a moción, non quero xustificar iso. Pero o Partido Socialista tiña 130 deputados, o PCE 20 e o Partido Andalucista 5. É dicir, que se non era agora, nas próximas eleccións todo faría previsible que, independentemente dos matices que ten a esquerda, a cabeza da alternativa –salvo que houberse milagres– ía ser o Partido Socialista. Na situación da Cámara non, aquí hai 18 deputados absolutamente respectables e 15 que pensamos doutra maneira. E que lexítimamente os 33 temos unha posición en común, que é cambia-lo Goberno do señor Fraga, absoluta coincidencia, pero está en disputa democrática, polas razóns que expliquei, polas diferencias lexítimas que expliquei, entre 18 e 15 quen encabeza o novo Goberno de Galicia, que deben se-los cidadáns. Vostede aspira a presidir vostede con toda lexitimidade e eu aspiro a que sexa o partido maioritario da esquerda e o seu candidato, o señor Touriño, quen o faga. Esta relación é de 18-15,

non 130-5. Se vostede tivera aquí 30 deputados e o resto 5, seguramente votaría a favor da moción de censura, pero este non é o caso. E non lle podemos furtar –porque as diferencias existen e vostede recoñece que existen– non lle podemos furtar ós electores que decidan quen encabeza o goberno alternativo; primeiro, se queren goberno alternativo e segundo, quen o encabeza. Esa é a razón pola que non é paragonable a moción de censura que vostede mencionou con esta, non o é, pura e simplemente non o é en termos políticos, non de matemática parlamentaria. E por iso nós imos abstermos nesta moción de censura. Agora digo con toda claridade, para que non haxa dúbidas, que eu creo que Galicia necesita un cambio político e un goberno alternativo. E nese cambio político fai falta toda a oposición, ¿eh?

Pero vostede tamén comprenderá, señor Beiras, por motivos tamén democráticos, que as diferencias lexítimas que temos entre o Partido Socialista, Esquerda de Galicia e o Bloque, as lexítimas diferencias, vostede fala de que hai que facer unha negociación. Por suposto. Pero vostede concordará comigo que por motivos democráticos non é o mesmo o resultado da negociación dun goberno, que vostede teña a maioría se lla dan os cidadáns, que a teñamos outros. O resultado é diferente. Por estritos motivos democráticos.

E, polo tanto, desde o noso punto de vista, é necesario –insisto– cambia-lo goberno de Fraga, esa é unha necesidade que compartimos todos, inequivocamente, e todos traballaremos por iso, pero eu non veo á súa señoría e á súa forza política como a alternativa, a cabeza, non a alternativa, a cabeza da alternativa que necesita o país. E, polo tanto, traballarei para que a esquerda e o seu candidato sexan a cabeza desa alternativa que non os exclúe a vostedes.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):
Grazas, señor Guerreiro.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Pérez Touriño.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señor presidente, señorías.

É certo, señor Fraga, coincido coa intervención desde o inicio dende logo do señor Guerreiro, que creo que non gana nada o grupo parlamentario maioritario da Cámara, o Grupo Popular, e sobre todo amosan unha falta importante de respecto á Cámara, de respecto ó Parlamento, á necesaria búsqueda de consensos e diálogos que forman parte da columna vertebral da política dun país, as intervencións xa típicas e tópicas do voceiro do grupo maioritario, que van dende a falta de respecto a converter o debate novamente na parte máis frívola e de menor rigor e contido nas posicións do grupo maioritario. Preocúpame que vostede como presidente teña un conselleiro desas características e, sobre todo, represente aquí ó grupo maioritario do país.

A verdade é que hai un certo grao de contradicción importante que é duro aceptar, entre un país que, non quero facelo nada dramático, pero está aí, onde sabemos que hai moitas familias, moitos gandeiros que cada noite cando se deitan están a pensar que pasara ó día seguinte, e se se poden atopar cunha vaca enferma, co risco de que lle teñan que leva-las vacas da explotación, arriscando capital, patrimonio, o traballo, a herencia e o futuro. Creo que se compadece mal esta situación que está aí, que está a sufrir Galicia, o resto de España e Europa, coa frivolidade e a falta de responsabilidade no debate.

Por certo, uns gandeiros que reciben exactamente en termo medio, falando en media –non teño tempo a facer unha precisión maior– pero que reciben en termo medio unha indemnización que vén sendo a metade da que reciben na comunidade coa que limitamos, a de Castela-León. Iso si que tería que preocuparlle ó grupo maioritario, ó seu presidente e ó portavoz.

E tamén dicirlles que estamos vivindo nun país, nunha situación, non é dramática, pero si que ocorre que dende hai catro meses, non sei cando empezou o primeiro temporal, sei cando deixaron de poder saír a faena-los mariñeiros de Galicia e os pescadores: dende outubro están tendo problemas para saír a faenar. E gran parte deses mariñeiros e desas familias deses pescadores, en catro meses teñen 70.000 pesetas de ingresos; 70.000 pesetas de ingresos gran parte deles. Mire, esa é a situación, ou polo menos é a situación dunha gran parte deles.

Polo tanto creo que, sen entrar no terreo de pintar unha situación catastrófica, hai que saber recoñecer que temos problemas de fondo serios, que afectan a moitas familias, a moitos fogares, a sectores e actividades estratéxicas do noso país.

E fronte a iso e diante diso, o que temos é unha imaxe lamentable de desgoberno. Un Goberno que está provocando como resultado da súa actuación incertidume e desconfianza na cidadanía, que quebra algo fundamental nun Estado democrático: a confiabilidade na acción da política e na acción pública. Creo que esta é unha situación que é necesario superar. A integración, a suma das tres grandes crises que se mesturan, que se acumulan, os efectos do temporal, a crise pesqueira derivada do retroceso en caladoiros e dos propios efectos do temporal, e a crise das vacas tolas, unha crise de grande envergadura e de gran complexidade, están presentando un Goberno que se mostra desbordado e incapaz de facer fronte á situación e de dar confiabilidade e sseguridade á cidadanía.

Ese é o problema que está hoxe formulado no centro do debate dende a miña idea, dende a miña preocupación polo menos. E o que lle formulo neste caso, tendo en conta que ademais no caso da crise máis grave, que moito teremos que andar aínda, e que moito futuro por percorrer, hai que saber e dicir unha vez máis que a xestión da crise non puido ser máis disparatada, señor presidente, non puido ser unha cadea de despropósitos maiores. Vostedes, coa súa actuación, puxeron en grave risco o futuro e a realidade do sector gandeiro e do sector cárnico do noso país. É necesario recuperar ese sector, é necesario un plano de axuda, é necesario un plano de calidade, é necesario que sumemos todos o ombro e arrimemos o ombro e nos remanquemos para sacar adiante entre todos a situación.

Eu o que lle pido é que governe, ten a nosa disposición, a mellor axuda, a cooperación, reitéroo, para poñer iniciativas, medidas e alternativas para realmente facer fronte a unha situación que é extraordinariamente complexa e endereita-las acción do goberno. E xunto con iso digo outra cousa máis: non é o momento de continuar tan só debatendo no Parlamento, o debate hai que levalo á cidadanía; os cidadáns teñen dereito a intervir no proceso político no momento en que hai un goberno incapaz, desnortado, esgotado e

bloqueado. É o momento de que se fagan eleccións anticipadas neste país.

Non o formulo, quero dicir con rotundidade, non o estou a formular dende unha iniciativa partidaria de interese meu ou do meu partido que, por certo, tamén é lexítimo se tivese ese interese. Estouno presentando –créame, señor presidente– dende a defensa do interese xeral do meu país. Necesitamos un novo goberno, un goberno forte, un goberno que faga fronte á situación, que dea alternativas, que se comprometa, que sexa capaz de acordar co goberno de España e que realmente estea en condicións de afrontar-lo futuro deste país.

Esa é exactamente a posición que mantiven e que despois deste debate manteño aínda con máis forza. Fágome a pregunta, e trasládolle ás súas señorías tamén a reflexión: ó final ¿para qué ten servido este debate, esta moción de censura, se non sacamos conclusións en positivo? Conclusións que leven o Goberno a gobernar e a estar á altura das circunstancias e a convocar esas eleccións que dean paso canto antes e que acaben coa situación de extrema debilidade do goberno que temos actualmente.

Señor Guerreiro, claro que si, eu estou en condicións, estou traballando arreo e creo, e quero lidera-la maioría progresista deste país. Quero liderar unha maioría social, progresista, ampla deste país para gobernar a favor dos intereses xerais, non contra ningún. Non quero facer un goberno, nin creo que o futuro de Galicia deba facerse pensando en termos parciais e curtos de percorrido. Creo que Galicia necesita que levantemos a mirada, que saibamos ve-lo futuro e anticipa-los problemas e dar respostas ós mesmos. Quero liderar unha maioría progresista que gañe a oportunidade histórica que se lle presenta a este país.

¿E para facer que? Para facer unha Galicia realmente innovadora, realmente capaz de estar na modernidade e no futuro. Unha Galicia aberta e plural, aberta a España e a Europa, con máis identidade e con máis peso, unha Galicia forte nunha España forte. Iso é o que eu quero para o meu país, un país que ten que ser competitivo na sociedade global e no mundo global e en rede en que temos que vivir.

E temos –dicía antes– posición e identidade moito mellor que outras moitas comunidades e países.

Temos unha lingua que é un enorme tesouro e un enorme potencial que nos coloca en extraordinaria vantaxe na relación co mundo e co mundo luso. Temos unha posición xeopolítica extraordinaria para a relación con América. Por certo, para botarlle unha man ós emigrantes de Galicia, ós galegos que están hoxe fóra que necesitan do esforzo solidario, da cooperación e axuda dun goberno literal e autenticamente comprometido.

Esa Galicia é posible de facer, é susceptible de ser feita porque temos recursos, temos capacidade, temos posición para poder de verdade deseñar esa alternativa que vostede me requiría, señor Guerreiro.

Esa alternativa –e quérollo dicir tamén ó señor Beiras– require da achega positiva do nacionalismo galego, claro que require da súa achega positiva. Da achega do máis positivo que ten o nacionalismo, dunha ollada ó futuro que se libre do ensimesmamento, que supere exclusivismos, que sexa de verdade aberta e positiva a mesma construción. Dende logo, eu non estaría nunca en disposición de agrupar unha maioría progresista para non facer aquilo que creo e nas conviccións que creo e para que Galicia marche na dirección na que ten que marchar, a de profundar no proxecto constitucional, nas liberdades e na paz, a de profunda-la vida en concordancia nunha España máis cohesionada e máis solidaria.

Eses son os obxectivos que realmente me formulo, e que creo que se ten que formula-la maioría neste país e estamos en condicións de que se poidan formular.

E finalizo dicíndolle ó señor Fraga: en resumo, creo que vostede hoxe ten a obriga moral e política de non actuar curtamente no interese partidario do seu propio partido. Mire e vele, como ten feito moitas veces, polos intereses xerais do país; traballe a prol deles, convoque as eleccións, faga debate á cidadanía e a censura que a fagan os cidadáns se a consideran oportuna –como eu penso que é– co seu voto nas urnas.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Touriño.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, señoras e señores deputados.

Eu penso que a estas alturas do debate todos debemos concluír que a moción de censura tiña un fundamento serio, un fundamento político e está conseguindo, cando menos, que determinados problemas que hoxe padece o noso país teñan transcendencia política na Cámara como non foron quen de tela antes.

E nós estamos convencidos de que acertamos plenamente, sintonizamos coa sociedade, producimos un golpe de temón político, concitamos a atención da xente na Cámara que representa a soberanía popular e, dende logo, contribuímos de forma decisiva a dignificar o papel desta Cámara que durante tantos anos foi vilipendiado e que hoxe vimos aquí outro novo exemplo. Só por iso xa tería razón de ser a censura.

Mal asunto cando se ten que subir a esta tribuna e para escorrenar a moción de censura se utilizan anatemias propios doutra época.

O señor Beiras esta mañá fundamentou o seu discurso en dúas partes.

Unha, a situación de excepcionalidade que vive o noso país e que fundamentaba unha moción de censura porque, entre outras cousas, nesta Cámara non hai outros resortes posibles de implementar outras iniciativas e de pedirlle responsabilidade a un presidente que ata hoxe non eramos quen de facer comparecer.

E dúas, como procedementalmente era obrigado, presentou as liñas mestras do que sería unha política alternativa que, como primeira forza da oposición no noso país, nós estamos en disposición de ofrecer, nuclear e liderar.

E ante isto, nós entendemos que non serve recorrer aos tópicos e ás cantilenas como fixo aquí o portavoz do grupo maioritario. Hoxe os cidadáns do noso país teñen que ter conciencia de que é posible levantar un proxecto alternativo ao que representa o Partido Popular. Que hai bases para facelo e que hai forzas políticas que estamos interesadas en facelo, que non nos instauramos na rutina parlamentaria de esperar a que cheguen as eleccións. Hoxe a cidadanía sabe, a cidadanía galega ten que saber, que ante a crise que estamos padecendo e a ineficacia, ineptitude e desgo-

berno que dende o executivo galego e co señor Fraga á cabeza se está provocando, hai un grupo político que está disposto a liderar un cambio no noso país, que ten proxectos, que ten propostas, que ten alternativas e que ten persoas para facelo efectivo. E iso é importante telo presente.

Neste acto parlamentario, obrigados como xa se explicou aquí, nós temos necesidade de proceder á censura dun goberno e para podela facer efectiva presentar tamén unha liña alternativa e programática. Curiosamente, se poderían ter presentado outras no momento no que nós iniciamos ese trámite.

Se se coincide na censura, ¿para que balóns de osí-xeno ó grupo que goberna? Se se coincide na censura, ¿por que non reclamaron diálogo mesmo para nuclear un programa alternativo?

¿Non é posible isto hoxe? Sabemos que hai pendentes unhas eleccións, pero nós estamos convencidos de que se a censura foi un aldrabonazo político, tamén sería importante que se tivese producido unha unanimidade de criterios no proceso da censura. Estamos convencidos de que iso fortalecería a posibilidade de levantar unha alternativa política no noso país. Nós asumimos, como primeira forza política da oposición, a nosa responsabilidade nun momento de crise, nun momento de inacción do Goberno, nun momento de carencia de iniciativa, poñer diante da sociedade do noso país as necesidades de cambio que precisamos; que temos un proxecto político, que temos unha alternativa e que temos persoas para liderar ese cambio.

Iso é o que en realidade está en discusión neste momento e nese sentido nós pensamos que acertamos plenamente.

Para o noso entender, era necesario producir un aldrabonazo político, era necesario producir un golpe de temón, era necesario producir unha reflexión profunda na sociedade galega, non podíamos seguir instalados no mormo político porque estaban próximas unhas eleccións. A este Parlamento se lle negaba o pan e o sal para poder discutir os problemas fundamentais do noso país. Non era posible abordar políticas alternativas; levamos tódolos grupos da oposición, e o noso dende logo á cabeza, presentando iniciativas positivas e constructivas para liderar unha vontade desta Cámara que sempre topou co muro da intoleran-

cia do Partido Popular. Ante iso, ¿que nos queda aos grupos da oposición? O único mecanismo parlamentario que tiñamos para facer efectiva a inacción dun goberno, a ineficacia e o funcionamento moitas veces como correa de transmisión de decisións políticas, que van contra os intereses do noso país, era a explicación da moción de censura.

Pensamos que os logros da moción están á vista. Consequimos que o señor Fraga compareza nesta Cámara. Producimos un aldrabonazo político, hoxe estase producindo unha reflexión colectiva na sociedade galega sobre a necesidade dun cambio político no noso país e o Bloque Nacionalista Galego, como primeira forza política da oposición, aspira lexitimamente a liderar ese cambio.

E isto, señores e señoras deputados, é no fondo o que está en discusión. Se temos que aceptar resignadamente o mormo político dunha Xunta que, ante a ineficacia, padece absolutamente a inacción, que se instala na conformidade coa situación que estamos padecendo, que é incapaz de adoptar políticas en positivo que demanda a sociedade, se nos temos que instalar na resignación ou intentar conseguir, na modesta posibilidade dun grupo que non ten a maioría nesta Cámara, un golpe de temón político. O Bloque Nacionalista Galego asumiu a súa responsabilidade como primeiro grupo da oposición. ¿Que quedaba facer nestas circunstancias? ¿Seguir agardando? Non, nós, dende logo, non estamos instalados na resignación e o noso país, a nosa sociedade demandan nestes momentos un cambio na política que se está facendo. E como grupo que lideramos a oposición aspiramos a nuclear ese cambio. O que nós entendemos nestes momentos que sería importante é que se producise unha censura común que ratificara ademais que é posible conxugar ese cambio no noso país. Non entendemos —aínda que podemos respectala— que habendo outras posibilidades para explicitar a censura nesta Cámara, se escollera a facilidade de coincidir nalgúns aspectos da descualificación que se fixo á moción de censura.

O Bloque Nacionalista Galego, insistimos, ten claro que serán os cidadáns nas próximas eleccións os que decidan o próximo presidente do noso país. Pero neste momento, o que conviña ante a situación de crise que padecen moitos cidadáns deste país, non era

seguir instalados no mormo e esperar a que se celebren as eleccións que, se non hai adiantamento, son nove meses. A actitude responsable dunha forza política é estar en sintonía coa sociedade que se di representar nesta Cámara e, dende logo, hoxe moitos sectores da sociedade galega, moitos homes e mulleres reclaman un auténtico golpe de temón na política que se está a facer...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SUÁREZ CANAL: E o Bloque Nacionalista Galego —e remato— exerce responsablemente a única posibilidade política que ten cando se pecharon outras nesta Cámara, que é exercer a censura e presentar unha política alternativa que é posible, que é unha alternativa de futuro e que, dende logo, no seu día terá que ter o refrendo dos cidadáns e a iso, dende logo, nós todos estamos abocados, pero neste acto político ao noso xuízo o que cumpría era ter claro que o que se está a facer é pedir un golpe de temón político, un cambio de rumbo e censurar un goberno absolutamente ineficaz. Había outras posibilidades...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, remate.

O señor SUÁREZ CANAL: ...de ofrecerlle á cidadanía unha posición conxunta. Os que non escolleu esa posibilidade alá eles coa súa responsabilidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Suárez Canal.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Pita Varela.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): Señor presidente, señorías.

Señor Guerreiro, mire, nin a súa ideoloxía política nin a súa falta de argumentos merecen un segundo, pero voulle facer dúas puntualizacións moi pequenas. Mire, vostede sempre falta ó respecto porque non ten argumentos, que lle vai facer, esa é a súa teima, pero xa lle dixen nunha ocasión, voullo repetir, aquela vez non había un foro tan nutrido, pero voullo dicir: eu

non o vou descualificar a vostede e, por descontado, non lle vou chamar parvo nin lle vou chamar indocumentado nin lle vou facer adxectivos dese tipo, porque, e xa llo dixen, nin do xenoma, por descontado que non, que xa lle dixen nunha ocasión que en conxunto era probablemente vostede o deputado máis listo desta Cámara, xa sabe por que.

Ben, señor Touriño, mire –laméntoo moito ¿non está o señor Touriño?– (*Murmurios.*) ¿Está o señor Touriño? Hai que clonar, non hai maneira. Cando eu digo que son pouco traballadores, ese é o problema que teñen.

Mire, utilizaron, vou falar pluralmente ó Grupo Socialista. (*Risos.*) (*Murmurios.*) –Agora entra o señor Touriño. Coñécese que non lle gusta o que lle vou dicir–.

Frívolo, señor Touriño, é quen hai quince días dixo que, ademais saíu desesperadamente ante os medios de comunicación, que non quería, que non tiña por que haber eleccións e estes días e hoxe di que si, que ten que haber xa eleccións. Esa si é unha frivolidade pola súa parte, iso é o que vostede dixo hai días, se cada quince días o líder do Partido Socialista cambia de opinión, apañados van, señores do PSOE, cambien rápido de líder porque se non, non lles vai dar tempo coa intermitencia que produce no seu pensamento.

Pero miren, que vostede veña aquí a tratar de enganar, porque vostede –non é só unha frivolidade– vostede fixo aquí unha acusación e cando se fai ou se teñen datos, ou se cala, pero o que non se pode é tratar de enganar á opinión pública. Falou de que se en Castela-León ou noutros lados o que se facía, o que daban e que aquí non se facía. Voulle dar un dato real, non como os que facilita vostede; non frívolo como os que fai vostede. En Galicia é na comunidade que: primeiro, que se paga máis rápido, en primeiro lugar, que se está pagando o tema das reses que hai que eliminar, pero ademais voulle dar o dato exacto para que vostede faga a comprobación e non se tire á piscina sen auga, que é perigosísimo. Non sei se sabe nadar, á parte. Pero mire, entre 200.000 e 230.000 pesetas páganse por res sacrificada. Ademais pódese acceder (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) a un crédito de 300.000 pesetas por res, ademais a maiores, co xuro cero en sete anos, ademais da indemniza-

ción, e por enriba, a maiores, as explotacións, señorías, teñen unha indemnización por lucro cesante –que eu non lles vou explicar agora o que é porque iso supoño que a súa intelixencia e a súa formación pois xa o saben perfectamente–. Señor Touriño, unha vez máis vostede perdeu a oportunidade de marca-las diferencias co Bloque, non o fixo, saberá por que.

O que está claro é que todo o que dixeron os autores da moción e os outros grupos, é o mesmo que levan dicindo aquí dende o ano 1989: non queren que governe o PP e eu lles digo unha cousa, o pobo galego xa o sabe, os que estamos aquí tamén, o Goberno tamén o sabe, agora falta que o decida a maioría dos cidadáns, iso é o que non acaban de entender vostedes. ¿Cal é a súa alternativa? ¿A que se presentou hoxe aquí? ¿Ou a oferta que acaba de facer o señor Touriño coa súa debilidade unha vez máis facéndolle xa aquí unha oferta ó Bloque Nacionalista Galego? Así lles vai, e despois quéixanse e din que é o PP, o PP tamén, claro, pero é que son vostedes pertinaces no erro, alá vostedes, nós non somos a súa conciencia.

Pero mire, a nós –e xa o dixen antes e vouno repetir– esta moción non nos sorprende, ¿como nos vai sorprender! Moción permanente, ano 1989, moción, talante antidemocrático o PP. O Bloque, ¿que dixo? Pois dixo que ían queimarnos en seis meses, e insultaron reiteradamente ós votantes do Partido Popular chamándolles analfabetos –insultando loxicamente ó pobo galego, polo menos á maioría– botaron tódalas pestes. Aquí tivemos varios debates de autonomía que menos mal que procuramos inmunizarnos, nos vacinamos practicamente tódolos do PP, porque botaron tódalas pestes contra nós, tódolos anos. Incluso nun momento determinado que foi grave, nós, que conste, señor Beiras, que o interpretamos, non nos afectou, pero chegou a dicir que nos puxeran algo tan serio como unha bomba debaixo dos nosos asientos. ¿Que se pode esperar, señorías, de quen lles costou tanto traballo acata-la Constitución e o Estatuto de Autonomía? E cando o fixeron –repto– foi por imperativo legal. Eu recordo aquí na primeira lexislatura, tres deputados: Lois Diéguez, Bautista Álvarez e Claudio López, negáronse a xurar ou prometer tanto o Estatuto de Autonomía como a Constitución. O señor Rosón, presidente do Parlamento, negoulles a condición de deputados. Os que acabo de dicir negáronse a abandona-lo hemiciclo e foron expulsados, suspen-

deuse o Pleno, perderon a súa condición de deputados e nunca o conseguiron, porque presentaron un recurso o cal perderon. Iso é o que aconteceu naquel momento, despois vista a situación –repito– por imperativo legal. Por imperativo legal.

Pois, como non van –e aquí vou a outro feito, e se non digo a verdade, por favor, eu pídolle, señor Beiras, que cando veña aquí despois a pecha-lo debate, que diga que o que acabo de dicir, que aquí detrás un pouco alporizado estase dicindo que é mentira, eu non lle podo contestar loxicamente á Mesa, porque lle teño o profundo respecto institucional que se merece, cousa que ás veces algúns desde a Mesa non practican, pero si lle digo a vostede: saia vostede no nome de quen di que é mentira e dígame que acabo de mentir polo que acabo de citar que é recollido dun texto desta Casa– pero, por outra banda, eu tamén lles vou dicir aínda moito máis: ¿como non van presentar ó Partido Popular unha moción democrática –por descontado e que está contida aquí– quen aínda no ano 1987 renunciaron, señor Beiras, á loita armada e cando aínda hoxe fan o espectáculo, como o outro día entregando un premio a unha plataforma que defende as liberdades en contra do terrorismo como é Basta xa, e fixeron unha espantada en Estrasburgo? Soamente vostedes, ben, apoiados por algún outro que andaba despistado por alí, pero, desde logo, as forzas democráticas no Parlamento Europeo aplaudiron a entrega dese premio. ¿Como non van vostedes presentar aquí mocións?

Eu recórdolle, señor Beiras, que vostede, non outro, vostede, no ano 1988, exactamente o 25 de maio, dirixíulle no periódico este que teñen vostedes –non me acordo do nome, desculpen (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, xa pero é que esquecín del –carta ó eurodeputado Txema Montero, asinado: Xosé Manuel Beiras. E nun dos parágrafos que vou ler para ilustración das súas señorías di, dille a Txema Montero: “Escóitame ben e toma nota, por favor. Hai ano e meses, na terceira asemblea nacional, á que nós chamamos familiarmente Asemblea do Carballiño, o Bloque Nacionalista Galego acordou descartar explicitamente a loita armada en Galiza. Acordouno por abrumadora maioría desa asemblea nacional e sen que se producise rebeldía nin escisión ningunha da minoría discrepante –ou sexa, dos que querían que seguira a leña– e acordouno así –señor

Beiras, que isto é o grave, ten que perdoar que o diga, non me gustaría ter que dicilo, pero teño que dicilo– e acordouno así por razóns políticas. Presta atención –dille vostede ó señor deputado de Herri Batasuna– dixen razóns políticas, non éticas, nin ideolóxicas. Para un home coma ti, coa altísima formación teórica proverbial nos cadros dirixentes de Herri Batasuna, estarían de sobra anotacións didácticas ao que che digo con palabras de significado ben preciso”. Iso é o que vostede, señor Beiras, dixo.

O señor PRESIDENTE: Remate por favor.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): E estes días lamentablemente un sindicato –non sei se apéndice ese sindicato do Bloque ou o Bloque apéndice dese sindicato– un sindicato que se supón que está defendendo os intereses dos traballadores de Galicia, pois resulta que o que fai é proxectar un video dun personaxe que ó que se dedica –parece– é a sinalar co dedo. ¿Que quere vostede que lle diga?

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): ¿Que nós non asumamos que vostedes cara nós se atopen en moción de censura permanente? Nós –ten que perdoar– a vostedes non lles imos presentar nunca unha moción, porque a vostedes quen lles presenta tódolos días en tódolos procesos electorais as mocións, por sorte, pola madurez que ten, é o pobo galego.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Pita.

Intervención, se quere, do señor Presidente da Xunta. (*Píde a palabra o señor Pérez Touriño.*)

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señor presidente, quería unha palabras para ratificar ou rectificar unha información que anteriormente se puideron entender mal as miñas palabras.

O señor PRESIDENTE: Vostede dirá.

Perdón, señor presidente.

O señor PÉREZ TOURIÑO: É para que conste en acta os datos referentes ó prezo medio en Galicia e o prezo medio en Castela-León. En Castela-León son 320.000 pesetas e en Galicia a media está en 200.000 pesetas, segundo acaba de dicir o voceiro do Grupo Popular. E o lucro cesante en Galicia en tres meses e en Castela-León en nove meses.

Para que conste en acta a información exacta.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Grazas, señor presidente.

Como dicía na súa intervención o señor Beiras, no diálogo pode haber de todo e, efectivamente, de todo houbo, porque por exemplo a estas alturas cando se foi un dos oradores que intentaron encubrir esta realidade que despois das autovías das que se dixo o mesmo, que non era verdade, que non estarían, etc., se fala agora dunha broma co ferrocarril, pois resulta que, efectivamente, está asinado e está asinado ano por ano coas cantidades correspondentes.

Eu agradezo moito calquera lección, sobre todo de Dereito Constitucional, pero a moción constructiva despois do ano que foi mencionado foi establecida en moitos outros países. Pero se coñece —como coñece sen dúbida, aínda sen ser constitucionalista— o señor Beiras, o sistema por exemplo como funciona no Reino Unido ou en calquera das monarquías que forman parte da *Commonwealth*, nas que hai un sistema bipartidista e o mesmo día que se gaña unha moción de censura, dimite o Primeiro Ministro e o mesmo día se nomea Primeiro Ministro e a Raíña lle entrega os selos ó seguinte. É dicir, que é unha moción igualmente constructiva.

En canto a dicir que houbo varias expulsións históricas, que os exércitos españois gañaron moitas batallas só contra o pobo español, iso, o pobo que ten Pavía e Lepanto e tantas outras páxinas gloriosas da súa historia, pois, verdadeiramente, dá un pouco de noxo escoitalo.

Cando di polo mesmo, na súa última intervención que na historia de España, pois, hai unhas decisións autoritarias respecto da mesma, cita un documento que desde logo non coñezo, teño que dicir que foi a

Academia da Historia a que sinalou con toda claridade que a Historia de España se pode ensinar con especial atención en cada rexión, pero é necesario ensinala en conxunto, se non non se entende.

Pero pasando a outro tema menos agradable, ¿quen pode dúbida que das *ikastolas* vascas están a salir moitos da *kale borroka* e, sen dúbida ningunha, moitos terroristas tamén?

Falou da Constitución, dicindo que hai que falar non só do seu lexítimo suceso nestes 25 anos, senón do que quedou a medio facer. Claro que a Constitución é reformable, pero unha cousa é reformala —e xa o distingue no título correspondente— e outra é rompela. E o título preliminar que é o pacto político básico que con razón foi mentado como o da conciliación dos españois, fala da nación indivisible dos españois e ese é un tema que afecta a algo máis que a unha reforma. Fóra diso hai federalismo dual e federalismo de cooperación. Eu son partidario do segundo entón e por iso falo de lealdade constitucional, de administración única e non deses preitos que algúns queren invocar en cada momento.

Falouse do papel do Parlamento que é legislar, aproba-los orzamentos e controlar, non gobernar, igual que o dos xuíces é xulgar, non legislar.

En referencia ó PIB era en termos actuais, non en termos do que era e do que é nos outros países.

En canto a Marrocos e ó Sahara, foi a declaración sumamente importante porque, efectivamente, é certo que as Nacións Unidas consideran pendente un referéndum e é sabido que o Goberno español o apoia en principio. Pero, ¿hoxe con quen estamos a negociar? ¿Con Marrocos ou coa República do Sáhara? Mesturar as dúas negociacións, entre comiñas, evidentemente, son ganas de que non se faga nada.

Foi mencionada Grinlanda, como sen dúbida sabe o señor Beiras, as cotas de pesca asígnanse na Unión Europea segundo o principio de estabilidade relativa. Principio discutible, pero o certo é que con arreglo a el en Grinlanda soamente pescan os países que pescaron sempre alí, Alemaña, Dinamarca, Francia e Reino Unido, namentres que nove países membros con flota non a reciben, entre eles España, en cambio, hai outros que non a reciben como Holanda e Dinamarca

no Gran Sol ou no Mediterráneo. Nós, nembargantes, estamos a librar unha dura batalla na Comisión Europea para poder aproveita-las cotas de países que si reciben Grinlanda e non as usan.

O amigo da onza non é tanto unha fábula como un chiste, evidentemente, eu aludía á oposición irresponsable. En canto a Hayek, fixo algo máis que unha teoría económica, e o señor Beiras que si é economista, debía sabelo: fixo toda unha filosofía social e política e o que dixo con toda claridade, que confirmaron tódalas análises posteriores, pero sobre todo as terribles de realidade, é que o sistema marxista só funciona dentro dunha tiranía total. E usou a famosa frase que convén non esquecer “é pouco probable que o home que usa o látigo nunha plantación, sexa un home benévolo”.

En canto á proposta dalgúns redactores da Televisión Galega se ve que non a leu, porque fala explicitamente da elección, despois volverei sobre este asunto, polos dous tercios.

En canto ó tema de se el falou ou non de convenio, agora inventouse unha droga de deseño, pero teño que dicir que se dixeron toda clase de inexactitudes, por exemplo, que Navarra podía verse afectada por unha doutrina contraria ós convenios. Navarra, por unhas disposicións ou dereitos históricos igual que os territorios vascos e polas disposicións derogatorias, está incluída na Constitución como un sistema que nós consideramos excepcional.

O señor Guerreiro –que acepta a censura ós dez anos de goberno, dez anos perdidos segundo el dilapidaron once billóns, despois foron máis precisamente reducidos a sete– pero en fin, usou tales expresións como que neste momento a actitude do goberno Aznar lle recorda o tambor de brumario, que non se pode tomar en serio. Aquilo foi un golpe militar, que supoño, señor Guerreiro, neste momento non cre que ninguén estea pensando en dar. En todo caso, permitiuse falar da crise política que temos. Eu atrevome a dicir que, efectivamente, o que é seguro é que nunha forza política case unipersonal como a que el representa, non pode ter ningunha clase de crises políticas. Nós, naturalmente, debatemos e discutimos e se non teríamos –expresión que el usou– vergonza intelectual.

O señor Touriño falou de remangarse todos xuntos, gustoume a expresión. Despois resultou que era remangarse para reprobacións e, como el dixo, con moitísimo respecto –frase que me recordou ó alcalde de Zalamea, cando o alcalde lle di a aquel capitán: “con muchísimo respeto os he de ahorcar, voto a Dios”–. Ben, pois se pode... (*Risos.*) Pero o que quero dicir é que sobre ese punto, que logo volverei sobre el, de anticipa-las eleccións, o señor Louro di que sería un abuso do noso partido adianta-las eleccións; el, en cambio, di que hai que facelo. Evidentemente, teñen que poñerse de acordo. Digo eu, como non me gusta ter cartas na manga, voulle dicir o que penso sobre este asunto. Hai problemas conxunturais, porque foron nados dunha conxuntura como é un temporal, imprevisibles, porque, efectivamente o eran, pero están e estarán controlados e non son “cositas”, pronto se verá. Dentro de moi poucos días verase a eficacia, que xa se está vendo do grupo de crise –que preside, por certo, un galego– e moi pronto teremos por aquí ó presidente Aznar, que aclarará moitas cousas. Claro está que reafirmo o meu compromiso de que estes problemas estarán resoltos.

E como con gran respecto falo a un profesor colega, quero dicirlle que se lle dixeron en Caldas de Reis que non se fixeron ningún investimento, presentouse no concello o día 18 de outubro de 1995 un proxecto por 2.527 millóns de pesetas e foi rexeitado. Entón se fixo doutro xeito, pero a presa está feita.

Está claro que as vacas tolas –que non son vacas sagradas– neste momento, desde o 1996 esta comunidade está seguindo escrupulosamente o plano nacional de seguimento, pero desde o 1994 está vixente para España –esa data non foi mencionada por razóns que parecen absolutamente obvias–. Quero, en todo caso, informar que hoxe mesmo o Consello de Ministros de Agricultura aceptou a proposta do comisario Fischler de alertar sobre a necesidade de empregar-lo presuposto comunitario nesta materia. Por certo, propuxo un consello asesor que xa existe desde 1995 e que está recollido na lei do audiovisual, teño aquí o texto da lei se lle interesa.

En canto ó señor Suárez Canal, como é natural, fixo diversas consideracións, tamén falou en broma do ferrocarril. Pero cando fala de que os galegos se deixan comprar ou que son almas manipuladas, ¡que mal

concepto ten dos galegos! Os galegos o que saben é o que eramos e o que somos: que non había teléfonos nas aldeas, que os hai; que non había gas, que o hai; que non había autovías, que as hai e que o ferrocarril está asinado. Mire, cando se di que non temos peso político, se algunha dúbida houbese, esta moción a desfai. ¿Por que a desfai esta moción? Porque, efectivamente, o peso de Galicia é moi importante, todo o mundo está pendente das súas eleccións.

Eu quero dicir a este respecto, señor presidente, que nós estamos convencidos de que efectivamente as oposicións están todas en contra nosa, para iso son oposicións, só están de acordo niso. Que nós imos deixar ó pobo galego que nos xulgue a todos, *vox populi, vox dei*. Que imos facer absolutamente todo o posible para que sexa no mellor tempo, pero para que xa non haxa dúbidas de ningunha clase quero deixar claro que, como foron nas ocasións anteriores, serán esgotando o máximo prazo: na primeira quincena de outubro.

Moitas gracias. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Presidente.

Conforme... (*Aplausos*.)

Señores, por favor.

Por favor, señores, conforme ó previsto no artigo 90 e 92 do noso Regulamento, a votación desta moción será pública por chamamento sorteándose o nome da deputada ou deputado por quen comezará a votación. Esta producirase ás dez.

Señor Beiras, se quere te-la última intervención.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías.

Eu, en primeiro lugar, felicítome, non sei se todas as súas señorías, e moito menos sei se os cidadáns, se felicitan tamén de que este debate se teña celebrado, porque había moito tempo que non había un debate propiamente dito, aberto, onde se poidese facer unha análise e un balance, diagnoses desde os diferentes puntos de vista da situación do país. E onde se restaurase a dignidade do Parlamento. Nós dicimos, leva-

mos certo tempo a dicilo, dende que a situación o requiriu, que era primordial restaurar a dignidade da institución parlamentaria.

Ben, pois hoxe houbo unha sesión parlamentaria que restaura a dignidade do Parlamento como institución da Cámara de representantes da cidadanía, a dignidade de todos e cada un dos que intervimos nese debate xa é cousa individual de cadaquén.

Eu coido que o que resulta patente é que, efectivamente, se o Parlamento de Galiza opera como institución sobranceira do conxunto das institucións políticas da comunidade autónoma galega, só por iso o avance da cidadanía, o avance da dinámica deste país pois, efectivamente, vai ser atribuíbel na medida que lle corresponde á Cámara de representantes. O resto fica pendente.

Os cidadáns tiveron unha oportunidade de saberen moito mellor do que sabían onte quen é cadaquén, quen é cada grupo político, que talante ten, que idearios defende, que visión da realidade da sociedade ten, que actitudes e que comportamentos adopta. Iso é pedagogía e non hai ningunha sociedade que poida avanzar na democratización profunda e non, polo tanto, só formal ou ritual, sen que esa pedagogía se faga. E esa é unha das funcións de todos e cada un dos membros dunha Cámara de representantes. Todos e todas.

E eu estou convencido de que isto tamén vai abrir unha luz de esperanza a moitos sectores da cidadanía que neste intre se sentían absolutamente defraudados, angustiados e coa impresión de que existía formalmente unha Cámara de deputados, pero que esa Cámara de deputados non se sabía sequera se se ocupaba dos seus problemas ou non.

Eu coido que isto xa é abondo. O resto decidirano os cidadáns no seu momento, e decidirano exercendo o seu voto, evidentemente. O que coido que ficou rotundamente claro para esa cidadanía é que a moción de censura tiña fundamento e que evidentemente o Goberno non foi capaz nesta sesión de explicar absolutamente nada daquilo que nós formuláramos ou como inexplicable ou como só interpretable de ser debido á ineptitude do Goberno.

E para a cidadanía tamén penso que hoxe ficou nidiamente claro que hai unha forza política maioritaria entre a oposición que asome as súas responsabilidades mesmo cando ten que poñer en risco aquilo que é considerado como lindes que non se poden traspasar na maneira de entender, de interpretar o rol dun parlamento. Que hai unha forza política que non se formula a súa actividade e responsabilidade nesta Cámara simplemente en termos de mecánica parlamentaria, senón que é unha forza política que considera que nesta Cámara o que ten que facer o esforzo político é traer todo aquilo a debate que atinxa aos problemas que ten a cidadanía. E iso fíxose, ese obxectivo está logrado.

E tamén penso, finalmente, que a cidadanía sabe que esa forza política maioritaria, neste intre, da oposición ten criterios serios como alternativa de goberno para unha política alternativa de goberno, e mesmo para unha actividade de impulso lexislativo do labor que lle corresponde precisamente á Cámara de deputados como cámara lexislativa. Porque abordar os problemas e gobernar non é só facer o traballo de goberno cotián, senón que é tamén legislar.

E este balance do debate nós considerámolo de seu absolutamente satisfactorio. E nós actuamos así porque nós sempre crimos no noso país, e sempre crimos no noso país porque o amamos como propio, mesmo amámolo como o único país que consideramos rigorosamente como o noso propio, e por iso ciximos sempre o noso traballo político a Galiza. Nunca pretendimos intervir nós no tratamento decisorio dos problemas, dos intereses e dos dereitos dos outros pobos do Estado, nunca pretendimos substituír nós as cidadanías dos outros pobos. O que si sempre fixemos é sermos solidarios na práctica política, na práctica social, na práctica institucional coas cidadanías dos outros pobos e apoiar sempre as súas reclamacións ou as súas loitas civilizadamente democráticas, políticas, cando son xustas. Ser solidarios cos dereitos e necesidades dos cidadáns e, polo tanto, de todo o Estado español é a nosa pauta de conducta nas Cortes, así o pón de manifesto dunha maneira prístina, absolutamente, nidiamente clara.

Eu coido que isto non é máis que ser congruentes coa nosa propia identidade política, ser congruentes co que foi sempre na historia da nación galega o na-

cionalismo. Dende Antolín Faraldo ata Castelao. Sempre foi así.

E, por conseguinte nós, que non pretendemos apropiarnos de nada, nin da historia do país porque é súa nin das personalidades que houbo na historia do país, porque son deste país, si que está claro que na nosa práctica política demostramos que nos identificamos absolutamente con toda esa serie de persoas que dende Antolín Faraldo ata Castelao, puxeron Galiza por diante de absolutamente todo. E isto, supoño que percibido pola cidadanía, tamén dá lugar a que pense o que pense respecto do específico repertorio de alternativas que nós ofrecemos, sexa cal sexa o enfoque ideolóxico que cada cidadán teña para analizar e tomar posición ante as nosas alternativas, é algo que toda a cidadanía nos reconece e que a partir de hoxe aínda resultará moito máis profundamente afincada na convicción de todos os cidadáns.

E esa é a maneira de exercermos como demócratas. Esa é a maneira, precisamente, en que nós contribuímos ao avance do proceso democrático indispensable na nación galega. O resto –repito– decidíranos os cidadáns cando voten. E nada máis, nada máis.

Boa sorte teñan vostedes, vailles facer falta.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Suspendémo-la sesión ata as dez en que procederemos ó sorteo da votación.

O señor PRESIDENTE: Reiniciámo-la sesión.

Se teñen a bondade de ocupa-los seus escanos, por favor.

En presenza dos membros da Mesa metemos nese bombo que vostedes ven aí 61 bólas porque 61 son os deputados que votan en primeiro lugar, toda vez que os membros do Goberno que son deputados e a Mesa da Cámara son os últimos en votar. Polo tanto, son 61 os deputados que están con numeración empezando por Álvarez Blanco, co número 1, e rematando en Yeguas Sánchez co número 61.

Entón agora imos proceder a sacar unha bóla cun número e a partir dese deputado ou deputada, comezárémolo chamamento.

O chamamento vaise facer nominal e a resposta é: os que están de acordo coa moción de censura dirán “si”, os que non están de acordo dirán “non” e o que queira absterse dirá “abstención”. Facémolo chamamento e dende o propio escano contestarán a esa pregunta que xa se lle fai a todos, se están de acordo ou non coa moción de censura.

Señor secretario, proceda a sacar unha bóla.

(Pausa.)

O número 10 que é Castro García, don Roberto, por el comezárémola votación.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Castro García, Roberto.

O señor CASTRO GARCÍA: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Concheiro Coello, Antonio.

O señor CONCEIRO COELLO: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Cortegoso Fernández, Ramón.

O señor CORTEGOSO FERNÁNDEZ: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Darriba Calviño, Rosa.

A señora DARRIBA CALVIÑO: Si.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):

Díaz Díaz, Xosé.

O señor DÍAZ DÍAZ: Si.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Domínguez Vaz, Miguel.

O señor DOMÍNGUEZ VAZ: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Durán Núñez, Alberto.

O señor DURÁN NÚÑEZ: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Escudero Centrón, Serafín.

O señor ESCUDERO CENTRÓN: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Fernández Davila, María Olaia.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Si.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Fernández Rosende, Jesús María.

O señor FERNÁNDEZ ROSENDE: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco.

O señor FERREIRO ABELLEIRA: Si.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Freire Vázquez, María Begoña.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Gago Álvarez, Castor.

O señor GAGO ÁLVAREZ: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
García Campelo, María del Carmen.

A señora GARCÍA CAMPELO: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
García Negro, María Pilar.

A señora GARCÍA NEGRO: Si.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
González Ballesta, Justo José.

O señor GONZÁLEZ BALLESTA: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Guerreiro Carreiras, Anxo.

O señor GUERREIRO CARREIRAS:
Abstención.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Gutiérrez Fernández, Eduardo.

O señor GUTIÉRREZ FERNÁNDEZ: Si.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Juncal Rodríguez, Juan Manuel.

O señor JUNCAL RODRÍGUEZ: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Lobeira Domínguez, Bieito.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Si.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
López García, Sergio.

O señor LÓPEZ GARCÍA: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
López Outeiral, Manuel.

O señor LÓPEZ OUTEIRAL: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
López Pérez, Emilio.

O señor LÓPEZ PÉREZ: Si.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Louro Goyanes, Antón.

O señor LOURO GOYANES: Abstención.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Madarro González, María Elisa.

A señora MADARRO GONZÁLEZ: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Méndez Romeu, José Luis.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Abstención.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Mendoza López, Manuel.

O señor MENDOZA LÓPEZ: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Merino Mejuto, Domingos Rafael.

O señor MERINO MEJUTO: Si.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Muñoz González, Joaquín.

O señor MUÑOZ GONZÁLEZ: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Palmou Lorenzo, Jesús.

O señor PALMOU LORENZO: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Pazos Varela, Xosé Manuel.

O señor PAZOS VARELA: Abstención.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Pérez Touriño, Emilio.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Abstención.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Rego González, Ismael.

O señor REGO GONZÁLEZ: Abstención.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Rodríguez Pablos, Carlos.

O señor RODRÍGUEZ PABLOS: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo.

O señor RODRÍGUEZ FEIXÓO: Si.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Rodríguez Fernández, Gregorio.

O señor RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Rodríguez Peña, Xosé Enrique.

O señor RODRÍGUEZ PEÑA: Si.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Rodríguez Seijas, María Dolores.

A señora RODRÍGUEZ SEIJAS: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):

Ruíz Rivas, Manuel.

O señor RUÍZ RIVAS: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Salazar Bello, Isabel.

A señora SALAZAR BELLO: Abstención.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Sineiro García, Francisco.

O señor SINEIRO GARCÍA: Abstención.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Soneira Tajés, María Soledad.

A señora SONEIRA TAJES: Abstención.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Suárez Canal, Alfredo.

O señor SUÁREZ CANAL: Si.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Tapia Fernández, María Jesús.

A señora TAPIA FERNÁNDEZ: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Tello León, Xosé Enrique.

O señor TELLO LEÓN: Si.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Trigo Durán, Francisco.

O señor TRIGO DURÁN: Si.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Varela Pérez, Mauro.

O señor VARELA PÉREZ: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Vega Buxán, Xesús.

O señor VEGA BUXÁN: Si.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Veiga Pombo, Manuel.

O señor VEIGA POMBO: Abstención.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):

Vila Pérez, José Manuel.

O señor VILA PÉREZ: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Villarino Santiago, María Dolores.

A señora VILLARINO SANTIAGO:
Abstención.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Yeguas Sánchez, Ascensión.

A señora YEGUAS SÁNCHEZ: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):

Álvarez Blanco, María Salomé.

A señora ÁLVAREZ BLANCO: Si.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):

Álvarez Montes, María Marta.

A señora ÁLVAREZ MONTES: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):

Álvarez Yáñez, María Antonia.

A señora ÁLVAREZ YÁÑEZ: Abstención.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Barreiro Fernández, José Manuel.

O señor BARREIRO FERNÁNDEZ: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Beiras Torrado, Xosé Manuel.

O señor BEIRAS TORRADO: Si.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Blanco Fernández, María Fernanda.

A señora BLANCO FERNÁNDEZ: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Caballero Álvarez, Abel.

O señor CABALLERO ÁLVAREZ: Abstención.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Casares González, Juan Manuel.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Casares Mourino, Xabier.

O señor CASARES MOURIÑO: Abstención.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
López Besteiro, Manuela.

A señora LÓPEZ BESTEIRO: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Hernández Cochón, José María.

O señor HERNÁNDEZ COCHÓN: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Pérez Varela, Jesús.

O señor PÉREZ VARELA: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Currás Fernández, Celso.

O señor CURRÁS FERNÁNDEZ: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Cuiña Crespo, José.

O señor CUIÑA CRESPO: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Orza Fernández, José Antonio.

O señor ORZA FERNÁNDEZ: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):

Pita Varela, Jaime.

O señor PITA VARELA: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Fraga Iribarne, Manuel.

O señor FRAGA IRIBARNE: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Cortizo Nieto, Miguel.

O señor CORTIZO NIETO: Abstención.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Pedrosa Vicente, Juan.

O señor PEDROSA VICENTE: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):

Álvarez Domínguez, Bautista.

O señor ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ: Si.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
Santalices Vieira, Miguel.

O señor SANTALICES VIEIRA: Non.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):
García Leira, José María.

O señor GARCÍA LEIRA: Non.

(Pausa.)

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é o seguinte:

Votos a favor da moción de censura, 18; votos en contra, 41; abstencións, 15.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, esta moción de censura queda rexeitada.

Levántase a sesión.

RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS PROCLAMADOS ELECTOS
POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Blanco, María Salomé	(BNG)
2. Álvarez Domínguez, Bautista	(BNG)
3. Álvarez Montes, María Marta	(PP)
4. Álvarez Yáñez, María Antonia	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
5. Barreiro Fernández, José Manuel	(PP)
6. Beiras Torrado, Xosé Manuel	(BNG)
7. Blanco Fernández, María Fernanda	(PP)
8. Caballero Álvarez, Abel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
9. Casares González, Juan Manuel	(PP)
10. Casares Mourinho, Xabier	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
11. Castro García, Roberto	(PP)
12.- Concheiro Coello, Antonio	(PP)
13. Cortegoso Fernández, Ramón	(PP)
14. Cortizo Nieto, Miguel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
15. Cufía Crespo, José	(PP)
16. Currás Fernández, Celso	(PP)
17. Darriba Calviño, Rosa	(BNG)
18. Díaz Díaz, Xosé	(BNG)
19. Domínguez Vaz, Miguel	(PP)
20. Durán Núñez, Alberto	(PP)
21. Escudero Centrón, Serafín	(PP)
22. Fernández Davila, María Olaia	(BNG)
23. Fernández Rosende, Jesús María	(PP)
24. Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco	(BNG)
25. Fraga Iribarne, Manuel	(PP)
26. Gago Álvarez, Castor	(PP)
27. Freire Vázquez, María Begoña	(PP)
28. García Campelo, María del Carmen	(PP)
29. García Leira, José María	(PP)
30. García Negro, María Pilar	(BNG)
31. González Ballesta, Justo José	(PP)
32. Guerreiro Carreiras, Anxo	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
33. Gutiérrez Fernández, Eduardo	(BNG)
34. Hernández Cochón, José María	(PP)
35. Juncal Rodríguez, Juan Manuel	(PP)
36. Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
37. López Besteiro, Manuela	(PP)
38. López Casas, Manuel	(PP)
39. López García, Sergio	(PP)
40. López Outeiral, Manuel	(PP)
41. López Pérez, Emilio	(BNG)
42. Louro Goyanes, Antón	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
43. Madarro González, María Elisa	(PP)
44. Méndez Romeu, José Luis	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
45. Mendoza López, Manuel	(PP)
46. Merino Mejuto, Domingos	(BNG)
47. Muñoz González, Joaquín	(PP)
48. Orza Fernández, José Antonio	(PP)
49. Palmou Lorenzo, Jesús	(PP)
50. Pazos Varela, Xosé Manuel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
51. Pedrosa Vicente, Juan	(PP)
52. Pérez Touriño, Emilio	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
53. Pérez Varela, Jesús	(PP)
54. Pita Varela, Jaime	(PP)
55. Rego González, Ismael	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
56. Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo	(BNG)
57. Rodríguez Fernández, Gregorio	(PP)
58. Rodríguez Pablos, Carlos	(PP)
59. Rodríguez Peña, Xosé Henrique	(BNG)
60. Rodríguez Seijas, María Dolores	(PP)
61. Rufz Rivas, Manuel	(PP)
62. Salazar Bello, Isabel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
63. Santalices Vieira, Miguel	(PP)
64. Sineiro García, Francisco	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
65. Soneira Tajés, María Soledad	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
66. Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
67. Tapia Fernández, María Jesús	(PP)
68. Tello León, Xosé Henrique	(BNG)
69. Trigo Durán, Francisco	(BNG)
70. Varela Pérez, Mauro	(PP)
71. Vega Buxán, Xesús	(BNG)
72. Veiga Pombo, Manuel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
73. Vila Pérez, José Manuel	(PP)
74. Villarino Santiago, María Dolores	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
75. Yeguas Sánchez, Ascensión	(PP)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.

Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 56 16 00

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.

Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1133-2735